

Estudo do mercado laboral

Provincia

2004

PONTEVEDRA

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

Coordinación:

Maria Luisa Mallo Fernández
Reyes Gámez Guardiola

Elaboración proxecto e documentación:

Marta Bermúdez de Santiago
Ricardo Fernández López
Rosa Fernández Fernández
Esther Sánchez González
M^a Belén Yáñez Barge
M^a José Sánchez Mariño
Diego Loureda Couceiro
M^a Jesús Iglesias Ferreiro

Análise e redacción final:

CIDADANIA Rede de Aplicacións Sociais S.Coop.Galega

Dep. legal: C-511-2000

ISSN: 1695-4173

Imprime:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.
Pol. Ind. do Tambre
Santiago de Compostela

Índice

1.- INTRODUCCIÓN	5
2.- CONTIDO	9
3.- METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN	17
3.1.- Metodoloxía	19
3.2.- Fontes de información e outros aspectos metodolóxicos	19
3.2.1.- Perfil sociodemográfico	19
3.2.2.- Tecido empresarial	19
3.2.3.- Demandas	20
3.2.4.- Ofertas	21
3.2.5.- Contratos	21
3.2.6.- Formación ocupacional	21
3.3.- Definicións e taxas	22
4.- CONTEXTO PROVINCIAL DO MERCADO LABORAL	25
4.1.-Perfil sociodemográfico	27
4.1.1.- Poboación activa provincial. Evolución	27
4.1.2.- Poboación ocupada provincial. Evolución	28
4.1.3.- Poboación parada provincial. Evolución	29
4.2.- Tecido empresarial	30
4.2.1.- Tecido empresarial provincial. Situación actual	30
4.2.2.- Evolución anual	31
4.3.- Demandas de emprego	34
4.3.1. Demandantes galegos por provincia	34
4.3.2. Demandantes parados. Evolución	35
4.3.3. Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego	35
4.3.4. Demandantes de emprego por sexo e idade	36
4.3.5. Demandantes por nivel académico	37
4.3.6. Demandantes parados por tempo de busca de emprego	38
4.3.7. Demandantes por sectores económicos de procedencia	39
4.3.8. As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego	40
4.3.9. Perfil tipo dos demandantes de emprego	40

4.4.- Ofertas	41
4.4.1. Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución.....	41
4.4.2. Ofertas segundo os sectores de actividade económica.....	42
4.4.3. Perfil básico das ofertas.....	45
4.4.4. Análise ocupacional das ofertas	46
4.5.- Contratos	48
4.5.1. Número de contratos no ámbito provincial	48
4.5.2. Contratación provincial segundo o sexo e a idade	49
4.5.3. Contratación provincial segundo os sectores económicos.....	50
4.5.4. Tipoloxía da contratación laboral.....	53
4.5.5. Grandes grupos de ocupación na contratación laboral	55
4.5.6. Ocupacións máis contratadas.....	56
4.6.- Formación profesional ocupacional	58
4.7.- Conclusións	60
 5.- ANÁLISE DO MERCADO LABORAL COMARCAL:	 63
A Paradanta	65
Caldas	95
O Baixo Miño	123
O Condado.....	153
Deza	181
O Morrazo	211
O Salnés	241
Pontevedra	271
Tabeirós-Terra de Montes	301
Vigo	331



capítulo

1

Introducción

1

Introdución

Para facilitar a posta en marcha de accións de emprego e formación por parte das entidades e organismos implicados nesta tarefa que resultan necesarias para o conxunto da nosa sociedade, é fundamental coñecer a estrutura e o comportamento do mercado de traballo.

Por este motivo, é preciso elaborar un instrumento de consulta que nos achegue a coñecer co maior detalle posible as características das principais variables que determinan o mercado laboral na nosa Comunidade Autónoma, é dicir, da oferta, da demanda, da contratación da forza de traballo, do tecido empresarial, así como da formación ocupacional.

Ese é o propósito deste libro, que confiamos que constitúa unha valiosa fonte de análise do noso contorno para poder coñecer a realidade laboral e chegar así a transformala.

O informe do mercado laboral é elaborado ano a ano polo Observatorio das Ocupacións, servizo do INSTITUTO GALEGO DAS CUALIFICACIÓNS, adscrito á súa vez á Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Consellería de Traballo. Este observatorio, creado a través do Decreto 93/1999, do 8 de abril, actúa como un instrumento de traballo dirixido ao servizo público de emprego de Galicia e as institucións e profesionais que desenvolven a súa actividade no ámbito do emprego, a orientación e a formación profesional. Ten como función principal a de coñecer o funcionamento do mercado de traballo, proporcionando información axeitada para o deseño das políticas de formación profesional. En consecuencia, este informe é obxecto prioritario do seu labor.

Con respecto a edicións precedentes o formato da obra é similar en canto á estruturación da información, aínda que se introducen certas modificacións na súa presentación gráfica e incorpórase ou suprímese algún indicador debido ás modificacións producidas na información das diversas fontes manexadas.

A centralidade do ámbito comarcal na presente obra cobra suma importancia ao considerar a escaseza de estudos oficiais que descendan a un nivel inferior ao provincial. Como consecuencia, é previsible que se converta nunha ferramenta de extraordinaria utilidade tanto para o conxunto da Administración pública como para os profesionais que traballan no eido da formación e do emprego.

Os obxectivos que se tentan cubrir con esta publicación son os seguintes:

- ▀ Facilitar datos representativos das principais variables que configuran o mercado laboral nas 53 comarcas e en cada unha das catro provincias da Comunidade Autónoma galega, tanto desde o punto de vista cuantitativo como cualitativo.
- ▀ Amosar a evolución temporal experimentada no ámbito xeográfico comarcal ou provincial, fundamentalmente en certos parámetros concretos escollidos segundo a súa utilidade ou dispoñibilidade.

- ▶ Permitir a comparación entre cada unha das comarcas, así como entre o conxunto das catro provincias galegas, seleccionándose apartados que posibilitan comprobar as diverxencias entre as tendencias do ámbito local e da Comunidade Autónoma galega.

Non obstante, os tres obxectivos enunciados máis arriba pódense agrupar nunha pretensión xeral: *a de informar da realidade sociolaboral galega dende a valoración que se pode extraer do servizo público de emprego da nosa Comunidade Autónoma para facilitar o deseño e a programación axeitada de accións de emprego e formación.*

capítulo

2

Contido

2 Contido

En cada volume provincial, o OBSERVATORIO DAS OCUPACIÓNS realiza dous **niveis de análise** diferentes; un en clave provincial e outro en clave comarcal:

Un primeiro nivel provincial corresponde ao apartado cuarto do informe, e denomínase CONTEXTO PROVINCIAL DO MERCADO LABORAL. Este nivel contén unha análise descritiva dos seguintes seis bloques temáticos: a poboación, o tecido empresarial, as demandas, as ofertas, os contratos, e a formación ocupacional. O primeiro epígrafe só se desenvolve neste ámbito, debido á carencia de información desagregada no ámbito comarcal. Hai que sinalar a introdución, por primeira vez, de dous apartados: un sobre a formación ocupacional da provincia, e outro sobre as principais conclusións extraídas das diferentes variables que configuran o mercado laboral da provincia. Para establecer un marco comparativo que permita contextualizar as variables na dimensión espacial e temporal, expóñense varias referencias a nivel autonómico ao longo do texto.

Un segundo nivel refírese ao apartado quinto do informe denominado ANÁLISE DO MERCADO LABORAL COMARCAL, no que se presenta a selección de datos máis representativos do mercado de traballo en cada unha das comarcas da provincia. En consecuencia, neste epígrafe inclúense as variables de: tecido empresarial, as demandas, as ofertas, os contratos, e a formación ocupacional complementados con comentarios locais e provinciais, e evolutivos naqueles casos en que houbo dispoñibilidade de datos ou en que se considerou oportuno para establecer puntos de referencia, comparacións e desviacións tanto temporais como xeográficas. A diferenza doutros anos, por primeira vez introdúcese o epígrafe de formación ocupacional no ámbito comarcal, así como un apartado de conclusións, tal e como se realiza para o nivel provincial

Para completar a caracterización do contido deste informe, móstranse a continuación uns breves comentarios dos diferentes bloques temáticos nel analizados:

Perfil sociodemográfico

A necesidade dunha análise sociodemográfica que amose as características da poboación activa e a súa composición vén determinada polo obxectivo prioritario deste estudo, que é o de presentar un informe da situación na que se atopa o tecido social e produtivo da nosa Comunidade. Este achegamento dende o punto de vista do contexto sociolaboral constitúe un dos eixes sobre os que se artella a estrutura do informe do mercado laboral.

Baixo o nome de perfil sociodemográfico, inclúese unha análise da información poboacional procedente da *Enquisa de poboación activa*, e móstranse as variables poboacionais básicas correspondentes á totalidade do territorio da Comunidade Autónoma, e de maneira desagregada en cada unha das catro provincias que integran o territorio galego.

Non obstante, en anteriores edicións do *Informe do mercado laboral* non se recollían os novos datos producidos polas modificacións das que foi obxecto a *Enquisa de poboación activa* durante o ano 2002. As variacións foron de carácter metodolóxico e afectaron á medición dos parámetros do universo da mostra, aos criterios de extrapolación dos resultados da mostra a nivel global, así como á delimitación conceptual da figura de parado. Como resultado destas variacións, prodúcense cambios na información poboacional para os diferentes anos, optándose no presente estudo pola introdución dos novos valores xurdidos como consecuencia da reforma metodolóxica da enquisa.

Os ámbitos de análise seguen sendo iguais aos de edicións anteriores; así, aparecen datos referidos ao conxunto de Galicia e ás catro provincias, recollendo series anuais para os últimos seis anos. A información recollida está referida á poboación activa, á poboación ocupada e á poboación parada, segmentada segundo diversos factores, como o sexo, a idade ou o sector económico, estando en función da dispoñibilidade actual desa información nos diferentes niveis territoriais.

Tecido empresarial

O estudo do tecido empresarial constitúe unha síntese de datos sobre empresas e traballadores nos diferentes sectores produtivos, coa finalidade de obter un coñecemento xeral da estrutura empresarial dos diversos ámbitos territoriais.

Ao igual que sucedía no informe do ano anterior introdúcese este nivel de análise no ámbito comarcal debido á dispoñibilidade actual desta información, manténdose a mesma descrición empresarial para as catro provincias galegas e o conxunto da Comunidade Autónoma. A comparación entre os diferentes ámbitos permite captar as desviacións que se producen tanto no ámbito provincial como comarcal.

Os datos analizados son os seguintes: número de empresas, autónomos e traballadores por conta allea nos diferentes sectores económicos e a súa evolución ao longo dos cinco últimos anos.

A presentación dos datos estruturouse seguindo unha serie constante a través de táboas e gráficos, con comentarios anexos baseándose en dous parámetros:

- ▶ *Tecido empresarial*: número de empresas, traballadores por conta allea e traballadores autónomos por sectores económicos do CNAE nas comarcas, provincias e no conxunto da Comunidade Autónoma galega.
- ▶ *Evolución anual*: datos evolutivos do número de empresas, traballadores por conta allea e autónomos nos catro sectores económicos principais a través dos cinco últimos anos.

Demandas

O concepto de demanda é un termo de uso común para un gran número de profesionais, pero con diferente significado segundo o ámbito tratado. Neste documento se adopta a acepción utilizada pola Administración autonómica, referíndose así unha demanda á solicitude de emprego por parte dun traballador, sexa ou non parado en sentido estrito, e unha oferta é a petición de currículos por parte dun empresario para cubrir un ou varios postos de traballo.

Feita esta aclaración, cabe sinalar que o estudo da demanda do informe do mercado laboral consiste na análise do perfil básico dos demandantes de emprego, é dicir, da caracterización do prototipo máis común de demandante existente en **Galicia** co propósito de coñecer os grupos de persoas que precisan de maior atención á hora de propiciar a súa entrada ou promoción no mercado laboral.

Así, o estudo da demanda centra a súa incidencia sobre aspectos concretos do perfil dos demandantes parados e non parados, como son: a idade, o tipo de actividade económica da

que proveñen, a súa situación laboral, o nivel académico, o sexo, o tempo de busca de emprego ou as ocupacións máis demandadas.

A análise estableceuse sobre a combinación dos diferentes parámetros e fundamentalmente no ámbito comarcal e provincial, engadindo tamén algunha referencia ao eido local e autonómico. Por outra banda, engadíronse datos evolutivos provenientes da estatística de paro rexistrado do servizo público de emprego para posibilitar a comparación temporal destes.

Os resultados preséntanse nunha dobre análise, provincial e comarcal, agrupando os datos obtidos nas seguintes táboas:

- Demandantes por concello na análise comarcal ou demandantes por provincia e por comarca no caso da análise provincial.
- Evolución dos demandantes parados -do ano 2000 ao 2004-.
- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego.
- Demandantes de emprego por sexo e de idade.
- Demandantes por nivel académico.
- Demandantes parados por tempo de busca de emprego.
- Demandantes por sectores económicos de procedencia.
- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego.
- Perfil tipo dos demandantes de emprego.

En cada unha das táboas establécese tamén, como se indicou anteriormente, unha comparación cos valores medios provinciais -análise comarcal- ou autonómicos -análise provincial-, considerando como significativas aquelas desviacións maiores de 5 puntos porcentuais.

Ofertas

No informe do mercado laboral, as ofertas de emprego refírense ás peticións de currículos por parte das entidades empresariais xestionadas nas oficinas de emprego e ás tramitadas a través dos centros colaboradores.

O estudo das ofertas estrutúrase fundamentalmente por comarcas e provincias, realizando unha serie de análises comparativas sintetizadas nos seguintes puntos:

■ Ofertas totais rexistradas. Evolución.

Estudo do reparto das ofertas entre os distintos concellos que compoñen a comarca e a evolución destes nos anos comprendidos entre 2000 e 2004.

■ Ofertas segundo os sectores de actividade económica.

Reflite o reparto das ofertas por concellos e sectores económicos, tanto en termos absolutos como relativos con respecto ao conxunto da comarca. Posteriormente afóndase no reparto subsectorial dentro de cada comarca. A continuación efectúase unha análise da evolución de ofertas por sectores económicos nos anos do período 2000-2004.

■ Perfil básico das ofertas:

Sexo: Estúdanse os requirimentos de homes ou mulleres nos sectores económicos que interpoñen as súas ofertas nas entidades colaboradoras do servizo público de emprego e consideran ese requisito como unha característica que se debe ter en conta á hora de cubrir a súa demanda empresarial. Cómpre indicar que estes requisitos só se refliten nas ofertas rexistradas nas entidades colaboradoras do servizo

público de emprego, pois non se dispón de información sobre este extremo nos restantes ámbitos de emprego da Comunidade galega.

Niveis académicos: Téñense en conta tamén os requirimentos de determinados estudos para cumprir coas necesidades expresadas polos empresarios.

De calquera xeito, en moitas comarcas o número de ofertas das que se fala é moi baixo, polo que as conclusións sacadas ao respecto deben ser tomadas como indicadores de tendencias que se dan no conxunto das ofertas de cada ámbito territorial analizado.

■ Análise ocupacional:

Preséntanse as ocupacións máis representativas polo número de ofertas recollidas nas entidades colaboradoras do servizo público de emprego nos últimos cinco anos. Nalgunhas ocasións cóntase con poucas ofertas nos anos analizados, o que motiva a aparición de ocupacións que teñen un número de ofertas pouco representativas.

Tamén se mostran na última táboa as ocupacións máis representativas polo número de ofertas recollidas nas oficinas de emprego do servizo público de emprego nos últimos cinco anos.

Contratos

A análise dos contratos ofrece unha visión integral das contratacións da Comunidade Autónoma durante o ano 2004 procedentes das oficinas de emprego do servizo público de emprego galego.

A finalidade perseguida con este estudo é a de caracterizar un apartado importante do mercado laboral, o contractual, facilitando información relevante sobre o seu comportamento no eido da nosa Comunidade Autónoma. Esta caracterización componse de seis apartados que inclúen, se é o caso, valoracións das evolucións anuais dos anos 2000 ao 2004, ambos incluídos:

■ O número de contratos no ámbito comarcal e municipal.

Comparación do número de contratos recollidos nos distintos concellos con respecto á súa comarca, destacándose aqueles que presentan un maior peso porcentual. Análise da evolución do número de contratos no ámbito comarcal e municipal durante os últimos cinco anos.

■ A contratación comarcal segundo o sexo e a idade.

Analízase a contratación comarcal do 2004 atendendo á súa distribución por homes e mulleres agrupados en cinco intervalos de idade. Así mesmo, inclúense dúas análises comparativas do acontecido nos últimos cinco anos con respecto á contratación masculina e feminina, e ademais á contratación segundo intervalos de idade.

■ A contratación comarcal segundo os sectores económicos.

Clasificación dos contratos por sectores económicos, afondando nos sectores secundario e servizos. Tamén se inclúen aquí as variables de sexo e idade e a evolución da contratación por sectores/subsectores económicos.

■ Tipoloxía da contratación laboral.

Distribución da contratación segundo o tipo de contrato, o sexo e a idade, distribución da contratación segundo o tipo de contrato e os sectores económicos, e a evolución do número de contratos segundo a súa tipoloxía.

■ Os grandes grupos de ocupación na contratación comarcal.

Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo, incluíndo a análise pormenorizada do volume contractual, así como comentarios sobre a evolución temporal para cada grupo e sexo.

■ As ocupacións máis contratadas.

Análise das 10 ocupacións máis contratadas en cada provincia e comarca no 2004. Tamén se inclúe un breve estudo das ocupacións máis destacadas no período 2000-2004.

Formación ocupacional

Neste novo apartado introdúcese a formación ocupacional realizada en cada unha dos diversos niveis territoriais, ben sexa provincial ou comarcal. Dada a ampla diversidade de especialidades formativas que configuran o catálogo de formación ocupacional, optouse como categoría de agregación pola familia profesional. Este nivel de desagregación é suficiente para comprobar os ámbitos de especialización de formación.

Tanto a nivel comarcal como provincial preséntase o número de alumnos e cursos segundo a familia profesional. Así mesmo, introdúcese unha comparativa entre o nivel comarcal e o provincial no caso dos informes comarcais, e entre o nivel provincial e autonómico no caso dos informes provinciais.

Ademais, dentro do informe provincial diferénciase de forma gráfica entre formación ocupacional con compromiso de contratación e sen compromiso, para establecer diversos niveis de significación da formación con respecto aos seus destinatarios. No caso dos informes comarcais, en caso de haber formación ocupacional con compromiso de contratación, faise unha mención explícita sobre este particular.

Conclusiones

Este novo apartado inclúese no nivel provincial e comarcal, para delimitar os elementos máis significativos que configuran o mercado laboral de cada ámbito territorial. Deste xeito, introdúcese un novo nivel de lectura que complementa os comentarios e os gráficos e táboas expostos nos diversos epígrafes do informe.

O nivel de análise é sintético e pódese contrastar e complementar co nivel analítico que caracteriza o resto de informe. A orde dos comentarios segue a estrutura de apartados establecida no informe, permitindo unha mellor localización da información de carácter máis descriptivo.

Metodología e fontes de información

capítulo

3

3

Metodoloxía e fontes de información

3.1.- METODOLOXÍA

A información presentada no informe do mercado laboral é consecuencia dun importante traballo de análise e explotación de datos, ademais dunha investigación previa para determinar o tipo de categorías máis interesantes para observar o comportamento do mercado de traballo.

Deste xeito, a elaboración do estudo do mercado laboral seguiu dous procesos básicos:

- Determinación das variables máis adecuadas para caracterizar o mercado de traballo e, dentro de cada variable, os aspectos destacables pola súa representatividade.
- Explotación da información obtida directamente das bases de datos, depurando e contrastando os resultados.

3.2.- FONTES DE INFORMACIÓN E OUTROS ASPECTOS METODOLÓXICOS

A continuación, co obxecto de lle garantir ao usuario do *Informe do mercado laboral* a súa correcta interpretación, expónse unha breve descrición das bases de datos utilizadas nos diferentes bloques temáticos e das especificacións metodolóxicas concretas realizadas en certos apartados desta publicación.

3.2.1.- Perfil sociodemográfico

A información utilizada neste apartado procede da *Enquisa de poboación activa*, do Instituto Galego de Estatística. Dado que as definicións e a metodoloxía están contidas na EPA que publica este instituto, pensouse non reproducila para non ser reiterativos. Como xa se comentaba no apartado de contidos, os cambios metodolóxicos introducidos na EPA no ano 2002 produciu un cambio nos valores das series contempladas no presente estudo, polo que se optou por reflectir estes últimos en detrimento dos valores procedentes da anterior EPA.

3.2.2.- Tecido empresarial

A información utilizada neste estudo orixínase a partir da información obtida da Tesourería Xeral da Seguridade Social, que constitúe, por unha banda, o rexistro de traballadores por conta allea e por conta propia nos diferentes réximes da Seguridade Social (xeral e específicos) e, por outra banda, o rexistro de empresas a través das denominadas contas de cotización.

O motivo de utilizar esta base de datos como fonte de información deriva da súa elevada fiabilidade, xa que a Tesourería Xeral da Seguridade Social inclúe todos os datos dos traballadores que exercen unha actividade laboral de xeito legal, ao ser obrigatoria a alta na Seguridade Social como requisito previo para a incorporación ao emprego, e porque ademais considera a totalidade dos sectores económicos e tamén ten en conta datos de diferentes anos que posibilitan realizar estudos evolutivos.

Como limitación, cabe sinalar que a información relativa ás empresas, ao provir de contas de cotización, pode aparecer inflada, razón que obriga a obrar con cautela á hora de extraer conclusións. En concreto, unha empresa pode ter abertas varias contas de cotización por diferentes motivos: por ter sedes en diferentes provincias, polo que neste caso aparecerá unha conta de cotización por provincia; por ter contratos para a formación; por exercer diferentes actividades; por realizar contratos a tempo parcial de menos de 12 horas semanais, que, aínda que xa non se poden formalizar, na actualidade mantéñense nalgúns empresas nas que se estableceron anteriormente; por ter contratado un axente de comercio; ou por contratar artistas esporadicamente.

Por outra banda, na Tesourería da Seguridade Social existen datos de empresas e traballadores non asignados a un sector concreto ou a unha provincia concreta, ou a ambos, que constitúen unha segunda limitación da citada base de datos. Estes “descoñecidos” asímense, no primeiro caso, no epígrafe de “outros servizos” da provincia e de Galicia; no segundo caso, en Galicia no seu sector correspondente; e no terceiro caso, en “outros servizos” en Galicia.

3.2.3.- Demandas

A información utilizada no estudo da demanda provén das bases de datos do servizo público de emprego.

Dentro dos demandantes distínguense parados dos non parados segundo a Orde ministerial do 11 de marzo de 1985, pola que se establecen criterios estatísticos para a medición do paro rexistrado. Deste xeito, enténdese que o paro rexistrado constitúe o total da demanda de emprego en alta rexistrada pola Oficina de Emprego existente o último día de cada mes. Segundo esta orde, exclúense do concepto de paro rexistrado, por exemplo, os demandantes de pluriemprego, mellora de emprego, que participan en traballos de colaboración social, que solicitan emprego conxuntural, estudantes, etc.

No que respecta á situación laboral dos demandantes, existe un apartado nos demandantes non parados, que se chama xenericamente “resto dos demandantes”, no que se inclúen as seguintes categorías:

- ▮ Con redución da xornada por modificación das condicións de traballo.
- ▮ Demandante doutro emprego adicional (pluriemprego).
- ▮ Demandante de emprego conxuntural (menos de tres meses).
- ▮ Demandante de emprego só en domicilio.
- ▮ Demandante de emprego só no estranxeiro.
- ▮ Demandantes inscritos participantes na selección nun posto concreto.
- ▮ Demandantes de autoemprego exclusivamente.
- ▮ Demandantes de formación ocupacional
- ▮ Demandantes para servizos externos ao servizo público de emprego.

3.2.4.- Ofertas

O Observatorio Ocupacional segue a traballar este ano coa totalidade das ofertas rexistradas tanto nos centros colaboradores como nas oficinas de emprego. O período de análise deste estudo é de cinco anos comprendidos entre 2000 e 2004, facendo referencia ás ofertas recollidas nas 53 comarcas en nas catro provincias, o que permite acceder a unha maior cantidade de variables de interese analítico.

Debido a existencia de rexistros sen identificador de municipio, os datos do total provincial na presente publicación difiren dos datos contidos no “Estudo de Mercado Laboral de Galicia 2004”.

Os totais contemplados son a suma dos valores municipais, mentres que no citado estudo inclúense a totalidade dos rexistros. Poren, as diferenzas son de pequena magnitude e non deturpan significativamente a análise de tendencias para o período 2000-2004, así como o realizado para o ano 2004.

3.2.5.- Contratos

A base de datos utilizada para caracterizar os contratos foi a que serve de soporte á sección de contratos das oficinas de emprego do servizo público de emprego de Galicia.

O período de análise concrétese en cinco anos comprendidos entre 2000 e 2004, ambos inclusive, período que consideramos axeitado para poder realizar un estudo evolutivo que ofrezca datos de interese.

Outra característica significativa deste apartado é que, a diferenza dos restantes bloques temáticos tratados neste informe, a súa análise ocupacional inclúe tanto os nove grandes grupos ocupacionais como a análise das ocupacións concretas. En relación con estas últimas, os códigos de identificación empregados son os da Clasificación Nacional de Ocupacións do INEM.

No que respecta aos distintos apartados analizados, cómpre realizar unha puntualización referida ao apartado 5.4.4, tipoloxía da contratación laboral, que recolle dentro do apartado “outros” a seguinte contratación: xubilación especial aos 64 anos, minusválidos centros especiais, colectivos de exclusión social e outros non especificados.

3.2.6.- Formación ocupacional

A base de datos empregada para establecer os cursos e alumnos de cada nivel territorial é a recollida no Sistema de Información de Formación Ocupacional da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

A formación ocupacional considerada nesta base estruturase en cinco tipoloxías:

- ▶ Formación financiada polo Fondo Social Europeo con compromiso de contratación.
- ▶ Formación financiada polo Fondo Social Europeo sen compromiso de contratación.
- ▶ Formación do Plan de Formación de Inserción Profesional con compromiso de contratación.
- ▶ Formación do Plan de Formación de Inserción Profesional sen compromiso de contratación.
- ▶ Formación realizada por medios propios.

A categoría de formación profesional sen compromiso de contratación concentra a formación ocupacional, ben do Fondo Social Europeo ou do Plan FIP que responda a esta característica, así como a realizada a través de medios propios. A categoría de formación profesional sen compromiso de contratación reúne as outras dúas tipoloxías.

3.3.- DEFINICIÓNS E TAXAS

As **taxas** utilizadas nos diferentes apartados do estudo do mercado laboral son as seguintes:

- ▮ **Variación interanual** (v.a.): É igual ao número de ofertas do ano x menos as do ano anterior x-1, dividido polo número de ofertas do x-1 e multiplicado por 100. É dicir, a variación entre os anos 2000 e 2001 obteríase do seguinte xeito:

$$\% \text{ Var. interanual}_{00-01} = (O_{01} - O_{00} / O_{00}) \times 100$$

Calculariamos o crecemento acadado nun ano con respecto ao ano anterior.

- ▮ **Variación media anual** (v.m.a.): Obtense da fórmula do interese composto. Se lle chamamos O_{2004} e O_{2000} ao número de ofertas dos anos 2004 e 2000, respectivamente, podemos expresar a fórmula da variación media anual do xeito seguinte:

$$\% \text{ VMA} = \left(\sqrt[4]{O_{2004} / O_{2000}} - 1 \right) \times 100$$

(a raíz é a que resulta de restarlle 1 ao número de anos dos que se pretende calcular a media, neste caso $5-1=4$, o que implica unha raíz cuarta)

Obteríamos desta forma o crecemento medio acadado nos cinco anos estudados¹.

Polo que respecta á presentación da información nas diversas táboas e gráficos, hai que sinalar que nalgúns casos non é posible presentala por tres circunstancias:

- ▮ A información estatística vulnera o segredo estatístico, debido a que facilita a identificación individual de persoas ao ser un volume moi pequeno. Nesta circunstancia, e sempre que o valor absoluto sexa menor ou igual a tres, consignarase un X no lugar correspondente.
- ▮ No caso de que o dato non estea dispoñible, optarase por deixar o espazo onde debería constar a información en branco.
- ▮ En todos aqueles casos en que a información sexa referida a un cálculo que non se pode efectuar, consignarase un guión curto (-).

▮ CLASIFICACIÓN DAS RAMAS DE ACTIVIDADE ECONÓMICA

A clasificación da actividade económica usada neste estudo baséase no CNAE 93, con varios niveis de desagregación *ad hoc*.

Co propósito de facer unha clasificación sinxela e, ao mesmo tempo, significativa de todos os sectores económicos, estruturáronse a partir das seccións do CNAE 93 en seis subsectores e, posteriormente, agrupáronse en catro grandes sectores económicos para simplificar a comprensión das táboas e gráficos. Deste xeito, nalgúns apartados aparecen táboas cos sectores e noutros aparecen táboas cos sectores e subsectores.

SECTOR ECONÓMICO	SUBSECTOR ECONÓMICO
PRIMARIO	Agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca
SECUNDARIO	Industria e electricidade, gas e auga
CONSTRUCCIÓN	Construción
SERVIZOS	Comercio, hostalería e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e artigos persoais e de uso doméstico
	Transporte, almacenamento e comunicacións
	Outros servizos

¹ Os exemplos citados fan referencia á parte das ofertas, aínda que serían igualmente válidos para explicar os outros apartados deste informe.

No derradeiro apartado, baixo o epígrafe de “outros servizos”, encóntranse representadas as seguintes actividades: a intermediación financeira, actividades inmobiliarias e de alugamento, servizos empresariais, administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria, educación e actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais, outras actividades sociais e de servizos prestados á comunidade, servizos persoais, fogares que empregan persoal doméstico e organismos extraterritoriais. Tamén se inclúen aqueles datos, escasos en número, dos que se descoñece o sector económico concreto ao que pertencen.

Séguese mantendo os gráficos de sectores para a industria e os servizos cunha desagregación maior que a sinalada na táboa anterior, co propósito de conseguir máis información nestas actividades que son piares económicos da maioría das economías locais galegas.

En realidade, trátase de subseccións *ad hoc* elaboradas a partir do seguinte nivel de desagregación das subseccións CNAE que se denomina, segundo esta terminoloxía, como “división”. Esta clasificación foi realizada polo Observatorio baseándose en criterios de importancia de actividades industriais e de servizos na nosa Comunidade Autónoma, co propósito de establecer un equilibrio entre a facilidade de manexo da clasificación e, ao mesmo tempo, a maior cantidade de información extraíble en ambas as dúas actividades económicas.

A continuación relaciónanse dúas táboas co resultado desta desagregación:

CÓDIGO CNAE	DESCRIPCIÓN DAS DIVISIÓNS CNAE	SUBSECCIÓNS AD HOC NA INDUSTRIA
10	extracción e aglomeración de antracita, hulla, lignito e turba	OUTRAS INDUSTRIAS
11	extracción de crus de petróleo e gas natural	
12	extracción de minerais de uranio e torio	
13	extracción de minerais metálicos	
14	extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	
15	industria de produtos alimenticios e bebidas	ALIMENTACIÓN
17	industria téxtil	TÉXTIL E CONFECCIÓN
18	industria da confección e da peletería	OUTRAS INDUSTRIAS
19	preparación, curtido e acabado do coiro; fabricación de artigos de marroquinería e viaxe	
20	industria de madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería	MADEIRA
21	industria do papel	OUTRAS INDUSTRIAS
22	edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	
23	coquerías, refino de petróleo e tratamento de combustibles nucleares	
24	industria química	
25	fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	
26	fabricación doutros produtos minerais non metálicos	FABRICACIÓN DE PRODUTOS MINERAIS NON METÁLICOS
27	metalurxia	METALURXIA E FABRICACIÓN DE PRODUTOS METÁLICOS
28	fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo	
29	industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	OUTRAS INDUSTRIAS
30	fabricación de máquinas de oficina e equipos informáticos	
31	fabricación de maquinaria e material eléctrico	
32	fabricación de material electrónico; fabricación de equipo e aparellos de radio	
33	fabricación de equipos e instrumentos médico-cirúrxicos, de precisión, óptica e relojería	

CÓDIGO CNAE	DESCRIPCIÓN DAS DIVISIÓNS CNAE	SUBSECCIÓNS AD HOC NA INDUSTRIA
34	fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	FABRICACIÓN DE MATERIAL TRANSPORTE
35	fabricación doutro material de transporte	
36	fabricación de mobles; outras industrias manufactureiras	
37	reciclaxe	OUTRAS INDUSTRIAS

CÓDIGO CNAE	DESCRIPCIÓN DAS DIVISIÓNS CNAE	SUBSECCIÓNS AD HOC NOS SERVIZOS
50	venda, mantemento e reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	SERVIZOS DE AUTOMOCIÓN
51	comercio por xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	COMERCIO EXCEPTO AUTOMOCIÓN
52	comercio polo miúdo, agás comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores	
55	hostalería	HOSTALERÍA
60	transporte terrestre; transporte por tubos	TRANSPORTE E COMUNICACIÓNS
61	transporte marítimo, de cabotaxe e por vías de navegación interiores	
62	transporte aéreo e espacial	
63	actividades anexas aos transportes: actividades de axencias de viaxes	
64	correos e telecomunicacións	
65	intermediación financeira, agás seguros e plans de pensións	OUTROS SERVIZOS
66	seguros e plans de pensións, agás seguridade social obrigatoria	
67	actividades auxiliares da intermediación financeira	
70	actividades inmobiliarias	ACTIVIDADES INMOBILIARIAS E SERVIZOS EMPRESARIAIS
71	alugamento de maquinaria e equipo sen operario, de efectos persoais e utensilios domésticos	
72	actividades informáticas	
73	investigación e desenvolvemento	
74	outras actividades empresariais	AA.PP.
75	administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria	
80	educación	EDUCACIÓN
85	actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS
90	actividades de saneamento público	SERVICIOS Á COMUNIDADE
91	actividades asociativas	
92	actividades recreativas, culturais e deportivas	
93	actividades diversas de servizos persoais	OUTROS SERVIZOS
95	fogares que empregan persoal doméstico	
99	organismos extraterritoriais	

▮ GRUPOS DE IDADE

Séguese mantendo a clasificación en intervalos de idade establecidos no estudo do mercado laboral do ano anterior. A única excepción a esta división é a que se produce no apartado de perfil sociodemográfico no ámbito provincial, debido a que a información procedente da EPA emprega catro intervalos de idade en vez de cinco.

A distribución en cinco intervalos posibilita unha maior homoxeneidade dos grupos de idade, no sentido de incluír todos o mesmo número de anos, fornecendo a información en relación con este parámetro, xa que nos anos anteriores observouse que a meirande parte das ofertas, contratos e demandas correspondían ao grupo de mediana idade.

Contexto Provincial do mercado laboral

capítulo

4

4 Contexto provincial do mercado laboral

4.1.- PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO

4.1.1.- Poboación activa provincial. Evolución

	1999	2000	Media anual		2003	2004
			2001	2002		
De 16 a 19 anos	11,8	13,3	10,7	10,8	9,1	7,6
De 20 a 24 anos	46,3	47,5	44,1	43,2	44,8	43,8
De 25 a 54 anos	308,7	316,5	309,3	321,9	334,1	348,2
De 55 e máis anos	38,8	41,3	46,6	44,6	48,2	47,7
Total	405,6	418,5	410,7	420,4	436,2	447,2

TÁBOA 1: Poboación activa total da provincia por idade. Miles de persoas.

O conxunto de poboación activa da provincia de Pontevedra experimenta un crecemento durante o período 1999-2004, cunha variación media de 1,97%. A tendencia é crecente ao longo de todos os anos, coa excepción do caso do ano 2001, momento en que se produce un leve decrecemento. Este salto nos datos deriva, fundamentalmente, dos cambios metodolóxicos da enquisa de poboación activa que teñen incidencia a partir de 2001.

O grupo de idade máis representativo, o comprendido entre os 25 e os 54 anos, ten unha tendencia crecente no período 1999-2004, obtendo unha variación media do 2,44%. Cómpre destacar a evolución irregular que ten entre os anos 1999 e 2001, comezando a partir do 2002 un repunte que se mantén na actualidade. Porén, o segmento de idade que ten un maior crecemento relativo no período é o de maiores de 55 anos, cunha variación media do 4,18%. Pola contra, a poboación activa de entre 16 e 24 anos decrece, sendo destacable o descenso que se produce no intervalo de menores de 20 anos, cunha variación media de -8,38%.

	1999	2000	Media anual		2003	2004
			2001	2002		
Home	233,0	237,9	234,0	240,5	248,0	251,0
Muller	172,6	180,5	176,6	179,8	188,1	196,2
Total	405,6	418,5	410,7	420,3	436,2	447,2

TÁBOA 2: Poboación activa total da provincia por sexo. Miles de persoas.

Atendendo á distribución da poboación activa segundo o xénero, obsérvase un maior crecemento entre as mulleres que entre os homes para o período comprendido entre 1999 e 2004, variacións medias do 2,6% e 1,5%. En ambos os sexos só se produce un descenso da poboación activa no ano 2001.

TÁBOA 3: Taxa de actividade da provincia por sexo.

	1999	2000	2001	%	2002	2003	2004
Home	64,1	65,4	64		65,5	66,5	66,5
Muller	43,3	44,4	42,8		43,1	45,2	47,2
Total	53,2	54,3	52,8		53,6	55,3	56,4

A taxa de actividade aumentou en 3,2 puntos entre 1999 e 2004. Existe un crecemento en todos os anos agás no 2001, cando se produce unha leve redución.

Dado o maior volume de poboación activa masculina, a taxa de actividade é maior que a obtida no colectivo feminino, producíndose unha leve redución da diferenza entre ambas as taxas de actividades durante estes anos. Así, se en 1999 había 20,8 puntos de distancia, en 2004 esta foi de 19,3 puntos.

4.1.2.- Poboación ocupada provincial. Evolución

TÁBOA 4: Poboación ocupada total da provincia por sectores económicos. Miles de persoas.

	1999	2000	2001	Media anual	2002	2003	2004
Primario	50,7	43,5	42,3		39,8	36,0	32,0
Secundario	72,9	75,4	81,8		88,5	87,5	87,5
Construción	38,1	46,1	42,7		41,0	43,9	48,6
Servizos	173,0	186,3	192,2		193,3	206,2	216,1
Total	334,6	351,3	359,1		362,6	373,6	384,3

O crecemento da poboación ocupada da provincia de Pontevedra é constante en todos os anos do período 1999-2004. A modo de resumo, cómpre sinalar que a variación media anual acadada neste período é do 2,81%.

A excepción do sector primario, no que se produce un descenso continuado, o resto de sectores experimentan un crecemento no volume de poboación ocupada. É destacable o incremento producido no sector da construción e dos servizos (variacións medias do 5,00% e 4,55%, respectivamente). A poboación ocupada do sector secundario aumenta notablemente no ano 2002, tendendo a estabilizarse nos anos seguintes; pola súa parte, a vinculada aos servizos tende a un crecemento máis sostido ao longo de todos os anos considerados.

TÁBOA 5: Poboación ocupada total da provincia por sexo. Miles de persoas.

	1999	2000	2001	Media anual	2002	2003	2004
Home	207,6	213,6	214,9		220,9	224,8	227,0
Muller	127,0	137,7	144,2		141,7	148,7	157,3
Total	334,6	351,3	359,1		362,6	373,6	384,3

A poboación ocupada de xénero feminino aumenta en maior medida que a masculina durante o período 1999-2004. Este crecemento é maior tanto en números absolutos como en termos relativos, variación media do 4,37% e 1,80%, respectivamente. Porén, mentres a poboación activa feminina diminúe en 2002 e aumenta notablemente entre 2003 e 2004, a masculina aumenta a un ritmo constante.

TÁBOA 6: Taxa de ocupación da provincia por sexo.

	1999	2000	2001	%	2002	2003	2004
Home	57,1	58,7	58,8		60,1	60,3	60,2
Muller	31,9	33,9	34,9		34	35,7	37,8
Total	43,9	45,6	46,1		46,2	47,3	48,4

Durante o período 1999-2004 a taxa de ocupación aumenta en 4,5 puntos; destaca o incremento producido nos anos 2003 e 2004 en contraposición ao estancamento no 2002.

As diferenzas no crecemento entre a poboación ocupada masculina e feminina vense reflectidas nas taxas de ocupación: a taxa de poboación feminina aumenta en 5,9 puntos no período 1999-2004, mentres que na masculina a variación é de 3,1 puntos. Hai que sinalar o maior crecemento da taxa feminina nestes dous últimos anos fronte á estabilización que se produce na masculina.

4.1.3.- Poboación parada provincial. Evolución

	1999	2000	Media anual		2003	2004
			2001	2002		
Home	25,4	24,3	19,2	19,6	23,2	24,0
Muller	45,6	42,8	32,4	38,1	39,4	39,0
Total	71,0	67,2	51,6	57,7	62,6	63,0

TÁBOA 7: Poboación parada total da provincia por sexo. Miles de persoas.

A poboación parada da provincia de Pontevedra descende en 8.000 persoas entre 1999 e 2004, sendo a variación media anual de -2,37%. Porén, este descenso só se produce entre os anos 1999 e 2001, volvendo a aumentar nos anos seguintes. Con todo, no ano 2004 apréciase unha tendencia á moderación neste crecemento.

En función do xénero da poboación parada, para o conxunto do período o descenso é notablemente maior no caso das mulleres respecto ao dos homes –variacións medias anuais negativas de -3,10% e -1,11%, respectivamente.

	1999	2000	2001	%	2003	2004
				2002		
Home	10,9	10,2	8,2	8,2	9,3	9,6
Muller	26,4	23,7	18,4	21,2	21,0	19,9
Total	17,5	16,0	12,6	13,7	14,4	14,1

TÁBOA 8: Taxa de poboación parada da provincia por sexo

A taxa de poboación parada diminúe entre 1999 e 2004 en 3,4 puntos. Os niveis máis baixos aparecen en 2001, por mor das modificacións metodolóxicas da enquisa de poboación activa, tendendo a aumentar ata o ano 2003 para volver a descender levemente en 2004.

A taxa de poboación parada feminina é máis alta que a masculina, se ben as diferenzas entre ambas tende a diminuír. Deste xeito, se a distancia era de 15,5 puntos en 1999, en 2004 foi de 10,3 puntos.

As taxas de poboación parada masculina e feminina descenden ao longo do período, sobre todo a segunda, ao caer 6,5 puntos entre 1999 e 2004.

4.2.- TECIDO EMPRESARIAL

4.2.1.- Tecido empresarial provincial. Situación actual

TABOA 9: Número de empresas, traballadores e autónomos.


		EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
SECTORES		N.º	%	N.º	%	N.º	%
PONTEVEDRA	SECTOR PRIMARIO	2.823	7,02	29.362	10,50	726	1,20
	Agricultura e pesca	2.823	7,02	29.362	10,50	726	1,20
	SECTOR SECUNDARIO	4.338	10,78	60.970	21,81	5.305	8,77
	Industria e electricidade	4.338	10,78	60.970	21,81	5.305	8,77
	SECTOR CONSTRUCCIÓN	5.821	14,47	31.493	11,27	9.391	15,53
	Construcción	5.821	14,47	31.493	11,27	9.391	15,53
	SECTOR SERVICIOS	27.254	67,74	157.721	56,42	45.036	74,49
	Comercio e hostalería	13.585	33,76	58.480	20,92	29.397	48,62
	Transporte e comunicacións	1.974	4,91	13.800	4,94	4.328	7,16
	Outros servizos	11.695	29,07	85.441	30,56	11.311	18,71
TOTAL		40.236	100,00	279.546	100,00	60.458	100,00

No tecido empresarial da provincia de Pontevedra hai un predominio do sector servizos, tanto no número de empresas como no de traballadores e de autónomos. No ano 2004, no sector terciario concéntrase o 67,74% das empresas, seguíndolle a unha distancia considerable o sector da construción (14,47%) e o secundario (10,78%). Se atendemos aos subsectores, a maior parte das empresas da provincia agrúpanse no subsector de comercio e hostalería -33,76%- e na categoría de outros servizos (29,07%).

O elevado volume de empresas no sector servizos encontra correspondencia no número de traballadores, quer por conta allea quer autónomos. En canto aos traballadores por conta allea, o 56,42% desenvolven a súa actividade laboral neste sector. O resto sitúanse, por esta orde, no sector secundario (21,81%), na construción (11,27%) e no sector primario (10,50%). No ámbito subsectorial, o maior número de traballadores por conta allea aparece na categoría de outros servizos, seguida de comercio e hostalería.

Os traballadores autónomos concéntranse tamén nos servizos, aínda que en moita maior medida (74,49%). Cómpre subliñar a forte presenza de autónomos no comercio e hostalería, subsector no que se concentran case a metade do total de traballadores deste tipo.

GRÁFICO 1: Número de empresas da industria segundo as actividades. Ano 2004.






GRÁFICO 2: Número de empresas dos servizos segundo as actividades. Ano 2004.

Centrándonos no ano 2004, os gráficos anteriores mostran as distribucións do número de empresas da industria e dos servizos segundo as actividades. Na industria o maior número de empresas reúnese na categoría outras industrias, que supón o 31,97% do total deste subsector. As empresas dedicadas a actividades metalúrxicas e de fabricación de produtos metálicos ocupan o segundo lugar en importancia cuantitativa, representan o 17,16%. A pouca distancia sitúanse as empresas que desenvolven a súa actividade na alimentación, o 15,79%. O 35,08% restante repártese entre os outros tipos de actividades industriais.

Nos servizos, o 31,17% das empresas dedícanse a actividades de comercio. Por debaixo desta porcentaxe sitúanse as empresas de hostalería (13,26%), de actividades inmobiliarias e servizos empresariais (13,10%), e de outros servizos (13,08%). O peso do resto de actividades varía entre o 8,66% de empresas dedicadas a servizos á comunidade e o escaso 1,81% de administracións públicas.

4.2.2.- Evolución anual

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	2.484	3.256	3.112	2.588	2.823
Agricultura e pesca	2.484	3.256	3.112	2.588	2.823
SECTOR SECUNDARIO	4.336	4.373	4.347	4.347	4.338
Industria e electricidade	4.336	4.373	4.347	4.347	4.338
SECTOR CONSTRUCCIÓN	5.014	5.229	5.328	5.612	5.821
Construcción	5.014	5.229	5.328	5.612	5.821
SECTOR SERVICIOS	23.439	24.440	25.382	26.397	27.254
Comercio e hostalería	12.143	12.549	12.894	13.327	13.585
Transporte e comunicacións	1.695	1.788	1.852	1.888	1.974
Outros servizos	9.601	10.103	10.636	11.182	11.695
TOTAL PROVINCIA	35.273	37.298	38.169	38.944	40.236
TOTAL GALICIA	103.997	106.984	108.114	107.839	112.215

TÁBOA 10: Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

Na evolución do número de empresas no período 2000-2004 a provincia de Pontevedra rexistrou un balance positivo. No ano 2004 había 4.963 empresas máis que no 2000, o que supón unha variación media anual do 3,35%. Se comparamos este indicador cos datos totais de Galicia, observamos que na Comunidade tamén houbo un aumento do número de empresas, aínda que neste caso o ritmo foi moito menor, a variación media anual situouse no 1,92%.

A evolución do número de empresas presenta importantes diferenzas por sectores. Mentres que no primario houbo variacións importantes nuns e noutros anos, no resto de sectores estas variacións interanuais foron de menor intensidade. No sector primario os valores extremos producíronse entre 2000 e 2001, período no que o volume de empresas medrou un 31,08%, e entre 2002 e 2003, período no que descendeu nun 16,84%.

Atendendo aos saldos finais, todos os sectores, coa excepción do secundario, experimentaron un crecemento do seu número de empresas, cunha variación media anual de entre o 3% e o 4%. No sector secundario a pauta vén marcada polo estancamento, debido a que o número de empresas non variou de forma significativa duns anos a outros.

Respecto a estas cifras evolutivas, e dado que o peso relativo dos servizos na provincia de Pontevedra é moi elevado, hai que subliñar que ao longo do período 2000-2004 o crecemento do número de empresas neste sector foi continuo e sostido, tendencia á alza que se concreta nunha variación media anual do 3,84%.

TÁBOA 11: Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	34.636	33.199	31.838	31.184	29.362
Agricultura e pesca	34.636	33.199	31.838	31.184	29.362
SECTOR SECUNDARIO	57.013	57.927	60.558	60.512	60.970
Industria e electricidade	57.013	57.927	60.558	60.512	60.970
SECTOR CONSTRUCCIÓN	27.015	29.182	29.697	30.212	31.493
Construción	27.015	29.182	29.697	30.212	31.493
SECTOR SERVIZOS	134.992	142.189	146.363	151.703	157.721
Comercio e hostalería	49.470	51.977	54.041	56.599	58.480
Transporte e comunicacións	12.197	12.701	13.163	13.281	13.800
Outros servizos	73.325	77.511	79.159	81.823	85.441
TOTAL PROVINCIA	253.656	262.497	268.456	273.611	279.546
TOTAL GALICIA	713.049	740.966	755.700	767.739	788.323

A evolución do número de traballadores por conta allea no período 2000-2004 foi positiva, este crece ano tras ano. No 2000 había na provincia de Pontevedra 253.656 traballadores e no 2004, 279.546. Polo tanto, en termos absolutos, o incremento foi de 25.890 traballadores. En termos relativos, este aumento traducíuse nunha variación media anual do 2,46%, valor moi semellante ao rexistrado no conxunto de Galicia, un 2,54%.

Esta tendencia expansiva non é común a todos os sectores. Na cara oposta atopámonos coa evolución dos traballadores no sector primario. O decrecemento continuo foi o trazo que caracterizou a este sector, no que a variación media anual situouse en -4,05%. Os maiores aumentos no número de traballadores rexistráronse no sector servizos e no da construción, cunhas variacións medias anuais do 3,97% e do 3,91%, respectivamente.

Na análise anual do sector servizos e da construción observamos un perfil evolutivo similar. Os maiores niveis de crecemento en ambos os sectores danse entre o ano 2000 e o 2001. Nestes anos a variación interanual foi do 8,02% na construción e do 5,33% nos servizos. Nos anos posteriores os seus ritmos de crecemento descenden de forma significativa e comezan a recuperarse no período 2003-2004. No caso da construción, os ritmos de crecemento son máis acusados que no caso dos servizos. Pola súa parte, o sector secundario presenta unha evolución descontinua, caracterizada polo case estancamento no número de traballadores entre os anos 2002 e 2004, tras experimentar un

incremento nos anos anteriores, con maior intensidade no tramo 2001-2002, no que se rexista unha variación interanual do 4,54%.

Se atendemos aos subsectores dos servizos, destaca o crecemento do comercio e a hostalería, cun incremento medio do 4,27% e con variacións interanuais que flutúan entre o 3,32% no período 2003-2004 e o 5,07% no 2000-2001.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	448	478	571	644	726
Agricultura e pesca	448	478	571	644	726
SECTOR SECUNDARIO	5.288	5.313	5.269	5.345	5.305
Industria e electricidade	5.288	5.313	5.269	5.345	5.305
SECTOR CONSTRUCCIÓN	7.278	7.719	8.211	8.766	9.391
Construción	7.278	7.719	8.211	8.766	9.391
SECTOR SERVIZOS	40.723	41.136	42.041	43.516	45.036
Comercio e hostalería	27.711	27.783	28.134	28.879	29.397
Transporte e comunicacións	4.312	4.267	4.277	4.264	4.328
Outros servizos	8.700	9.086	9.630	10.373	11.311
TOTAL PROVINCIA	53.737	54.646	56.092	58.271	60.458
TOTAL GALICIA	164.549	165.287	167.427	172.821	178.942

TÁBOA 12: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

A evolución do número de autónomos no período 2000-2004 caracterízase polo crecemento continuo en todos os sectores, excepto no secundario, que se mantivo practicamente estable.

En termos relativos, o maior aumento tivo lugar no sector primario, no que a expansión media no período foi do 12,83%. No outro extremo sitúase o sector secundario, no que a evolución de traballadores autónomos ao longo do período 2000-2004 quedou estancada, cunha variación media do 0,08%.

O crecemento dos autónomos tanto na construción como nos servizos é continua. Porén, a intensidade do crecemento na construción foi moito maior que no caso dos servizos: a variación media foi no primeiro caso do 6,58% e do 2,55% no segundo.

Atendendo á evolución dos subsectores, destaca o crecemento de outros servizos, cunha variación media do 6,78%. Os demais subsectores experimentaron tamén, aínda que en menor media, un aumento do seu número de autónomos. Tan só en transporte e comunicacións, e industria e electricidade o número de autónomos permaneceu case estable.

4.3.- DEMANDAS DE EMPREGO

4.3.1.- Demandantes galegos por provincia

TÁBOA 13: Distribución dos demandantes por provincia.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Coruña	63.878	29.827	93.705
Lugo	16.048	8.374	24.422
Ourense	18.321	10.089	28.410
Pontevedra	56.114	27.549	83.663
TOTAL	154.361	75.839	230.200

No ano 2004 o número de demandantes de emprego en Galicia ascende a 230.200. Deste total o 67,05% son demandantes desempregados, cifra que duplica a de non parados, o 32,95% restante. En todas as provincias o número de demandantes parados é superior ao de non parados e as proporcións son próximas á media galega: dúas demandas de desempregados por cada unha dos non parados.

Pontevedra é a segunda provincia da Comunidade, tras A Coruña, en número de demandantes totais. Ambas as provincias reúnen as tres cuartas partes do total de demandas, o 77,05%.

TÁBOA 14: Distribución dos demandantes segundo as comarcas da provincia.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Paradanta	756	337	1.093
Caldas	2.171	952	3.123
O Baixo Miño	3.025	1.198	4.223
O Condado	2.666	1.015	3.681
Deza	1.212	694	1.906
O Morrazo	5.247	2.867	8.114
O Salnés	7.147	3.124	10.271
Pontevedra	6.468	3.354	9.822
Tabeirós-Terra de Montes	1.343	700	2.043
Vigo	26.079	13.308	39.387
TOTAL	56.114	27.549	83.663

% provincia/comunidade – PARADOS	36,33
---	--------------

% provincia/comunidade - NON PARADOS	36,35
---	--------------

En canto á distribución por comarcas, hai que destacar que a de Vigo, a máis poboada con diferenza, ten case a metade dos demandantes da provincia de Pontevedra (47,08%). A unha distancia notable sitúanse tres comarcas: O Salnés, Pontevedra e O Morrazo, cunhas porcentaxes de demandas sobre o total da provincia do 12,28%, do 11,74% e do 9,70% respectivamente. Se temos en conta todas as comarcas, obsérvase que hai un predominio claro dos demandantes parados sobre os demandantes non parados.

4.3.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados provincia	49.858	49.062	53.210	56.367	56.114
Variación interanual %	-	-1,60	8,45	5,93	-0,45
PROVINCIA/TOTAL COMUNIDADE	35,06	35,46	35,23	35,83	36,35

TÁBOA 15: Evolución dos demandantes parados.

No conxunto da provincia de Pontevedra a tendencia no período 2000-2004 é ao crecemento do número de demandantes parados, a un ritmo medio acumulativo anual do 3,00%. As variación interanuais, como se pode observar no cadro, reflicten unha evolución discontinua, coñecendo períodos de forte expansión, do 8,45% e do 5,93% nos anos 2002 e 2003, e de leve regresión, de -1,60% e de -0,45% no 2001 e no 2004. Esta evolución é semellante á producida no total de Galicia debido en gran parte ao mantemento do peso relativo da provincia de Pontevedra no conxunto da Comunidade.

4.3.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	9.057	10,83	10,69
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	47.057	56,25	56,36
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	3.002	3,59	4,03
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	10.549	12,61	12,78
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	4.975	5,95	5,32
	En expediente de regulación de emprego	893	1,07	1,51
	Demandantes de mellora de emprego	5.415	6,47	6,32
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	2.259	2,70	2,52
	Resto de demandantes	456	0,55	0,46
	TOTAL	83.663	100,00	100,00

TÁBOA 16: Situación laboral dos demandantes.

Na caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego na provincia de Pontevedra, o primeiro dato destacable é que o 56,25% destes son parados que tiveron emprego anteriormente. O resto de situacións laborais entre os demandantes teñen menos presenza na comarca, así temos que o 12,61% son demandantes non parados con emprego anterior e o 10,83% son parados sen emprego anterior, mentres que o resto de categorías aparecen arredor ou moi por debaixo do 6%.

Esta distribución dos demandantes de emprego é moi semellante á que presenta o total da Comunidade, polo que os colectivos máis representativos que acabamos de comentar respecto á provincia de Pontevedra tamén o son para o conxunto de Galicia.

4.3.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 17.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
Menos de 26 anos	4.338	5.557	17,63	16,27
26 a 35 anos	6.381	10.645	30,34	29,28
36 a 45 anos	4.259	8.061	21,96	22,15
46 a 55 anos	3.653	6.474	18,05	18,47
56 e máis anos	3.237	3.509	12,02	13,84
TOTAL PROVINCIA	21.868	34.246	100,00	36,35
TOTAL COMUNIDADE	62.053	92.308	36,35	100,00

A maioría dos demandantes parados da provincia de Pontevedra son mulleres. Este colectivo representa o 61,03% do total fronte o 38,97% dos homes. Estas proporcións de demandantes parados por sexos son semellantes ás do conxunto de Galicia.

No tocante ás idades e sen distinción de sexos, aproximadamente a metade dos demandantes desempregados, o 52,03%, teñen máis de 36 anos; a outra metade, o 47,97%, están por debaixo desta idade.

No cruzamento de grupos de idade segundo o xénero, observamos que a maior porcentaxe de demandantes parados (18,97%) correspóndese con mulleres de entre 26 e 35 anos, seguida da das mulleres de entre 36 e 45 anos, que representan o 14,37% do total. A continuación atopariamos cun peso relativo moi similar, arredor do 11,5%, o grupo de homes de entre 26 e 35 anos e o de mulleres de entre 46 e 55 anos.

A grandes trazos, o aspecto máis salientable dos valores segundo o sexo e a idade na provincia de Pontevedra respecto a Galicia é a súa semellanza. Así, na Comunidade, como xa dixemos, tamén predominan as mulleres, representan o 59,80% do total, e pouco máis da metade dos demandantes parados superan os 36 anos, en concreto o 56,45%; o resto, o 44,55%, sitúanse por debaixo desta idade.

TÁBOA 17.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
Menos de 26 anos	1.923	2.679	16,70	17,53
26 a 35 anos	2.622	5.206	28,41	27,54
36 a 45 anos	1.946	3.987	21,54	20,67
46 a 55 anos	1.727	3.340	18,39	17,96
56 e máis anos	2.166	1.953	14,95	16,31
TOTAL PROVINCIA	10.384	17.165	100,00	36,33
TOTAL COMUNIDADE	29.398	46.441	36,33	100,00

As distribucións por sexo e grupos de idade dos demandantes non parados son parecidas ás dos parados. Neste caso tamén predomina o colectivo de mulleres, en particular, o 62,31% dos non parados son de sexo feminino. Existe unha importante concentración de demandantes entre os menores de 36 anos, o 45,11%.

En relación cos grupos de idade segundo o xénero, a maior porcentaxe de demandantes parados correspóndese, unha vez máis, coas mulleres de entre 26 e 35 anos, seguida da das mulleres de entre 36 e 45 anos, que representa respectivamente o 18,90% e 14,47% do total.

En todos os grupos de idade predominan as demandantes femininas sobre os masculinos, agás no caso dos maiores de 55 anos, colectivo no que hai un maior volume de demandantes masculinos.

Igual que o que sucedía anteriormente, en termos relativos apenas hai diferenzas significativas entre a distribución provincial por idades dos demandantes non parados na provincia de Pontevedra e a correspondente para Galicia.




GRÁFICO 3: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

Unha vez analizadas por separado as series de demandantes parados e non parados, centrámonos agora brevemente, a partir do gráfico anterior, na distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade. En termos totais, e como cabería esperar, o primeiro aspecto destacable é que o grupo de idades de maior número de demandantes é o comprendido entre os 26 e os 35 anos, que supón o 29,81% de todas as demandas, seguido polo grupo de 36 a 45 anos, que representa o 21,90%.

Destaca nos dous segmentos de idade anteriores o gran peso do colectivo de mulleres, que practicamente duplica ao de homes. Así, do 29,81% que representa o grupo de 26 a 35 anos, o 19,01% son mulleres, e do 21,90% que supón o grupo de 36 a 45 anos, o 14,45% pertencen ao colectivo feminino. Por último, cómpre subliñar que para todos os grupos de idades, aínda que en diferentes medidas, as mulleres aparecen por riba dos homes, é dicir, o número de demandas do colectivo feminino é maior ou moito maior en todas as idades.

4.3.5.- Demandantes por nivel académico

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	17.307	8.977	26.284
Titulación de ensinanza obrigatoria	22.504	9.737	32.241
Formación profesional	3.254	1.531	4.785
BUP/Bacharelato superior/COU	6.380	3.699	10.079
Titulados universitarios	4.954	3.047	8.001
Outras titulacións	1.715	558	2.273
TOTAL	56.114	27.549	83.663

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

TÁBOA 18: Distribución dos demandantes por nivel académico.

A distribución do total de demandantes por nivel académico amósanos que o 69,95% só teñen a titulación de ensino obrigatorio ou nin sequera chegan a acadar este nivel. Por separado, os primeiros representan o 38,53% e os segundos, os que só teñen como máximo ata certificado de escolaridade, supoñen o 31,42%. Os seguintes grupos máis numerosos sitúanse a bastante distancia e son os que teñen bacharelato superior e títulos universitarios, cunhas porcentaxes do 12,05% e do 9,56% respectivamente.

As distribucións relativas dos demandantes parados e non parados son parecidas entre si e, en consecuencia, semellantes á descrita con anterioridade. Así, o grupo de parados con certificado de escolaridade ou titulación de ensino obrigatorio suma o 70,94% do total de parados, e, no caso dos non parados, o 69,96% do seu total.

En comparación con Galicia, a provincia de Pontevedra presenta nas súas series de demandantes parados e non parados por nivel académico valores aínda máis semellantes. As maiores diferenzas atópanse nos que teñen a titulación de ensino obrigatorio, que no caso de Galicia sitúase por debaixo da serie provincial: un 3,15% no caso dos parados e un 2,93% no caso dos non parados. Por último, cabe destacar a porcentaxe relativamente baixa dos que teñen formación profesional, tanto no ámbito provincial como no galego, en todo caso, sexan parados ou non, xa que esta porcentaxe se sitúa entre o 5% e o 6%.

4.3.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TABOA 19: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	3.446	587	305	4.338
	Mulleres	3.795	936	826	5.557
26 a 35 anos	Homes	4.442	1.011	928	6.381
	Mulleres	5.833	1.629	3.183	10.645
36 a 45 anos	Homes	2.658	665	936	4.259
	Mulleres	3.586	1.053	3.422	8.061
46 a 55 anos	Homes	1.771	519	1.363	3.653
	Mulleres	1.977	724	3.773	6.474
56 e máis anos	Homes	902	522	1.813	3.237
	Mulleres	612	354	2.543	3.509
TOTAL PROVINCIA		29.022	8.000	19.092	56.114
TOTAL COMUNIDADE		75.182	21.880	57.299	154.361

Se atendemos á distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego, a maioría dos demandantes parados da provincia de Pontevedra, en concreto o 51,72%, leva menos de seis meses buscando emprego. Pola súa parte, os que levan máis dun ano supoñen o 34,02% do total. A certa distancia sitúanse os demandantes que levan buscando emprego entre seis meses e un ano, que representan o 14,26% restante. Esta situación é moi semellante á que se produce a nivel autonómico.

Tendo en conta o cruzamento por sexos e idades, podemos distinguir dous tipos de pautas. Ata os 45 anos no caso das mulleres e ata os 55 anos no caso dos homes, o máis frecuente é que leven menos de seis meses buscando emprego. A partir dos 45 anos, no caso das mulleres, e dos 55 anos, no dos homes, a situación máis frecuente é que sexan parados de longa duración.

4.3.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	2.000	1.047	3.047
Sector secundario	10.117	4.857	14.974
Construción	5.788	2.015	7.803
Sector servizos	29.233	15.605	44.838
Sen actividade previa	8.976	4.025	13.001
TOTAL	56.114	27.549	83.663

TÁBOA 20: Demandantes por actividade económica.

A maioría dos demandantes, sexan parados ou non, proceden do sector servizos. Esta característica da provincia tamén se dá no conxunto de Galicia. En concreto, nos dous ámbitos territoriais a porcentaxe de demandantes desempregados procedentes do sector servizos sitúase arredor do 52% e a porcentaxe de demandantes non parados en torno ao 56%.

Se descontamos os demandantes que non tiñan unha actividade previa, o seguinte sector con maior número de demandantes é o secundario, e despois o da construción. En xeral, e non só no caso do sector servizos -tal e como vimos anteriormente-, as distribucións relativas de demandantes parados e non parados na provincia son moi semellantes entre si, e tamén moi semellantes ás do conxunto de Galicia.





GRÁFICO 4: Demandantes parados na industria.

Respecto ao subsector da industria, case a metade dos demandantes parados proceden das actividades de alimentación e da categoría outras industrias, que representan o 29% e o 19% respectivamente. Un 15% e un 14% adicionais concéntrase nas actividades de fabricación de material de transporte e no têxtil. O 23% restante distribúese entre as outras actividades sinaladas no gráfico.

GRÁFICO 5: Demandantes parados nos servizos.



En canto aos demandantes parados nos servizos, obsérvase que case a metade dos demandantes parados neste sector, en concreto o 45%, proceden de dous tipos de actividades: as inmobiliarias (23%) e as de comercio, excepto automoción, (22%). A continuación estarían a hostalería e as administracións públicas, cun 19% e un 11% respectivamente. O 28% restante distribúese nas outras seis actividades sinaladas no gráfico.

4.3.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 21: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	PROVINCIAL %	COMUNIDADE %
Dependente de comercio, en xeral	7.900	9,44	8,99
Empregado administrativo, en xeral	7.206	8,61	8,54
Peón da ind. manufactureira, en xeral	6.046	7,23	5,08
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	6.009	7,18	7,52
Camareiro, en xeral	2.562	3,06	2,81
Cecedor de peixes e mariscos	2.017	2,41	0,89
Albanel	1.746	2,09	2,42
Peón da construción de edificios	1.535	1,83	2,47
Cociñeiro, en xeral	1.474	1,76	1,66
Auxiliar de clínica	1.218	1,46	1,40

4.3.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 22: Perfil máis representativo.

	PERFIL PROVINCIAL TIPO	PERFIL COMUNIDADE TIPO
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Titulación de ensinanza obrigatoria	Titulación de ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Dependente de comercio, en xeral	Dependente de comercio, en xeral
Situación laboral	Parado	Parado

4.4.- OFERTAS

4.4.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

	TOTAL OFERTAS
A Paradanta	366
Caldas	610
O Baixo Miño	725
O Condado	865
Deza	1.038
O Morrazo	1.205
O Salnés	3.025
Pontevedra	11.626
Tabeirós-Terra de Montes	711
Vigo	10.961
TOTAL PROVINCIAL	31.132

TÁBOA 23: Número de ofertas por comarcas da provincia.

TOTAL OFERTAS COMUNIDADE:	82.835
PROVINCIA/COMUNIDADE:	37,58

A provincia de Pontevedra reúne un 37,58% das ofertas da Comunidade galega, o que a sitúa como a primeira provincia de Galicia en volume de ofertas.

Nas comarcas de Pontevedra e Vigo concéntranse o 72,55% das ofertas da provincia, e a unha notable distancia, co 9,72%, sitúase a comarca do Salnés.

	Nº DE OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Paradanta	298	326	279	375	366
Caldas	459	490	864	507	610
O Baixo Miño	703	637	862	910	725
O Condado	593	635	904	797	865
Deza	1.363	1.731	1.250	1.170	1038
O Morrazo	1.968	1.382	1.731	1.414	1205
O Salnés	3.854	3.391	3.440	3.688	3025
Pontevedra	6.167	10.539	11.526	11.684	11.626
Tabeirós-Terra de Montes	754	809	846	778	711
Vigo	12.978	12.248	14.249	11.482	10.961
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132
TOTAL COMUNIDADE	88.819	83.598	86.949	87.103	82.835

TÁBOA 24: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

No conxunto do período 2000-2004, a provincia de Pontevedra ten unha evolución positiva no número de ofertas, tendencia inversa á que se produce no conxunto de Galicia. Así, as variacións medias de ambos os territorios son de 1,67% e -1,73%, respectivamente. Porén, a evolución na provincia é distinta, xa que descende o número de ofertas nos anos 2003 e 2004, aumentando nos anos anteriores, en tanto que na Comunidade descende en 2001 e 2004.


Considerando as comarcas con maior número de ofertas, a evolución do número de ofertas é moi desigual. Así, en Vigo, só se produce un aumento do número de ofertas en 2002, descendendo o resto dos anos (variación media de -4,13%).

En cambio en Pontevedra hai un aumento moi importante en 2001, cando a variación interanual é de 70,89%, e un crecemento levemente inferior o resto dos anos, a excepción do último ano, no que presenta un leve descenso. No conxunto do período a súa variación media é de 17,18%, a máis alta de todas as comarcas da provincia.

Na comarca do Salnés a tendencia do período é decrecente (variación media de -5,88%), aumentando entre os anos 2002 e 2003 e diminuíndo o seu número de ofertas en 2001 e 2004.

No resto de comarcas destaca o crecemento do Condado e de Caldas, cunhas variacións medias do 9,90% e do 7,37%, respectivamente. Pola contra, na comarca do Deza hai un descenso do número de ofertas neste período –variación media de -6,58%.

GRÁFICO 6: Evolución do número de ofertas das comarcas da provincia.



As comarcas máis representativas, Pontevedra e Vigo, teñen unha evolución distinta en canto ao número de ofertas tramitadas. En Vigo hai un tendencia decrecente continua a partir de 2002, en tanto que en Pontevedra aumenta constantemente entre 2000 e 2003.

Considerando o resto de comarcas de maneira agregada, estas manteñen unha tendencia moi semellante á da comarca de Vigo, se ben, dunha maneira menos acentuada.

4.4.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

TÁBOA 25: Distribución das ofertas por comarcas segundo os sectores económicos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
A Paradanta	7	41	104	213
Caldas	5	54	160	391
Deza	23	209	259	547
O Baixo Miño	47	51	101	526
O Condado	8	123	235	499
O Morrazo	34	88	252	831
O Salnés	12	507	452	2.053
Pontevedra	198	939	1.852	8.628
Taboairós-Terra de Montes	0	93	200	418
Vigo	29	1.151	1.986	7.794
TOTAL PROVINCIA	363	3.256	5.601	21.900
TOTAL COMUNIDADE	1.262	7.258	14.336	58.318

En relación co conxunto de Galicia a provincia de Pontevedra ten un maior peso específico en número de ofertas no sector secundario (44,86% do total) e no sector da construción (39,07%).

A comarca de Pontevedra concentra máis da metade das ofertas da provincia no sector primario e o 39,40% das do sector servizos. En cambio, no sector secundario e da construción cobra maior importancia a comarca de Vigo en número de ofertas, o 35,35% e o 35,46%, respectivamente.

No resto de comarcas destaca a presenza do Baixo Miño no sector primario, o 12,95% das ofertas deste sector; e a do Salnés no sector secundario, construción e servizos, co 15,57%, o 8,07% e o 9,37%, respectivamente.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.

O 71% das ofertas da provincia de Pontevedra concéntranse no sector servizos. A unha notable distancia sitúanse as procedentes do sector da construción, o 18%, e do secundario, o 10%.





GRÁFICO 8: Distribución porcentual das ofertas na industria.

As actividades de alimentación e outras industrias concentran o 52% das ofertas da industria. A unha certa distancia das anteriores sitúanse a de metalurxia e fabricación de produtos metálicos e a de fabricación de material de transporte, co 16% e co 10%, respectivamente.

GRÁFICO 9: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



Un 27% das ofertas procedentes dos servizos derivan das actividades vinculadas ás administracións públicas. As procedentes de transporte e comunicacións e hostalería representan o 21% e o 16%, respectivamente. Finalmente, cun 10%, son destacables as que derivan das actividades de comercio e actividades inmobiliarias e servizos ás empresas.

TÁBOA 26: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	185	218	594	369	363
Secundario	3.996	3.673	4.167	3.563	3.256
Construción	5.923	6.698	6.227	6.015	5.601
Servizos	19.033	21.597	24.958	22.853	21.900
Sen actividade	0	2	5	5	12
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132
TOTAL COMUNIDADE	88.809	83.590	86.941	86.737	81.196

O sector máis importante en relación co volume de ofertas, o de servizos, incrementa o seu número no quinquenio (variación media do 3,57%). O crecemento prodúcese só entre os anos 2000 e 2002, descendendo nos dous anos seguintes. No que respecta ao sector da construción, descende o volume de ofertas para este período, reducíndose todos os anos menos no 2001.

O sector primario, dado o intenso crecemento producido en 2002 (variación interanual do 172,48%), ten unha tendencia crecente neste período malia o descenso obtido nos dous últimos anos, variación media do 18,35%. En cambio, no sector secundario prodúcese un descenso neste período, variación media de -4,99%, debido a que só aumenta o seu número de ofertas en 2002.

4.4.3.- Perfil básico das ofertas




GRÁFICO 10: Ofertas por sexo segundo o sector económico da provincia.

Tan só un 12,83% das ofertas xestionadas polo Servizo Público de Emprego puñan como un dos seus requisitos o sexo á hora de acceder a un posto de traballo. Dentro deste subconxunto de ofertas, un 32,93% solicitan mulleres para o sector servicios; esa porcentaxe é do 22,82% para os homes.

En cambio, un 31,98% solicitan homes para o sector da construción, sendo marxinal a porcentaxe das destinadas a mulleres neste sector.

Dentro dos servizos tenden a solicitarse máis aos homes en actividades inmobiliarias e servizos ás empresas e servizos de automoción, en tanto que se solicitan máis ás mulleres en hostalería e servizos á comunidade.




GRÁFICO 11: Ofertas por nivel académico da provincia.

O 56,24% das ofertas solicitan un determinado nivel académico. Dentro destas ofertas un 75,69% só requiren ter certificado de escolaridade. Tan só un 10,83% solicitar ter estudos de ensino obrigatorio e un 6,9% estudos de Formación Profesional.

As ofertas dirixidas a traballadores que teñen ata certificado de escolaridade se concentran nas actividades de administracións públicas e construción. Para os traballadores que teñan Formación Profesional tamén hai un maior número de ofertas en administracións públicas, sendo menores en actividades inmobiliarias e servizos ás empresas e educación. No referente aos que teñen estudos de ensino obrigatorio as ofertas concéntranse novamente nas actividades de administracións públicas e construción.

4.4.4.- Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 27.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	2000	2001	2002	2003	2004
Axente comercial / Vendedor	1.832	1.209	1.219	1.265	851
Camareiro - Barman	955	1.027	1.102	1.027	835
Albanel	1.279	1.722	1.097	920	821
Peón de albanel/Peón de obras públicas	600	627	621	506	472
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	303	276	347	358	357
Perruqueiro/a	171	281	286	256	295
Empregado/a do fogar	90	85	256	304	285
Axudante de cociña	350	258	279	299	283
Encofrador	433	509	336	372	264
Dependente, en xeral	268	386	384	307	261

As ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores son as de axente comercial/vendedor, camareiro-barman e albanel. Estas tres ocupacións experimentan un descenso ao longo do período, sobre todo a de axente comercial (variación media de -17,44%) e a de albanel (variación media de -10,49%). A primeira ocupación descende sobre todo en 2004, obtendo unha variación interanual de -32,73%, en tanto que a segunda descende sobre todo a partir do ano 2002.

En relación co resto de ocupacións, só crecen entre 2000 e 2004 a de empregado de fogar, a de perruqueiro e a de cociñeiro, obtendo unhas variación medias do 33,40%, do 14,61% e do 4,19%.

TÁBOA 27.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	2000	2001	2002	2003	2004
Peón da ind. manufactureira, en xeral	1.398	3.531	3.759	3.625	2.952
Albanel	1.762	1.841	1.694	1.695	1.721
Clasificador-repartidor correspondencia	758	898	342	395	1.200
Camareiro, en xeral	595	836	921	911	1.128
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	530	583	687	886	844
Peón da construción de edificios	728	806	684	879	643
Estibador	6	67	1.835	1.142	595
Cocedor de peixes e mariscos	383	407	480	429	481
Empregado administrativo, en xeral	342	570	662	512	466
Cociñeiro, en xeral	124	189	226	273	358

As ocupacións de peón da industria manufactureira, albanel e clasificador-repartidor de correspondencia son as máis ofertadas polas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego. A primeira ocupación crece durante o quinquenio, variación media do 20,55%, aínda que nos dous últimos anos decrece o seu volume de ofertas; en 2004 a súa variación interanual é de -18,57%.

O número de ofertas da ocupación de albanel diminúe levemente, en tanto que na de clasificador-repartidor de correspondencia hai un forte crecemento no último ano, variación interanual do 203,80%.

No resto de ocupacións destaca o forte crecemento no período da ocupación de estibador, cunha variación media de 215,57%, se ben descende bruscamente o seu número de ofertas no último ano. Tamén destaca o crecemento máis moderado da ocupación de cociñeiro, cunha variación media do 30,35%.

Ao longo do período, ademais de albanel, só descenden as ofertas de peón da construción de edificios, acadando o seu valor máis baixo en 2004.

4.5.- CONTRATOS

4.5.1.- Número de contratos no ámbito provincial

TÁBOA 28: Número de contratos na provincia e nas comarcas. Ano 2004.

	Nº
A Paradanta	1.236
Caldas	6.090
Deza	7.804
O Baixo Miño	8.807
O Condado	5.302
O Morrazo	25.260
O Salnés	39.193
Pontevedra	28.235
Tabeirós-Terra de Montes	3.045
Vigo	160.118
TOTAL PROVINCIA	285.090
TOTAL COMUNIDADE	733.011

Pontevedra é a segunda provincia en volume de contratos da Comunidade galega pois concentra o 38,89% destes.

En relación coas comarcas que compoñen a provincia, hai que sinalar a forte presenza de Vigo, que concentra máis da metade da contratación. A unha notable distancia sitúanse as comarcas do Salnés, Pontevedra e O Morrazo, co 13,75%, o 9,90% e o 8,86%, respectivamente.

As demais comarcas reúnen o 11,33% da contratación provincial restante.

TÁBOA 29: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Paradanta	1.265	1.087	958	1.240	1.236
Caldas	5.188	5.358	5.321	5.261	6.090
Deza	5.914	6.616	6.679	7.157	7.804
O Baixo Miño	6.597	6.821	7.551	8.330	8.807
O Condado	4.754	4.374	4.480	4.886	5.302
O Morrazo	26.122	27.921	26.917	26.896	25.260
O Salnés	34.666	34.774	35.878	37.829	39.193
Pontevedra	26.195	29.869	27.233	26.384	28.235
Tabeirós-Terra de Montes	2.633	2.640	2.596	2.656	3.045
Vigo	167.335	161.083	158.046	161.313	160.118
TOTAL PROVINCIA*	280.669	280.543	275.659	281.952	285.090
TOTAL COMUNIDADE	682.109	685.716	688.529	714.881	733.011

A contratación na provincia de Pontevedra aumenta levemente nestes cinco anos, cunha variación media do 0,39%. Comparativamente, o seu ritmo de crecemento é máis baixo que o acontecido na Comunidade galega, cunha variación media do 2,02%. Esta circunstancia é debida á redución experimentada pola provincia nos anos 2001 e 2002, en tanto que no conxunto da Comunidade non se produce ningún descenso, intensificando o crecemento nos anos 2003 e 2004.

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

Na comarca de Vigo só aumenta a contratación no ano 2003, descendendo no resto dos anos. Como resultado desta situación, a súa variación media anual é de -1,10%. No Salnés hai un aumento dos contratos en todos os anos, sobre todo nos dous últimos (variación media de 3,12%), mentres que en Pontevedra hai un descenso nos anos 2002 e 2003 e un aumento nos restantes, para, finalmente, obter unha variación media do 1,89%.

As comarcas do Baixo Miño e Deza son as que contan cun maior incremento relativo de número de contratos no período 2000-2004. As dúas comarcas rexistran un aumento da contratación todos os anos, obtendo finalmente unhas variacións medias respectivas do 7,49% e do 7,18%.

4.5.2.- Contratación provincial segundo o sexo e a idade

	Nº CONTRATOS		Total
	Homes	Mulleres	
Menos de 26 anos	56.206	40.863	97.069
De 26 a 35 anos	53.315	47.659	100.974
De 36 a 45 anos	28.742	24.898	53.640
De 46 a 55 anos	15.805	10.339	26.144
De 56 e máis anos	5.293	1.970	7.263
TOTAL PROVINCIA	159.361	125.729	285.090
TOTAL COMUNIDADE	395.307	337.704	733.011

TÁBOA 30: Distribución da contratación provincial segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

A distribución do número de contratos segundo o sexo é moi similar en termos relativos á rexistrada a escala da comunidade. De feito, o 55,90% dos contratos da provincia foron realizados a homes e un 44,10% a mulleres (53,93% e 46,07%, respectivamente en Galicia).


O 69,47% dos contratos son asinados por menores de 36 anos, sendo un 38,42% destes pertencentes ao colectivo masculino. Entre os contratados maiores de 35 anos hai unha maior presenza masculina que feminina, un 17,48% fronte a un 13,05%.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	169.879	168.869	160.994	160.314	159.361
Mulleres	110.790	111.674	114.665	121.638	125.729
TOTAL CONTRATOS	280.669	280.543	275.659	281.952	285.090

TÁBOA 31: Evolución do número de contratos da provincia segundo o sexo. Período 2000-2004.

Os contratos realizados a mulleres durante o período 2000-2004 aumentan durante todos os anos, cunha variación media do 3,21%. Esta circunstancia contrasta coa evolución da contratación masculina, que descende todos os anos, cunha variación media de -1,59%. O maior decrecemento prodúcese en 2001-2002, cando se obtén unha variación media interanual de -4,66%. En relación coa contratación feminina, cómpre destacar o crecemento de 2002-2003, un 6,08%.

GRÁFICO 12: Evolución da distribución da contratación provincial segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.



As diferenzas na evolución da contratación masculina e feminina reflíctense na distribución dos contratos nos diferentes anos. Si en 2000 a distancia que había entre os contratos realizados a homes e mulleres era de 21,06 puntos, en 2004 redúcese a 11,8 puntos.

TÁBOA 32: Evolución do número de contratos da provincia segundo a idade. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menos de 26 anos	111.631	106.329	100.429	97.456	97.069
De 26 a 35 anos	93.166	93.968	94.692	97.732	100.974
De 36 a 45 anos	49.129	51.520	50.501	53.771	53.640
De 46 a 55 anos	21.789	22.890	23.900	26.385	26.144
De 56 e máis anos	4.954	5.836	6.137	6.608	7.263
TOTAL CONTRATOS	280.669	280.543	275.659	281.952	285.090

A contratación realizada no intervalo de idade comprendido entre 26 e 35 anos ten unha evolución positiva ao longo do quinquenio, experimentando unha subida máis intensa nos últimos anos, cunha variación interanual do 3,32% en 2003-2004.

O único descenso producido na contratación segundo os grupos de idade ten lugar entre os menores de 26 anos, cunha variación media de -3,43%, producíndose un descenso continuo aínda que minorado no último ano.

No resto de grupos de idade hai un aumento da contratación; destaca o crecemento continuo experimentado entre os maiores de 55 anos, que obteñen unha variación media do 10,04%.

4.5.3.- Contratación provincial segundo os sectores económicos

TÁBOA 33: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

	N.º
SECTOR PRIMARIO	10.162
Agricultura e pesca	10.162
SECTOR SECUNDARIO	37.938
Industria e electricidade	37.938
SECTOR CONSTRUCCIÓN	33.465
Construción	33.465
SECTOR SERVIZOS	203.525
Comercio e hostalería	57.703
Transporte e comunicacións	35.238
Outros servizos	110.584
TOTAL CONTRATOS	285.090

Un 71,39% da contratación da provincia é realizada no sector servizos; destacan dentro deste o subsector de outros servizos (38,79%) e o de comercio e hostalería (20,24%).

O segundo sector en importancia é o secundario, co 13,31% da contratación. Neste sentido case toda a contratación deste sector concéntrase no subsector de industria. Preto do sector secundario sitúase o da construción (11,74%), tendo un papel máis marxinal o primario (3,56%).




GRÁFICO 13: Distribución porcentual da contratación na industria.

Case a metade da contratación da industria concéntrase nas actividades de alimentación e fabricación de material de transporte. A unha certa distancia das anteriores sitúanse as actividades de outras industrias (18%) e metalurxia e fabricación de produtos metálicos (13%).




GRÁFICO 14: Distribución porcentual da contratación nos servizos.

O 31% dos contratos dos servizos realízanse nas actividades inmobiliarias e servizos ás empresas. O 17% derivan de transporte e comunicacións, situándose a continuación, con porcentaxes similares entre elas, as de comercio e hostalería.

TÁBOA 34: Distribución da contratación provincial segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	8.130	2.032	1.773	2.855	3.119	2.018	397
Agricultura e pesca	8.130	2.032	1.773	2.855	3.119	2.018	397
SECTOR SECUNDARIO	21.693	16.245	12.478	13.969	6.874	3.405	1.212
Industria e electricidade	21.693	16.245	12.478	13.969	6.874	3.405	1.212
SECTOR CONSTRUCCIÓN	31.824	1.641	10.705	10.534	6.899	4.081	1.246
Construción	31.824	1.641	10.705	10.534	6.899	4.081	1.246
SECTOR SERVIZOS	97.714	105.811	72.113	73.616	36.748	16.640	4.408
Comercio e hostalería	20.981	36.722	24.067	19.514	9.058	3.762	1.302
Transporte e comunicacións	28.556	6.682	10.354	10.646	8.355	4.655	1.228
Outros servizos	48.177	62.407	37.692	43.456	19.335	8.223	1.878
TOTAL CONTRATOS	159.361	125.729	97.069	100.974	53.640	26.144	7.263

A contratación feminina concéntrase dun xeito moi marcado no sector servizos, supoñendo un 37,11% do total da contratación provincial e destacando a súa maior presenza no subsector de outros servizos (21,89%) e comercio e hostalería (12,88%). A certa distancia sitúase a contratación no sector industrial (5,70%). Os contratos realizados a homes no sector servizos supoñen o 34,27% do total da contratación, sendo destacable a súa contratación nos subsectores de outros servizos e transporte e comunicacións (16,90% e 10,02%, respectivamente). A diferenza da contratación feminina, hai unha maior presenza no sector da construción (11,16%) e, en menor grao, no secundario (7,61%).

Máis da metade da contratación provincial realízase a menores de 46 anos no sector servizos, destacando neste sentido que un 28,46% se concentra no subsector de outros servizos. Este subsector é o que integra o maior volume de contratación en todas as idades.

No sector da construción destaca en maior medida a contratación realizada a menores de 26 anos (3,75%), sendo destacable os contratados que contan cunha idade comprendida entre os 26 e 35 anos.

Os contratos a maiores de 46 anos son realizados preferentemente no sector servizos, destacando novamente outros servizos, seguido do sector da construción e do secundario.

TÁBOA 35: Evolución da contratación provincial segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	8.678	9.035	9.722	9.371	10.162
Agricultura e pesca	8.678	9.035	9.722	9.371	10.162
SECTOR SECUNDARIO	54.706	44.882	44.208	38.512	37.938
Industria e electricidade	54.706	44.882	44.208	38.512	37.938
SECTOR CONSTRUCCIÓN	29.076	30.810	30.354	32.344	33.465
Construción	29.076	30.810	30.354	32.344	33.465
SECTOR SERVIZOS	188.209	195.816	191.375	201.725	203.525
Comercio e hostalería	46.439	46.919	50.231	52.147	57.703
Transporte e comunicacións	41.154	46.409	39.350	39.788	35.238
Outros servizos	100.616	102.488	101.794	109.790	110.584
TOTAL CONTRATOS	280.669	280.543	275.659	281.952	285.090

A contratación no sector servizos aumenta durante o período comprendido entre 2000 e 2004 (variación media anual 1,98%), sobre todo no intervalo 2002-2003, cando obtén unha variación interanual do 5,41%. Este crecemen-

to está sustentado, sobre todo, no subsector de outros servizos e comercio e hostalería, con variacións medias respectivas do 2,39% e do 5,58%. Pola contra, no subsector de transporte e comunicacións descende a contratación, cunha variación media de -3,81% debido as diminucións de 2002 e 2004.

A contratación na construción segue unha tendencia crecente, coa excepción de no ano 2002, acadando unha variación media do 3,58%. Porén, o sector secundario experimenta un retroceso na contratación, cunha variación media de -8,74%, descendendo en todos os anos do período, sobre todo en 2001 e 2003. O sector primario ten un comportamento positivo, cunha variación media do 4,03%, aumentando en maior medida o número de contratos no último ano.

4.5.4.- Tipoloxía da contratación laboral




GRÁFICO 15: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.

Algo máis de sete de cada dez contratos da provincia de Pontevedra son temporais a tempo completo. Un 20% da contratación é temporal a tempo parcial, e tan só un 4% é indefinida a tempo completo ou parcial.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	6.433	3.474	1.782	3.464	2.294	1.800	567
Indefinido tempo parcial	810	1.575	720	902	425	245	93
Temporal	123.329	81.159	65.421	74.356	40.569	19.421	4.721
Temporal tempo parcial	19.785	35.830	22.329	19.815	8.746	3.313	1.412
Prácticas/Formación	4.383	3.075	6.163	957	204	108	26
Outros	4.621	616	654	1.480	1.402	1.257	444
TOTAL CONTRATOS	159.361	125.729	97.069	100.974	53.640	26.144	7.263

TÁBOA 36: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

A contratación temporal a tempo completo destaca tanto en homes como en mulleres, así como en todos os segmentos de idade. A contratación masculina é prioritaria en todas as modalidades, coa excepción da contratación temporal a tempo parcial, na que predomina a feminina, un 12,57% do total provincial, e a indefinida a tempo parcial, un 0,55%.

A contratación temporal entre os menores de 36 anos supón un 49,03% do total da contratación. A temporal a tempo parcial ten unha maior presenza entre os menores de 26 anos (7,83%) A contratación indefinida, parcial ou a tempo completo, ten unha leve maior presenza no segmento de 26 a 35 anos (1,54%), sendo esta porcentaxe do 0,95% entre os que teñen entre 36 e 45 anos.

TÁBOA 37: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

	PRIMARIO Agr., Gand.	SECUNDARIO Industr. e Electric.	CONSTRUCCIÓN Construc.	Comerc.	TRANS. e SERVICIOS Transp.	Outros	Total
Indefinido	2.119	1.308	1.090	2.571	1.108	1.711	5.390
Indefinido tempo parcial	31	315	76	1.094	121	748	1.963
Temporal	7.665	31.171	29.189	32.599	32.349	71.515	136.463
Temporal tempo parcial	231	3.800	1.363	19.096	1.561	29.564	50.221
Prácticas/Formación	56	1.300	1.715	2.249	94	2.044	4.387
Outros	60	44	32	94	5	5.002	5.101
TOTAL CONTRATOS	10.162	37.938	33.465	57.703	35.238	110.584	203.525

En todos os sectores e subsectores predomina a contratación temporal a tempo completo. Dentro do sector servizos concéntrase o 47,87% deste tipo de contratación, destacando a porcentaxe acadada en outros servizos, un 25,09%. A excepción do contrato en prácticas, máis frecuente en comercio e hostalería, no resto de modalidades predomina claramente o subsector outros servizos.

No resto de sectores, o contrato temporal a tempo parcial é o segundo en importancia, coa excepción do sector da construción, onde esta posición é ocupada polo de prácticas/formación.

TÁBOA 38: Evolución da contratación provincial segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	12.516	11.651	9.877	9.731	9.907
Indefinido tempo parcial	2.252	2.167	2.150	2.289	2.385
Temporal	211.798	206.617	200.174	208.600	204.488
Temporal tempo parcial	39.621	42.137	45.988	48.554	55.615
Prácticas/Formación	7.351	6.598	7.707	7.735	7.458
Outros	7.131	11.373	9.763	5.043	5.237
TOTAL CONTRATOS	280.669	280.543	275.659	281.952	285.090

A contratación temporal ten un comportamento negativo no período 2000-2004, cunha variación media do -0,87%; aumentando só no ano 2003, para descender en todos os demais. En cambio, a contratación temporal a tempo parcial ascende no seu volume de contratos –variación media de 8,85%–, aumentando en todos os anos do período.

A contratación indefinida a tempo completo descende neste quinquenio, cunha variación media de -5,68%, diminuíndo todos os anos a excepción de 2004. A contratación indefinida a tempo parcial recupera o ritmo de crecemento a partir de 2003 para obter, finalmente, unha variación media do 1,44%. O contrato en prácticas aumenta levemente na provincia, cunha variación media do 0,36%, en tanto que o da modalidade de outros descende no período debido aos decrecementos ocorridos entre os anos 2001 e 2003, cunha variación media do -7,43%.

4.5.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	556	6,57
HOMES	395	6,59
MULLERES	161	6,53
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	22.625	2,75
HOMES	10.828	3,78
MULLERES	11.797	1,85
3. Técnicos e profesionais de apoio	16.486	9,66
HOMES	8.918	3,80
MULLERES	7.568	19,44
4. Empregados de tipo administrativo	23.762	4,19
HOMES	6.488	1,03
MULLERES	17.274	5,51
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	50.664	4,91
HOMES	13.415	2,62
MULLERES	37.249	5,80
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	6.068	2,64
HOMES	5.030	3,38
MULLERES	1.038	-0,64
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	46.196	0,81
HOMES	33.913	2,13
MULLERES	12.283	-2,44
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	25.701	-9,06
HOMES	21.991	-9,64
MULLERES	3.710	-5,13
9. Traballadores non cualificados	93.032	-1,49
HOMES	58.383	-2,89
MULLERES	34.649	1,14
TOTAL CONTRATOS	285.090	0,39

TÁBOA 39: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

Os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación son os seguintes:

- Traballadores non cualificados, 32,63% do total da contratación provincial.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, 17,77%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería, 16,20%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, 9,02%.

Segundo o xénero dos contratados os grupos de contratación máis significativos son os seguintes:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados, 20,48%. • Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería, 11,90%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, 7,71%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, 13,07%. • Traballadoras non cualificadas, 12,15%. • Empregadas de tipo administrativo, 6,06%.

Só en tres grandes grupos de ocupación predomina a contratación feminina sobre a masculina, a saber:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, onde a contratación feminina supón un 13,07% fronte a un 4,71% da masculina.
- Empregadas de tipo administrativo, un 6,06% fronte a un 2,28%.
- Técnicas profesionais, científicas e intelectuais, un 4,14% fronte a un 3,80%.

4.5.6.- Ocupacións máis contratadas

TÁBOA 40: As dez ocupacións máis contratadas na provincia. Ano 2004.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	38.018	27.548	10.470	72,46
50200018	Camareiro, en xeral	15.407	5.985	9.422	38,85
42100010	Empregado administrativo, en xeral	12.940	3.502	9.438	27,06
71100016	Albanel	12.937	12.707	230	98,22
53300010	Dependente de comercio, en xeral	11.947	2.167	9.780	18,14
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	11.374	9.566	1.808	84,10
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	10.466	1.384	9.082	13,22
85420223	Estibador	8.924	8.576	348	96,10
97000084	Peón da ind. metál. e fáb. prod. metál.	8.404	6.443	1.961	76,67
78010233	Cocedor de peixes e mariscos	6.813	603	6.210	8,85
TOTAL CONTRATOS		137.230	78.481	58.749	57,19

(1) *Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100*

Un 48,14% do total de contratos da provincia de Pontevedra realízanse entre as dez ocupacións máis contratadas. Dentro destas destacan a de peón da industria manufactureira (13,34%), camareiro (5,40%) e, con porcentaxes idénticas, empregado administrativo e albanel (4,54%).

Dentro do colectivo masculino as máis contratadas son as de peón da industria manufactureira, albanel, e mozo de carga e descarga, almacén, co 17,29%, o 7,97% e o 6,00%, respectivamente. Entre os contratos femininos destacan as ocupacións de peón da industria manufactureira (8,33%), dependenta de comercio (7,78%), e con porcentaxes moi similares as de empregada administrativa, camareira e muller/mozo de limpeza.

A presenza da contratación masculina é superior á masculina no conxunto das dez ocupacións, tal e como establece a ratio de masculinidade (57,19%). Sobresaen polo alto nivel de contratación masculina as de albanel, estibador e mozo de carga e descarga, obtendo unha ratio por riba do 80%. Pola contra, teñen un perfil da contratación máis marcadamente feminino as de cocedora de peixes e mariscos, muller/mozo de limpeza, limpador, e dependenta de comercio, que acadan unha ratio por baixo do 20%.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	44.786	43.336	44.054	39.357	38.018
50200018	Camareiro, en xeral	13.113	12.471	12.933	13.320	15.407
42100010	Empregado administrativo, en xeral	13.700	14.365	14.705	13.696	12.940
71100016	Albanel	11.273	11.648	11.566	12.377	12.937
53300010	Dependente de comercio, en xeral	12.275	12.483	12.408	12.968	11.947
98000050	Mozo de carga/descarga, almacén	13.630	13.851	9.104	10.135	11.374
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	9.333	8.915	9.585	10.213	10.466
85420223	Estibador	12.957	18.667	14.532	15.245	8.924
97000084	Peón da ind. metál. e fáb. prod. metál.	8.156	6.768	7.045	4.187	8.404
78010233	Cocedor de peixes e mariscos	4.939	4.645	5.583	4.412	6.813
96020014	Peón da construción de edificios	5.691	6.542	5.471	6.194	5.056
86300016	Conductor de camión, en xeral	4.499	5.106	5.038	4.964	4.665
81700024	Operador de cadea automatizada montaxe, en xeral	11.290	7.065	5.895	4.612	2.067

TÁBOA 41: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

Hai tres ocupacións que saen fóra da lista de dez ocupacións máis contratadas en 2004, estas son as de peón da construción de edificios, conductor de camión e operador de cadea automatizada de montaxe. Esta última descende o seu número de contratos todos os anos, cunha variación media de -34,59%, en tanto que a segunda sobe levemente o seu número de contratos. No que respecta ao peón da construción de edificios, tamén se reduce a súa contratación, sobre todo debido ao descenso do último ano.

Dentro do conxunto de ocupacións, os aumentos máis importantes en termos relativos prodúcense en cocedor de peixes e mariscos, camareiro, debido sobre todo aos seus ascensos no último ano, e albanel, onde, ademais de en 2004, experimenta unha suba máis pronunciada en 2003. As súas variacións medias para o conxunto do período son do 8,37%, do 4,11% e do 3,50%, respectivamente.

En cambio, os decrecementos máis importantes en volume de contratación aparecen nas ocupacións de estibador, cun descenso moi pronunciado en 2004; de mozo de carga/descarga, debido á contracción de 2002; e de peón da industria manufactureira, que diminúe de forma significativa nos dous últimos anos. A primeira ocupación obtén unha variación media de -8,90%, mentres que as outras dúas acadan valores de -4,42% e de -4,01%.

4.6.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

TÁBOA 42: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional con compromiso de contratación por familia profesional. Ano 2004.

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% provincia/Galicia	Nº	% provincia/Galicia
Automoción	1.520	100,00	102	100,00
Servizos ás empresas	23	11,33	1	10,00
Información e manifestacións artísticas	51	100,00	3	100,00
Industrias téxtiles	31	33,70	2	33,33
TOTAL	1.625	64,03	108	65,85

O 64,03% dos alumnos de formación ocupacional con compromiso de contratación en Galicia concéntrase na provincia de Pontevedra; esta porcentaxe é do 65,85% no que respecta ao número de cursos.

Este tipo de formación ocupacional aparece en gran medida na familia de automoción, o 93,54% do total de alumnos e o 94,44% do total de cursos. A familia de información e manifestación artísticas sitúase moi por baixo destas cifras, 3,14% de alumnos e o 2,78% de cursos.

En relación co conxunto da Comunidade, a provincia de Pontevedra concentra a totalidade dos alumnos e cursos das familias de automoción e información e manifestacións artísticas. En tanto que concentra o 33,70% de alumnos e o 33,33% de cursos do conxunto da Comunidade na de industrias téxtiles.

TÁBOA 43: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional sen compromiso de contratación por familia profesional. Ano 2004.

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% provincia/Galicia	Nº	% provincia/Galicia
Agraria	210	17,37	12	17,14
Administración e oficinas	938	27,59	55	27,36
Artesanía	88	20,00	5	17,86
Automoción	160	24,54	11	26,19
Comercio	270	22,65	15	20,55
Docencia e investigación	618	41,78	17	27,87
Servizos ás empresas	4.577	35,24	273	34,69
Edificación e obras públicas	493	21,83	29	22,14
Formación complementaria	48	36,64	3	33,33
Fabricación de equipos electromecánicos	147	26,82	9	26,47
Industrias alimentarias	126	24,75	7	23,33
Industrias gráficas	13	27,66	1	33,33
Información e manifestacións artísticas	124	37,13	7	46,67
Industria pesada e construcións metálicas	165	25,46	10	24,39
Industrias químicas	48	100,00	3	100,00
Industrias téxtiles	183	30,96	10	29,41
Industrias da madeira e a cortiza	85	16,38	5	16,13
Montaxe e instalación	205	28,39	8	20,51
Mantemento e reparación	139	33,57	8	33,33
Pesca e acuicultura	18	39,13	1	50,00
Produc., transf. e distribuc. de enerxía e auga	53	33,76	3	30,00
Sanidade	493	24,31	29	23,97
Seguros e finanzas	325	24,40	18	22,50
Servizos á comunidade e persoais	362	16,26	21	15,56
Transportes e comunicacións	452	46,60	28	46,67
Turismo e hostalería	252	18,38	14	17,07
TOTAL	10.592	29,16	602	28,00

A provincia de Pontevedra concentra o 29,16% dos alumnos e o 28% dos cursos da formación ocupacional sen compromiso de contratación realizada en Galicia.

A maior parte deste tipo de formación aparece na familia de servizos ás empresas, o 43,21% dos alumnos e o 45,35% do total de cursos da provincia. A continuación, con cifras máis modestas, sitúase a familia de administración e oficinas, o 8,86% dos alumnos e o 9,14% dos cursos.

A familia de docencia e investigación concentra o 5,83% do conxunto de alumnos da provincia, sendo menor a súa importancia relativa en número de cursos, 2,82%. Sanidade e transporte e comunicacións teñen un menor número de alumnos: 4,65% e 4,27%, respectivamente, pero teñen un maior volume de cursos, 4,82% e 4,65%.

Na provincia de Pontevedra intégranse todos os alumnos e cursos de Galicia na familia de industrias químicas. En número de alumnos tamén destacan, no seu peso relativo en relación coa Comunidade, as familias de transportes e comunicacións, docencia e investigación e pesca e acuicultura, 46,60%, 41,78% e 39,13%, respectivamente. En cambio, en número de cursos destacan en maior medida as familias de pesca e acuicultura, 50%, transporte e comunicacións e información e manifestacións artísticas, estas dúas últimas cun idéntico 46,67%.

4.7.- CONCLUSIONES

- O aumento da poboación ocupada da provincia de Pontevedra vén acompañada dunha redución da poboación parada durante o período 1999 e 2004. As variacións medias anuais respectivas son do 2,81% e de -2,37%. Porén, cómpre sinalar que a partir de 2001 hai un aumento progresivo da poboación parada, se ben, sempre a un ritmo máis lento que o do conxunto da poboación ocupada.
- O colectivo feminino segue tendo unhas taxas de paro máis altas que o masculino, aínda que as distancias entre ambos tenden a descender progresivamente entre os anos 1999 e 2004. Esta evolución favorable vese correspondida co maior aumento, tanto en números absolutos como relativos, da poboación ocupada feminina en relación coa masculina.
- Os sectores cunha maior nivel de poboación ocupada son, sobre todo, o de servizos e o secundario. O primeiro segue unha tendencia positiva, mentres que o segundo tende a estancarse. Cun volume máis baixo de ocupados sitúase o sector da construción, sendo destacable o crecemento experimentado no último ano.
- O sector servizos, igual que sucede no resto de provincias, ten un maior número de empresas, traballadores e autónomos. Non obstante, este sector baixa a súa importancia relativa en relación co sector secundario en canto ao número de traballadores, o 56,42% fronte ao 21,81%.
- No período comprendido entre 2000 e 2004 houbo un aumento do número de empresas, traballadores e autónomos. En termos relativos, creceu en maior medida o número de traballadores, seguidos polos autónomos e as empresas.
- O sector servizos, sustentando nos subsectores de comercio e hostalería e outros servizos, ten un crecemento tanto en número de empresas como de traballadores e autónomos. Os sectores secundario e da construción tamén experimentaron un crecemento ao longo de 2000-2004, se ben os seus ritmos de crecemento foron máis modestos que o obtido polo de servizos. En cambio, o sector primario medra en número de empresas e autónomos, descendendo en número de traballadores.
- A provincia de Pontevedra sitúase en segundo lugar en número de demandas no conxunto da Comunidade, tanto se as demandas proceden de traballadores parados como de non parados. Dentro da provincia, as comarcas con maior número de demandantes son Vigo, O Salnés e Pontevedra.
- As demandantes do colectivo feminino predominan sobre os do colectivo masculino, tanto cando son demandantes parados como non parados. En canto ao perfil de idade, predominan os demandantes comprendidos entre os 26 e os 35 anos, seguidos polos que teñen entre 36 e 45 anos. A descrición do demandante da provincia segundo sexo e idade é case idéntica á que se presenta no conxunto autonómico.
- Igual que sucede na Comunidade, predominan os demandantes parados con emprego anterior, o 56,25%, seguidos moi de lonxe polos non parados con emprego anterior, o 12,61%. No que respecta ao nivel académico, predominan os demandantes con ensinanza obrigatoria e os que teñen ata certificado de escolaridade, o 38,54% e o 31,42%, respectivamente. En cambio os que contan con bacharelato ou estudos universitarios teñen unha presenza notablemente menor, o 12,05% e o 9,56%, respectivamente. Esta distribución presenta notables semellanzas coa acontecida para o ámbito autonómico.
- Os demandantes parados da provincia levan buscando emprego menos de seis meses dun xeito maioritario, como tamén sucede no conxunto de Galicia. Non obstante segundo aumenta a idade dos demandantes, tenden a ter maior presenza os parados de longa duración, sendo máis perceptible esta tendencia entre o colectivo feminino.


- A maioría dos demandantes da provincia proceden do sector servizos. No tocante á industria, as actividades con maior presenza de demandantes son as de alimentación e outras industrias, mentres que nos servizos destacan en maior medida as actividades inmobiliarias e comercio.
- Igual que sucede a escala autonómica, as ocupacións máis demandadas son as de dependente de comercio e empregado administrativo. En cambio obsérvase un maior número de demandas na provincia da ocupación de peón da industria manufactureira.
- Dentro das catro provincia galegas, Pontevedra obtén o maior número de ofertas no ano 2004, o 37,58%. Entre as comarcas da provincia destacan notablemente as de Pontevedra e Vigo, que concentran o 72,55% das ofertas.
- Mentres na provincia de Pontevedra hai un aumento do número de ofertas entre 2000 e 2004, no conxunto de Galicia hai un leve descenso. Esta tendencia crecente está sustentada no aumento producido na comarca de Pontevedra, que compensa os descensos acontecidos nas comarcas de Vigo e O Salnés.
- Sete de cada dez ofertas da provincia proceden do sector servizos. Non obstante, en relación coa Comunidade, detéctase unha maior presenza do sector secundario e da construción. A comarca de Pontevedra concentra un maior número de ofertas no sector servizos e primario, en tanto que a de Vigo posúe un maior volume no sector secundario e da construción.
- Durante o período 2000-2004 hai un aumento do número de ofertas no sector servizos e primario, producíndose un decrecemento no sector secundario e da construción, máis notable nos dous últimos anos.
- Dentro da industria destacan as ofertas procedentes das actividades de alimentación e outras industrias, en tanto que nos servizos sobresaen as derivadas de administración públicas e transportes e comunicacións.
- O número de ofertas que solicitaban traballadores segundo o seu xénero é moi pequeno, tan só un 12,83%, tendo unha maior presenza a dos que solicitan un determinado nivel académico, un 56,24%. Non obstante, a gran maioría destas ofertas só reclaman que os traballadores teñan o certificado de escolaridade.
- As ocupacións máis ofertadas polas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego Galego son as de peón da industria manufactureira e albanel. Pero, mentres a primeira ten unha evolución positiva en número de ofertas durante 2000-2004, a segunda acada un leve retroceso. Cun volume menos importante, nos centros colaboradores destacan as ofertas vinculadas á ocupación de axente comercial, camareiro-barman e albanel, dándose un descenso xeneralizado nas tres ocupacións durante este quinquenio.
- Pontevedra, cun 38,89% do total de contratos, sitúase como a segunda provincia en importancia da Comunidade Galega neste concepto. O aumento da contratación é relativamente baixo, un 0,39% de variación media, situándose por baixo do obtido a escala galega, cunha variación media do 2,02%.
- A comarca de Vigo concentra o 56,16% da contratación da provincia, situándose a notable distancia as comarcas do Salnés e Pontevedra. Porén, os crecementos destas dúas comarcas en volume de contratación no período 2000-2004 contrasta co decrecemento acontecido na comarca de Vigo.
- A contratación masculina predomina sobre a feminina no conxunto da provincia, o 55,90% fronte ao 44,10%, unha situación similar á que se produce no ámbito autonómico. Non obstante, a evolución da contratación segundo o xénero é distinta: mentres que entre o colectivo masculino descende levemente a contratación durante 2000-2004, no colectivo feminino aumenta. Como consecuencia, a diferenza entre ambos os colectivos tende a descender ao longo do quinquenio.

- A contratación concéntrase entre os traballadores que teñen entre 26 e 35 anos e os menores de 26 anos, tendendo a descender segundo aumenta a idade. Pero mentres entre os maiores de 26 anos aumenta o volume de contratación entre 2000 e 2004, para os menores desta idade apreciase un notable descenso.
- A contratación concéntrase no sector servizos, o 71,39%; destacan os contratos procedentes de actividades inmobiliarias e servizos ás empresas e a actividade de transporte e comunicacións. A continuación, sitúanse o sector secundario e o da construción. Dentro da industria, circunscrita dentro do sector secundario, sobre saen as actividades de alimentación e fabricación de material de transporte.
- A contratación do colectivo feminino tende a concentrarse en maior medida no sector servizos que o colectivo masculino, que ten unha maior presenza no sector da construción e no secundario. A forte concentración da contratación no sector servizos é un tónica xeral en todos os intervalos de idade.
- O volume de contratación aumenta, sobre todo, no sector servizos e no da construción, e en menor medida no primario, descendendo en todos os anos do período 2000-2004 no sector secundario.
- Un 70% da contratación da provincia de Pontevedra é temporal a tempo completo, sendo un 20% a temporal a tempo parcial. O primeiro tipo de contratación predomina claramente en todas as idades e tanto no colectivo masculino como feminino. Porén, entre a contratación feminina a temporal a tempo parcial é máis frecuente que no caso masculino. Esta situación de predominio da contratación temporal tamén se observa claramente nos diferentes sectores produtivos.
- A contratación indefinida a tempo completo e a temporal a tempo completo descenden durante o período 2000-2004, en tanto que aumenta a levemente a temporal a tempo parcial e a contratación en prácticas.
- Os grandes grupos de contratación que predominan na provincia son o de traballadores non cualificados e o de traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio. Pero mentres entre o colectivo masculino predomina a contratación no primeiro grupo, a contratación feminina predomina no segundo.
- As ocupacións máis contratadas na provincia son as de peón da industria manufactureira, camareiro, empregado administrativo e albanel. Na primeira e na cuarta ocupación hai un predominio da contratación masculina, mentres na segunda e na terceira predomina a feminina. A ocupación de camareiro e albanel teñen unha evolución positiva ao longo do quinquenio 2000-2004, ao contrario do que sucede coas outras dúas ocupacións.
- Dentro da formación ocupacional con compromiso de contratación destaca notablemente a familia de automoción, na que se concentra a totalidade dos alumnos e cursos que hai en Galicia.
- En canto á formación ocupacional sen compromiso de contratación, destaca notablemente o número de alumnos e cursos circunscritos dentro da familia de servizos ás empresas, situándose a considerable distancia a de administración e oficinas.

Análise do mercado laboral nas comarcas

capítulo

5



Comarca da Paradanta



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	50	13,77	365	20,03	15	2,40
Agricultura e pesca	50	13,77	365	20,03	15	2,40
SECTOR SECUNDARIO	59	16,25	419	23,00	48	7,69
Industria e electricidade	59	16,25	419	23,00	48	7,69
SECTOR CONSTRUCCIÓN	58	15,98	358	19,65	111	17,79
Construcción	58	15,98	358	19,65	111	17,79
SECTOR SERVIZOS	196	53,99	680	37,32	450	72,12
Comercio e hostalería	104	28,65	262	14,38	322	51,60
Transporte e comunicacións	17	4,68	43	2,36	60	9,62
Outros servizos	75	20,66	375	20,58	68	10,90
TOTAL	363	100,00	1.822	100,00	624	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

No tecido empresarial da comarca da Paradanta predomina o sector servizos en número de empresas, de traballadores por conta allea e de autónomos. En 2004, este sector concentrou o 53,99% das empresas, seguido, de lonxe, polo sector secundario, co 16,25%, e o da construción, co 15,98%. O sector primario ten o menor número de empresas da comarca, o 13,77% do total.

Atendendo aos subsectores, a maior parte das empresas agrúpanse no comercio e hostalería, o 28,65 %, e en outros servizos, o 20,66%; a industria engloba practicamente todas as empresas do sector secundario, agrupando un 15,70% do total de empresas.

Esta preponderancia do sector servizos en canto a empresas mantense no relativo ao número de traballadores por conta allea, cunha porcentaxe do 37,32%. O resto sitúanse, por esta orde, no sector secundario (23%), no sector primario (20,03%) e na construción (19,65%).

Por subsectores dos servizos, os traballadores por conta allea concéntranse en outros servizos, co 20,58%; e en comercio e hostalería, co 14,38%.

No que respecta aos traballadores autónomos, segue a ser o sector servizos o que aglutina o maior número, o 72,12%, agrupando o subsector de comercio e hostalería o 51,60% do total. O sector da construción, co 17,79%, sitúase a continuación. Tanto o sector secundario como o primario teñen o volume máis baixo de autónomos no conxunto da comarca: o 7,69% e o 2,40%, respectivamente.

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas.
Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	116	98	64	9	50
Agricultura e pesca	116	98	64	9	50
SECTOR SECUNDARIO	50	59	60	60	59
Industria e electricidade	50	59	60	60	59
SECTOR CONSTRUCCIÓN	50	49	51	50	58
Construción	50	49	51	50	58
SECTOR SERVICIOS	166	165	172	188	196
Comercio e hostalería	101	100	100	113	104
Transporte e comunicacións	18	17	16	14	17
Outros servizos	47	48	56	61	75
TOTAL	382	371	347	307	363

O número de empresas da comarca da Paradanta experimenta un decrecemento entre os anos 2000 e 2004, cunha variación media de -1,27%. Porén, esta tendencia prodúcese entre os anos 2000 e 2003, dado que en 2004 hai un forte crecemento que inverte a tendencia comentada anteriormente. Desta maneira, neste último ano contabilízanse 56 empresas máis que en 2003.

Esta tendencia descontinua está determinada en gran medida pola evolución acontecida no sector primario. Mentres que neste sector hai un descenso entre os anos 2000 e 2003 e un forte crecemento en 2004, que dá lugar a un decrecemento para o conxunto do período, cunha variación media de -18,97%, no resto dos sectores existe un incremento no número de empresas. O sector servizos, agás no ano 2001, ten unha evolución positiva ao longo do período, cunha variación media do 4,24%. En cambio, o sector secundario, despois do crecemento de 2001, mantén practicamente os valores deste anos, cunha variación media do 4,22%. O sector da construción mantense case estable durante os anos 2000-2003 e aumenta claramente en 2004, cunha variación media do 3,78%.

No tocante ao sector servizos, o subsector de comercio e hostalería practicamente mantén os valores de 2000, obtendo unha variación media do 0,73%, mentres que no subsector de outros servizos hai un crecemento continuo ao longo de todos os anos do período, cunha variación media do 12,39%, destacando o crecemento de 2004, cunha variación interanual do 22,95%.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	378	358	389	374	365
Agricultura e pesca	378	358	389	374	365
SECTOR SECUNDARIO	300	361	381	407	419
Industria e electricidade	300	361	381	407	419
SECTOR CONSTRUCCIÓN	182	236	231	249	358
Construcción	182	236	231	249	358
SECTOR SERVICIOS	527	570	593	677	680
Comercio e hostalería	218	209	230	271	262
Transporte e comunicacións	71	73	47	44	43
Outros servizos	238	288	316	362	375
TOTAL	1.387	1.525	1.594	1.707	1.822

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

A evolución do número de traballadores por conta allea no período 2000-2004 ten un saldo positivo debido ao crecemento continuado ao longo destes anos. En termos absolutos, en 2004 contabilizáronse 435 traballadores máis que en 2000, o que se traduce nunha variación media anual do 7,06%.

Realizando unha análise por anos, vese que o maior nivel de crecemento dáse no intervalo 2000-2001, no que a variación interanual foi do 9,95%, para medrar máis moderadamente no resto dos anos do período. O sector secundario e o de servizos non experimentaron ningún decrecemento ao longo dos anos do período comprendido entre 2000 e 2004; finalmente, obteñen unhas variacións medias do 8,71% e do 6,58%, respectivamente.

Esta tendencia positiva non se produce entre os traballadores do sector primario, xa que se produce un leve retroceso para este colectivo, reflectindo nunha variación media anual de -0,87%. O maior aumento relativo respecto ao número de traballadores produciuse no sector da construción, cunha variación media anual do 18,43%, sendo significativo o importante crecemento en 2004, cunha variación interanual do 43,78%.

Polo que respecta aos subsectores de servizos, cómpre destacar o crecemento de outros servizos e comercio e hostalería, cunha variación media do 12,04% e do 4,70%, respectivamente. O primeiro ten un crecemento constante durante o período, en tanto que o segundo aumenta nos anos 2002 e 2003 e decrece no 2001 e 2004. Por último, o subsector de transporte e comunicacións diminúe entre 2000 e 2004, cunha variación media de -11,78%, debido, sobre todo, á recesión de 2002.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	11	11	14	15	15
Agricultura e pesca	11	11	14	15	15
SECTOR SECUNDARIO	35	37	42	42	48
Industria e electricidade	35	37	42	42	48
SECTOR CONSTRUCCIÓN	85	91	89	106	111
Construcción	85	91	89	106	111
SECTOR SERVICIOS	389	449	459	462	450
Comercio e hostalería	288	338	349	344	322
Transporte e comunicacións	57	61	59	60	60
Outros servizos	44	50	51	58	68
TOTAL	520	588	604	625	624

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

No que atinxe á evolución do número de autónomos no período 2000-2004, caracterízase pola subida ata o ano 2003 e polo seu estancamento en 2004. Como resultado desta evolución a variación media é do 4,66%.

En termos relativos, o maior incremento dáse no sector secundario, no que a variación media para o período 2000-2004 é do 8,22%. O menor incremento prodúcese no sector servizos, cunha variación media do 3,71%. O sector da construción acada, tamén, valores positivos para o período de estudo e o primario aumenta moderadamente para manterse practicamente estable nos dous últimos anos, cunha variación media do 6,90% e do 8,06%, respectivamente.

En canto á evolución dos subsectores de servizos, o maior crecemento prodúcese en outros servizos, cunha variación media do 11,50%. No referente ao subsector máis importante en termos cuantitativos, comercio e hostalería, existe unha evolución positiva no conxunto do período, cunha variación media do 2,83%, a pesar dos descenso acontecidos nos dous últimos anos.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes galegos por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Cañiza	315	151	466
Arbo	203	92	295
Crecente	118	43	161
O Covelo	120	51	171
TOTAL COMARCA	756	337	1.093

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia – PARADOS	1,35
% comarca/provincia - NON PARADOS	1,22

O número de demandantes de emprego na comarca da Paradanta no ano 2004 é de 1.093. Deste total, o 69,16% son demandantes parados, representando os non parados o 30,84% restante. En todos os concellos os demandantes parados aparecen en maior número que os non parados.

Realizando unha análise por concellos, é de destacar que A Cañiza ten o maior número dos demandantes parados da comarca, o 41,67%, así como de non parados, o 44,81%. A unha distancia considerable está o concello de Arbo, con porcentaxes do 26,85% e do 27,30%, respectivamente. Moi parellos atópanse O Covelo e Crecente, que contan cun 15,87% e cun 15,61% de demandantes parados. No que atinxe a non parados, ambos os concellos agrupan un 15,13% e un 12,76%, respectivamente.

Os demandantes parados da Paradanta supoñen, respecto ao total provincial, o 1,35%, e os non parados, o 1,22%.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	663	681	669	679	756
Variación interanual %	-	2,71	-1,76	1,49	11,34
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	1,33	1,39	1,26	1,20	1,35

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

A tendencia para o período 2000-2004 na comarca da Paradanta é a de crecemento do número de demandantes parados. No cadro anterior pódese ver como as variacións interanuais evolucionan de xeito descontinuo: hai períodos de crecemento en 2001 e 2003, que obteñen porcentaxes de variación interanual do 2,71% e do 1,49% respectivamente; fases, incluso, de un forte crecemento en 2004, cun 11,34%, e un retroceso en 2002, cun -1,76%.

A importancia relativa dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia practicamente se mantén en 2004 con respecto a 2000. Cómpre destacar o menor peso relativo de 2002 e 2003 e a recuperación da porcentaxe en 2004.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	153	14,00	10,83
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	603	55,17	56,25
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	28	2,56	3,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	133	12,17	12,61
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	77	7,04	5,95
	En expediente de regulación de emprego	X	0,09	1,07
	Demandantes de mellora de emprego	81	7,41	6,47
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	11	1,01	2,70
	Resto de demandantes	6	0,55	0,55
TOTAL		X	100,00	100,00

A situación laboral dos demandantes de emprego na comarca caracterízase polo feito de que o 55,17% do total son parados con emprego anterior, quedando as demais categorías en porcentaxes menores. O 14% son demandantes parados sen emprego anterior e o 12,17% son demandantes non parados con emprego anterior. As demais categorías sitúanse arredor ou por baixo do 2%, excepto os demandantes de mellora de emprego e os non parados con traballo a tempo parcial, que supoñen un 7,41% e un 7,04%, respectivamente.

A distribución comarcal é semellante á provincial, se ben neste último ámbito insinúase unha menor presenza de demandantes parados sen emprego anterior.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	47	83	17,20	17,63
26 a 35 anos	92	107	26,32	30,34
36 a 45 anos	72	104	23,28	21,96
46 a 55 anos	84	54	18,25	18,05
56 e máis anos	75	38	14,95	12,02
TOTAL COMARCA	370	386	100,00	1,35
TOTAL PROVINCIA	21.868	34.246	1,35	100,00

A maioría dos demandantes parados da comarca da Paradanta son mulleres, que representan unha porcentaxe do 51,06% do total fronte ao 48,94% do colectivo masculino. As diferenzas de demandantes parados segundo o sexo son maiores no conxunto da provincia de Pontevedra: o 61,03% son mulleres e o 38,97% homes.

Ao analizar o número de demandantes parados segundo a idade, o 56,48% están por riba dos 36 anos e o 43,52% restante agrúpase por debaixo desa idade. O intervalo de idade no que se dan máis casos de demandantes parados é no de 26 a 35 anos, cunha porcentaxe do 26,32%

Cruzando idade e xénero, a maior porcentaxe de demandantes parados correspóndese con mulleres de entre 26 e 35 anos (o 14,15%), seguidas das mulleres de entre 36 e 45 anos (o 13,76%). A continuación sitúanse os homes de entre 26 e 35 anos (o 12,17%) e os de entre 46 e 55 anos (cun 11,11%).

En comparación coa provincia, o máis salientable é a semellanza na distribución das porcentaxes segundo os distintos grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	17	24	12,17	16,70
26 a 35 anos	27	53	23,74	28,41
36 a 45 anos	35	53	26,11	21,54
46 a 55 anos	37	35	21,36	18,39
56 e máis anos	35	21	16,62	14,95
TOTAL COMARCA	151	186	100,00	1,22
TOTAL PROVINCIA	10.384	17.165	1,22	100,00

TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

Entre os demandantes non parados da comarca tamén predomina o colectivo feminino nunha porcentaxe do 55,19%, algo máis elevada da que acontecía coas demandantes paradas. Neste caso o colectivo masculino supón un 44,81%.

En canto á idade, obsérvase un perfil máis envellecido que entre os demandantes parados, xa que un 37,98% dos demandantes non parados ten máis de 45 anos e un 35,91% ten menos de 36 anos.

En relación coa idade e o xénero, son os grupos de idade das mulleres de entre 26 e 35 anos e de entre 36 e 45 anos os que aglutinan as maiores porcentaxes, cun valor idéntico do 15,73%. A continuación sitúanse os demandantes non parados masculinos de entre 46 e 55 anos (10,98%) e, moi preto, os homes de entre 36 e 45 anos, os de máis de 55 anos e as mulleres de entre 46 e 55 anos, todos cunha porcentaxe idéntica do 10,39%.

En comparación coa distribución dos demandantes non parados da provincia segundo a idade, na comarca hai un perfil máis envellecido, debido a que un 37,98% ten máis de 45 anos, o 33,34% na provincia.




GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

No gráfico anterior represéntase a distribución do conxunto de demandantes por sexo e grupos de idades, podéndose observar que o grupo de idade que xunta un maior número de persoas é o de 26 a 35 anos, o que supón o 25,53% do total, seguido do grupo de 36 a 45 anos que representa o 24,15%. É de salientar que para estes dous intervalos de idade, así como para os menores de 26 anos, a porcentaxe de mulleres é máis alta ca dos homes, á inversa do que sucede nos grupos de idade máis avanzada.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	310	150	460
Titulación de ensinanza obrigatoria	328	128	456
Formación profesional	45	21	66
BUP/Bacharelato superior/COU	44	23	67
Titulados universitarios	27	14	41
Outras titulacións	X	X	X
TOTAL	X	X	X

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Segundo o nivel académico, a distribución dos demandantes reflicte que a porcentaxe máis alta, dun 42,09%, dáse entre os que teñen ata certificado de escolaridade e un 41,72% posúen titulación de ensino obrigatorio. Os seguintes grupos están a moita distancia: os de bacharelato superior, cun 6,13%; formación profesional, cun 6,04%, e titulados universitarios, cun 3,75%.

En canto ás distribucións relativas dos demandantes parados e os non parados, estas son semellantes entre si aínda que con algunhas diferenzas, destacando máis, no caso dos parados, os que teñen titulación de ensinanza obrigatoria (43,39%) e, para os non parados, os que contan como máximo con certificado de escolaridade (44,51%).

Por outra banda, os demandantes parados con estudos secundarios supoñen o 11,77% do total, mentres que nos non parados son o 13,05%. No relativo aos estudos universitarios, un 4,15% dos demandantes non parados posúenos e, para os parados, esa cifra é do 3,57%.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	32	11	4	47
	Mulleres	54	18	11	83
26 a 35 anos	Homes	64	19	9	92
	Mulleres	51	15	41	107
36 a 45 anos	Homes	40	12	20	72
	Mulleres	50	22	32	104
46 a 55 anos	Homes	39	11	34	84
	Mulleres	13	9	32	54
Máis de 55 anos	Homes	21	8	46	75
	Mulleres	6	X	29	38
TOTAL COMARCA		370	X	258	X
TOTAL PROVINCIA		29.022	8.000	19.092	56.114

Atendendo á distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego, a maioría levan menos de seis meses no proceso de busca, o 48,94%. O 34,13% leva máis dun ano e os que levan entre seis meses e un ano supoñen o 16,93%.

Cruzando o sexo e a idade, para os homes menores de 55 anos, o máis frecuente é que levan menos de seis meses buscando traballo; os maiores de 55 anos adoitan levar máis dun ano.

En canto ás mulleres, as menores de 46 anos agrúpanse con máis frecuencia na categoría de menos de seis meses. É a partir dos 46 anos cando predominan as demandantes paradas de longa duración.

Respecto ao total provincial, non se producen desviacións importantes nos datos relativos para o tempo de busca de emprego.

5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	24	20	44
Sector secundario	87	69	156
Construción	153	51	204
Sector servizos	339	163	502
Sen actividade previa	153	34	187
TOTAL	756	337	1.093

TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

A maioría dos demandantes de emprego, xa sexan parados ou non, proceden do sector servizos. A porcentaxe de demandantes parados deste sector para a comarca é do 44,84%, e para os non parados é do 48,37%.

No caso dos demandantes parados, sen ter en conta aquelas persoas que non tiñan unha actividade previa, o segundo sector que agrupa o maior número de demandantes é a construción, co 20,24%, seguido do sector secundario, co 11,51% e, por último, o sector primario, co 3,17%.

Para os demandantes non parados, tras o sector servizos, atópase o secundario, cunha porcentaxe do 20,47%; posteriormente, está a construción, cun 15,13%, procedendo do sector primario un 5,93%.





GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.

Dentro da industria, o grupo máis numeroso de demandantes parados procede das actividades de alimentación, co 31%; seguido de metalurxia e outras industrias, ambas cun 16%; e de fabricación de material de transporte, cun 13%. O 24% restante distribúese entre madeira, téxtil e confección e fabricación de produtos minerais non metálicos.

GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.



O 26% dos demandantes parados nos servizos proceden da hostalería e o 20% das administracións públicas. Séguenlle, a certa distancia, as actividades inmobiliarias e servizos ás empresas cunha porcentaxe do 15% e o comercio cun 10%. O 29% restante distribúese nas restantes actividades.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Peón da ind. manufactureira, en xeral	149	13,63	7,23
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	91	8,33	7,18
Peón da construción de edificios	91	8,33	1,84
Empregado administrativo, en xeral	72	6,59	8,62
Dependente de comercio, en xeral	66	6,04	9,44
Albanel	60	5,49	2,09
Empregada de fogar	55	5,03	0,52
Camareiro, en xeral	49	4,48	3,06
Cociñeiro, en xeral	17	1,56	1,76
Encofrador	17	1,56	0,41

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Certificado de escolaridade	Ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Peón da ind. manufactureira, en xeral	Dependente de comercio, en xeral

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
A Cañiza	308
Arbo	21
Crecente	15
O Covelo	22
TOTAL COMARCA	366

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	31.132
COMARCA/PROVINCIA:	1,18

A comarca da Paradanta reúne o 1,18% das ofertas da provincia de Pontevedra. Por concellos, o 84,15% das ofertas están rexistradas no concello da Cañiza, ofertando as demais localidades o 15,85% restante.

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Cañiza	277	297	253	325	308
Arbo	5	1	10	10	21
Crecente	0	15	1	21	15
O Covelo	16	13	15	19	22
TOTAL COMARCA	298	326	279	375	366
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132

No período 2000-2004 a evolución das ofertas é positiva, cunha variación media do 5,27%, situándose por riba do crecemento relativo da provincia, cunha variación media do 1,67%.

Os ritmos de crecemento e decrecemento do número de ofertas da comarca son descontínuos ao longo do período. Así, o principal incremento do número de ofertas da comarca prodúcese entre o ano 2002 e o 2003, cunha variación interanual do 34,41%, aumentando tamén entre o 2000 e o 2001. O maior descenso acontece entre o 2001 e o 2002, cunha variación interanual de -14,42%, sendo máis moderado o retroceso entre o 2003 e o 2004. Pola contra, na provincia hai un descenso do número de ofertas nos dous últimos intervalos do período e un aumento nos dous primeiros. A este respecto, destaca o incremento entre o ano 2001 e o 2002, cunha variación interanual do 11,69%, e o descenso de 2002-2003, cunha variación de -8,75%.

No que respecta aos concellos, A Cañiza, a pesar de non ter a maior variación media no período, o 2,69%, é en termos absolutos o que presenta unhas cifras máis variables. Así, en 2004 hai 31 ofertas máis que en 2000. O aumento máis importante prodúcese entre os anos 2002 e 2003, con 28,46% de variación interanual, descendendo só no período 2003-2004, con -5,23% de variación interanual.

A evolución relativa máis pronunciada para todo o período obténa Arbo, cunha porcentaxe de variación media do 43,16%, aínda que se trata de cifras pequenas, pois pásase de 5 ofertas en 2000 a 21 en 2004.

Crecente amosa unha escena moi variable, con incrementos e decaementos acusados que oscilan, en termos absolutos, entre 0 e 21 ofertas. O Covelo ten uns datos máis estables que varían entre as 13 e as 22 ofertas e que supoñen unha variación media positiva do 8,29% para todo o período.




GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

A evolución do número de ofertas do concello da Cañiza é similar á do resto de concellos ata 2003, se ben os incrementos en 2001 e 2003 e o decrecemento de 2002 son máis intensos neste concello que no conxunto dos demais. En cambio, entre 2003 e 2004 prodúcese un descenso nas ofertas na Cañiza, mentres que segue a medrar para os demais concellos.

5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
A Cañiza	7	39	70	191
Arbo	0	2	8	11
Crecente	0	0	10	5
O Covelo	0	0	16	6
TOTAL COMARCA	7	41	104	213
TOTAL PROVINCIA	363	3.256	5.601	21.900

TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

O concello da Cañiza concentra as maiores porcentaxes en todos os sectores: o 100% no sector primario, o 95,12% no secundario, o 89,67% nos servizos e o 67,31% na construción. A unha notable distancia sitúanse o resto dos concellos: destacan en maior medida o concello do Covelo no sector da construción, co 15,38%, e o de Arbo no sector servizos, co 5,16%.





GRÁFICO 5: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.


O 59% das ofertas da comarca da Paradanta concéntranse no sector servizos, en tanto que un 28% proceden da construción e un 11% do sector secundario.

GRÁFICO 6: Distribución porcentual das ofertas na industria.



O 41% das ofertas na industria agrúpase en outras industrias, estando por riba, cunha porcentaxe do 42%, a de metalurxia e fabricación de produtos metálicos. O resto das actividades concentran o 17% restante.

GRÁFICO 7: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



O 70% das ofertas procedentes dos servizos na comarca da Paradanta derivan das actividades vinculadas ás administracións públicas. As seguintes actividades en orde de importancia, pero a moita distancia da primeira, son hostalería, cun 8%, e educación, cun 6%.

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	0	1	13	0	7
Secundario	36	59	26	22	41
Construción	77	38	41	70	104
Servizos	185	227	199	280	213
Sen actividade	0	1	0	3	1
TOTAL COMARCA	298	326	279	375	366
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132

O sector máis importante, servizos, incrementa o seu número de ofertas no período 2000-2004, cun 3,59% de variación media. O crecemento prodúcese nos anos 2001 e 2003, descendendo en menor medida en 2002 e 2004.

O maior crecemento relativo prodúcese no sector da construción, cunha variación media do 7,80%. Este sector experimentou un descenso significativo en 2001, cunha variación interanual de -50,65%, para crecer ao longo dos seguintes anos, sobre todo en 2003 e 2004.

No sector secundario a variación media anual é de 3,30%, aumentando o número de ofertas en 2001 e 2004 e diminuíndo en 2002 e 2003. O sector primario tamén obtén un saldo positivo no período, a pesar de estar a falar de números absolutos moi baixos.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Só un 6,56% das ofertas tiñan como requirimento o sexo, solicitando o total destas traballadores do xénero masculino. Case a metade destas ofertas aparecen dentro do sector servizos.

Dentro dos servizos, a actividade onde se require en maior medida un traballador de xénero masculino é en actividades inmobiliarias e servizos ás empresas.

O 52,73% das ofertas demanda un nivel académico determinado. Deste tipo de ofertas un 69,43% requiren certificado de escolaridade, un 20,20% estudos de ensino obrigatorio, un 7,25% formación profesional e un 2,59% estudos universitarios.

No caso dos servizos, as ofertas dirixidas a traballadores con certificado de escolaridade concéntranse, case todas, nas administracións públicas. As que existen ensino obrigatorio concéntranse tamén nas administracións públicas, educación e hostalería. A formación profesional é requirida nas administracións públicas e nas actividades inmobiliarias e os estudos universitarios só nas administracións públicas.

5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

	2000	2001	2002	2003	2004
Albanel	10	11	11	24	41
Encofrador	0	0	0	0	15
Peón de albanel/Peón de obras públicas	6	0	4	13	13
Sen cualificación, acepta empregos en administración e oficinas	0	0	0	0	9
Fontaneiro	0	0	0	0	7
Operario de maquinaria de movemento de terras	0	0	0	0	7
Barreneiro-Perforista	0	0	0	0	6
Conductor de mercadorías/Conductor de camión en xeral.	0	2	2	1	6
Axente comercial / Vendedor	4	3	10	4	5
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	X	2	X	4	5

TÁBOA 18.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

A ocupación máis ofertada polos centros colaboradores na comarca da Paradanta en 2004 é a de albanel, seguida da de encofrador e peón de albanel/peón de obras públicas. No tocante á súa evolución, destaca o incremento no número de ofertas da ocupación de albanel (variación media de 42,30%) e a de encofrador, onde só se recollen ofertas en 2004.

TÁBOA 18.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	2000	2001	2002	2003	2004
Traballador retén incendios forestais	0	7	19	18	26
Peón de obras públicas, en xeral	0	0	5	4	20
Albanel	38	38	17	14	16
Técnico de protección civil	0	14	12	13	13
Peón da industria metálica e fabricación produtos metálicos	11	4	0	3	13
Xardineiro, en xeral	2	2	8	9	12
Empregado administrativo, en xeral	10	10	4	12	10
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	16	4	11	9	9
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	0	0	4	7	8

Nas oficinas de emprego as ocupacións máis ofertadas son as de traballador retén incendios forestais, peón de obras públicas e albanel. As que máis crecen no período de referencia son as de traballador retén de incendios forestais, peón de obras públicas e técnico de protección civil. Pola contra, ao longo do período descende, de maneira máis destacada, o número de ofertas para a ocupación de albanel e muller/mozo limpeza, limpador, cunha variación media de -19,45% e -13,40%, respectivamente.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal

	Nº
A Cañiza	657
Arbo	283
Crecente	131
O Covelo	165
TOTAL COMARCA	1.236
TOTAL PROVINCIA	285.090

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

O número de contratos na comarca da Paradanta supón o 0,43% do total da provincia de Pontevedra.

Entre os concellos que compoñen a comarca, hai que salientar a importancia da Cañiza no referido ao número de contratos, cun 53,16%, agrupando máis da metade da contratación. Séguenlle Arbo e O Covelo, co 22,90% e 13,35%, respectivamente. Por último, o concello de Crecente concentra o 10,60% do total da contratación da comarca.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Cañiza	756	592	542	616	657
Arbo	221	187	201	307	283
Crecente	88	116	91	106	131
O Covelo	200	192	124	211	165
TOTAL COMARCA *	1.265	1.087	958	1.240	1.236
TOTAL PROVINCIA	280.669	280.543	275.659	281.952	285.090

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

A contratación na comarca da Paradanta redúcese discretamente no período 2000-2004, cunha variación media de -0,58%, mentres que na provincia de Pontevedra crece durante este mesmo período, cunha variación media do 0,39%.

Esta redución vén marcada polo decaemento na contratación da comarca que se produce nos anos 2001, 2002 e 2004. O único crecemento do ano 2003, cunha variación interanual do 29,44%, non compensa as perdas producidas en anos anteriores. En cambio, na provincia só descende a contratación en 2001 e 2002, aumentando en maior medida en 2003 e 2004.

É en Crecente onde, en termos relativos, aumenta a contratación de xeito máis destacado, cunha variación media do 10,46% para o quinquenio; séguelo Arbo con 6,38%. A Cañiza obtén unha variación media de -3,45%, sufrindo importantes minguas en 2001 e 2002.

O dato menos favorable é para o concello do Covelo, cunha variación media de -4,70%, aumentando só a contratación en 2003.

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	244	182	426
De 26 a 35 anos	247	134	381
De 36 a 45 anos	173	77	250
De 46 a 55 anos	88	39	127
De 56 e máis anos	43	9	52
TOTAL COMARCA	795	441	1.236
TOTAL PROVINCIAL	159.361	125.729	285.090

A contratación na comarca desvíase claramente cara ao colectivo masculino, ao que se lle realiza o 64,32% dos contratos da comarca; existe un 35,68% de contratación feminina.


O 65,30% dos contratos son asinados por menores de 36 anos. O grupo de idade no que se producen máis contratos para os homes é o comprendido entre os 26 e 35 anos (19,98%) e para as mulleres entre os que contan con menos de 26 anos (14,72%).

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	786	713	585	807	795
Mulleres	479	374	373	433	441
TOTAL CONTRATOS	1.265	1.087	958	1.240	1.236

A contratación feminina diminuíu para o período 2000-2004, cunha variación media de -2,05%; mingua en 2001 e 2002 e logo aumenta en 2003 e 2004. Pola contra, a contratación masculina medra, aínda que de forma moi leve, cunha porcentaxe de variación media do 0,29. O maior decrecemento para as mulleres prodúcese en 2000-2001, cunha variación interanual de -21,92%. Para os homes este feito prodúcese no período 2001-2002, cunha variación interanual de -17,95%. No relativo ao crecemento, ambos os grupos experimentan o valor máis alto en 2002-2003, cunha variación interanual para as mulleres do 16,09% e para os homes do 37,95%.

GRÁFICO 8: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.



As diferenzas na evolución da contratación masculina e feminina reflíctense na distribución dos contratos nos diferentes anos. A contratación masculina alcanza o valor máis alto en 2001 e a feminina en 2002. Ao final do período a distancia entre a contratación feminina e a masculina é maior que ao inicio. Así, se en 2000 a diferenza era de 24,26 puntos a favor da contratación masculina, esta increméntase ata 28,64 puntos en 2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	456	325	291	400	426
De 26 a 35 anos	373	342	313	363	381
De 36 a 45 anos	255	240	210	257	250
De 46 a 55 anos	131	139	101	166	127
De 56 e máis anos	50	41	43	54	52
TOTAL CONTRATOS	1.265	1.087	958	1.240	1.236

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

Os grupos de idade que experimentan unha evolución positiva ao longo do período foron os maiores de 55 anos e o comprendido entre os 26 e 35 anos, cunha variación media do 0,99% e do 0,53%, respectivamente. Ambos os dous intervalos de idade teñen o seu maior nivel de crecemento no ano 2003, cunha variación interanual do 25,58% e do 15,97%, respectivamente.

Os demais grupos de idade sofren un descenso moderado, pero que é máis pronunciado para o grupo dos menores de 26 anos, cunha variación media de -1,69). En todos estes intervalos prodúcese unha redución da contratación entre os anos 2000 e 2002, crecendo nos anos restantes do período, coa excepción dos contratados que teñen entre 46 e 55 anos, que tamén descenden no último ano.


5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	N.º
SECTOR PRIMARIO	55
Agricultura e pesca	55
SECTOR SECUNDARIO	184
Industria e electricidade	184
SECTOR CONSTRUCCIÓN	287
Construción	287
SECTOR SERVIZOS	710
Comercio e hostalería	260
Transporte e comunicacións	41
Outros servizos	409
TOTAL CONTRATOS	1.236

TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.


Un 57,44% da contratación na comarca da Paradanta é realizada no sector servizos; destaca a porcentaxe dos subsectores de outros servizos, cun 33,09%, e hostalería, cun 21,04%. O segundo sector en importancia é a construción, cunha porcentaxe do 23,22%, seguido do secundario, co 14,89%, onde predomina claramente o subsector da industria, e o sector primario, cun 4,45%.

GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación na industria.



O 59% da contratación na industria concéntrase en fabricación de produtos minerais non metálicos e en metalurxia e fabricación de produtos metálicos. A continuación están, en orde de contratación, a alimentación, cunha porcentaxe do 24%; outras industrias, co 9%; e madeira, co 8%.

GRÁFICO 10: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



O 22% dos contratos nos servizos realizáronse ás actividades de servizos á comunidade, seguidos dos das administracións públicas, co 20%, e hostalería, co 19%.

TABOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	32	23	18	19	9	5	4
Agricultura e pesca	32	23	18	19	9	5	4
SECTOR SECUNDARIO	141	43	82	58	30	10	4
Industria e electricidade	141	43	82	58	30	10	4
SECTOR CONSTRUCCIÓN	269	18	93	83	74	26	11
Construción	269	18	93	83	74	26	11
SECTOR SERVIZOS	353	357	233	221	137	X	X
Comercio e hostalería	93	167	99	85	48	24	4
Transporte e comunicacións	30	11	8	11	18	X	X
Outros servizos	230	179	126	125	71	60	27
TOTAL CONTRATOS	795	441	426	381	250	X	X

A contratación feminina na comarca da Paradanta concéntrase no sector servizos, que supón un 28,88% do total da contratación comarcal; destaca a importancia do subsector de outros servizos, co 14,48%, e comercio e hostalería, cunha porcentaxe do 13,51%. Os contratos realizados aos homes nos servizos supoñen o 28,56% do total da contratación, estando moi representados en outros servizos, co 18,61%, e en comercio e hostalería, co 7,52%.

A diferenza do que acontece co colectivo feminino, hai unha maior presenza masculina noutros sectores, como na construción, cunha porcentaxe do 21,76% e, en menor medida, no secundario, cun 11,41%.

Case a metade da contratación comarcal (47,81%) faise a menores de 46 anos no sector servizos, e un 26,04% converxe no subsector de outros servizos. Este subsector concentra o maior volume de contratación en todos os grupos de idade, excepto no de 36 a 45 anos, no que ten maior presenza o da construción, co 5,99%.

O segundo sector máis destacado polo número de contratación é o da construción, que se realiza aos menores de 26 anos, coa porcentaxe do 7,52%, sendo salientables os contratados do grupo de idade de 26 a 35 anos, cunha porcentaxe do 6,72%.

No subsector da industria, a porcentaxe máis alta de contratación dáse nos menores de 26 anos, co 6,63% do total comarcal, seguidos polo segmento de idade posterior, co 4,53%.

A contratación aos maiores de 45 anos realízase, fundamentalmente, no sector servizos, co 9,63%; destaca o subsector de outros servizos, co 7,03%. A continuación sitúase o sector da construción, co 2,99%.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	43	46	68	49	55
Agricultura e pesca	43	46	68	49	55
SECTOR SECUNDARIO	280	225	192	209	184
Industria e electricidade	280	225	192	209	184
SECTOR CONSTRUCCIÓN	192	214	142	225	287
Construción	192	214	142	225	287
SECTOR SERVIZOS	750	602	556	757	710
Comercio e hostalería	219	191	223	282	260
Transporte e comunicacións	56	46	38	44	41
Outros servizos	475	365	295	431	409
TOTAL CONTRATOS	1.265	1.087	958	1.240	1.236


TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

O sector da construción é o que experimentou o maior aumento no período 2000-2004, cunha variación media do 10,57%. O incremento prodúcese especialmente no intervalo 2002-2003, no que obtén unha variación interanual do 58,45%.

No que respecta á contratación nos servizos, descende, un -1,36% de variación media, dado o seu decaemento en todos os anos excepto no 2002-2003. Tamén mingua o sector secundario, que acada unha variación media de -9,96%. Pola contra, o sector primario, malia a ser pequenas as súas cifras absolutas, crece no período un 6,35% de variación media.

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 11: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.



O 66% da contratación realizada na comarca é temporal a tempo completo. O 20% é contratación temporal a tempo parcial, un 4% en prácticas/formación e un 3% indefinido a tempo completo.

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	26	13	4	11	12	8	4
Indefinido tempo parcial	5	12	4	5	5	X	X
Temporal	576	235	262	262	181	73	33
Temporal tempo parcial	91	157	103	77	34	27	7
Prácticas/Formación	28	18	43	X	0	0	0
Outros	69	6	10	23	18	17	7
TOTAL CONTRATOS	795	441	426	X	250	X	X

A modalidade de contratación máis destacada é a temporal a tempo completo, tanto no colectivo masculino como no feminino (o 46,60% e o 19,01% do total, respectivamente), sendo a máis presente en todos os segmentos de idade.

A contratación masculina é prioritaria en todas as modalidades excepto naquelas a tempo parcial, nas que predomina a feminina. Así, o 12,70% do total comarcal son contratos a mulleres con carácter temporal a tempo parcial e o 0,97% contratos indefinidos a tempo parcial.

A contratación temporal para os menores de 36 anos supón o 42,40% dos contratos na comarca. A modalidade de temporal a tempo parcial ten maior presenza nos menores de 26 anos (8,33%). O mesmo acontece coa contratación en prácticas (3,48%).

En canto á contratación indefinida, preséntase máis frecuentemente no intervalo de idade de 36 a 45 anos (o 0,97% a tempo completo e o 0,40 % a tempo parcial), seguido do intervalo de 26 a 35 anos (con porcentaxes do 0,89% a tempo completo e do 0,40% a tempo parcial).

	PRIMARIO Agr. Gand.	SECUNDARIO Industr. e Electric.	CONSTRUCCIÓN Construc.	Comerc.	SERVIZOS Transp. Outros		Total
Indefinido	0	9	5	17	4	4	25
Indefinido tempo parcial	0	X	X	8	X	4	14
Temporal	48	142	258	158	32	173	363
Temporal tempo parcial	6	17	12	62	X	148	213
Prácticas/Formación	X	15	10	15	0	5	20
Outros	0	0	0	0	0	75	75
TOTAL CONTRATOS	X	X	X	260	41	409	710

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

A modalidade de contratación temporal a tempo completo predomina en todos os sectores e subsectores. O sector servizos concentra a maior porcentaxe deste tipo de contratos: o 29,37%; destaca a porcentaxe acadada en outros servizos, 14%. Os contratos indefinidos a tempo completo e a tempo parcial tamén son máis frecuentes no sector servizos, incidindo máis no subsector de comercio e hostalería. Os contratos en prácticas e formación presentan a súa maior frecuencia no subsector do comercio e hostalería, 1,21%.

Por último, cómpre destacar que o 17,23% dos contratos son temporais a tempo parcial e que se concentran no sector servizos, tendo un maior peso a este respecto o subsector de outros servizos.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	84	52	51	53	39
Indefinido tempo parcial	11	10	21	13	17
Temporal	744	658	622	819	811
Temporal tempo parcial	253	226	177	197	248
Prácticas/Formación	81	34	23	61	46
Outros	92	107	64	97	75
TOTAL CONTRATOS	1.265	1.087	958	1.240	1.236

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

A contratación temporal a tempo completo evoluciona positivamente na comarca da Paradanta durante o período 2000-2004, cunha variación media do 2,18%. Neste sentido destaca o crecemento experimentado en 2003, cando a súa variación interanual é de 31,67%, compensando os descenso que se produciron no resto de anos.

En cambio, a contratación temporal a tempo parcial descende levemente, cun -0,50% de variación media; esta evolución vén marcada polos retrocesos de 2001 e, sobre todo, de 2002, que supoñen unha variación interanual de -21,68%.

A contratación indefinida a tempo completo mingua no quinquenio, con -17,45% de variación media; hai descenso en todos os anos do período excepto en 2003, cunha variación interanual do 3,92%.

Os contratos en prácticas/formación diminúen e obteñen unha variación media de -13,19%; a modalidade de outros faíno nun -4,98% debido aos decrecementos acontecidos no período.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	X	2,67
HOMES	X	-
MULLERES	X	10,67
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	101	5,67
HOMES	82	8,58
MULLERES	19	-3,60
3. Técnicos e profesionais de apoio	26	-11,82
HOMES	17	-13,24
MULLERES	9	-8,78
4. Empregados de tipo administrativo	94	11,88
HOMES	21	2,53
MULLERES	73	15,51
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	325	6,15
HOMES	127	11,56
MULLERES	198	3,28
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	22	-1,11
HOMES	14	1,87
MULLERES	8	-5,43
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	227	-5,53
HOMES	217	2,32
MULLERES	10	-41,77
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	71	-4,40
HOMES	66	0,77
MULLERES	5	-30,15
9. Traballadores non cualificados	360	-3,95
HOMES	244	-6,11
MULLERES	116	1,57
TOTAL CONTRATOS	1.236	-0,58
TOTAL HOMES	795	0,29
TOTAL MULLERES	441	-2,05

Os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación son:

- Traballadores non cualificados: representan o 29,13% do total comarcal.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 26,29%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 18,37%.
- Técnicos profesionais científicos e intelectuais: 8,17%.
- Empregados de tipo administrativo: 7,61%.

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados: 19,74%. • Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 17,56%. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 10,28%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 16,02%. • Traballadoras non cualificados: 9,39%. • Empregadas de tipo administrativo: 5,91%.

Só en dous grandes grupos de ocupación predomina a presenza feminina:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, que supón un 16,02% para o colectivo feminino e un 10,28% para o colectivo masculino.
- Empregadas de tipo administrativo: 5,91% para o colectivo feminino e 1,70% para o masculino.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	165	136	29	82,42
71100016	Albanel	129	129	0	100,00
50200018	Camareiro, en xeral	96	31	65	32,29
25130104	Músico instrumentista, en xeral	73	67	6	91,78
42100010	Empregado administrativo, en xeral	63	8	55	12,70
53300010	Dependente de comercio, en xeral	51	6	45	11,76
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	48	X	46	4,17
96020014	Peón da construción de edificios	46	44	X	95,65
50200041	Camareiro de barra	46	26	20	56,52
86300016	Conductor de camiión, en xeral	33	32	X	96,97
TOTAL		X	X	269	64,13

TÁBOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

(1) *Ratio de Masculinidade* = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

O 60,67% do total de contratos da comarca da Paradanta realízanse entre as dez ocupacións máis contratadas. Destacan a de peón da industria manufactureira, en xeral, co 13,34%; albanel, co 10,43%; e camareiro, co 7,76%.

Para o colectivo masculino, as ocupacións máis contratadas son as de peón da industria manufactureira, en xeral, que concentra o 17,10% da contratación masculina; e albanel, co 16,22%. Para o colectivo feminino son as de camareira, en xeral, co 14,73% da contratación feminina; e empregada administrativa, en xeral, co 12,47%.

A presenza da contratación masculina é superior á feminina no conxunto das dez ocupacións, cunha ratio de masculinidade do 64,13%. Destacan polo alto nivel de contratación masculina as de albanel, cunha ratio do 100%; conductor de camiión, en xeral, co 96,97%; e peón da construción de edificios, co 95,65%. Pola contra, prevalece a contratación feminina nas de muller/mozo de limpeza, limpador, en xeral, cunha ratio do 4,17%; dependente de comercio, en xeral, co 11,76% e empregada administrativa, co 12,70%.

TÁBOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	263	193	139	173	165
71100016	Albanel	107	98	64	71	129
50200018	Camareiro, en xeral	94	67	78	88	96
25130104	Músico instrumentista, en xeral	48	48	56	101	73
42100010	Empregado administrativo, en xeral	50	45	43	62	63
53300010	Dependente de comercio, en xeral	49	27	38	46	51
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	74	43	46	51	48
50200041	Camareiro de barra	0	0	0	0	46
96020014	Peón da construción de edificios	31	53	30	64	46
86300016	Condutor de camión, en xeral	44	34	22	30	33
50100017	Cociñeiro, en xeral	25	26	26	37	22
94400012	Peón forestal	23	8	27	18	20
51130024	Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	32	19	18	23	8
35430025	Músico de sala de festas ou similares	27	43	8	0	X
78010233	Cocedor de peixes e mariscos	67	28	14	0	0

No que respecta á evolución das dez ocupacións máis contratadas entre os anos 2000 e 2004, hai cinco profesións que saen da lista en 2004: asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio), cociñeiro, peón forestal, músico de sala de festas ou similares e cocedor de peixes e mariscos, debido ao descenso da contratación ao longo do período que experimentan e que se reflicte na táboa anterior.


Os aumentos máis importantes en termos relativos prodúcense nas ocupacións de músico instrumentista, en xeral; peón da construción de edificios e empregado administrativo, en xeral, con variacións medias para o período 2000-2004 do 11,05%, do 10,37% e do 5,95%, respectivamente.

As minguas máis importantes aparecen nas ocupacións de músico de sala de festas ou similares, asistente domiciliario e peón da industria manufactureira, con variacións medias de -47,83%, -29,29% e -11%, respectivamente.

5.5.- CONCLUSIONES

- O sector servizos, tal como acontece no ámbito provincial, é o que conta cun maior número de empresas, traballadores por conta allea e autónomos. Porén, a súa importancia é menor no tocante ao número de traballadores, aumentando a presenza do sector secundario e o primario.
- Durante o período 2000-2004 o número de empresas decae na comarca da Paradanta, pero non acontece o mesmo co número de traballadores por conta allea e autónomos, que evolucionan positivamente.
- A relevancia do sector servizos no conxunto da comarca vese acompañada polo seu crecemento no quinquenio 2000-2004 no número de empresas, traballadores e autónomos. Os sectores secundario e da construción medran de xeito máis moderado, en tanto que o primario só aumenta o seu número de autónomos, decrecendo en empresas e traballadores.
- Os demandantes parados da comarca supoñen o 1,35% do total provincial e os non parados o 1,22%. O concello da Cañiza é o que presenta un maior número de demandantes respecto dos demais concellos que compoñen a comarca.
- Os demandantes pertencentes ao colectivo feminino predominan sobre o masculino, se ben dunha maneira menos marcada que na provincia de Pontevedra. En canto á idade, predominan os demandantes de entre 26 e 35 anos. Segundo nivel académico, predominan os demandantes con certificado de escolaridade.
- Tal como acontece na provincia, dáse un predominio claro dos demandantes parados con emprego anterior. Por tempo de busca de emprego, o maior número de demandantes da Paradanta levan menos de 6 meses neste proceso.
- A maior parte dos demandantes de emprego procede do sector servizos. O grupo máis numeroso de demandantes parados da industria derívanse das actividades de alimentación, mentres que nos servizos destacan os da hostalería. A ocupación máis demandada é a de peón da industria manufactureira.
- A evolución das ofertas de emprego da comarca no período 2000-2004 presenta un crecemento maior que o producido no ámbito provincial. Non obstante hai que sinalar que o seu número é reducido, representa o 1,18% das ofertas da provincia de Pontevedra. Tal como acontece coas demandas, o concello da Cañiza é o que xunta o maior número.
- A maioría das ofertas comarcais orixínanse no sector servizos, mentres que unha parte menor proceden da construción e do sector secundario. En canto ás actividades, unha parte importante das ofertas da industria derivan das outras industrias e a maioría das dos servizos derivan das actividades vinculadas ás administracións públicas.
- Un 6,56% das ofertas tiñan como requirimento o sexo, solicitando todas traballadores masculinos; case a metade deste tipo de ofertas son do sector servizos. O 52,73% das ofertas demanda un determinado nivel académico, na maioría dos casos o certificado de escolaridade.
- En contraste coa ocupación máis demandada, o maior número de ofertas presentadas nos centros colaboradores concéntrase na de albanel, en tanto que nas oficinas de emprego é a de traballador retén de incendios forestais.
- A comarca da Paradanta ten un escasa presenza no conxunto da contratación provincial, o 0,43%. Durante o quinquenio 2000-2004 prodúcese nela un leve descenso na contratación que contrasta coa leve subida a escala provincial. O concello da Cañiza concentra a maioría da contratación comarcal.

- Predomina a contratación masculina sobre a feminina, configurándose un perfil máis masculinizado que o da provincia de Pontevedra. A contratación feminina diminuíu no período mentres que a masculina aumentou, ao contrario do que acontece no ámbito provincial. A distancia entre a contratación feminina e a masculina acentúase ao final do período respecto do inicio.
- A maioría dos contratos son asinados por menores de 36 anos. A maioría da contratación da Paradanta realízase no sector servizos, seguido pola contratación da construción. En referencia aos servizos, unha parte importante dos contratos fanse nas actividades de servizos á comunidade e administracións públicas. No relativo á industria, a maioría dos contratos concéntrase en fabricación de produtos minerais non metálicos e en metalurxia e fabricación de produtos metálicos. Excepto nos servizos, nos demais sectores hai unha presenza maioritaria masculina.
- A modalidade de contratación temporal a tempo completo é a máis común en todos os sectores, subsectores, idades e sexos, igual que acontece na provincia. Esta tipoloxía evoluciona positivamente na comarca durante o período 2000-2004. Pola contra, a contratación temporal a tempo parcial descende durante estes anos.
- As ocupacións máis contratadas son as de peón da industria manufactureira e albanel, que coinciden coas máis contratadas no ámbito provincial; en ambas predomina a contratación masculina.
- En 2004 non se rexistrou ningún curso de formación ocupacional na comarca.



Comarca de Caldas



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	38	3,23	641	9,64	48	2,39
Agricultura e pesca	38	3,23	641	9,64	48	2,39
SECTOR SECUNDARIO	193	16,40	2.649	39,84	197	9,80
Industria e electricidade	193	16,40	2.649	39,84	197	9,80
SECTOR CONSTRUCCIÓN	279	23,70	969	14,57	461	22,94
Construcción	279	23,70	969	14,57	461	22,94
SECTOR SERVICIOS	667	56,67	2.390	35,95	1.304	64,88
Comercio e hostalería	386	32,80	1.169	17,58	887	44,13
Transporte e comunicacións	58	4,93	346	5,20	155	7,71
Outros servizos	223	18,95	875	13,16	262	13,03
TOTAL	1.177	100,00	6.649	100,00	2.010	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

En 2004, a comarca de Caldas concentra máis da metade das empresas no sector servizos, en particular o 56,67%. Séguelle en importancia o sector da construción, que representa case a cuarta parte do total de compañías, o 23,70%. Dentro das actividades de servizos, destaca o elevado número de empresas dedicadas ao comercio e hostalería, que supoñen o 32,80% do total. Trátase do subsector de maior peso relativo de Caldas.

Porén, a maior xeración de emprego por conta allea non se debe aos servizos, senón ao sector secundario. Así, a maior parte dos asalariados, o 39,84%, traballan no secundario; mentres que nos servizos están empregados o 35,95%. En relación cos autónomos, cómpre subliñar que desenvolven maioritariamente a súa actividade no sector servizos, concretamente o 64,88%. Se desagregamos esta porcentaxe, destaca a elevada proporción dos que se dedican ao comercio e hostalería, o 44,13% do total. Por último, hai que mencionar que, fóra dos servizos, os autónomos concéntranse principalmente na construción, o 22,94%.

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas.
Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	50	50	38	18	38
Agricultura e pesca	50	50	38	18	38
SECTOR SECUNDARIO	176	188	199	195	193
Industria e electricidade	176	188	199	195	193
SECTOR CONSTRUCCIÓN	243	263	263	279	279
Construción	243	263	263	279	279
SECTOR SERVICIOS	558	592	616	627	667
Comercio e hostalería	331	360	372	370	386
Transporte e comunicacións	52	52	51	53	58
Outros servizos	175	180	193	204	223
TOTAL	1.027	1.093	1.116	1.119	1.177

O número de empresas da comarca de Caldas aumenta ao final do período comprendido entre 2000 e 2004, cunha variación media do 3,47%. O crecemento prodúcese durante todos os anos, destacando en maior medida o incremento producido en 2001 e 2004.

A evolución do número de empresas por sectores económicos entre 2000 e 2004 presenta resultados moi diferentes. Atendendo aos saldos finais do período, o primeiro resultado que se pode subliñar é que o número de empresas medrou en todos os sectores menos no primario. Así, as empresas encadradas neste sector, as menos cuantiosas en termos absolutos, reducíronse considerablemente nos anos 2002 e 2003, para aumentar de novo, sen acadar os niveis do inicio do período, no 2004.

Os sectores terciario, construción e secundario medraron entre os anos 2000 e 2004 a un ritmo medio do 4,56%, do 3,51% e do 2,33%, respectivamente. Cada un deles seguiu un curso de evolución propio: o da construción caracterízase pola alternancia de anos de expansión seguidos de fases de estancamento; pola súa parte, o secundario experimentou na primeira metade do período un crecemento do seu número de empresas e nos anos posteriores un descenso, aínda que de menor magnitude; e, por último, e a diferenza dos dous sectores anteriores, o dos servizos presenta unha variación positiva en todos os anos.

Os subsectores de servizos tiveron un saldo positivo no conxunto do período; destaca o crecemento acadado por outros servizos, cunha variación media do 6,25%.

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores.
Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	679	674	657	654	641
Agricultura e pesca	679	674	657	654	641
SECTOR SECUNDARIO	2.112	2.190	2.349	2.535	2.649
Industria e electricidade	2.112	2.190	2.349	2.535	2.649
SECTOR CONSTRUCCIÓN	886	934	920	960	969
Construción	886	934	920	960	969
SECTOR SERVICIOS	1.971	2.034	2.281	2.215	2.390
Comercio e hostalería	947	1.004	1.135	1.135	1.169
Transporte e comunicacións	306	369	390	316	346
Outros servizos	718	661	756	764	875
TOTAL	5.648	5.832	6.207	6.364	6.649

O número total de traballadores incrementábase todos os anos do quinquenio, cunha variación media do 4,16%. Atendendo á evolución do número de traballadores segundo os sectores, no primario a dinámica do período defínese por unha redución continua deste continxente cunha intensidade moderada, cunha variación media de -1,43%. Pola súa parte, o secundario, os servizos e a construción caracterízanse por unha expansión acumulativa anual do número de traballadores por conta allea, cun 5,83%, un 4,94% e un 2,26% de variación media, respectivamente.

Segundo a evolución anual, o dato máis salientable é o crecemento do subsector de transporte e comunicacións en 2001 (20,59%) e o seu descenso en 2003 (-18,97%). Tamén destaca o incremento do número de traballadores en outros servizos e comercio e hostalería en 2002, cunha variación interanual do 14,37% e do 13,05%, respectivamente. Este último obtén unha variación media de 5,41%.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	27	33	36	35	48
Agricultura e pesca	27	33	36	35	48
SECTOR SECUNDARIO	169	184	184	189	197
Industria e electricidade	169	184	184	189	197
SECTOR CONSTRUCCIÓN	299	338	393	420	461
Construción	299	338	393	420	461
SECTOR SERVIZOS	975	1.097	1.184	1.240	1.304
Comercio e hostalería	665	756	817	842	887
Transporte e comunicacións	124	137	146	155	155
Outros servizos	186	204	221	243	262
TOTAL	1.470	1.652	1.797	1.884	2.010

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

A evolución do número de autónomos entre os anos 2000 e 2004 foi positiva en todos os sectores. No conxunto da comarca de Caldas os autónomos pasaron de ser un grupo constituído por 1.470 traballadores ao comezo do período a estar formado por 2.010 no último ano considerado; isto supón un crecemento medio acumulativo anual do 8,14%. Cómpre destacar que o crecemento dos traballadores autónomos foi continuo e sostido ano tras ano.

Descontado o sector primario, no que as cifras absolutas son moi pequenas, os autónomos experimentaron un crecemento moi forte na construción, no que o aumento deste tipo de traballadores foi do 11,43% acumulativo anual. Nos servizos o crecemento do número de autónomos ao longo do período tamén foi considerable e acadou en termos relativos un ritmo medio anual do 7,54%.

Salvo o estancamento producido no último ano en transporte e comunicacións, no resto de subsectores dos servizos hai un crecemento continuo ao longo do quinquenio, destacando o crecemento en termos relativos de outros servizos, cunha variación media do 8,94%, e en valores absolutos o de comercio e hostalería, con 222 autónomos máis que en 2000.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes galegos por concello

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Caldas de Reis	517	271	788
Catoira	297	144	441
Cuntis	316	121	437
Moraña	235	127	362
Pontecesures	207	77	284
Portas	161	71	232
Valga	438	141	579
TOTAL	2.171	952	3.123

% comarca/provincia – PARADOS	3,87
% comarca/provincia - NON PARADOS	3,46

A distribución das demandas de emprego en 2004 móstranos que o 43,77% concéntranse nos concellos de Caldas de Reis e de Valga. O 56,23% restante repártese do seguinte xeito: Catoira o 14,12%; Cuntis o 13,99%; Moraña o 11,59%; Pontecesures o 9,09%; e Portas o 7,43%.

Os demandantes parados da comarca supoñen o 69,51% e os non parados tan só o 30,49% restante. No detalle por concellos, obsérvase un predominio claro dos primeiros con respecto aos segundos. Por último, respecto aos datos provinciais, hai que destacar que a comarca de Caldas reúne en 2004 o 3,87% dos demandantes parados e o 3,46% dos non parados.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	1.965	1.959	2.011	2.150	2.171
Variación interanual %	-	-0,31	2,65	6,91	0,98
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	3,94	3,99	3,78	3,81	3,87

A evolución dos demandantes parados da comarca no período 2000-2004 manifesta unha tendencia ao crecemento moderado, a pesar do leve descenso experimentado en 2001. Pola contra, en 2003 prodúcese un crecemento máis pronunciado, do 6,91%.

No total da provincia a evolución dos demandantes parados non difire moito do acontecido na comarca, por iso o peso relativo da comarca no total se mantivo en valores próximos ao longo do período, oscilando entre un máximo do 3,94% en 2000 e un mínimo do 3,78% en 2002.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	418	13,38	10,83
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.753	56,13	56,25
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	132	4,23	3,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	302	9,67	12,61
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	171	5,48	5,95
	En expediente de regulación de emprego	47	1,50	1,07
	Demandantes de mellora de emprego	252	8,07	6,47
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	35	1,12	2,70
	Resto de demandantes	13	0,42	0,55
TOTAL		3.123	100,00	100,00

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

A maioría dos demandantes de emprego son parados con emprego anterior (56,13%), seguidos a notable distancia polos parados sen emprego anterior (13,38%). Dentro dos demandantes non parados destaca o grupo que tiñan emprego anteriormente (9,67%), e os que solicitan mellora de emprego (8,07%).

A distribución comarcal dos demandantes de emprego segundo a súa situación laboral é moi semellante á distribución provincial; a diferenza máis notable é o maior peso relativo dos demandantes non parados con emprego anterior no caso da provincia, case tres puntos máis.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	158	267	19,58	17,63
26 a 35 anos	200	411	28,14	30,34
36 a 45 anos	151	328	22,06	21,96
46 a 55 anos	146	254	18,42	18,05
56 e máis anos	144	112	11,79	12,02
TOTAL COMARCA	799	1.372	100,00	3,87
TOTAL PROVINCIA	21.868	34.246	3,87	100,00

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

A segmentación dos demandantes parados por sexo mostra que maioritariamente estes son mulleres. Este colectivo representa o 63,20% do total, en tanto que os homes só supoñen o 36,80% restante.

Se temos en conta ademais o cruzamento coa variable idade, obsérvase que o grupo de demandantes parados máis numeroso é o de mulleres de idades comprendidas entre os 26 e os 35 anos, o 18,93% do total de demandantes. Na serie dos homes, moito menos numerosa, tamén predomina en termos relativos este tramo de idade.

O segundo grupo de idade máis importante no caso do colectivo feminino é o de 36 a 45 anos e no masculino o de menores de 26 anos. A maior proporción de mulleres no total de demandantes fai que na distribución xeral, sen distinción de sexos, o segundo grupo de idades de maior peso sexa o de 36 a 45 anos, que representa o 22,06%.

A presenza maioritaria do colectivo feminino como demandantes parados ponse de manifesto non só no total senón en todas as idades, agás no tramo dos maiores de 55 anos, onde hai unha maior presenza masculina.

Os datos provinciais reflicten unha distribución relativa moi semellante á comarcal, en ambas as series a coincidencia en canto á orde de importancia dos diferentes grupos de idades é total.

TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.


	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	66	101	17,54	16,70
26 a 35 anos	91	212	31,83	28,41
36 a 45 anos	59	162	23,21	21,54
46 a 55 anos	53	88	14,81	18,39
56 e máis anos	79	41	12,61	14,95
TOTAL COMARCA	348	604	100,00	3,46
TOTAL PROVINCIA	10.384	17.165	3,46	100,00

As cifras de demandantes non parados segundo o sexo e idades volve amosar unha presenza maioritaria de mulleres. O colectivo feminino representa o 63,45% do total de demandantes non parados da comarca, fronte ao 36,55% restante, que corresponde aos homes.

Unha vez máis o grupo de idades máis cuantioso é o de mulleres de 26 a 35 anos, que representa o 22,27% do total. Pola súa parte, igual que o que acontecía coa distribución de demandantes parados, os homes só superan ás mulleres no tramo de idade máis avanzada, isto é, a partir dos 56 anos.

Por último, a distribución relativa provincial amosa un maior envellecemento que o que se presenta a escala comarcal, xa que un 33,34% dos demandantes non parados da provincia teñen máis de 45 anos (o 27,42% na comarca).

GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.



A representación gráfica da distribución porcentual do total de demandantes por sexo e idades permítenos sintetizar o comentado anteriormente. En

canto ao sexo, apréciase facilmente o maior peso relativo do colectivo feminino. En relación coas idades, obsérvase nitidamente o maior tamaño da barra dos demandantes comprendidos entre 26 e 35 anos. Por último, no tocante á información cruzada, vese que o grupo de mulleres predomina sobre o colectivo masculino en todos os tramos de idade, agás nos demandantes maiores de 55 anos.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	734	282	1.016
Titulación de ensinanza obrigatoria	992	391	1.383
Formación profesional	134	80	214
BUP/Bacharelato superior/COU	134	93	227
Titulados universitarios	122	93	215
Outras titulacións	55	13	68
TOTAL	2.171	952	3.123

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

Atendendo ao reparto de demandantes parados e non parados por nivel académico, o primeiro resultado subliñable é que a gran maioría, máis das tres cuartas partes do total de demandantes, só teñen estudos obrigatorios ou non chegaron a acadar este nivel académico. Esta porcentaxe é superior no caso dos parados, o 79,50%, e inferior se falamos de demandantes non parados, o 70,69%.

O 33,18% restante de demandantes totais que teñen estudos superiores ao ensino obrigatorio distribúense en proporcións parecidas. Así, os que teñen o bacharelato, os titulados universitarios e os que contan con formación profesional representan en termos relativos o 7,27%, o 6,88% e o 6,85%, respectivamente.

A serie de demandantes parados por nivel académico difire da de non parados en que aqueles que teñen estudos superiores aos obrigatorios acadan unha proporción menor. No caso dos demandantes parados os que teñen FP, BUP ou titulación universitaria supoñen respectivamente unha porcentaxe que se sitúa arredor do 6%. Mentres que no caso dos demandantes non parados esta porcentaxe elévase a valores próximos ao 9%.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	130	22	6	158
	Mulleres	171	55	41	267
26 a 35 anos	Homes	152	24	24	200
	Mulleres	197	73	141	411
36 a 45 anos	Homes	108	18	25	151
	Mulleres	171	33	124	328
46 a 55 anos	Homes	95	12	39	146
	Mulleres	107	31	116	254
56 e máis anos	Homes	54	14	76	144
	Mulleres	23	12	77	112
TOTAL COMARCA		1.208	294	669	2.171
TOTAL PROVINCIA		29.022	8.000	19.092	56.114

TÁBOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

A maioría dos demandantes parados da comarca, o 55,64%, leva menos de seis meses buscando emprego, e, case un terzo, o 30,82%, son parados de longa duración, isto é, levan máis dun ano na procura dun traballo. O resto, o 13,54%, levan entre seis meses e un ano.

No ámbito provincial, a distribución relativa dos demandantes parados por tempo de busca de emprego é semellante á comarcal. O 51,72% leva menos de seis meses, o 34,02% máis dun ano, e o 14,26% entre seis meses e un ano.

Entre os demandantes parados que levan en busca de emprego menos de seis meses destacan algo máis as mulleres que os homes, un 30,81% fronte a un 24,83%.

Atendendo ao paro de longa duración, cómpre sinalar, en primeiro lugar, que as persoas que están nesta situación son fundamentalmente mulleres e supoñen o 22,98% do total de demandantes parados (o 7,84% no caso dos homes). Por outra parte, hai que engadir que este tipo de paro adquire especial relevancia a partir dos 26 anos no caso das mulleres, mentres que para os homes cobra importancia a partir dos 55 anos.

5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia


TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	59	33	92
Sector secundario	439	198	637
Construción	349	90	439
Sector servizos	904	477	1.381
Sen actividade previa	420	154	574
TOTAL	2.171	952	3.123

O total de demandantes desagregados por sectores económicos proceden principalmente dos servizos, o 44,22%. A este grupo séguelle a unha distancia notable o dos demandantes que proveñen do sector secundario, o 20,40%.

Se diferenciamos entre os parados e non parados a porcentaxe de demandantes procedentes do sector secundario é moi similar entre si. As diferenzas aparece na distribución dentro do sector servizos, no que entre os demandantes non parados representa o 50,11% e entre os parados o 41,64%; situación inversa á que sucede no sector da construción, o 16,08% entre os parados e o 9,45 entre os non parados.

GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.



No tocante aos demandantes parados na industria, na comarca de Caldas destacan os procedentes da alimentación, grupo que representa a metade do total destes demandantes. A unha distancia considerable sitúanse as demais categorías, sendo as máis próximas as do téxtil e de outras industrias que supoñen un 11% cada unha.




GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.

Os demandantes parados nos servizos proceden principalmente das actividades relacionadas coas administracións públicas e coa hostalería, grupos que suman en conxunto o 45% do total. A continuación situaríanse as actividades de comercio e inmobiliarias e de servizos a empresas, que suman o 36%.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo, en xeral	272	8,71	8,62
Dependente de comercio, en xeral	259	8,29	9,44
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	215	6,88	7,18
Cocedor de peixes e mariscos	168	5,38	2,41
Peón da ind. manufactureira, en xeral	166	5,32	7,23
Albanel	160	5,12	2,09
Modista/o	96	3,07	1,07
Peón da construción de edificios	80	2,56	1,84
Cociñeiro, en xeral	73	2,34	1,76
Camareiro, en xeral	62	1,99	3,06

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ensinanza obrigatoria	Ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Empregado administrativo, en xeral	Dependente de comercio, en xeral

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
Caldas de Reis	379
Catoira	12
Cuntis	70
Moraña	26
Pontecesures	36
Portas	50
Valga	37
TOTAL COMARCA	610

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	31.132
COMARCA/PROVINCIA:	1,96

En 2004 recolléronse na comarca de Caldas 610 ofertas de emprego que representan respecto o total de ofertas da provincia o 1,96%. Tal e como se pode observar na táboa, a gran maioría destas ofertas, o 62,13%, foron xestionadas a través do Concello de Caldas de Reis.

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Caldas de Reis	365	395	644	353	379
Catoira	8	7	24	29	12
Cuntis	15	32	59	33	70
Moraña	7	14	44	20	26
Pontecesures	24	11	30	12	36
Portas	11	11	20	30	50
Valga	29	20	43	30	37
TOTAL COMARCA	459	490	864	507	610
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132

Entre 2000 e 2004 as ofertas de emprego na comarca pasaron de 459 ao inicio do período a 610 no último ano, cunha variación media do 7,37%. A evolución foi descontinua: coñeceu un aumento intenso no ano 2002 para volver aos parámetros anteriores no ano seguinte, e medrar de novo en 2004.

O crecemento da comarca é maior que o experimentado pola provincia, cunha variación media de 1,67%; o aumento entre os anos 2001 e 2002 é levemente superior ao descenso ocorrido nos dous últimos anos.

Os datos por concellos mostran camiños evolutivos diferentes, producíndose grandes oscilacións en termos relativos, consecuencia en gran parte dos números absolutos tan reducidos que teñen. Así e todo, a variación media acumulativa anual en todos os municipios é positiva, o que significa que con carácter xeral as ofertas en 2004 foron maiores que en 2000.

No concello que actúa como cabeceira comarcal, Caldas de Reis, o crecemento medio nas ofertas ao longo do período foi do 0,95%. Pero este resultado encobre unha oscilación importante ocorrida no ano 2002, no que o número de ofertas medrou un 63,04% respecto ao ano anterior, e volveu a descender algo por debaixo dos niveis de partida no ano posterior.




GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

O gráfico anterior divide aos concellos da comarca en dous grupos: Caldas de Reis e o resto de municipios. Este gráfico permite apreciar claramente que a liña evolutiva seguida polo concello principal traza unha traxectoria semellante á do resto de concellos como conxunto. O máis destacable é que durante o 2002 houbo con carácter xeral un aumento importante das ofertas, e que esta expansión foi seguida dunha diminución no ano posterior, aínda que de maior magnitude en Caldas de Reis que no resto de concellos. Por último, en 2004 empeza de novo unha liña ascendente no número de ofertas.

5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
Caldas de Reis	4	29	76	270
Catoira	0	2	0	10
Cuntis	0	15	29	26
Moraña	1	0	20	5
Pontecesures	0	0	16	20
Portas	0	0	16	34
Valga	0	8	3	26
TOTAL COMARCA	5	54	160	391
TOTAL PROVINCIA	363	3.256	5.601	21.900

TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

O concello de Caldas de Reis concentra o maior número de ofertas da comarca en todos os sectores produtivos. En moita menor medida, resulta destacable a presenza do concello de Portas no sector servizos e o de Cuntis no secundario e construción.





GRÁFICO 5: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.


A distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos amosa que as dos servizos son as que teñen un maior peso relativo con grande diferenza, en concreto o 64% do total son ofertas deste sector. En orde de importancia séguelle o sector da construción -26%- e o secundario -9%-.

GRÁFICO 6: Distribución porcentual das ofertas na industria.



Atendendo á distribución porcentual das ofertas na industria, o trazo máis salientable é que 9 de cada 10 proceden das actividades relacionadas coa madeira e coa metalurxia e fabricación de produtos metálicos.

GRÁFICO 7: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



A maioría das ofertas no sector terciario concéntranse na actividade relacionada coa administración pública -54%- . O resto de actividades encontrámolas a moita distancia: a máis próxima é a de hostalería, na que se reúnen o 12% do total de ofertas dos servizos.

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	1	11	19	3	5
Secundario	58	66	106	73	54
Construción	90	127	139	101	160
Servizos	310	286	600	330	391
TOTAL COMARCA	459	490	864	507	610
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132

A evolución por sectores económicos entre 2000 e 2004, tendo en conta os saldos do período, foi positiva en todos os casos agás no secundario, no que o número de ofertas no ano final é lixeiramente inferior ao do inicial.

Dentro dos sectores que medran, sobresaí o sector da construción, cunha variación media do 15,47%. Cómpre sinalar o descenso xeneralizado en 2003 e o posterior aumento en 2004 coa excepción do sector secundario.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

O 13,44% das ofertas da comarca de Caldas especifican o sexo como requisito indispensable para ocupar un posto de traballo. Dentro deste subconxunto de ofertas, un 82,93% solicitan homes e un 17,07% mulleres.

As ofertas nas que se estableceu como criterio o sexo proceden basicamente da construción e, en menor medida, dos servizos. Na construción pedíronse case sempre homes, porén, cando se concretou o sexo nos servizos fíxose en maior número de ocasións a favor das mulleres.

Dentro dos servizos, máis da metade das ofertas de traballo nas que se especifica o sexo aparecen nas actividades vinculadas á hostalería e o comercio. Na hostalería prefírese as mulleres e no comercio os homes.

Por outro lado, o 54,26% do total de ofertas da comarca de Caldas esixiron ter un determinado nivel de estudos para poder acceder a un posto de traballo, se ben no 71,60% destes casos unicamente se pediu o certificado de escolaridade; en segundo lugar, a moita distancia, solicitouse que fosen titulados de formación profesional -12,08%-.

Dentro das ofertas que requiriron un determinado nivel académico, as que requiriron traballadores cun baixo nivel de cualificación concentráronse en maior medida nas actividades da administración pública e o transporte e comunicacións.

5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

	2000	2001	2002	2003	2004
Peón de albanel/Peón de obras públicas	1	20	11	15	39
Camareiro - Barman	20	3	34	16	29
Albanel	6	21	6	20	26
Soldador	11	6	5	5	18
Encofrador	0	0	0	0	16
Administrativo	3	0	15	9	14
Dependente, en xeral	3	4	14	11	13
Técnico en informática	0	0	0	0	10
Inst.montador instalacións eléctricas/Electricista/Aux. electricidade	10	6	5	1	10
Empregado/a do fogar	1	0	1	1	10

TÁBOA 18.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

As ocupacións máis ofertadas en 2004 nos centros colaboradores son as de peón de albanel/peón de obras públicas, camareiro-barman e albanel.

Un dato destacable é que ningunha das dez ocupacións máis ofertadas experimentou unha evolución negativa ao longo do período. En todas, menos

na de instalador, que se mantivo estanca, as ofertas medraron, sobre todo no caso de peón de albanel, albanel e encofrador.

TÁBOA 18.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	2000	2001	2002	2003	2004
Albanel	98	66	54	56	115
Conductor de autobús, en xeral	35	39	42	36	30
Peón da construción de edificios	20	14	14	12	16
Caldeireiro industrial de ind. pesada	15	19	14	15	14
Cociñeiro, en xeral	0	0	3	5	11
Carpinteiro, en xeral	23	9	10	12	11
Empregado administrativo, en xeral	5	8	9	5	9
Traballador retén incendios forestais	7	17	14	14	9
Canteiro de construción	17	19	14	6	5
Conductor de camión, en xeral	0	7	4	8	5
Peón da ind. manufactureira, en xeral	2	5	8	10	5

A ocupación de albanel seguida de lonxe polas de conductor de autobús e peón da construción de edificios son as máis ofertadas no ano 2004 polas oficinas de emprego.

A primeira, a de albanel, experimentou no último ano un forte crecemento: duplicáronse as ofertas respecto ao ano anterior, o que inverte a tendencia regresiva que se viña dando nos últimos anos.

As outras dúas, a de conductor de autobús e a de peón da construción de edificios, tiveron certas oscilacións, que se concretan finalmente nunha redución do número de ofertas durante o quinquenio 2000-2004.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal

	Nº
Caldas de Reis	2.205
Catoira	588
Cuntis	468
Moraña	391
Pontecesures	783
Portas	284
Valga	1.371
TOTAL COMARCA	6.090
TOTAL PROVINCIA	285.090

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

O volume de contratación laboral na comarca de Caldas en 2004 acadou a cifra de 6.090 contratos. En termos relativos, estes supoñen o 2,14% do total da provincia.

A maior parte dos contratos da comarca, o 58,72%, tiveron lugar nos concellos de Caldas de Reis e Valga. O resto de volume de contratación, o 41,28%, repartiuse entre os outros cinco municipios, destacando principalmente Pontecesures e Catoira.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Caldas de Reis	1.480	1.820	1.815	1.893	2.205
Catoira	649	640	518	646	588
Cuntis	527	545	459	429	468
Moraña	416	295	387	335	391
Pontecesures	838	859	795	651	783
Portas	341	279	229	236	284
Valga	937	920	1.118	1.071	1.371
TOTAL COMARCA*	5.188	5.358	5.321	5.261	6.090
TOTAL PROVINCIA	280.669	280.543	275.659	281.952	285.090

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

A evolución do número de contratos na comarca entre 2000 e 2004 foi positiva. O volume de contratación laboral pasou de 5.188 contratos ao inicio do período a 6.090 no último ano. Isto significa que, en termos relativos, este volume de contratación medrou a un ritmo medio acumulativo anual do 4,09%, é dicir, moi por riba da variación media provincial (0,39%).

O balance para os diferentes concellos é desigual. Caldas de Reis e Valga marcan a pauta da comarca e coñeceron un crecemento medio anual do seu volume de contratación que se sitúa no 10,48% e no 9,98%, respectivamente. A outra cara preséntase no resto de municipios, xa que todos eles experimentaron unha diminución do volume de contratos, con variacións medias negativas que oscilan entre o -1,54% de Moraña e o -4,47% de Portas. Poren, hai que sinalar a recuperación do número de contratos que se produce en todos os concellos en 2004, coa excepción de Catoira.

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	1.289	657	1.946
De 26 a 35 anos	1.253	741	1.994
De 36 a 45 anos	795	478	1.273
De 46 a 55 anos	478	190	668
De 56 e máis anos	181	28	209
TOTAL COMARCA	3.996	2.094	6.090
TOTAL PROVINCIAL	159.361	125.729	285.090

A distribución do número de contratos na comarca en 2004 segundo o sexo móstranos que a maioría foron realizados a homes, en concreto o 65,62%, fronte ao 34,38% de contratos restantes realizados a mulleres. En comparación cos datos provinciais, a comarca de Caldas presenta unha contratación masculinizada en maior medida que no total de Pontevedra. Na provincia o balance por sexos está máis equilibrado, os contratos realizados a homes supuxeron o 55,90% do volume total e os realizados a mulleres, o 44,10%.

Por grupos de idades obsérvase que a contratación laboral recae principalmente na xente máis nova, pois o 64,70% dos contratos foron asinados por menores de 36 anos. Existe un predominio claro do sexo masculino: tan só unha de cada tres destas persoas contratadas eran mulleres. No caso da xente maior de 35 anos, a presenza masculina tamén é superior a feminina, porén, a proporción de homes/mulleres baixa a dous homes contratados por cada muller.

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	3.610	3.630	3.488	3.531	3.996
Mulleres	1.578	1.728	1.833	1.730	2.094
TOTAL CONTRATOS	5.188	5.358	5.321	5.261	6.090

A evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo durante o período 2000-2004 foi máis favorable ao colectivo de mulleres que ao de homes, tanto en termos absolutos como relativos. O volume de contratación de man de obra feminina medrou a un ritmo medio acumulativo anual do 7,33% fronte ao 2,57% no caso dos homes.

O 2004 correspóndese co ano no que se produciu a maior expansión do volume de contratos experimentada no período, tanto no caso das mulleres, no que a variación interanual situouse por riba do 20%, como no colectivo masculino, que foi lixeiramente superior ao 13%.




GRÁFICO 8: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.

O gráfico anterior da evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo no período 2000-2004 en valores proporcionais mostra o comentado antes sobre o avance da contratación da man de obra feminina. A diferenza entre homes e mulleres era ao principio do período de 39,16 puntos e ao final deste de 31,24 puntos.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	1.701	1.893	1.826	1.666	1.946
De 26 a 35 anos	1.498	1.560	1.642	1.649	1.994
De 36 a 45 anos	1.188	1.104	1.049	1.102	1.273
De 46 a 55 anos	530	534	586	668	668
De 56 e máis anos	271	267	218	176	209
TOTAL CONTRATOS	5.188	5.358	5.321	5.261	6.090

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

Se temos en conta as distribucións por idades, a evolución da comarca caracterízase polo aumento nas contratacións en todos os tramos de idade menos no de maiores de 55 anos, no que ocorre o contrario. O grupo no que máis medrou o número de contratos foi o de idades comprendidas entre 26 e 35 anos e fíxoo a un ritmo medio acumulativo anual do 7,41%.

Durante 2004, agás no tramo de 46 a 55 anos, que se mantivo estanco, todos os grupos de idades experimentaron un crecemento notable das contratacións, en todo caso superior ao 15% respecto a 2003.


5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	N.º
SECTOR PRIMARIO	72
Agricultura e pesca	72
SECTOR SECUNDARIO	2.013
Industria e electricidade	2.013
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.078
Construción	1.078
SECTOR SERVIZOS	2.927
Comercio e hostalería	966
Transporte e comunicacións	419
Outros servizos	1.542
TOTAL CONTRATOS	6.090

TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.


A contratación comarcal por sectores económicos en 2004 tivo como protagonista as actividades de servizos, sector no que se concentraron o 48,06% do total de contratos realizados, destacando dentro deste a contribución do subsector de outros servizos, co 25,32%. Sitúase en segundo lugar o sector secundario, co 33,05% do volume de contratación comarcal, e a continuación o da construción, co 17,70%. O número de contratos nas actividades primarias foi marxinal.

GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación na industria.



A análise detallada dos contratos na industria en 2004, mostra que as tres cuartas partes da contratación industrial débense a dous tipos de actividades: as relacionadas coa alimentación -46%- e coa metalurxia e fabricación de produtos metálicos -31%-.

GRÁFICO 10: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



No sector servizos predominan as actividades encadradas baixo a categoría de servizos á comunidade e representan o 27% do total de contratacións neste sector en 2004. A continuación están as actividades relacionadas co comercio, hostalería, transporte e comunicacións, e inmobiliarias e servizos empresarias, todas con porcentaxes próximas ao 15%.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	38	34	16	11	14	30	X
Agricultura e pesca	38	34	16	11	14	30	X
SECTOR SECUNDARIO	1.156	857	628	739	418	196	32
Industria e electricidade	1.156	857	628	739	418	196	32
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.029	49	411	311	206	111	39
Construción	1.029	49	411	311	206	111	39
SECTOR SERVIZOS	1.773	1.154	891	933	635	331	137
Comercio e hostalería	397	569	412	291	178	58	27
Transporte e comunicacións	327	92	87	164	122	42	4
Outros servizos	1.049	493	392	478	335	231	106
TOTAL CONTRATOS	3.996	2.094	1.946	1.994	1.273	668	X

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

As táboas anteriores permiten observar que o colectivo máis contratado no 2004 é o dos homes. A distribución por sectores sinala que dentro do colectivo masculino o maior volume de contratos aparece no sector dos servizos. No grupo que reúne estes dous atributos, o de homes vinculados aos servizos, recaeu o 29,11% da contratación total.

Atendendo ao colectivo feminino, que representa unicamente, como xa dixemos con anterioridade, o 34,38% do total da contratación, obsérvase que tamén é o sector servizos o que concentra un maior volume, en concreto o 18,95% do total de contratos asinados na comarca. Dentro dos subsectores dos servizos, obsérvase un maior contratación feminina en comercio e hostalería, o 9,34%, sendo maior a masculina en outros servizos e transporte e comunicacións, o 17,22% e o 5,37%.

O segundo sector máis importante, tanto para os homes como para as mulleres, é o secundario. O 18,98% do volume de contratación total eran homes relacionados con este sector e o 14,07% mulleres.

Na construción, pola súa parte, predomina claramente a contratación masculina sobre a feminina: o 16,90% fronte ao 0,80%.

Respecto ás idades, o dato máis destacable é que máis da metade do volume de contratación, o 52,36%, foi realizado a menores de 36 anos nos sectores terciario e secundario.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	121	133	81	54	72
Agricultura e pesca	121	133	81	54	72
SECTOR SECUNDARIO	1.629	1.838	1.796	1.752	2.013
Industria e electricidade	1.629	1.838	1.796	1.752	2.013
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.124	1.033	1.020	1.004	1.078
Construción	1.124	1.033	1.020	1.004	1.078
SECTOR SERVIZOS	2.314	2.354	2.424	2.451	2.927
Comercio e hostalería	822	906	960	975	966
Transporte e comunicacións	310	351	379	342	419
Outros servizos	1.182	1.097	1.085	1.134	1.542
TOTAL CONTRATOS	5.188	5.358	5.321	5.261	6.090

TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

Unha vez trazada a panorámica por sectores económicos no 2004, agora ímonos centrar na dinámica da contratación comarcal entre o ano 2000 e o 2004. En primeiro lugar, destaca que nos servizos e no secundario os contratos

medraron a un ritmo acumulativo anual do 6,05% e do 5,43% respectivamente. Na construción experimentaron un descenso moderado, cun -1,04% de variación media, sendo máis brusco no caso do sector primario, cun -12,17%.


O aumento do saldo medio de contratos durante o quinquenio é a nota característica da evolución dos subsectores de servizos; a este respecto cómpre sinalar o incremento en termos absolutos de outros servizos, cun 6,87% de variación media.

A dinámica interanual nestes sectores seguiu pautas distintas. Nos servizos o número de contratos aumentou pouco a pouco ata 2003, cunhas variacións interanuais inferiores ao 3% e, en 2004 os contratos creceron a un ritmo moi elevado, cunha variación interanual do 19,42%, debido, sobre todo, ao aumento producido en outros servizos.

O sector secundario coñeceu unha importante expansión do volume de contratación ao inicio e ao final do período, con variacións interanuais situadas arredor do 14%, mentres que nos anos centrais experimentou lixeiros descensos. Pola súa parte, a construción presentou un retroceso nos primeiros anos e unha posterior recuperación en 2004.

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 11: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.



En canto aos tipos de contrato de traballo realizados na comarca, existe un predominio claro dos de carácter temporal. Tal e como se pode observar no gráfico anterior, o 70% dos contratos son temporais a tempo completo e o 10% son a tempo parcial. Por tanto, a temporalidade caracteriza ao 80% dos casos, mentres que tan só o 3% dos contratos son indefinidos a tempo completo.

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	98	92	48	64	36	32	10
Indefinido tempo parcial	9	21	7	13	6	4	0
Temporal	2.905	1.342	1.347	1.485	898	416	101
Temporal tempo parcial	179	405	227	187	114	41	15
Prácticas/Formación	181	141	217	43	42	18	X
Outros	624	93	100	202	177	157	81
TOTAL CONTRATOS	3.996	2.094	1.946	1.994	1.273	668	X

A tipoloxía contractual por sexos indícanos que os contratos temporais a tempo completo predominan tanto no colectivo masculino como no feminino. O peso relativo deste tipo de contratos desagregase do seguinte modo: o 48% a homes e 22% a mulleres.

O segundo tipo de contratación máis frecuente difire de homes a mulleres. No caso do colectivo feminino o máis común son os temporais a tempo parcial, o 6,65% do total de contratos, en tanto que para os homes vén representada pola categoría de outros, o 10,25% do total de contratos.

A contratación temporal a tempo completo é tamén a que conta cun maior peso relativo en todos os tramos de idade. O cruzamento das variables tipos de contrato e idade revela como un dos datos máis destacables que a gran maioría do volume de contratación, o 46,50%, se corresponde con temporais a tempo completo menores de 36 anos.

	PRIMARIO Agr., Gand.	SECUNDARIO Industr. e Electric.	CONSTRUCCIÓN Construc.	COMERCIO Comerc.	SERVICIOS Transp.	SERVICIOS Outros	Total
Indefinido	4	82	20	47	13	24	84
Indefinido tempo parcial	0	X	X	17	X	6	25
Temporal	66	1.759	935	613	382	492	1.487
Temporal tempo parcial	X	108	40	221	20	194	435
Prácticas/Formación	X	61	80	68	X	110	180
Outros	0	0	X	0	0	716	716
TOTAL CONTRATOS	X	X	1.078	966	419	1.542	2.927

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

A contratación temporal a tempo completo predomina ademais en todos os sectores económicos. Dito isto, cómpre subliñar que os contratos deste tipo efectuados na industria e no sector servizos suman máis da metade do total da contratación: o 53,30%. Por último, se lle engadimos o peso relativo dos realizados a tempo parcial, os contratos temporais na industria e nos servizos supoñen o 62,22% do volume global de contratación da comarca.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	172	156	224	164	190
Indefinido tempo parcial	42	24	27	18	30
Temporal	3.768	3.904	3.800	3.748	4.247
Temporal tempo parcial	475	539	499	491	584
Prácticas/Formación	315	280	355	288	322
Outros	416	455	416	552	717
TOTAL CONTRATOS	5.188	5.358	5.321	5.261	6.090

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

Os contratos temporais a tempo completo experimentan unha subida durante o período 2000-2004 –variación media de 3,04%–, observándose un forte incremento en 2004 –variación interanual de 13,31%–, que compensa os descensos producidos nos dous anos anteriores.

A contratación temporal a tempo parcial ten un comportamento similar ao anterior, debido a que aumenta en 2001 e 2004 e descende en 2002 e 2003, dado que os seus incrementos son máis acusados; finalmente obtén unha variación media de 5,30%.

Por último, hai que sinalar que se estanca, practicamente, a contratación de prácticas, cunha variación media do 0,55%, e o leve ascenso da contratación indefinida a tempo completo, 2,52% de variación media.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	17	0,00
HOMES	10	2,67
MULLERES	7	-3,28
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	781	11,08
HOMES	617	12,73
MULLERES	164	5,78
3. Técnicos e profesionais de apoio	250	10,61
HOMES	174	10,20
MULLERES	76	11,60
4. Empregados de tipo administrativo	338	5,20
HOMES	104	-1,39
MULLERES	234	8,96
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	588	3,62
HOMES	139	-4,05
MULLERES	449	6,73
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	48	-13,57
HOMES	11	-24,02
MULLERES	37	-8,59
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	1.573	-1,92
HOMES	1.187	-3,02
MULLERES	386	1,90
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	461	9,81
HOMES	370	5,30
MULLERES	91	54,43
9. Traballadores non cualificados	2.034	6,15
HOMES	1.384	4,72
MULLERES	650	9,57
TOTAL CONTRATOS	6.090	4,09
TOTAL HOMES	3.996	2,57
TOTAL MULLERES	2.094	7,33

Segundo a clasificación por nove grandes grupos de ocupación, o 81,71% concéntrase nos seguintes catro grupos:

- Traballadores non cualificados: 33,40%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 25,83%.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 12,82%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 9,66%.

As principais ocupacións segundo o sexo en canto ao volume contractual son as seguintes:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados: 22,73%. • Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 19,49%. • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 10,13%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores: 6,08%.	• Traballadoras non cualificadas: 10,67%. • Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 7,37%. • Artesáns/traballadoras cualificadas da industria manufactureira, construción e minería: 6,34%. • Empregadas de tipo administrativo: 3,84%.

O número de contratos realizados aos homes é maior que o realizado ás mulleres en todas as ocupacións agás nas tres seguintes:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, onde hai unha diferenza de 5,09 puntos a favor das contratación feminina.
- Empregadas de tipo administrativo, con 2,13 puntos de diferenza.
- Traballadoras cualificados na agricultura e pesca, con 0,43 puntos de diferenza.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	1.346	977	369	72,59
25130104	Músico instrumentista, en xeral	672	583	89	86,76
71100016	Albanel	504	481	23	95,44
42100010	Empregado administrativo, en xeral	227	60	167	26,43
78010185	Traballador na preparación de peixe para conserva	214	10	204	4,67
86300016	Condutor de camión, en xeral	213	204	9	95,77
50200018	Camareiro, en xeral	204	59	145	28,92
71300018	Carpinteiro, en xeral	156	136	20	87,18
97000084	Peón da ind. metál. e fab. prod. metál.	139	139	0	100,00
53300010	Dependente de comercio, en xeral	137	18	119	13,14
	TOTAL	3.812	2.667	1.145	69,96

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

TÁBOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

O 62,59% dos contratos realizados na comarca concéntranse en dez ocupacións, destacando neste sentido a ocupación de peón da industria manufactureira, co 22,10% do total da contratación, e a de músico instrumentista, co 11,03%.

Dentro do colectivo masculino, as ocupacións con maior volume de contratación son as dúas comentadas con anterioridade, en tanto que para o colectivo feminino son a primeira sinalada e traballadora de preparación de peixe para conserva.

As dúas ocupacións máis contratadas teñen forte presenza do colectivo masculino e escasa do feminino, onde o ratio de masculinidade acada valores do 72,59% e do 86,76% respectivamente.

En canto ás ocupacións cunha contratación feminizada ou, se se prefire, cunha forte presenza do colectivo feminino, destacan as traballadoras na preparación de peixe para conserva e a de dependente de comercio, nas que o ratio de masculinidade é de 4,67% e 13,14%. Pola contra, no grupo de contratacións máis masculinizadas debemos citar ademais das xa indicadas arriba, a ocupación de peón da industria metálica, na que todos son homes, a de condutor de camión, na que o ratio de masculinidade é de 95,77%, e a de albanel, 95,44%.

TÁBOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	790	1.050	1.189	1.051	1.346
25130104	Músico instrumentista, en xeral	349	422	333	532	672
71100016	Albanel	625	548	517	468	504
42100010	Empregado administrativo, en xeral	218	185	242	195	227
78010185	Traballador na preparación de peixe para conserva	196	281	187	232	214
86300016	Conductor de camión, en xeral	195	221	167	226	213
50200018	Camareiro, en xeral	172	209	181	196	204
71300018	Carpinteiro, en xeral	160	157	175	165	156
97000084	Peón da ind. metál. e fab. prod. Metál.	0	7	4	X	139
53300010	Dependente de comercio, en xeral	176	193	153	174	137
96020014	Peón da construción de edificios	171	180	145	137	130
97000020	Peón da ind. aliment., bebidas e tabaco	442	362	216	234	72

A ocupación maioritaria en 2004, a de peón da industria manufactureira, tivo unha evolución moi positiva ao longo do período pois case duplicou as cifras de partida. O crecemento de maior intensidade produciuse nos anos iniciais e ao final, experimentando tan só unha diminución en 2003. En resumo, esta ocupación de peón da industria manufactureira acadou unha variación media acumulativa anual do 14,25%. A segunda ocupación de maior importancia en 2004, a de músico instrumentista, medrou a un ritmo superior, en concreto, o crecemento medio acumulativo anual foi neste caso do 17,80%.

Na situación contraria destaca o comportamento evolutivo da categoría peón da industria alimentaria, bebidas e tabaco, ocupación que tivo unha presenza importante en 2000 para desaparecer da lista das dez máis contratadas en 2004; a súa variación media acumulativa anual reflicte un decrecemento de -36,47%. A outra ocupación que non figura na lista das máis contratadas a partir de 2002 é a de peón da construción de edificios, cunha variación media de -6,62%.

5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Artesanía	19	21,59	1	20,00
Edificación e obras públicas	19	3,85	1	3,45
Industrias téxtiles	31	14,49	2	16,67
Servizos á comunidade e persoais	16	4,42	1	4,76
Transportes e comunicacións	15	3,32	1	3,57
TOTAL	100	0,82	6	0,85

TÁBOA 33: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

Na comarca de Caldas houbo en 2004 seis cursos de formación profesional ocupacional que contaron cun total de cen alumnos. En termos relativos, estas cifras non chegan ao 1% do total de cursos e alumnos da provincia de Pontevedra.


A formación centrouse na artesanía, edificación e obras públicas, industrias téxtiles, servizos á comunidade e persoais, transporte e comunicacións. De todas estas familias profesionais realizouse un único curso, agás no caso do de industrias téxtiles, no que houbo dous. O número medio de alumnos por curso foi de dezasete.

En comparación cos datos provinciais, as familias profesionais de maior importancia cuantitativa son a artesanía e as industrias téxtiles. O único curso de artesanía celebrado na comarca de Caldas ten un alto valor relativo debido a que supón, respecto á provincia, o 20% dos cursos deste tipo e o 21,59% dos alumnos. Pola súa parte, os dous cursos de industrias téxtiles supuxeron, en relación coa provincia, o 14,49% dos alumnos e o 16,67% dos cursos desta familia profesional. Hai que sinalar que os cursos realizados na familia de industrias téxtiles tiñan compromiso de contratación, e foron os únicos deste tipo que se deron no conxunto da comarca.

5.6.- CONCLUSIONES

- As empresas da comarca concéntrase no sector servizos e, máis en particular, no comercio e hostalería. Porén, a maior xeración de traballadores débese ao sector secundario, volvendo a predominar as actividades terciarias en relación cos traballadores por conta propia.
- Entre 2000 e 2004, tanto as empresas como os traballadores asalariados e autónomos, medraron de xeito notable, sendo máis intenso en termos relativos o aumento dos autónomos. Esta expansión tivo un carácter case xeral, pois deuse en todos os sectores menos no primario, que só aumenta no número de autónomos.
- As demandas de emprego da comarca tiveron lugar maioritariamente en Caldas de Reis e Valga. Do mesmo xeito que na provincia, dous de cada tres demandantes da comarca son parados e entre estes predominan claramente os que tiñan un emprego anterior. Por outra parte, aproximadamente a metade dos parados leva menos de seis meses na procura dun traballo, en tanto que case un terzo son parados de longa duración, proporcións semellantes ás da provincia.
- Os demandantes parados son principalmente mulleres. Unha presenza, a do colectivo feminino, que ademais é maioritaria en todas as idades, agás no de maiores de 55 anos. No plano evolutivo, os demandantes parados aumentaron moderadamente entre 2000 e 2004, coincidindo coa evolución experimentada pola provincia.
- A posesión de estudos obrigatorios caracteriza a catro de cada dez demandantes, parados e non parados. Por outra parte, aproximadamente a metade dos parados leva menos de seis meses na procura dun traballo, en tanto que case un terzo son parados de longa duración, proporcións estas semellantes ás da provincia. Os demandantes, parados e non parados, proceden principalmente dos servizos e, en menor medida, da industria.
- Unha das diferenzas entre a comarca e provincia é que a ocupación máis demandada no primeiro caso é a de empregado administrativo e, no segundo, a de dependente de comercio.
- En 2004 rexistráronse na comarca 610 ofertas de emprego, sendo xestionadas maioritariamente a través do concello de Caldas de Reis. Destacaron as ofertas procedentes dos servizos por ser, con grande diferenza, as máis numerosas.
- Respecto ao ano 2000, as ofertas medraron considerablemente. Con todo, a evolución foi descontínua, coñecendo un aumento extraordinario en 2002 para volver aos parámetros normais no ano seguinte. Agás no secundario, a dinámica por sectores económicos foi positiva en todos os casos.
- O 13,44% das ofertas especificaron o sexo como requisito indispensable para ocupar un posto de traballo. Por outro lado, dúas de cada catro ofertas esixiron ter un determinado nivel de estudos, se ben na gran maioría dos casos unicamente se pediu o certificado de escolaridade.
- Nos centros colaboradores as ocupacións máis ofertadas foron as de peón de albanel/peón de obras públicas, camareiro-barman e albanel; nas oficinas de emprego foi a de albanel seguida de lonxe pola de condutor de autobús e a de peón da construción de edificios. Por tanto, obsérvase un desaxuste entre as ocupacións máis ofertadas na comarca e as demandas presentadas.
- En 2004 asináronse 6.090 contratos; a maioría en Caldas de Reis e Valga. A evolución entre 2000 e 2004 foi positiva, medrando a un ritmo medio superior ao acontecido a nivel provincial.
- A ampla maioría dos contratos realizáronse a homes, o que supón unha contratación masculinizada en moita maior medida que na provincia. En canto ás idades, a contratación recaeu principalmente na xente máis nova, en concreto entre os menores de 36 anos.

- A evolución no período 2000-2004 foi máis favorable á man de obra feminina que á masculina; a causa desta situación redúcese o diferencial existente entre os dous colectivos.
- Por sectores económicos, ten un papel principal o de servizos, no que se concentrou case a metade da contratación en 2004, situándose en segundo lugar a construción.
- Atendendo aos tipos de contratos, a nota característica é a temporalidade, dado que oito de cada dez contratos se circunscriben dentro desta modalidade. Hai que sinalar que a maior parte da contratación correspóndese con temporais a tempo completo menores de 36 anos. Os contratos temporais, ben sexan a tempo parcial ou completo, incrementan o seu volume durante o período 2000-2004.
- A clasificación por grandes grupos de ocupación mostra unha elevada concentración dos contratos en catro categorías: traballadores non cualificados, artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería, técnicos profesionais, científicos e intelectuais, e, por último, traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio.
- Tres de cada dez contratos realizáronse nas ocupacións de peóns da industria manufactureira e músicos instrumentistas; ambas as ocupacións de forte presenza no colectivo masculino. Por outro lado, entre as ocupacións cunha contratación máis feminizada, destacan a traballadora na preparación de peixe para conserva e a de dependenta de comercio.
- Cómpre sinalar que na formación profesional destaca en maior medida o número de alumnos relacionados coa familia de industrias téxtiles.



Comarca do Baixo Miño



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	244	12,30	1.543	17,27	87	2,94
Agricultura e pesca	244	12,30	1.543	17,27	87	2,94
SECTOR SECUNDARIO	233	11,75	1.597	17,87	265	8,96
Industria e electricidade	233	11,75	1.597	17,87	265	8,96
SECTOR CONSTRUCCIÓN	404	20,37	1.781	19,93	589	19,93
Construcción	404	20,37	1.781	19,93	589	19,93
SECTOR SERVIZOS	1.102	55,57	4.014	44,92	2.015	68,17
Comercio e hostalería	638	32,17	2.046	22,90	1.404	47,50
Transporte e comunicacións	58	2,92	326	3,65	139	4,70
Outros servizos	406	20,47	1.642	18,38	472	15,97
TOTAL	1.983	100,00	8.935	100,00	2.956	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

No ano 2004, o tecido empresarial da comarca do Baixo Miño ten un claro predominio do sector servizos, tanto no referido ao número de empresas, como aos traballadores e autónomos.

Algo máis da metade das empresas –o 55,57%– sitúanse no sector terciario, seguido a considerable distancia polo da construción, co 20,37% e polo primario, co 12,30% do total. No referente aos subsectores, cómpre sinalar que o 32,17% das empresas da comarca se encadran no de comercio e hostalería, estando o 20,47% integradas dentro da categoría de outros servizos.

Do mesmo xeito que no caso das empresas, os traballadores por conta allea agrúpanse novamente no sector dos servizos, representando o 44,92% do total. A continuación en nivel importancia sitúase o sector da construción, que engloba o 19,93% dos traballadores e traballadoras do Baixo Miño. O resto sitúanse no sector secundario –17,87%– e no primario –17,27%–. O subsector de comercio e hostalería concentra á maior parte de traballadores, en concreto o 22,90%, seguido polo da construción, co 19,93% e polo de outros servizos, co 18,38%.

Os traballadores autónomos distribúense de novo na súa maioría no sector dos servizos, onde se colocan o 68,17%. No sector da construción sitúanse case

dous de cada dez, o 19,93%, e no secundario o 8,96%. Cómpre sinalar, no referido aos subsectores, que case a metade dos autónomos, o 47,50%, están rexistrados dentro do subsector de comercio e hostalería.

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	284	270	230	189	244
Agricultura e pesca	284	270	230	189	244
SECTOR SECUNDARIO	235	244	238	233	233
Industria e electricidade	235	244	238	233	233
SECTOR CONSTRUCCIÓN	317	365	366	392	404
Construción	317	365	366	392	404
SECTOR SERVIZOS	872	937	1.006	1.059	1.102
Comercio e hostalería	519	552	595	613	638
Transporte e comunicacións	51	54	55	57	58
Outros servizos	302	331	356	389	406
TOTAL	1.708	1.816	1.840	1.873	1.983

Na evolución do número de empresas da comarca do Baixo Miño no período comprendido entre os anos 2000 e 2004 obsérvase unha pauta cara ao crecemento, dado que se advirte unha variación media final do 3,80%. Observando máis polo miúdo a evolución ano a ano, denótase unha tendencia positiva en todos os intervalos anuais, destacando o crecemento de 2001 e 2004.

No que respecta ao saldo final do período, cabe destacar que o sector primario reduce o seu número de empresas, acadando unha variación media final negativa do -3,72%. No da construción o número de empresas tende a medrar, obtendo unha variación media final do 6,25%. Non sucede o mesmo no sector secundario, que tende ao estancamento, dado que o seu número de compañías apenas variou nestes anos.

Tendo en conta o maior peso relativo dos servizos na comarca do Baixo Miño, analizando máis polo miúdo este sector, obsérvase un crecemento sostenido ao longo dos anos do quinquenio, para finalmente obter unha variación media do 6,03%. Dentro dos seus subsectores destaca en maior medida o incremento de outros servizos, cunha variación media do 7,68%.

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	1.631	1.643	1.555	1.567	1.543
Agricultura e pesca	1.631	1.643	1.555	1.567	1.543
SECTOR SECUNDARIO	1.604	1.500	1.561	1.600	1.597
Industria e electricidade	1.604	1.500	1.561	1.600	1.597
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.403	1.569	1.532	1.624	1.781
Construción	1.403	1.569	1.532	1.624	1.781
SECTOR SERVIZOS	2.859	3.134	3.520	3.712	4.014
Comercio e hostalería	1.583	1.646	1.777	1.860	2.046
Transporte e comunicacións	279	277	287	330	326
Outros servizos	997	1.211	1.456	1.522	1.642
TOTAL	14.994	15.692	16.336	17.006	17.870

A evolución dos traballadores por conta allea do Baixo Miño entre os anos 2000 e 2004 presenta unha tendencia positiva, dado que se incrementan de forma paulatina nestes cinco anos, acadando finalmente unha variación media do 4,48%, e medrando, en termos absolutos, en 2.876 unidades.

Esta tendencia á alza non é experimentada polos dous sectores con menor volume de traballadores, que son o primario e o secundario. O primeiro deles obtén unha variación media negativa do -1,38%, tras unha pauta de leve crecemento nos intervalos 2000-2001 e 2002-2003, acompañada de senllas diminucións entre o 2001 e o 2002 e entre o 2003 e o 2004. No caso do sector secundario, a tendencia é cara á estabilidade, cunha variación media do -0,11%, acompañada de reducións nos intervalos inicial e final do quinquenio.

Pola contra, os traballadores dos sectores da construción e dos servizos incrementan o seu número ao longo destes cinco anos, amosando variacións medias do 6,15% e do 8,85% respectivamente. Na construción as subidas máis importantes danse nos tramos inicial e final do período, con variacións interanuais do 11,83% e do 9,67% respectivamente, mentres que entre os anos 2001 e 2002 a variación interanual é negativa, do -2,36%.

No caso dos servizos, os aumentos máis salientables prodúcense entre o 2001 e o 2002, cunha variación interanual do 12,32%, e entre o 2000 e o 2001, cunha variación interanual do 9,62%. Atendendo aos subsectores, é significativo o crecemento do de comercio e hostalería, cunha variación media final do 13,28%, e con variacións interanuais importantes sobre todo nos dous primeiros intervalos do período, 21,46% e 20,23%.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	50	57	70	77	87
Agricultura e pesca	50	57	70	77	87
SECTOR SECUNDARIO	230	241	246	260	265
Industria e electricidade	230	241	246	260	265
SECTOR CONSTRUCCIÓN	401	454	494	534	589
Construción	401	454	494	534	589
SECTOR SERVIZOS	1.495	1.686	1.771	1.872	2.015
Comercio e hostalería	1.083	1.216	1.264	1.337	1.404
Transporte e comunicacións	101	118	126	133	139
Outros servizos	311	352	381	402	472
TOTAL	2.176	2.438	2.581	2.743	2.956

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

No que atinxe ao número de autónomos da comarca, obsérvase unha tendencia ao crecemento no transcurso destes cinco anos. Deste xeito, de forma global, a variación media obtida é do 7,96%. Esta mesma pauta expansiva é seguida por todos os sectores da actividade económica, sendo destacable que en ningún deles se manifesta ningunha redución ao longo do período.

O sector primario presenta unha variación media do 14,85%, o secundario do 3,60%, e o da construción do 10,09%. Nos servizos é onde se aprecia un maior incremento en números absolutos, cunha variación media final do 7,75%. Neste último sector é destacable o crecemento que se produce entre os anos 2000 e 2001, cunha variación interanual do 12,78%.

Tendo en conta a evolución dos subsectores, destaca o crecemento do de outros servizos, cunha variación media do 10,99%. Os restantes, aínda que en menor medida, experimentaron tamén un aumento no seu número de autónomos, acadando unha variación media do 8,31% o de transporte e comunicacións, e do 6,7% o de comercio e hostalería.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes comarcais por concello

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Guarda	551	225	776
O Rosal	446	157	603
Oia	186	59	245
Tomiño	810	279	1.089
Tui	1.032	478	1.510
TOTAL	3.025	1.198	4.223

% comarca/provincia - PARADOS	5,39
% comarca/provincia - NON PARADOS	4,35

Na comarca do Baixo Miño, recibíronse no ano 2004 un total de 4.223 demandas de emprego, procedentes na súa maioría dos demandantes parados, que superan aos non parados en todos os concellos, e representan o 71,63% das demandas comarcais.

A maior parte dos demandantes agrúpanse no concello de Tui, que engloba o 35,76% destes. A continuación sitúase a localidade de Tomiño, onde se concentran algo máis da cuarta parte, en concreto o 25,79%.

En relación coa provincia de Pontevedra, o peso dos parados da comarca é lixeiramente superior ao dos non parados, que supoñen respectivamente o 5,39% e o 4,35% das demandas provinciais.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	2.390	2.306	2.806	2.914	3.025
Variación interanual %	-	-3,51	21,68	3,85	3,81
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	4,79	4,70	5,27	5,17	5,39

Observando a evolución dos demandantes parados da comarca do Baixo Miño, denótase unha tendencia ao crecemento no transcurso destes cinco anos. Tal e como se pode observar na táboa anterior, as demandas de emprego incrementáanse en todos os anos excepto entre o 2000 e o 2001, sendo destacable a subida producida no intervalo 2001-2002, cunha variación interanual do 21,68%.

En canto ao peso relativo dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia, é importante sinalar que, pese a leves fluctuacións ao longo do período, este aumenta durante o período 2000-2004.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	532	12,60	10,83
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	2.493	59,03	56,25
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	121	2,87	3,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	491	11,63	12,61
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	243	5,75	5,95
	En expediente de regulación de emprego	27	0,64	1,07
	Demandantes de mellora de emprego	240	5,68	6,47
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	65	1,54	2,70
	Resto de demandantes	11	0,26	0,55
TOTAL		4.223	100,00	100,00

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

No referido á situación laboral dos demandantes de emprego, o primeiro dato destacable é que o 59,03% son parados que tiveron emprego anteriormente. Dada a grande importancia deste colectivo, os restantes sitúanse a notable distancia, representando valores máis marxinais. Deste xeito, as outras categorías están encabezadas polos parados sen emprego anterior, que supoñen o 12,6% do total, e o polos non parados con emprego anterior, cun peso do 11,63%.

En relación coa provincia de Pontevedra, os resultados indican unha distribución moi similar dos demandantes comarcais segundo a súa situación laboral.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	271	360	20,86	17,63
26 a 35 anos	305	531	27,64	30,34
36 a 45 anos	213	426	21,12	21,96
46 a 55 anos	181	365	18,05	18,05
56 e máis anos	206	167	12,33	12,02
TOTAL COMARCA	1.176	1.849	100,00	5,39
TOTAL PROVINCIA	21.868	34.246	5,39	100,00

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

A maioría dos demandantes parados da comarca do Baixo Miño son mulleres, que representan o 61,12% do total, fronte ao 38,88% dos homes. No conxunto da provincia dáse unha situación moi semellante, con porcentaxes case idénticas ás da comarca.

No referido á idade, algo máis da metade dos demandantes, o 51,5%, están por encima dos 36 anos. O 48,5% restante teñen menos de 36 anos. Analizando os grupos de idade de forma individual, os máis numerosos, tanto nos homes como nas mulleres, son os comprendidos entre os 26 e os 35 anos.

Tendo en conta os grupos de idade segundo o xénero, obsérvase que a maior porcentaxe de demandantes parados –17,55%– se corresponde con mulleres de 26 a 35 anos, seguidas das mulleres de 36 a 45 anos, que representan o 14,08% do total. A continuación atópanse os intervalos de idade de 46 a 55 anos e de menos de 26 anos, ambos referidos ás mulleres, que obteñen un peso relativo do 12,07% e do 11,90% respectivamente.

A grandes trazos, o aspecto máis salientable dos valores segundo o sexo e idade da comarca do Baixo Miño con respecto á provincia de Pontevedra é a súa similitude. Deste xeito, tanto na comarca como na provincia o grupo de idade máis numeroso é o de 26 a 35 anos, que achega un valor relativo do 27,64% a nivel comarcal e do 30,34% a nivel provincial.

TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	80	137	18,11	16,70
26 a 35 anos	97	238	27,96	28,41
36 a 45 anos	85	177	21,87	21,54
46 a 55 anos	73	126	16,61	18,39
56 e máis anos	129	56	15,44	14,95
TOTAL COMARCA	464	734	100,00	4,35
TOTAL PROVINCIA	10.384	17.165	4,35	100,00

As distribucións por sexo e grupos de idade para os demandantes non parados son semellantes ás dos parados. Neste caso tamén predomina o colectivo de mulleres, dado que o 61,27% dos non parados son de xénero feminino.

O mesmo sucede no referido á idade, posto que o 53,92% dos demandantes parados concéntranse nos intervalos de 36 e máis anos. De forma individual, o grupo cun maior peso relativo nas mulleres é o de 26 a 35 anos, que engloba ao 31,83% do total da mostra.

No cruzamento de grupos de idade segundo o xénero, a maior porcentaxe de demandantes non parados correspóndese coas mulleres de 26 a 35 anos, co 19,87% do total. A continuación sitúanse as mulleres de 36 a 45 anos –14,77%–, as menores de 26 anos –11,44%– e os homes maiores de 55 anos –10,77%–. É importante sinalar que as mulleres superan porcentualmente aos homes en todos os grupos de idade, excepto no dos maiores de 55 anos, onde os datos se inverten e os homes superan ás mulleres en 6,1 puntos.

En relación coa provincia de Pontevedra, denótase novamente unha grande semellanza nos datos obtidos, tanto no referido ao sexo, onde predominan as mulleres sobre os homes, como no relativo á idade, onde o grupo de idade con maior peso é o de 26 a 35 anos, que representa no ámbito provincial o 28,41% do total. Do mesmo xeito, o 54,88% dos demandantes non parados teñen máis de 36 anos, dato que a nivel comarcal representa o 53,92%.




GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

Despois de analizar por separado os colectivos de demandantes parados e non parados, represéntase no gráfico anterior a distribución porcentual do total dos demandantes comarcais segundo o sexo e os grupos de idade. Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que o grupo de idade con maior número de demandantes é o de 26 a 35 anos, que supón o 27,73% do total das demandas. A continuación sitúase o de 36 a 45 anos, que representa o 21,34% do total.

Destaca que en todos os grupos de idade a porcentaxe de demandas femininas supera ás masculinas, excepto no grupo máis avanzado, de máis de 55 anos, onde a diferenza a prol dos homes é de 2,65 puntos.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	1.265	487	1.752
Titulación de ensinanza obrigatoria	1.088	379	1.467
Formación profesional	225	94	319
BUP/Bacharelato superior/COU	172	93	265
Titulados universitarios	157	115	272
Outras titulacións	118	30	148
TOTAL	3.025	1.198	4.223

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Segundo a distribución do total de demandantes por nivel académico, pódese observar que a maior parte deles tan só teñen ata certificado de escolaridade ou ensino obrigatorio. Os primeiros supoñen o 41,49% dos demandantes totais, e o segundo colectivo representa o 34,74% da mostra. A continuación sitúanse os que estudaron formación profesional, co 7,55%, e os titulados universitarios, co 6,44%.

As distribucións relativas dos demandantes parados e non parados son semellantes entre si, e similares tamén á descrita no parágrafo anterior. Neste sentido, o colectivo de parados con certificado de escolaridade e ensinanza obrigatoria suma o 79,5% do total, mentres que os non parados con estes mesmos niveis de estudos supoñen o 72,29%. O peso relativo das titulacións restantes é case idéntico entre os parados e os non parados; unicamente se

denota unha maior diferenza entre os titulados universitarios, onde se aprecia unha porcentaxe 4,41 puntos superior entre os non parados.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	207	50	14	271
	Mulleres	221	76	63	360
26 a 35 anos	Homes	202	62	41	305
	Mulleres	251	85	195	531
36 a 45 anos	Homes	128	31	54	213
	Mulleres	183	53	190	426
46 a 55 anos	Homes	87	36	58	181
	Mulleres	119	42	204	365
56 e máis anos	Homes	48	23	135	206
	Mulleres	29	23	115	167
TOTAL COMARCA		1.475	481	1.069	3.025
TOTAL PROVINCIA		29.022	8.000	19.092	56.114

Atendendo á distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego, obsérvase que case a metade destes, en concreto o 48,76%, levan buscando emprego menos de seis meses. Os que levan buscando máis dun ano representan o 35,34%, e os que levan entre seis meses e un ano en situación de desemprego supoñen o 15,90% do total.

Comparando estes datos cos do conxunto da provincia de Pontevedra, denótase unha distribución case idéntica, con diferenzas apenas salientables nas porcentaxes dos demandantes segundo o tempo de busca de emprego.

A relación entre a idade e o tempo de busca de emprego reflicte unha tendencia ao paro de curta duración nas idades máis novas, ata os 45 anos, que se inverte a partir desta idade cara o paro de longa duración.

Facendo unha análise máis pormenorizada segundo o sexo, as mulleres menores de 36 anos tenden ao paro de menos de seis meses, inverténdose esta circunstancia cara o paro de longa duración nas de máis desta idade, feito que non sucede nos homes ata os 56 anos.

Na situación de desemprego de menos de seis meses, a presenza porcentual masculina e feminina está bastante igualada, e só hai unha diferenza de 4,33 puntos a prol das mulleres. En cambio no paro de máis dun ano, esta distancia ascende a 20,36 puntos, o que evidencia a maior tendencia feminina ao paro de longa duración.

5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	267	119	386
Sector secundario	518	173	691
Construción	368	117	485
Sector servizos	1.346	634	1.980
Sen actividade previa	526	155	681
TOTAL	3.025	1.198	4.223

A maioría dos demandantes de emprego da comarca do Baixo Miño, sexan ou non parados, proceden dos servizos. Tendo en conta os dous ámbitos de forma individual, a porcentaxe de parados procedentes do sector servizos é do 44,5%, e a dos non parados elévase ata o 52,92%.

A continuación sitúanse no colectivo dos parados aqueles que proceden do sector secundario –17,12%–. No caso dos non parados, os procedentes do sector secundario supoñen o 14,44% do total.




GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.

Respecto ao subsector da industria, a cuarta parte dos demandantes parados proceden da actividade de outras industrias. A continuación en nivel de importancia sitúanse os que se derivan da alimentación, co 19%, seguidos dos que veñen da metalurxia e fabricación de produtos metálicos, co 13%.




GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.

As actividades que, no marco dos servizos, agrupan unha maior cantidade de demandantes parados son as de comercio e hostalería, que representan conxuntamente case a metade das demandas, en concreto o 49%. Posteriormente sitúanse as administracións públicas –18%–, seguidas das actividades inmobiliarias e servizos a empresas –13%– e servizos á comunidade –9%–.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	479	11,34	7,18
Dependente de comercio, en xeral	466	11,03	9,44
Peón da ind. manufactureira, en xeral	392	9,28	7,23
Empregado administrativo, en xeral	290	6,87	8,62
Peón da construción de edificios	158	3,74	1,84
Albanel	115	2,72	2,09
Camareiro, en xeral	111	2,63	3,06
Cociñeiro, en xeral	70	1,66	1,76
Camareira/o de pisos (hostalería)	64	1,52	0,98
Xardineiro, en xeral	62	1,47	0,72

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	Dependente de comercio, en xeral

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

	TOTAL OFERTAS
A Guarda	80
O Rosal	25
Oia	42
Tomiño	96
Tui	482
TOTAL COMARCA	725

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	31.132
COMARCA/PROVINCIA:	2,33

Na comarca do Baixo Miño recibíronse no ano 2004 un total de 725 ofertas de emprego, que representan o 2,33% do total das recollidas na provincia de Pontevedra.

Estas ofertas sitúanse maioritariamente no concello de Tui, que engloba o 66,48% da totalidade das ofertas comarcais. Está seguido a considerable distancia polo de Tomiño, co 13,24%, e polo da Guarda, co 11,03% das ofertas de emprego.

	Nº DE OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Guarda	90	102	123	116	80
O Rosal	6	20	34	46	25
Oia	34	18	52	69	42
Tomiño	29	15	99	71	96
Tui	544	482	554	608	482
TOTAL COMARCA	703	637	862	910	725
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132


TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

No conxunto do período 2000-2004, a comarca do Baixo Miño presenta un leve crecemento do número de ofertas, acadando unha variación media do 0,77%. Na provincia de Pontevedra, a pauta é cara ao incremento, presentando unha variación media final destes cinco anos do 1,67%. Analizando máis polo miúdo a evolución ano a ano das ofertas nos dous territorios, obsérvase que a nivel comarcal se reducen nos intervalos inicial e final do período, mentres que na provincia descenden nos dous últimos anos estudados.

Considerando a evolución dos diferentes concellos, dous deles, o de Tui e A Guarda, amosan un saldo negativo nestes cinco anos, acadando variacións medias negativas do -2,98% e do -2,90% respectivamente. O maior descenso en ambos dáse entre os anos 2003 e 2004, con variacións interanuais negativas do -20,72% para o primeiro e do -31,03% para o segundo.

Nos tres concellos restantes, as ofertas de emprego increméntanse, experimentando a maior subida en termos absolutos o de Tomiño, cunha variación media final do 34,89%.

GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



Debido á concentración de ofertas no concello de Tui, agrúpanse os restantes para comparar a súa evolución coa do primeiro. Pódese observar así como en Tui as ofertas decrecen entre o ano 2000 e 2001, ao mesmo tempo que nos concellos agregados se manteñen estables. A continuación, increméntanse en Tui ata o ano 2003, para reducirse a continuación. No resto dos concellos aumentan ata o ano 2002, estabilizándose no seguinte e reducíndose, como en Tui, posteriormente.

5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
A Guarda	0	6	0	74
O Rosal	0	0	8	17
Oia	6	0	2	34
Tomiño	13	9	27	47
Tui	28	36	64	354
TOTAL COMARCA	47	51	101	526
TOTAL PROVINCIA	363	3.256	5.601	21.900

No referido á distribución das ofertas por concellos segundo os sectores produtivos, o primeiro elemento salientable é que hai concellos nos que, debido á escaseza de ofertas recibidas, non se rexistra ningunha oferta dalgún sector económico. Este é o caso do da Guarda nos sectores primario e da construción, o do Rosal no primario e secundario, e o de Oia tamén neste último.

Por outra banda, é en servizos onde se concentran a maior parte das ofertas en todos os concellos, seguido polo da construción en Tui, Tomiño e O Rosal, polo primario en Oia e polo secundario na Guarda.

Tal e como xa se puido ver anteriormente, o concello que engloba a maioría das ofertas en todos os sectores da actividade económica é o de Tui, situándose a continuación o de Tomiño en todos os sectores agás no dos servizos, no que é superado polo da Guarda.




GRÁFICO 5: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.

Case as tres cuartas partes das ofertas de emprego da comarca do Baixo Miño concéntranse nos servizos, en concreto o 73%. A considerable distancia sitúanse as procedentes da construción, co 14%, do sector secundario, que representa o 7%, e do sector primario, que engloba o 6% do total das ofertas.





GRÁFICO 6: Distribución porcentual das ofertas na industria.

O 54% das ofertas recibidas dentro da industria derívanse das actividades de outras industrias e madeira, que supoñen o 29% e o 25% do total respectivamente. A continuación en orde de importancia atópase a actividade de fabricación de produtos minerais non metálicos, co 22%, seguida da de alimentación, co 14%.

GRÁFICO 7: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



A actividade das administracións públicas concentra case a metade das ofertas realizadas dentro dos servizos, en concreto o 48%. Nun segundo plano distribúense as actividades restantes, encabezadas polas de hostalería –20%– e comercio –12%–.

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	5	24	21	15	47
Secundario	49	44	52	45	51
Construción	88	98	105	126	101
Servizos	561	471	683	723	526
TOTAL COMARCA	703	637	862	910	725
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132

O sector servizos, o máis importante en relación co número absoluto de ofertas laborais, é o único no que estas se reducen no período comprendido entre os anos 2000 e o 2004, acadando unha variación media final de -1,60%. Tendo en conta a evolución ano a ano deste sector, obsérvase que se incrementa nos anos intermedios do intervalo, de forma máis considerable entre os anos 2001 e 2002, cunha variación interanual do 45,01%. Pola contra, nos anos inicial e final do período, as ofertas redúcense, sobre todo entre o 2003 e o 2004, onde presenta unha variación interanual negativa do -27,25%.

Os sectores primario e da construción experimentan un incremento, máis forte neste último, cunha variación media do 3,5%. As ofertas recibidas no sector secundario manifestan unha tendencia á estabilidade, o que demostra a variación media final do 1,01%.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Tendo en conta a distribución das ofertas segundo o sexo e o sector económico, cabe destacar que o 15,31% das ofertas xestionadas na comarca do Baixo Miño especifican o sexo como requisito para ocupar o posto de traballo ofertado. Dentro destas ofertas, o 53,15% solicitan un home, e o 46,85% restante unha muller, polo que se pode apreciar unha certa tendencia á igualdade entre os sexos neste caso.

Facendo unha análise máis pormenorizada dos sectores económicos, é salientable que no sector da construción tan só se demandan homes, ao mesmo tempo que no primario e secundario a solicitude de mulleres é practicamente inexistente.

É servizos o único sector en que o requirimento de mulleres supera ao de homes. As actividades onde máis mulleres se solicitan son as de hostalería e comercio, mentres que nesta última é tamén onde se demandan máis homes.

No referente á distribución das ofertas segundo o nivel de estudos, no Baixo Miño, algo máis da metade, en concreto o 53,93%, recollen como esixencia a posesión dun determinado nivel de estudos para poder acceder a un posto de traballo, se ben o 86,19% destas tan só requiren a posesión do certificado de escolaridade. Os niveis máis demandados a continuación son os de formación profesional –5,37%– e ensinanza obrigatoria –3,32%–.

O sector de servizos é o que en maior medida require algunha titulación, recollendo o 78,26% destas ofertas. As actividades que maiormente solicitan un baixo nivel de cualificación son as de hostalería e administracións públicas. Esta última é tamén a máis importante na demanda de titulados en formación profesional.

5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

	2000	2001	2002	2003	2004
Peón de albanel/Peón de obras públicas	16	20	47	27	48
Camareiro - Barman	36	26	42	56	38
Axente comercial / Vendedor	22	18	15	28	33
Albanel	28	17	31	25	16
Mozo-Muller de limpeza	0	1	1	15	14
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	10	3	24	11	12
Axudante de cociña	18	5	14	23	12
Auxiliar administrativo	2	0	10	12	11
Fruticultor	0	0	0	0	10
Administrativo	1	4	20	15	10

TÁBOA 18.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

As ocupacións de peón de albanel/peón de obras públicas, camareiro-barman e axente comercial/vendedor son as máis ofertadas nos centros colaboradores do Baixo Miño no ano 2004.

Dentro destas dez ocupacións, tan só dúas delas experimentan un descenso nas ofertas, que son as de albanel e axudante de cociña, que presentan variacións medias negativas do -13,06% e do -9,64% respectivamente.

Pola contra, a de peón de albanel/peón de obras públicas rexistra o maior aumento do conxunto, cunha variación media do 31,61%.

TÁBOA 18.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	2000	2001	2002	2003	2004
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	7	5	10	134	63
Técnico de protección civil	22	22	26	30	28
Empregado administrativo, en xeral	9	21	12	13	21
Mordomo (servizo doméstico)	0	0	3	4	14
Albanel	104	55	67	26	13
Xardineiro, en xeral	35	6	3	1	12
Camareiro de servizo de viños	0	0	0	7	11
Traballador agrícola da vide	2	0	2	4	11
Peón da construción de edificios	34	25	30	13	9
Salseiro (hostalería)	0	0	2	17	8

Nas oficinas de emprego do servizo público de emprego, as ocupacións máis ofertadas son as de muller/mozo de limpeza, limpador, técnico de protección civil e empregado administrativo.

A pesar da diminución do último ano, destaca o incremento no número de ofertas ao longo do período de muller/mozo de limpeza, cunha variación media do 73,21%, e a de empregado administrativo, que presenta unha variación media do 23,59%.

Tres destas ocupacións sofren unha redución nas ofertas ao longo destes cinco anos, sendo a que máis diminúe a de albanel, cunha variación media de -40,54%, seguida das de xardineiro, con -23,48% e peón da construción de edificios, con -28,27%.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal e municipal

	Nº
A Guarda	1.977
O Rosal	1.329
Oia	586
Tomiño	1.673
Tui	3.242
TOTAL COMARCA	8.807
TOTAL PROVINCIA	285.090

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

Na comarca do Baixo Miño realizáronse no ano 2004 un total de 8.807 contratos, que representan o 3,09% dos producidos na provincia de Pontevedra. A maior parte destes contratos, en concreto o 36,81%, asináronse no concello de Tui. A continuación en nivel de importancia sitúase o concello da Guarda, con case a cuarta parte –22,45%–, e o de Tomiño, co 19%.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Guarda	1.617	1.470	1.761	1.805	1.977
O Rosal	984	831	1.134	1.264	1.329
Oia	249	207	446	599	586
Tomiño	1.413	1.260	1.519	1.650	1.673
Tui	2.334	3.053	2.691	3.012	3.242
TOTAL COMARCA*	6.597	6.821	7.551	8.330	8.807
TOTAL PROVINCIA	280.669	280.543	275.659	281.952	285.090

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

A contratación na comarca incrementábase nestes cinco anos, acadando unha variación media do 7,49%. No conxunto da provincia, en cambio, o incremento é menos notable, cunha variación media do 0,39%. Atópanse tamén diferenzas no comportamento dos dous territorios na evolución ano a ano dos contratos, dado que mentres na provincia de Pontevedra se segue unha pauta sen cambios bruscos, con leves descenso en números absolutos nos dous primeiros anos do período e lixeiros incrementos nos dous últimos, na comarca do Baixo Miño os contratos incrementáanse ano a ano, sobre todo entre o 2001 e o 2003.

O concello de Tui é o que rexistra un maior crecemento en números absolutos, acadando unha variación media final do 8,56%, e presentando unha evolución positiva nestes cinco anos, exceptuando o intervalo 2001-2002, no que as contratacións se reducen, cunha variación interanual negativa do -11,86%.

Os catro concellos restantes ven incrementados do mesmo xeito o número de contratos, se ben é importante sinalar que en todos eles se reducen entre os anos 2000 e 2001, aumentando nos restantes, a excepción do caso de Oia, no que tamén descenden no intervalo 2003-2004.

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

	Nº CONTRATOS		Total
	Homes	Mulleres	
Menos de 26 anos	1.637	1.139	2.776
De 26 a 35 anos	1.673	1.144	2.817
De 36 a 45 anos	1.131	774	1.905
De 46 a 55 anos	636	389	1.025
De 56 e máis anos	196	88	284
TOTAL COMARCA	5.273	3.534	8.807
TOTAL PROVINCIAL	159.361	125.729	285.090

A distribución dos contratos segundo o sexo é moi similar en termos relativos á rexistrada a nivel provincial. Deste xeito, no Baixo Miño o 59,87% dos contratos foron asinados por homes, fronte aos 55,9% da provincia de Pontevedra. No caso das mulleres, na comarca o nivel de contratación é do 40,13%, mentres que na provincia é do 44,1%.

Tanto a contratación masculina como a feminina agrúpase nos intervalos de idade máis novos, nos menores de 36 anos, onde se concentran o 63,51% dos contratos, repartidos o 37,59% entre os homes e o 25,92% entre as mulleres. Entre os contratados maiores de 35 anos obsérvase de novo unha maior presenza masculina que feminina, do 22,29% fronte ao 14,21%.


TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	4.115	4.211	4.370	4.854	5.273
Mulleres	2.482	2.610	3.181	3.476	3.534
TOTAL CONTRATOS	6.597	6.821	7.551	8.330	8.807

A evolución da contratación segundo o sexo reflicte un comportamento positivo tanto entre os homes como entre as mulleres. En ambos os dous colectivos, as contratacións aumentan en todos os anos do período, acadando unha variación media do 9,24% no caso das mulleres e do 6,4% no dos homes.

Tendo en conta a evolución ano a ano destas contratacións, cabe destacar o crecemento producido na contratación feminina entre os anos 2001 e 2002, cunha variación interanual do 21,88%. Entre os homes, o maior incremento dáse entre o 2002 e o 2003, cunha variación interanual do 11,08%.

GRÁFICO 8: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.



As diferenzas na evolución da contratación masculina e feminina reflíctense na distribución dos contratos nos diferentes anos do período. Deste xeito, obsérvase que a distancia que había entre as contratacións masculinas e femininas no ano 2000 era de 24,76 puntos, que se reduce ata os 19,74 puntos no ano 2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	2.642	2.556	2.583	2.743	2.776
De 26 a 35 anos	1.993	2.122	2.401	2.756	2.817
De 36 a 45 anos	1.204	1.280	1.636	1.751	1.905
De 46 a 55 anos	605	657	761	872	1.025
De 56 e máis anos	153	206	170	208	284
TOTAL CONTRATOS	6.597	6.821	7.551	8.330	8.807

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

Tendo en conta a idade, a evolución dos contratos entre os anos comprendidos entre o 2000 e o 2004 amosa un comportamento positivo para todos os grupos. O intervalo que máis se incrementa en termos relativos é o de maiores de 55 anos, que acada unha variación media do 16,72%, a pesar do descenso que sofre no intervalo 2001-2002, cunha variación interanual negativa do -17,48%.

No grupo dos menores de 26 anos, o incremento é máis leve, o que demostra a variación media do 1,24%. Neste colectivo, do mesmo xeito que no comentado anteriormente, detéctase ao longo do quinquenio unha diminución das contratacións, neste caso entre os anos 2000 e 2001, cunha variación interanual negativa do -3,26%.

Nos intervalos de idade restantes, o crecemento é continuo, destacando o experimentado polos contratos realizados entre os que teñen de 36 a 45 anos entre os anos 2001 e 2002, onde se acada unha variación interanual do 27,81%, obtendo unha variación media final do 1,15%. O grupo de 46 a 55 anos rexistra unha variación media do 14,09%, e finalmente o de 26 a 35 anos do 9,04%.

5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos


	N.º
SECTOR PRIMARIO	2.056
Agricultura e pesca	2.056
SECTOR SECUNDARIO	861
Industria e electricidade	861
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.615
Construción	1.615
SECTOR SERVIZOS	4.275
Comercio e hostalería	2.053
Transporte e comunicacións	231
Outros servizos	1.991
TOTAL CONTRATOS	8.807

TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

O sector servizos representa na comarca do Baixo Miño no ano 2004 case a metade das contratacións, en concreto o 48,54% destas. Dentro dos servizos, destacan os contratos realizados no marco do comercio e hostalería -23,31%- e de outros servizos -22,61%-.


O segundo sector en orde de importancia é o primario, cun peso relativo do 23,35%, seguido polo da construción, co 18,34%, e xa finalmente polo secundario, que engloba o 9,78% das contratacións.

GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación na industria.



Dentro da industria, cómpre sinalar que case a metade da contratación se rexistra nas actividades de alimentación –27%– e de metalurxia e fabricación de produtos metálicos –23%–. A continuación sitúase a fabricación de produtos minerais non metálicos, co 20%, e outras industrias, co 15%.

GRÁFICO 10: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



O 27% dos contratos rexistrados dentro dos servizos sitúanse no marco do comercio. A curta distancia atópase a hostalería, co 20% das contratacións, seguida dos servizos á comunidade e das actividades inmobiliarias e servizos ás empresas, que concentran de forma conxunta o 33%.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	1.228	828	419	567	632	367	71
Agricultura e pesca	1.228	828	419	567	632	367	71
SECTOR SECUNDARIO	602	259	331	301	141	70	18
Industria e electricidade	602	259	331	301	141	70	18
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.551	64	560	494	316	184	61
Construción	1.551	64	560	494	316	184	61
SECTOR SERVIZOS	1.892	2.383	1.466	1.455	816	404	X
Comercio e hostalería	630	1.423	823	636	395	140	59
Transporte e comunicacións	172	59	50	89	61	28	X
Outros servizos	1.090	901	593	730	360	236	72
TOTAL CONTRATOS	5.273	3.534	2.776	2.817	1.905	1.025	X

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

Tanto no colectivo masculino como no feminino, a maior parte dos contratos están situados no sector servizos, aínda que de xeito moito máis marcado no caso das mulleres. Deste xeito, o 27,06% dos contratos realízanse entre mulleres dentro do sector servizos, destacando neste caso pola súa maior presenza os subsectores do comercio e hostalería e de outros servizos, que engloban respectivamente o 16,16% e o 10,23% do total. A considerable distancia sitúase no caso das mulleres a contratación no sector primario, que acada o 9,4%

No relativo aos homes, a repartición entre os diferentes sectores produtivos é máis equitativa, sendo tamén nos servizos onde se concentra a maior parte, co 21,48%, destacando neste caso a actividade de outros servizos, co 12,38%. En contraste coa contratación feminina, hai unha maior presenza do sector da construción, que representa o 17,61% dos contratos, seguido polo primario, co 13,94%, e finalmente polo secundario, co 6,84%.

Analizando máis polo miúdo a distribución segundo a idade, obsérvase que o sector servizos é predominante en todos os grupos, seguido tamén en todos eles polo primario, agás nos menores de 26 anos, onde é superado polo da construción.

No que atinxe aos subsectores dos servizos, o de comercio e hostalería é no que máis contratos se realizan entre os menores de 26 anos e os que teñen entre 36 e 45 anos, en cambio predomina en maior medida outros servizos para o resto de intervalos de idade.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	1.209	1.075	1.513	1.692	2.056
Agricultura e pesca	1.209	1.075	1.513	1.692	2.056
SECTOR SECUNDARIO	910	952	917	878	861
Industria e electricidade	910	952	917	878	861
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.104	1.157	1.058	1.389	1.615
Construción	1.104	1.157	1.058	1.389	1.615
SECTOR SERVIZOS	3.374	3.637	4.063	4.371	4.275
Comercio e hostalería	1.908	1.925	2.102	1.988	2.053
Transporte e comunicacións	246	222	255	291	231
Outros servizos	1.220	1.490	1.706	2.092	1.991
TOTAL CONTRATOS	6.597	6.821	7.551	8.330	8.807

TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.


No conxunto do período, o único sector produtivo onde se reducen as contratacións é o secundario, no que decrecen paulatinamente a partir do ano 2001, obtendo unha variación media final negativa do -1,37%.

Nos sectores restantes, os contratos increméntanse, obtendo a maior subida en termos relativos o primario, cunha variación media do 14,20%, acadada tras un crecemento continuo a partir da subida rexistrada no intervalo 2001-2002, no que presenta unha variación interanual do 40,74%. No sector da construción, os contratos tan só se reducen entre os anos 2001 e 2002, aumentando nos restantes, e acadando unha variación media do 9,98%.

Finalmente, o sector servizos, o que presenta un maior volume de contratación, tan só se reduce no intervalo final do período, cunha variación interanual negativa do -2,2%. O crecemento máis importante dos contratos neste sector dáse entre os anos 2001 e 2002, cunha variación interanual do 11,71%. A variación media final nos servizos é do 6,10%. Tendo en conta os subsectores, o de transporte e comunicacións é o único dentro dos servizos que perde volume de contratación, aínda que o fai de forma leve, cunha variación media negativa do -1,56%. Os de comercio e hostalería e outros servizos increméntanse, sobre todo este último, cunha variación media do 13,03%.

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 11: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.



Segundo a tipoloxía de contratación, a comarca do Baixo Miño caracterízase por un forte predominio dos contratos temporais, que supoñen case nove de cada dez do total. Deste xeito, case as tres cuartas partes das contratacións realizadas son temporais a tempo completo, mentres que o 14% son temporais a tempo parcial.

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	129	94	54	70	34	42	23
Indefinido tempo parcial	59	105	63	58	31	10	X
Temporal	4.139	2.283	1.794	2.120	1.542	772	194
Temporal tempo parcial	387	888	518	448	207	73	29
Prácticas/Formación	221	138	302	39	9	8	X
Outros	338	26	45	82	82	120	35
TOTAL CONTRATOS	5.273	3.534	2.776	2.817	1.905	1.025	284

Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que a contratación temporal a tempo completo destaca tanto nos homes como nas mulleres, así como tamén en todos os grupos de idade. Do mesmo xeito, tendo en conta o sexo, todas as modalidades de contratación son maioritarias entre os homes, excepto as temporais a tempo parcial, en que as mulleres se sitúan 5,69 puntos por riba dos homes, e as indefinidas a tempo parcial.

No referente á distribución por idade, é destacable que o 44,44% da contratación se realice de forma temporal a tempo completo entre os menores de 36 anos. Algo semellante sucede cos contratos temporais a tempo parcial, que se asinan tamén na súa maior parte entre os menores de 36 anos, en concreto o 10,97%.

	PRIMARIO Agr., Gand.	SECUNDARIO Industr. e Electric.	CONSTRUCCIÓN Construc.	Comerc.	Transp.	SERVIZOS Outros	Total
Indefinido	17	36	46	84	11	29	124
Indefinido tempo parcial	X	8	X	72	X	80	154
Temporal	2.025	665	1.415	1.125	201	991	2.317
Temporal tempo parcial	11	98	47	659	17	443	1.119
Prácticas/Formación	X	54	106	113	0	84	197
Outros	0	0	0	0	0	364	364
TOTAL CONTRATOS	2.056	861	X	2.053	X	1.991	4.275

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

Todas as fórmulas de contratación se agrupan na súa maior parte dentro dos servizos. Do mesmo xeito, é salientable que neste sector, en concreto no subsector de outros servizos, se realizan a totalidade dos contratos da categoría outros.

Tendo en conta a distribución dos contratos temporais a tempo completo segundo os subsectores, cabe destacar que a maior parte se concentran no da construción –16,07%–, seguido a curta distancia polo de comercio e hostalería –12,77%– e polo de outros servizos –11,25%–. Os temporais a tempo parcial sitúanse preferentemente en comercio e hostalería –7,48%– e en outros servizos –5,03%–.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	328	323	266	264	223
Indefinido tempo parcial	46	59	84	88	164
Temporal	4.463	4.666	5.458	6.027	6.422
Temporal tempo parcial	1.121	1.165	1.173	1.257	1.275
Prácticas/Formación	355	295	330	438	359
Outros	284	313	240	256	364
TOTAL CONTRATOS	6.597	6.821	7.551	8.330	8.807

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

No período 2000-2004, o maior incremento absoluto das contratacións dáse nos contratos temporais a tempo completo, que obteñen unha variación media do 9,52%, tras unha evolución positiva nestes cinco anos, onde destaca o crecemento que se produce en 2002.

O resto de modalidades, coa excepción da indefinida a tempo completo, experimentan un crecemento no quinquenio. Así, tanto a indefinida como a temporal a tempo parcial obteñen variacións medias de 37,41% e 3,27%, respectivamente. A contratación en prácticas, a pesar do descenso do último ano, obtén unha variación media de 0,28%, o que supón unha subida de só catro contratos.

Por contra, a contratación indefinida a tempo completo, despois de descender de xeito continuo en todos os anos, ten finalmente unha variación media de -9,20%.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	19	2,82
HOMES	13	-3,51
MULLERES	6	31,61
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	521	10,62
HOMES	338	10,10
MULLERES	183	11,59
3. Técnicos e profesionais de apoio	533	17,36
HOMES	421	19,56
MULLERES	112	10,55
4. Empregados de tipo administrativo	459	1,88
HOMES	104	-1,17
MULLERES	355	2,87
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	1.386	4,24
HOMES	399	-0,31
MULLERES	987	6,40
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	1.365	3,27
HOMES	896	6,90
MULLERES	469	-2,26
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	1.496	2,79
HOMES	1.372	2,98
MULLERES	124	0,82
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	573	0,13
HOMES	408	1,33
MULLERES	165	-2,56
9. Traballadores non cualificados	2.455	18,60
HOMES	1.322	11,41
MULLERES	1.133	31,15
TOTAL CONTRATOS	8.807	7,49
TOTAL HOMES	5.273	6,40
TOTAL MULLERES	3.534	9,24

Os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación na comarca do Baixo Miño son os seguintes:

- Traballadores non cualificados –27,88%–.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería –16,99%–.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio –15,74%–.
- Traballadores cualificados na agricultura e pesca –15,5%–.

Atendendo á distribución segundo o sexo, aprécianse diferenzas significativas nos contratos en función do gran grupo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería –15,58%–. • Traballadores non cualificados –15,01%–. • Traballadores cualificados na agricultura e pesca –10,17%–.	• Traballadoras non cualificadas –12,86%–. • Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio –11,21%–. • Traballadoras cualificadas na agricultura e pesca –5,33%–.

Dada a maior contratación masculina nesta comarca, na maioría dos grupos de ocupación predominan os homes sobre as mulleres, excepto en:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, onde os contratos a mulleres representan un 11,21% fronte a un 4,53% realizados a homes.
- Empregadas de tipo administrativo, as mulleres superan aos homes en 2,85 puntos porcentuais.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
71100016	Albanel	806	794	12	98,51
63230055	Mariñeiro de pesca	664	663	X	99,85
60210168	Traballador agrícola da vide	619	193	426	31,18
94100011	Peón agrícola, en xeral	525	129	396	24,57
50200018	Camareiro, en xeral	517	185	332	35,78
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	476	323	153	67,86
96020014	Peón da construción de edificios	364	353	11	96,98
53300010	Dependente de comercio, en xeral	343	42	301	12,24
42100010	Empregado administrativo, en xeral	283	65	218	22,97
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	268	34	234	12,69
TOTAL		4.865	2.781	X	57,16

TÁBOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

(1) *Ratio de Masculinidade* = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Do total dos contratos realizados no Baixo Miño no ano 2004, o 55,24% foron asinados dentro das ocupacións máis contratadas que se enumeran na táboa anterior, o que indica unha alta concentración dos contratos nestas ocupacións.

A ocupación máis contratada foi a de albanel, seguida da de mariñeiro de pesca e traballador agrícola da vide. Neste sentido, xorden diverxencias entre homes e mulleres, posto que nos primeiros a ocupación cun maior volume de contratación é a de albanel, situándose a continuación a de mariñeiro de pesca. En cambio, as mulleres asinan máis contratos como traballadoras agrícolas da vide e como peóns agrícolas.

A presenza da contratación masculina é superior á feminina no conxunto das dez ocupacións, tal e como indica o ratio de masculinidade, do 57,16%. Por alto nivel de contratación masculina, destacan as de mariñeiro de pesca, albanel e peón da construción de edificios. Pola contra, teñen un perfil marcadamente feminino as de dependenta de comercio e muller/moza limpeza, limpadora.

TÁBOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
71100016	Albanel	595	570	554	721	806
63230055	Mariñeiro de pesca	425	466	639	626	664
60210168	Traballador agrícola da vide	407	49	578	736	619
94100011	Peón agrícola, en xeral	14	86	150	91	525
50200018	Camareiro, en xeral	407	431	592	550	517
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	271	1.372	1.017	463	476
96020014	Peón da construción de edificios	290	258	175	453	364
53300010	Dependente de comercio, en xeral	400	427	375	437	343
42100010	Empregado administrativo, en xeral	272	312	276	308	283
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	177	162	223	308	268
25130104	Músico instrumentista, en xeral	133	146	106	186	220
97000084	Peón da ind. metál. e fab. prod. metál.	80	137	55	120	143
74230011	Canteiro de construción	169	129	134	142	130

Observando a lista das dez ocupacións máis contratadas entre os anos 2000 e 2004, constátase que tres delas desaparecen da lista no ano 2004, que son as de músico instrumentista, peón da industria metálica e fabricación de produtos metálicos e canteiro de construción. As dúas primeiras, a pesar de incrementarse as contratacións nelas realizadas, son superadas por outras ocupacións nos últimos anos, mentres que na de canteiro de construción os contratos redúcense porcentualmente, obtendo unha variación media negativa do -6,35%.

Dentro xa das dez ocupacións máis contratadas no ano 2004, a subida máis pronunciada dáse na de peón agrícola, que acada unha variación media do 147,46%. As que máis se incrementan a continuación, aínda que en moita menor medida, son as de peón da industria manufactureira, mariñeiro de pesca e traballador agrícola da vide, con variacións medias do 15,12%, 11,8% e do 11,05% respectivamente.

Pola contra, a única destas ocupacións que rexistra un decrecemento no volume de contratación é a de dependente de comercio, que se reduce levemente nestes cinco anos, presentando unha variación media negativa do -3,77%.

5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Agraria	35	16,67	2	16,67
Servizos ás empresas	116	2,52	7	2,55
Edificación e obras públicas	31	6,29	2	6,90
Mantemento e reparación	19	13,67	1	12,50
Produc., transf. e distribuc. de enerxía e auga	19	35,85	1	33,33
Turismo e hostalería	19	7,54	1	7,14
TOTAL	239	1,96	14	1,97

TÁBOA 33: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

A comarca do Baixo Miño concentra o 1,96% dos alumnos de formación profesional ocupacional da provincia de Pontevedra, así como o 1,97% dos cursos impartidos.


A maior parte desta formación agrúpase na familia de servizos ás empresas, co 48,54% dos alumnos e o 50% dos cursos realizados na comarca. Nun segundo plano en nivel de importancia sitúase a familia agraria, co 14,64% dos alumnos e o 14,29% dos cursos.

En relación coa provincia de Pontevedra, cabe destacar que o Baixo Miño rexistra un dos tres cursos desenvolto na provincia da familia de produción, transferencia e distribución de enerxía e auga.

5.6.- CONCLUSIONES

- O sector servizos obtén a maior representatividade de empresas, traballadores e autónomos. O seu peso específico é algo menor en relación ao número de traballadores, cobrando maior presenza os outros tres sectores.
- No período comprendido entre o 2000 e o 2004 houbo un aumento do número de empresas, traballadores e autónomos. En termos relativos o maior crecemento deuse entre os autónomos.
- O sector servizos e do da construción, experimentan un incremento tanto en empresas como en traballadores por conta allea e autónomos. O primario e o secundario tan só medran no referido aos traballadores autónomos, reducíndose en canto ás empresas e traballadores por conta propia.
- A comarca do Baixo Miño rexistra o 5,39% das demandas de parados da provincia, e o 4,35% das dos non parados. Os concellos con maior volume de demandantes son os de Tui e Tomiño.
- Tanto entre os demandantes parados como entre os non parados, o colectivo predominante é o feminino. No referente á idade, predominan os demandantes de 26 a 35 anos, seguidos polos que teñen entre 36 e 45 anos.
- Os demandantes parados con emprego anterior son os máis significativos, seguidos a considerable distancia polos parados sen emprego anterior. No que respecta ao nivel académico, os que teñen certificado de escolaridade son os máis numerosos, seguidos de cerca polos que posúen estudos obrigatorios.
- A maior parte dos demandantes parados levan buscando emprego menos de seis meses, do mesmo xeito que sucede a nivel provincial. Segundo aumenta a idade dos demandantes, os parados de longa duración teñen maior presenza, sendo máis perceptible esta tendencia entre o colectivo feminino.
- A maioría dos demandantes de emprego proceden do sector servizos. No tocante á industria, as actividades máis representativas son as de outras industrias e alimentación, mentres que nos servizos destacan en maior medida as actividades de comercio e hostalería.
- As ocupacións máis demandadas son as de muller/mozo limpeza, limpador e dependente de comercio. No ámbito provincial a de dependente de comercio é a que rexistra un maior número de demandas.
- No Baixo Miño producíronse no ano 2004 o 2,33% das ofertas da provincia de Pontevedra. No concello de Tui rexístranse a maioría delas, seguido de lonxe polo de Tomiño. Entre os anos 2000 e 2004 dáse un incremento das ofertas de emprego comarcais; no concello de Tomiño é onde máis aumentan, e descenden nos de Tui e A Guarda.
- Algo máis de sete de cada dez ofertas proceden do sector servizos. Durante o período 2000-2004, as ofertas de emprego relativas a este sector redúcense, incrementándose nos restantes. En todos os sectores produtivos, o concello de Tui agrupa a maior parte das ofertas.
- Dentro da industria destacan as ofertas procedentes das actividades de outras industrias e madeira. Nos servizos, sobresaen as derivadas das administracións públicas e da hostalería.
- O 15,31% das ofertas solicitan traballadores segundo o sexo, sendo a maioría as que requiren un home. No referido ao nivel de estudos, algo máis da metade das ofertas reclaman unha titulación, se ben na maioría dos casos só se esixe a posesión do certificado de escolaridade.

- As ocupacións máis ofertadas polos centros colaboradores son as de peón de albanel/peón de obras públicas e camareiro-barman. A evolución neste quinquenio é positiva para ambas, se ben a primeira delas increméntase en maior medida. Nas oficinas de emprego destacan as ofertas nas ocupacións de muller/mozo limpeza, limpador e técnico de protección civil, nas que tamén se dá un aumento nestes cinco anos, máis leve na segunda delas.
- As contratacións realizadas na comarca do Baixo Miño no ano 2004 representan o 3,09% das producidas na provincia de Pontevedra. O concello de Tui engloba a maior parte destes contratos, seguido do da Guarda. Na comarca prodúcese un incremento importante dos contratos entre os anos 2000 e 2004. O concello que rexistra un maior crecemento é o de Tui, situándose en segundo lugar o da Guarda.
- A contratación masculina predomina sobre a feminina, situación semellante á que se dá no ámbito provincial. A evolución da contratación entre os anos 2000 e 2004 reflicte un comportamento positivo para ambos os sexos, rexistrando un maior incremento relativo o das mulleres. Como consecuencia disto, a diferenza porcentual entre os dous xéneros tende a descender nestes cinco anos.
- A contratación concéntrase entre os traballadores que teñen entre 26 e 35 anos, seguidos dos menores de 26 anos, tendendo a descender conforme aumenta a idade. Para todos os grupos de idade rexístrase un aumento nas contratacións entre os anos 2000 e 2004.
- Case a metade dos contratos agrúpanse no sector servizos, seguido do primario. Dentro dos servizos destacan os contratos procedentes das actividades de comercio e hostalería. Dentro da industria, as actividades máis representativas son as de alimentación e metalurxia e fabricación de produtos metálicos.
- Tanto no colectivo masculino como no feminino os contratos tenden a concentrarse nos servizos, aínda que dunha forma máis forte nas mulleres. En todos os intervalos de idade, a tónica xeral é novamente o agrupamento nos servizos. No período analizado, o volume de contratación tan só se reduce no sector secundario, acadando o maior aumento o dos servizos.
- Algo máis de sete de cada dez contratos do Baixo Miño son temporais a tempo completo, mentres que máis de un de cada dez son temporais a tempo parcial. O primeiro tipo de contratación predomina claramente en todas as idades e en ambos os sexos, así como en todos os sectores produtivos. Cabe destacar que a contratación a tempo parcial é máis frecuente entre as mulleres que entre os homes. Os contratos temporais a tempo completo son ademais os que rexistran un maior incremento en números absolutos entre os anos 2000 e 2004.
- Os grandes grupos de contratación na comarca son os de traballadores non cualificados e artesáns/traballadores cualificados na industria manufactureira, construción e minería. Entre o colectivo masculino predomina a contratación do segundo grupo sobre o primeiro, mentres que entre as mulleres predomina o primeiro.
- As ocupacións máis contratadas na comarca son as de albanel e mariñeiro de pesca. Estas coinciden con ser as máis contratadas entre o colectivo masculino, predominando entre o feminino as de traballadoras agrícolas da vide e peóns agrícolas. A evolución destas catro ocupacións é positiva ao longo deste quinquenio.
- Dentro da formación ocupacional destaca o número de alumnos e cursos encaдрados dentro da familia de servizos ás empresas.



Comarca do Condado



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	39	3,04	571	8,50	33	1,48
Agricultura e pesca	39	3,04	571	8,50	33	1,48
SECTOR SECUNDARIO	211	16,46	1.580	23,53	207	9,30
Industria e electricidade	211	16,46	1.580	23,53	207	9,30
SECTOR CONSTRUCCIÓN	245	19,11	1.455	21,67	427	19,19
Construción	245	19,11	1.455	21,67	427	19,19
SECTOR SERVIZOS	787	61,39	3.108	46,29	1.558	70,02
Comercio e hostalería	424	33,07	1.302	19,39	1.036	46,56
Transporte e comunicacións	72	5,62	331	4,93	195	8,76
Outros servizos	291	22,70	1.475	21,97	327	14,70
TOTAL	1.282	100,00	6.714	100,00	2.225	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

No tecido empresarial da Comarca do Condado predomina o sector servizos no número de empresas, de traballadores e de autónomos. No ano 2004 este sector concentrou o 61,39% das empresas. Detrás, a unha distancia considerable, atópase a construción, 19,11%, o sector secundario, 16,46%, e o primario, 3,04%.

Atendendo aos subsectores dos servizos, a maior parte das empresas agrúpanse en comercio e hostalería, 33,07%, en outros servizos, 22,70% e en transportes e comunicacións, 5,62%.

A importancia do sector servizos no volume de empresas ten correspondencia no número de traballadores, xa sexan por conta allea ou autónomos. En canto aos traballadores por conta allea, o 46,29% converxen de xeito notorio neste sector. Os demais sitúanse, por esta orde, no sector secundario, 23,53%, na construción 21,67% e no sector primario, 8,50%. Nos subsectores dos servizos, a maior concentración prodúcese en outros servizos, 21,97%, en comercio e hostalería, 19,39% e en transportes e comunicacións, 4,93%.

Os traballadores autónomos atópanse, en maior medida, no sector servizos, 70,02%; a construción dá cabida ao 19,19%, o sector secundario ao 9,30% e o primario ao 1,48%. Se se analizan os subsectores, comercio e hostalería xuntan o 46,56% e outros servizos o 14,70%.

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas.
Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	116	93	67	14	39
Agricultura e pesca	116	93	67	14	39
SECTOR SECUNDARIO	204	210	216	222	211
Industria e electricidade	204	210	216	222	211
SECTOR CONSTRUCCIÓN	211	209	232	250	245
Construción	211	209	232	250	245
SECTOR SERVICIOS	641	680	698	742	787
Comercio e hostalería	353	385	390	406	424
Transporte e comunicacións	58	57	58	62	72
Outros servizos	230	238	250	274	291
TOTAL	1.172	1.192	1.213	1.228	1.282

O número de empresas da comarca do Condado rexistrou un balance positivo de medra continua, de forma que en 2004 había 110 empresas máis que en 2000, cunha variación media do 2,27%.

Preséntanse diferenzas por sectores no que atinxe á súa evolución. O sector servizos é o único que experimenta crecemento do seu número de empresas en todos os anos, cunha variación media anual de 5,26%, e con variacións interanuais que acadan o 6,30% entre 2002 e 2003.

O sector da construción é o segundo en volume de crecemento, obtendo unha variación media do 3,81%, a pesar de producirse variacións interanuais de -0,95% entre os anos 2000 e 2001 e de -2% entre os anos 2003 e 2004; en calquera caso, acada valores positivos de variación interanual entre 2001 e 2002 do 11% e entre 2002 e 2003 do 7,76%.

O sector secundario medra con menor intensidade; presenta unha variación media do 0,85%, experimentando unha subida continua ata que en 2004 desce (variación interanual de -4,95%).

O sector máis desfavorecido e no que se produciron as variacións máis importantes é o primario, que desce notablemente, sendo a súa variación media para o período de -23,85%. No que respecta ás variacións interanuais, sofre baixas importantes ata 2003.

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores.
Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	633	650	587	624	571
Agricultura e pesca	633	650	587	624	571
SECTOR SECUNDARIO	1.498	1.620	1.552	1.601	1.580
Industria e electricidade	1.498	1.620	1.552	1.601	1.580
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.156	1.313	1.417	1.402	1.455
Construción	1.156	1.313	1.417	1.402	1.455
SECTOR SERVICIOS	2.382	2.587	2.748	2.922	3.108
Comercio e hostalería	949	1.058	1.109	1.224	1.302
Transporte e comunicacións	243	268	286	302	331
Outros servizos	1.190	1.261	1.353	1.396	1.475
TOTAL	5.669	6.170	6.304	6.549	6.714

O número de traballadores por conta allea no período 2000-2004 ten un saldo positivo debido ao crecemento continuado ao longo destes anos. En ter-

mos absolutos, en 2004 contabilizáronse 1.045 traballadores máis que en 2000, o que significa, relativamente, unha variación media anual do 4,32%.

Realizando unha análise por anos, pódese observar que o maior nivel de crecemento prodúcese entre os anos 2000 e 2001, variación interanual do 8,84%, medrando de xeito máis moderado nos sucesivos anos.

Esta tendencia positiva non se produce no sector primario, variación media anual de -2,54%. A subida nos demais sectores é a característica xeral; os maiores aumentos no número de traballadores sucedéronse no sector servizos e na construción, con variacións medias anuais de 6,88% e 5,92% respectivamente. Ambos os sectores experimentan o maior nivel de crecemento entre os anos 2000 e 2001, con variacións interanuais do 8,61% para os servizos e 13,58% para a construción. Por outra banda, o sector secundario amosa un crecemento máis moderado (variación media do 1,34%) e advírtese unha evolución descontinua no número de traballadores.

Atendendo aos subsectores, é de destacar a evolución progresiva que viven o comercio e hostalería, transporte e comunicacións e outros servizos, con variacións medias anuais do 8,23%, 8,03% e 5,51% respectivamente. O crecemento máis moderado é o da industria, co 1,34%.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	26	27	33	32	33
Agricultura e pesca	26	27	33	32	33
SECTOR SECUNDARIO	179	195	203	210	207
Industria e electricidade	179	195	203	210	207
SECTOR CONSTRUCCIÓN	266	300	327	389	427
Construción	266	300	327	389	427
SECTOR SERVIZOS	1.094	1.234	1.338	1.429	1.558
Comercio e hostalería	758	851	916	964	1.036
Transporte e comunicacións	146	167	175	181	195
Outros servizos	190	216	247	284	327
TOTAL	1.565	1.756	1.901	2.060	2.225

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

A evolución do número de autónomos no período 2000-2004 vén determinada polo crecemento en todos os sectores.

En termos relativos, a subida máis notoria tivo lugar no sector da construción, que amosa unha variación media anual de 12,56%, alcanzando cotas altas de variación interanual –de 18,96% entre 2002 e 2003 e de 12,78% entre 2000 e 2001–. O sector no que menos crecemento se produciu é no secundario, variación media anual de 3,70%, logrando a maior variación interanual entre 2000 e 2001, 8,94%, e a menor entre 2003 e 2004, -1,43%.

O sector servizos presenta unha variación media anual de 9,24%; en termos absolutos trátase do crecemento máis alto, xa que ao final do período hai 464 autónomos máis que ao inicio. A variación interanual máis notoria dáse entre 2000 e 2001, 12,80%. O sector primario medra, e presenta unha variación anual media de 6,14%.

En canto á evolución dos subsectores dos servizos, destacan outros servizos, cunha variación media de 14,54%, comercio e hostalería, 8,12% (o subsector máis importante en termos absolutos), e transporte e comunicacións, 7,50%.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes por concello

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
As Neves	293	129	422
Mondariz	329	123	452
Mondariz-Balneario	28	9	37
Ponteareas	1.473	549	2.022
Salvaterra de Miño	543	205	748
TOTAL COMARCA	2.666	1.015	3.681

% comarca/provincia – PARADOS	4,75
% comarca/provincia - NON PARADOS	3,68

Os demandantes de emprego en 2004 na comarca do Condado suman 3.681 persoas; deles, o 72,42% son parados e o 27,57% non parados. En todos os concellos o número de demandantes parados aparece en maior cantidade que o de non parados.

Realizando unha análise por concellos, é de destacar que Ponteareas ten máis da metade dos demandantes da comarca, o 54,93%; asemade posúe o 55,25% de demandantes non parados e o 54,09% de demandantes parados. Séguenlle Salvaterra de Miño e Mondariz, co 20,32% e 12,28% do total de demandantes comarcais.

Esta comarca agrupa, respecto da provincia de Pontevedra, o 4,75% dos demandantes parados e o 3,68% dos demandantes non parados.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	2.179	2.103	2.427	2.504	2.666
Variación interanual %	-	-3,49	15,41	3,17	6,47
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	4,37	4,29	4,56	4,44	4,75

A tendencia da comarca do Condado para o período 2000-2004 é de crecemento do número de demandantes parados. No cadro anterior pódese ver como as variacións interanuais evolucionan de xeito discontinuo, con períodos de crecemento en 2002, 2003 e 2004 que obteñen porcentaxes de variación interanual de 15,41%, 3,17% e 6,47% respectivamente, así como un retroceso en 2001, -3,49%.

A importancia relativa dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia é lixeiramente máis alta en 2004 con respecto a 2000.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	476	12,93	10,83
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	2.190	59,49	56,25
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	130	3,53	3,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	392	10,65	12,61
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	202	5,49	5,95
	En expediente de regulación de emprego	18	0,49	1,07
	Demandantes de mellora de emprego	173	4,70	6,47
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	66	1,79	2,70
	Resto de demandantes	34	0,92	0,55
	TOTAL	3.681	100,00	100,00

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

No que respecta á situación sociolaboral dos demandantes de emprego na comarca do Condado, é destacable que o 59,49% do total son parados con emprego anterior. Moi lonxe desta porcentaxe atópanse os parados sen emprego anterior, 12,93%, e os non parados con emprego anterior, 10,65%.

En relación coa distribución provincial, non se observan grandes diferenzas entre os valores relativos das diversas categorías.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	226	296	19,58	17,63
26 a 35 anos	306	552	32,18	30,34
36 a 45 anos	207	414	23,29	21,96
46 a 55 anos	147	241	14,55	18,05
56 e máis anos	146	131	10,39	12,02
TOTAL COMARCA	1.032	1.634	100,00	4,75
TOTAL PROVINCIA	21.868	34.246	4,75	100,00

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

Os demandantes parados recaen fundamentalmente entre o colectivo feminino; deste modo as mulleres supoñen o 61,29% do total e os homes o 38,71%. As diferenzas de demandantes parados segundo o sexo son practicamente idénticas ás do conxunto da provincia de Pontevedra, o 61,03% son mulleres e o 38,97% son homes.

Segundo idades, máis da metade, o 51,76%, son menores de 36 anos e o 48,24% restante agrúpase por riba desa idade. O intervalo de idade no que se dan máis casos de demandantes de emprego é o de 26 a 35 anos, cunha porcentaxe do 32,18%.

Cruzando idade e xénero, a maior porcentaxe de demandantes parados correspóndese con mulleres de entre 26 e 35 anos, 20,71%, seguidas das mulleres de entre 36 e 45 anos, que representan o 15,53%; a continuación sitúanse os homes de idade comprendida entre 26 e 35 anos, 11,48%, e as mulleres menores de 26 anos, 11,10%.

En comparación coa distribución dos demandantes parados da provincia, o perfil provincial é máis envellecido, pois os maiores de 45 anos supoñen o 30,07% dos demandantes e na comarca ese dato é do 24,94%.

TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	71	101	16,95	16,70
26 a 35 anos	90	202	28,77	28,41
36 a 45 anos	80	161	23,74	21,54
46 a 55 anos	72	113	18,23	18,39
56 e máis anos	71	54	12,32	14,95
TOTAL COMARCA	384	631	100,00	3,68
TOTAL PROVINCIA	10.384	17.165	3,68	100,00


Entre os demandantes non parados da comarca tamén predomina o colectivo feminino nunha porcentaxe do 62,17%, Neste caso o colectivo masculino supón un 37,83 %. Estas proporcións son moi similares ás da provincia.

En canto á idade, un 45,71% é menor de 36 anos e un 54,29% sitúase por riba dos 35 anos. Por conseguinte, trátase dun perfil máis envellecido que o dos demandantes parados.

En relación coa idade e o xénero, os grupos de idade das mulleres de 26 a 35 anos, de 36 a 45 anos e de 46 a 55 anos son os que aglutinan as maiores porcentaxes: un 19,90%, 15,86% e 11,13% respectivamente. Séguenlles as mulleres máis novas (menores de 26 anos), co 9,95%. No relativo aos homes, a maior porcentaxe de demandantes non parados dáse no intervalo de 26 a 35 anos, 8,87%.

O perfil provincial en canto aos demandantes non parados é lixeiramente máis envellecido que o comarcal, pois na provincia o 33,94% son maiores de 45 anos, mentres que na comarca superan esa idade o 30,55%.

GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.



No gráfico anterior represéntase a distribución de demandantes por sexo e grupos de idade, podéndose advertir que o grupo de idade que agrupa un

maior número de persoas é o de 26 a 35 anos, o que supón o 31,24% do total xeral, seguido do grupo de 36 a 45 anos, que representa o 23,42%. É de salientar que para estes dous intervalos de idade, así como para o de 46 a 55 anos, a porcentaxe de mulleres é máis alta que a dos homes, á inversa do que sucede nos menores de 25 anos e nos maiores de 55.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	1.049	431	1.480
Titulación de ensinanza obrigatoria	1.086	345	1.431
Formación profesional	97	39	136
BUP/Bacharelato superior/COU	233	115	348
Titulados universitarios	125	73	198
Outras titulacións	76	12	88
TOTAL	2.666	1.015	3.681

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

A distribución dos demandantes por nivel académico amosa que o 40,21% ten ata certificado de escolaridade e o 38,88% posúe ensino obrigatorio; estes dous grupos xuntos aglutinan unha porcentaxe do 79,09% do total. Os demais grupos por nivel de estudos poden considerarse secundarios e clasifícanse como segue: BUP/bacharelato superior/COU, 9,45%; titulados universitarios, 5,38% e formación profesional, 3,69%.

As distribucións relativas dos demandantes parados e non parados seguen certo paralelismo, pero existen algunhas diferenzas. O grupo de parados con certificado de escolaridade ou titulación de ensino obrigatorio suma o 80,09% do total de parados e no caso dos non parados o 76,45%. É de destacar que para os parados predominan os que teñen titulación de ensino obrigatorio, en cambio para os non parados destacan en maior medida os que teñen ata certificado de escolaridade.

Por outra banda, os demandantes parados con estudos secundarios supoñen un 8,74% do total, mentres que entre os non parados supoñen un 11,33%. No relativo aos estudos universitarios, un 7,19% dos demandantes non parados posúenos, e para os parados esa cifra é de 4,69%.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	181	27	18	226
	Mulleres	192	55	49	296
26 a 35 anos	Homes	212	58	36	306
	Mulleres	301	74	177	552
36 a 45 anos	Homes	142	34	31	207
	Mulleres	180	65	169	414
46 a 55 anos	Homes	78	20	49	147
	Mulleres	58	35	148	241
56 e máis anos	Homes	37	18	91	146
	Mulleres	15	16	100	131
TOTAL COMARCA		1.396	402	868	2.666
TOTAL PROVINCIA		29.022	8.000	19.092	56.114

TÁBOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Atendendo á distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego, a maioría levan menos de seis meses no proceso de busca; trátase do 52,36%. Os que levan máis dun ano supoñen o 32,56 %, e os que levan de seis meses a un ano sitúanse a bastante distancia e suman o 15,08%.

Cruzando sexo e idade, os homes de ata 55 anos adoitan levan menos de seis meses buscando emprego; a partir desa idade o máis frecuente é que estean máis dun ano no proceso de busca. Para o colectivo feminino, ata os 45 anos o habitual é levan menos de seis meses e, a partir dos 46 anos, máis dun ano.

Respecto á comparación das porcentaxes comarcais e provinciais por tempo de busca de emprego, non se producen grandes diferenzas entre ambas as distribucións.

5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia


TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	134	50	184
Sector secundario	525	162	687
Construción	343	103	446
Sector servizos	1.191	540	1.731
Sen actividade previa	473	160	633
TOTAL	2.666	1.015	3.681

A maioría dos demandantes de emprego, xa sexan parados ou non, proceden do sector servizos nunha porcentaxe do 47,03% do total. A porcentaxe dos demandantes parados no sector é do 44,67% e para os non parados é do 53,20%.

O seguinte sector con maior número de demandantes é o secundario, que concentra o 18,66% (agrupa o 19,69% de parados e o 15,96% dos non parados). Descontando aqueles demandantes que non tiñan unha actividade previa, o seguinte sector é o da construción, 12,12% (12,87% parados e 10,15% non parados).

GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.



Para a industria, o grupo máis numeroso do que proceden os demandantes é o das actividades de alimentación, 27%, seguido de outras industrias, 20%; posteriormente atópase madeira, 16%, e téxtil e confección, 15%.




GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.

O 25% dos demandantes parados nos servizos proceden da hostalería. As actividades de comercio e as actividades inmobiliarias e de servizos ás empresas constitúen o 19% cada unha, en tanto que o 14% proceden das administracións públicas.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	427	11,60	7,18
Peón da ind. manufactureira, en xeral	357	9,70	7,23
Dependente de comercio, en xeral	296	8,04	9,44
Empregado administrativo, en xeral	273	7,42	8,62
Camareiro, en xeral	180	4,89	3,06
Cociñeiro, en xeral	141	3,83	1,76
Peón da construción de edificios	112	3,04	1,84
Albanel	107	2,91	2,09
Camareira/o de pisos (hostalería)	52	1,41	0,98
Cosedor á man / máquina doméstica, en xeral	47	1,28	0,32

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Certificado de escolaridade	Ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	Dependente de comercio, en xeral

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
As Neves	14
Mondariz	15
Mondariz-Balneario	7
Ponteareas	795
Salvterra de Miño	34
TOTAL COMARCA	865

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	31.132
COMARCA/PROVINCIA:	2,78

A comarca do Condado reúne o 2,78% das ofertas da provincia de Pontevedra. O concello de Ponteareas agrupa case a totalidade destas ofertas, o 91,91%. Os demais concellos presentan porcentaxes marxinais.

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
As Neves	10	5	19	19	14
Mondariz	10	5	26	27	15
Mondariz-Balneario	18	7	15	20	7
Ponteareas	506	581	778	650	795
Salvterra de Miño	49	37	66	81	34
TOTAL COMARCA	593	635	904	797	865
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132

No período 2000-2004 a comarca do Condado ten unha evolución positiva no número de ofertas, superior ao crecemento relativo da provincia, variacións medias do 9,90% e 1,67% respectivamente.

O único descenso na comarca dáse entre os anos 2002 e 2003, variación interanual de -11,84%, acadando o crecemento máximo entre 2001 e 2002, cunha variación interanual do 42,36%. Pola contra, na provincia hai un descenso do número de ofertas nos dous últimos intervalos do período e un aumento nos dous primeiros. A este respecto destaca o incremento entre 2001 e 2002, variación interanual do 11,69%, e o descenso de 2002-2003, -8,75%.

Considerando os distintos concellos, Mondariz-Balneario e Salvterra de Miño son os únicos que decrecen, con variacións anuais medias de -21,03% e -8,73% respectivamente, e amosan marcadas oscilacións interanuais.

O concello máis importante en número de ofertas, Ponteareas, medra durante o período 2000-2004, presentando unha variación media do 11,96%. O seu aumento máis importante prodúcese entre os anos 2001 e 2002, variación interanual do 33,91%, descendendo só no período 2002-2003, -16,45%. O resto de concellos da comarca ve incrementado o seu número de ofertas ao longo do quinquenio estudado.




GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

O concello máis representativo é Pontareas, que presenta unha evolución distinta do resto da comarca agregadamente, en canto ás ofertas se refire.

En Pontareas prodúcese un aumento continuo ata 2002, para minguar en 2003 e recuperarse en 2004.

Tendo en consideración o resto da comarca, mantense unha tendencia contraria á que ten o concello de Pontareas, agás entre 2001 e 2002, en que se produce un crecemento en ambas. Así, a tendencia do resto de concellos é lixeiramente descendente respecto ao inicio do período, en tanto que medran entre 2001 e 2003 e finalmente descenden no último ano.

5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
As Neves	0	0	3	11
Mondariz	0	2	0	13
Mondariz-Balneario	0	0	1	6
Pontareas	8	119	224	444
Salvaterra de Miño	0	2	7	25
TOTAL COMARCA	8	123	235	499
TOTAL PROVINCIA	363	3.256	5.601	21.900

TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

O concello de Pontareas concentra a totalidade das ofertas no sector primario, o 96,75% das correspondentes ao sector secundario, o 95,32% da construción e o 88,98% dos servizos.

O resto dos concellos amosan porcentaxes moi pequenas do total comarcal para os distintos sectores, destacando, en maior medida, Salvaterra de Miño no sector servizos, 5,01%.





GRÁFICO 5: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.


O 58% das ofertas da comarca do Condado concéntranse no sector servizos. A unha distancia notable sitúase o sector da construción, co 27%, e o sector secundario, co 14%.

GRÁFICO 6: Distribución porcentual das ofertas na industria.



As actividades de alimentación concentran o 51% das ofertas da industria. A bastante distancia atópase a madeira, 18%, e séguelle a fabricación de produtos minerais non metálicos, 11%.

GRÁFICO 7: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



O 54% das ofertas procedentes dos servizos na comarca do Condado derivan das actividades vinculadas ás administracións públicas. A seguinte actividade en orden de importancia, pero a moita distancia da primeira, é a hostalería, cun 17%, e séguelle servizos de automoción e comercio, con porcentaxes do 6%.

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	4	0	14	22	8
Secundario	47	83	74	93	123
Construción	196	174	267	246	235
Servizos	346	378	549	436	499
Sen actividade	0	0	0	0	0
TOTAL COMARCA	593	635	904	797	865
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132

O sector máis importante en función da cantidade de ofertas é o dos servizos, que incrementa o seu número nun 9,59% de variación media para o período 2000-2004. O crecemento prodúcese en todos os anos, excepto en 2003, no que se da unha mingua do -20,58% respecto a 2002.

O sector da construción obtén un saldo positivo no período, variación media do 4,64%. Este dato está propiciado polo forte incremento relativo que se produce entre 2001 e 2002 (variación interanual do 53,45%), que compensa grandemente as perdas producidas nos outros anos do quinquenio.

O sector secundario é o que máis medra no transcurso do período, 27,19% de variación media. Esta tendencia crecente reflíctese nas variacións interanuais, que chegan a acadar o 76,60% entre 2000 e 2001, producíndose tan só unha nota negativa entre 2001 e 2002 de -10,84%.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Un 7,51% das ofertas xestionadas polo servizo público de emprego tiñan como requirimento o sexo á hora de acceder a un posto de traballo. O 69,23% demandaban homes e o 30,77% mulleres. A maioría destas ofertas pertencen ao sector servizos e da construción.

As ofertas que se sitúan dentro do sector da construción só solicitaban homes, en tanto que dentro do sector servizos os homes son máis demandados en actividades inmobiliarias e servizos ás empresas. As mulleres requírense especialmente para hostalería.

O 72,14% das ofertas solicitan un determinado nivel académico. Dentro destas ofertas, o 81,73% requiren ter certificado de escolaridade, un 9,77% formación profesional e un 3,37% titulación universitaria.

No caso dos servizos, as ofertas concéntranse nas administracións públicas para todos os niveis académicos.

5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

	2000	2001	2002	2003	2004
Albanel	30	31	34	57	29
Camareiro - Barman	25	19	22	27	21
Axente comercial / Vendedor	18	15	16	18	19
Peón de albanel/Peón de obras públicas	30	21	41	26	18
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	6	1	2	9	18
Repoñedor	0	0	0	0	11
Administrativo	4	1	9	9	9
Peón industrial	0	1	8	4	7
Carpinteiro	9	4	9	6	7
Empregado/a do fogar	0	0	8	6	7

TÁBOA 18.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

A ocupación máis ofertada polos centros colaboradores na comarca do Condado en 2004 é a de albanel, seguida da de camareiro-barman e axente comercial/vendedor.

No tocante á evolución, destaca o estancamento da ocupación de albanel e de axente comercial/vendedor, en tanto que camareiro-barman retrocede (variación media de -4,27%).

TÁBOA 18.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	2000	2001	2002	2003	2004
Albanel	97	103	80	80	107
Peón da construción de edificios	76	46	59	35	80
Operador de máquina embotelladora de bebidas	0	0	0	0	60
Camareiro, en xeral	6	21	27	13	33
Cociñeiro, en xeral	1	3	15	15	18
Traballador retén incendios forestais	0	0	0	0	15
Peón da ind. manufactureira, en xeral	21	22	18	16	15
Escaiolista	4	10	18	6	14
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	3	3	5	6	14
Empregado administrativo, en xeral	6	8	11	17	13
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	13	12	13	15	13

Nas oficinas de emprego as ocupacións máis ofertadas en 2004 son as de albanel, peón da construción de edificios e operador de máquina embotelladora de bebidas. En canto á súa evolución, as dúas primeiras medran suavemente, con variacións medias do 2,48% e 1,29% respectivamente.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal

	Nº
As Neves	265
Mondariz	467
Mondariz-Balneario	660
Ponteareas	2.908
Salvaterra de Miño	1.002
TOTAL COMARCA	5.302
TOTAL PROVINCIA	285.090

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

O número de contratos da comarca do Condado supón o 1,86% do total da provincia de Pontevedra.

En relación cos concellos que compoñen a comarca, hai que sinalar a forte presenza de Ponteareas, que concentra máis da metade da contratación, o 54,85%. A unha distancia importante atópanse Salvaterra de Miño, co 18,90% e Mondariz-Balneario, co 12,45%.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
As Neves	250	234	168	206	265
Mondariz	373	316	298	391	467
Mondariz-Balneario	858	669	632	550	660
Ponteareas	2.401	2.355	2.418	2.659	2.908
Salvaterra de Miño	872	800	964	1.080	1.002
TOTAL COMARCA *	4.754	4.374	4.480	4.886	5.302
TOTAL PROVINCIA	280.669	280.543	275.659	281.952	285.090

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

A contratación na comarca do Condado aumenta nestes cinco anos, e presenta unha variación media de 2,76%. Este ritmo de crecemento é máis alto que o que se produciu na provincia de Pontevedra, a cal ten unha variación media de 0,39%.

En canto ás variacións interanuais, só se produce un decrecemento entre 2000 e 2001, cunha variación interanual de -7,99%, medrando nos anos posteriores do período. Na provincia só descende a contratación entre 2001 e 2002, e aumenta no resto de anos.

No concello de Ponteareas é onde, tanto en termos absolutos como relativos, medra máis a contratación, obtendo unha variación media de 4,91% e producíndose un incremento case que continuado durante todo o quinquenio.

Mondariz, Salvaterra de Miño e As Neves aumentan os contratos realizados, o que se reflicte en variacións medias de 5,78%, 3,54% e 1,47% respectivamente. Mondariz-Balneario é o único concello onde descende o número de contratos, presentando unha variación media de -6,35%.

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

	Nº CONTRATOS		Total
	Homes	Mulleres	
Menos de 26 anos	1.095	683	1.778
De 26 a 35 anos	1.062	777	1.839
De 36 a 45 anos	674	346	1.020
De 46 a 55 anos	372	150	522
De 56 e máis anos	120	23	143
TOTAL COMARCA	3.323	1.979	5.302
TOTAL PROVINCIAL	159.361	125.729	285.090

A contratación na comarca desvíase claramente cara ao colectivo masculino, xa que o 62,67% dos contratos realízase a homes e o 37,33% a mulleres. Unha masculinización moito máis marcada que no caso da provincia: 55,90% de contratos masculinos e 44,10% femininos.

O 68,22% dos contratos son asinados por menores de 36 anos, pertencendo un 40,68% ao colectivo masculino e un 27,53% ao colectivo feminino. Entre os maiores de 35 anos hai unha maior presenza masculina que feminina: 21,99% fronte ao 9,79%.


TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	3.012	2.766	2.844	2.957	3.323
Mulleres	1.742	1.608	1.636	1.929	1.979
TOTAL CONTRATOS	4.754	4.374	4.480	4.886	5.302

Tanto a contratación masculina como feminina aumentaron na comarca durante o período 2000-2004. En termos relativos, o maior crecemento experimentouno o colectivo feminino, cunha variación media do 3,24%, mentres que para os homes este dato é do 2,49%.

Para ambos os grupos é o ano 2001 o único en que se produce un retroceso na contratación, con variacións interanuais de -8,17% para os homes e de -7,69% para as mulleres, aumentando nos demais anos. O colectivo feminino experimenta o maior aumento en 2003, cunha variación interanual do 17,91%, e para o masculino este feito prodúcese en 2004, cunha variación interanual do 12,38%.

GRÁFICO 8: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.



As diferenzas na evolución da contratación masculina e feminina reflíctense na distribución dos contratos nos diferentes anos. A maior diferenza entre a contratación masculina e a feminina obsérvase en 2002, mentres que esta distancia acúrtase en menor medida no ano seguinte. Ao final do quinquenio a distancia entre a contratación feminina e a masculina é lixeiramente menor que ao inicio; así, en 2000 a diferenza era de 26,72 puntos a favor da contratación masculina e redúcese ata 25,34 puntos en 2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	1.996	1.782	1.682	1.737	1.778
De 26 a 35 anos	1.462	1.400	1.359	1.623	1.839
De 36 a 45 anos	780	692	873	923	1.020
De 46 a 55 anos	371	344	416	479	522
De 56 e máis anos	145	156	150	124	143
TOTAL CONTRATOS	4.754	4.374	4.480	4.886	5.302

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

Os grupos de idade que experimentan unha evolución positiva ao longo do período foron os de 26 a 35 anos, cunha variación media do 5,90% e con maior crecemento entre 2002 e 2003. O de 36 a 45 anos e o de 46 a 55 anos presentan unha variación media do 6,94% e 8,91%, respectivamente. Estes dous últimos intervalos teñen o seu maior crecemento entre 2001 e 2002.

Os dous restantes grupos de idade sofren un descenso moderado: os menores de 26 anos e os maiores de 55, con variacións medias de -2,85% e -0,35%, se ben no último ano do período ven aumentado o seu número de contratos.


5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	N.º
SECTOR PRIMARIO	197
Agricultura e pesca	197
SECTOR SECUNDARIO	767
Industria e electricidade	767
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.425
Construción	1.425
SECTOR SERVICIOS	2.913
Comercio e hostalería	975
Transporte e comunicacións	182
Outros servizos	1.756
TOTAL CONTRATOS	5.302

TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.


Un 54,94% da contratación comarcal é realizada no sector servizos, salientándose o subsector outros servizos, co 33,12%, e comercio e hostalería, co 18,39%. O segundo sector en importancia é a construción, que representa o 26,88% da contratación. Séguelle o secundario, co 14,47%, e o sector primario, co 3,72%.

GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación na industria.



O 52% da contratación na industria converxe nas actividades de alimentación e na de outras industrias. A unha distancia notoria atópase a metalurxia e fabricación de produtos metálicos, co 15%, madeira, co 14% e fabricación de produtos minerais non metálicos, co 12%.

GRÁFICO 10: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



O 34% dos contratos nos servizos realizáronse en actividades de servizos á comunidade, seguidos da hostalería, co 17%, e o comercio, co 14%. O 35% da contratación restante distribúese tal e como se reflicte no gráfico.

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	96	101	69	37	49	29	13
Agricultura e pesca	96	101	69	37	49	29	13
SECTOR SECUNDARIO	556	211	291	257	143	61	15
Industria e electricidade	556	211	291	257	143	61	15
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.353	72	463	414	304	205	39
Construción	1.353	72	463	414	304	205	39
SECTOR SERVIZOS	1.318	1.595	955	1.131	524	227	76
Comercio e hostalería	383	592	372	341	170	68	24
Transporte e comunicacións	135	47	35	91	41	11	4
Outros servizos	800	956	548	699	313	148	48
TOTAL CONTRATOS	3.323	1.979	1.778	1.839	1.020	522	143

A contratación feminina na comarca do Condado concéntrase no sector servizos, o que supón un 30,08% do total da contratación comarcal. Destaca a súa presenza no subsector de outros servizos, co 18,03%, e comercio e hostalería, cunha porcentaxe do 11,17%. Os contratos realizados aos homes en servizos supoñen o 24,86% do total da contratación, estando moi representados en outros servizos, co 15,09%, e en comercio e hostalería, co 7,22%.

A diferenza do que acontece co colectivo feminino, hai unha maior presenza masculina noutros sectores, como no da construción, cunha porcentaxe do 25,52%, e en menor medida no secundario, cun 10,49%.

Practicamente a metade da contratación comarcal, o 49,22%, faise a menores de 46 anos no sector servizos, e un 29,42% converxe no subsector de outros servizos. Este subsector é o que acapara o maior volume de contratación en todas as idades.

O segundo sector máis destacado polo número de contratación é o da construción, no que sobresaen os menores de 46 anos, que acumula un 22,27% do total dos contratos.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	62	169	201	315	197
Agricultura e pesca	62	169	201	315	197
SECTOR SECUNDARIO	934	854	693	805	767
Industria e electricidade	934	854	693	805	767
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.180	946	1.165	1.135	1.425
Construción	1.180	946	1.165	1.135	1.425
SECTOR SERVIZOS	2.578	2.405	2.421	2.631	2.913
Comercio e hostalería	781	783	785	959	975
Transporte e comunicacións	158	147	145	157	182
Outros servizos	1.639	1.475	1.491	1.515	1.756
TOTAL CONTRATOS	4.754	4.374	4.480	4.886	5.302


TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

A contratación no sector servizos aumenta durante o quinquenio (variación media anual do 3,10%), especialmente no intervalo 2003-2004, no que obtén unha variación interanual do 10,72%. Esta medra baséase, fundamentalmente, no subsector de comercio e hostalería e no de transporte e comunicacións, que obteñen variacións medias respectivas do 5,70% e 3,60%.

A construción segue unha tendencia crecente, acadando unha variación media do 4,83%, a pesar de teren descendido os contratos en 2001 e 2003. Pola contra, o sector secundario retrocede, cun -4,81% de variación media, xa que descende en todos os anos do período excepto en 2003. O sector primario evoluciona positivamente e logra unha variación media de 33,51%.

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 11: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.



O 70% da contratación realizada na comarca é temporal a tempo completo. O 18% é contratación temporal a tempo parcial e un 4% é de prácticas/formación.

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	79	48	23	45	23	25	11
Indefinido tempo parcial	21	40	14	27	14	5	X
Temporal	2.569	1.164	1.179	1.335	739	387	93
Temporal tempo parcial	289	651	368	349	149	53	21
Prácticas/Formación	137	61	182	13	X	0	0
Outros	228	15	12	70	92	52	17
TOTAL CONTRATOS	3.323	1.979	1.778	1.839	X	522	X

A contratación temporal a tempo completo é a máis común, tanto para o colectivo masculino como o feminino, así como en todos os segmentos de idade. A contratación masculina é a predominante para todas as modalidades, excepto as que implican tempo parcial. Os contratos temporais a tempo parcial asinados por mulleres representan o 12,28% do total da contratación e no caso dos homes o 5,45%. Na contratación indefinida a tempo parcial as mulleres obteñen un 0,75% e os homes un 0,40%.

A contratación temporal a tempo completo para os menores de 36 anos supón o 47,42% dos contratos na comarca. A contratación indefinida preséntase máis frecuentemente no intervalo de idade de 26 a 35 anos (0,85% a tempo completo e 0,51 % a tempo parcial).

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

	PRIMARIO Agr. Gand.	SECUNDARIO Industr. e Electric.	CONSTRUCCIÓN Construc.	SERVIZOS			Total
				Comerc.	Transp.	Outros	
Indefinido	X	35	21	43	X	24	70
Indefinido tempo parcial	X	10	4	31	X	11	45
Temporal	185	592	1.281	448	156	1.071	1.675
Temporal tempo parcial	9	87	54	392	16	382	790
Prácticas/Formación	0	43	65	61	4	25	90
Outros	0	0	0	0	0	243	243
TOTAL CONTRATOS	197	767	1.425	975	182	1.756	2.913

A modalidade de contratación temporal a tempo completo predomina en todos os sectores e subsectores. O sector servizos concentra a maior porcentaxe deste tipo de contratos: o 31,59%, destacando a proporción acadada en

outros servizos, que é do 20,20%. O resto das modalidades son máis frecuentes tamén no sector servizos. Cómpre destacar os contratos temporais a tempo parcial, que se concentran tamén no citado sector, cunha porcentaxe do 14,90%, obtendo un maior peso no comercio, co 7,39%.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	220	190	134	178	127
Indefinido tempo parcial	52	39	41	69	61
Temporal	3.319	2.841	3.003	3.343	3.733
Temporal tempo parcial	721	789	821	859	940
Prácticas/Formación	183	166	244	197	198
Outros	259	349	237	240	243
TOTAL CONTRATOS	4.754	4.374	4.480	4.886	5.302

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

A contratación temporal a tempo completo evoluciona positivamente na comarca do Condado durante o período 2000-2004, cunha variación media do 2,98%. Só decrece en 2001, presentando un -14,40% de variación interanual, e medra nos demais anos, sobre todo nos dous últimos.

Os contratos temporais a tempo parcial tamén aumentaron o seu volume –variación media de 6,86%–, igual que sucede cos indefinidos a tempo parcial e os de prácticas, se ben estes últimos medran nunha medida máis modesta en termos absolutos.

A contratación indefinida a tempo completo decrece ao longo do período –variación media de -12,83%–, aumentando o seu número de contratos só en 2003.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	X	11,28
HOMES	X	9,33
MULLERES	X	31,61
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	434	10,32
HOMES	326	8,64
MULLERES	108	16,32
3. Técnicos e profesionais de apoio	235	8,92
HOMES	95	-0,26
MULLERES	140	18,50
4. Empregados de tipo administrativo	361	4,82
HOMES	82	2,95
MULLERES	279	5,41
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	1.074	2,29
HOMES	338	-0,22
MULLERES	736	3,56
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	48	-24,02
HOMES	29	-8,84
MULLERES	19	-34,30
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	1.163	4,94
HOMES	1.095	4,71
MULLERES	68	9,10
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	469	5,26
HOMES	370	6,37
MULLERES	99	1,58
9. Traballadores non cualificados	1.495	-0,32
HOMES	968	-1,11
MULLERES	527	1,22
TOTAL CONTRATOS	5.302	2,76
TOTAL HOMES	3.323	2,49
TOTAL MULLERES	1.979	3,24

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

Os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación son:

- Traballadores non cualificados, que representan o 28,20% do total comarcal.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería, co 21,94%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio, co 20,26%.
- Operadores de instalación de maquinaria e montadores, que representan o 8,85%
- Técnicos profesionais científicos e intelectuais, co 8,19%.

Segundo o xénero, os grupos máis significativos son os seguintes:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería, co 20,65%. • Traballadores non cualificados, co 18,26%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores, co 6,98%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, co 13,88%. • Traballadoras non cualificados, co 9,94%. • Empregadas de tipo administrativo, co 5,26%.

Só en tres grandes grupos de ocupación predomina a presenza feminina:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio, que supón un 13,88% para o colectivo feminino e un 6,37% para o colectivo masculino.
- Empregadas de tipo administrativo: 5,26% para o colectivo feminino e 1,55% para o masculino.
- Técnicos e profesionais de apoio: 2,64% para o colectivo feminino e 1,79% para o masculino.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

TABOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
71100016	Albanel	541	537	4	99,26
50200018	Camareiro, en xeral	510	214	296	41,96
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	498	357	141	71,69
96020014	Peón da construción de edificios	427	423	4	99,06
25130104	Músico instrumentista, en xeral	278	258	20	92,81
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	214	4	210	1,87
42100010	Empregado administrativo, en xeral	210	52	158	24,76
86300016	Condutor de camión, en xeral	172	167	5	97,09
71200017	Encofrador	158	152	6	96,20
53300010	Dependente de comercio, en xeral	153	25	128	16,34
TOTAL		3.161	2.189	972	69,25

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

O 59,62% do total de contratos da comarca do Condado realízanse entre as dez ocupacións máis contratadas. Destacan a de albanel, co 10,20%, camareiro en xeral, co 9,61% e peón da industria manufacturera en xeral, que representa o 9,39%.

Para o colectivo masculino, as ocupacións máis contratadas son as de albanel (16,16%), peón da construción de edificios (12,73%) e peón da industria manufacturera en xeral (10,74%). Para o colectivo feminino son as de camareira en xeral, co 14,96%, muller da limpeza, co 10,61% e empregada administrativa en xeral, cun 7,98%.

A presenza da contratación masculina é superior á feminina no conxunto das dez ocupacións, cun ratio de masculinidade do 69,25%. Destacan, polo alto nivel de contratación masculina, as de albanel cun ratio do 99,26%, peón da construción de edificios, co 99,06%, e condutor de camión en xeral, co 97,09. Pola contra, prevalece a contratación feminina nas de muller/mozo de limpeza, limpador en xeral, cun ratio do 1,87%, dependente de comercio en xeral, co 16,34%, e empregada administrativa, co 24,76%.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
71100016	Albanel	470	405	413	426	541
50200018	Camareiro, en xeral	449	400	394	375	510
97000011	Peón da ind. manufacturera, en xeral	754	853	701	646	498
96020014	Peón da construción de edificios	268	264	344	374	427
25130104	Músico instrumentista, en xeral	183	204	242	231	278
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	276	223	187	234	214
42100010	Empregado administrativo, en xeral	229	194	228	211	210
86300016	Condutor de camión, en xeral	157	173	163	164	172
71200017	Encofrador	63	31	54	57	158
53300010	Dependente de comercio, en xeral	217	169	156	184	153
50100017	Cociñeiro, en xeral	122	107	78	117	127
71300018	Carpinteiro, en xeral	83	77	92	56	65
60210168	Traballador agrícola da vide	117	X	17	190	20

TÁBOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

Hai tres ocupacións que saen fóra da lista de dez ocupacións máis contratadas en 2004, que son: carpinteiro en xeral, traballador agrícola da vide e cociñeiro en xeral. Esta última aumenta moi lixeiramente o seu número de contratos, cunha variación media anual do 1,01%; a segunda reduce o seu número de contratos, cunha variación media anual de -35,70%; no que respecta a carpinteiro en xeral, descende cunha variación media anual de -5,93%

As subidas máis importantes en termos relativos prodúcense nas ocupacións de encofrador, cunha variación anual media do 25,84%, grazas ao seu crecemento entre 2003 e 2004; peón da construción de edificios (variación media do 12,35%), con subidas practicamente continuadas en todos os anos, e músico instrumentista en xeral (variación media do 11,02%).

Os descenso máis importantes prodúcense en peón da industria manufacturera, en xeral, que obtén unha variación media de -9,85%, con descenso pronunciados en 2002, 2003 e, sobre todo, en 2004, e en muller/mozo limpeza, limpador en xeral, que presenta unha variación media anual de -6,16%, con reducións importantes en 2001 e 2002.

5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

TABOA 33: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Agraria	19	9,05	1	8,33
Administración e oficinas	17	1,81	1	1,82
Artesanía	18	20,45	1	20,00
Comercio	16	5,93	1	6,67
Servizos ás empresas	21	0,46	1	0,36
Edificación e obras públicas	29	5,88	1	3,45
Industrias da madeira e a cortiza	16	18,82	1	20,00
Sanidade	18	3,65	1	3,45
Seguros e finanzas	20	6,15	1	5,56
Servizos á comunidade e persoais	16	4,42	1	4,76
Transportes e comunicacións	17	3,76	1	3,57
TOTAL	207	1,69	11	1,55

En canto á formación profesional ocupacional na comarca do Condado, en 2004 foron formadas 207 persoas. A familia profesional na que máis alumnos participaron é edificación e obras públicas, que representa un 14,01% do total comarcal. Séguelle servizos ás empresas, co 10,14% e seguros e finanzas, co 9,66%.


En relación coa provincia de Pontevedra, artesanía representa o 20,45% do alumnado e industrias da madeira e da cortiza o 18,82%. Respecto aos cursos, artesanía e industrias da madeira e da cortiza representan, cada un, o 20% da oferta na provincia.

5.6.- CONCLUSIONES

- Na comarca do Condado o número de empresas medra de xeito continuado durante o quinquenio 2000-2004. O mesmo acontece cos traballadores por conta allea e cos autónomos.
- Seguindo a liña provincial, o sector servizos é o que destaca por ter o maior número de empresas, traballadores por conta allea e autónomos da comarca, sector que crece con continuidade, tal como acontece cos demais sectores, excepto o primario, que só medra no que atinxe ao número de autónomos.
- O 4,75% dos demandantes parados da provincia proceden da comarca do Condado; en canto aos demandantes non parados, representan o 3,68% provincial. A importancia relativa dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia é lixeiramente máis alta en 2004 que en 2000. O concello de Ponteareas agrupa máis da metade dos demandantes comarcais.
- A maior porcentaxe de demandantes comarcais son parados con emprego anterior, tal como acontece no ámbito provincial. Dáse unha forte feminización dos demandantes parados, sendo semellante ao que se dá a nivel provincial. En relación coa idade, predominan os demandantes de 26 a 35 anos, e se atendemos ao nivel académico, os máis frecuentes, tanto para parados como non parados, son os que teñen ata certificado de escolaridade.
- A maioría dos demandantes parados da comarca do Condado levan menos de 6 meses buscando emprego. A partir dos 56 anos para os homes e dos 46 anos para as mulleres predominan os parados de longa duración, especialmente entre o colectivo feminino.
- O sector servizos configura a procedencia da maior porcentaxe de demandantes, parados e non parados. O grupo máis numeroso de demandantes parados nos servizos procede da hostalería. No que atinxe á industria, o grupo máis numeroso do que proceden os demandantes é o das actividades de alimentación. É de salientar que a ocupación máis demandada é a de muller/mozo de limpeza, limpador en xeral.
- As ofertas de emprego crecen de xeito importante durante o período 2000-2004, situándose por riba do aumento relativo producido na provincia. A comarca do Condado representa o 2,78% das ofertas de emprego da provincia de Pontevedra. O concello de Ponteareas practicamente concentra a totalidade das ofertas da comarca.
- A maioría das ofertas do Condado concéntranse no sector servizos, e en menor medida na construción. Por actividades, a maioría das ofertas da industria derivan das actividades de alimentación e a maior parte das dos servizos derivan das actividades vinculadas ás administracións públicas.
- Un 7,51% das ofertas xestionadas polo servizo público de emprego no Condado tiñan como requirimento o sexo á hora de acceder a un posto de traballo, en tanto que un 72,14% esixían un nivel académico determinado, se ben na súa gran maioría só solicitaban ter como máximo o certificado de escolaridade. A ocupación máis ofertada nos centros colaboradores e nas oficinas de emprego foi a de albanel.
- O número de contratos comarcais supón o 1,86% do total da provincia de Pontevedra. A contratación comarcal aumenta durante o período 2000-2004 a un ritmo máis alto que o provincial. O concello de Ponteareas concentra a maioría da contratación comarcal, seguido polo de Salvaterra de Miño.
- A contratación na comarca destaca pola importancia da realizada aos homes, debuxándose un perfil máis masculinizado que o provincial. Tanto a contratación

feminina como a masculina aumentaron na comarca durante o período 2000-2004; en datos relativos a primeira medrou levemente máis que a última.

- O 68,22% dos contratos son asinados por menores de 36 anos. Cinco de cada dez contratos realízanse no sector servizos, séguelle en importancia o sector da construción. Dentro dos nos servizos predominan os contratos realizados nas actividades de servizos á comunidade, mentres que na industria prevalecen os asinados en outras industrias.
- A modalidade de contratación temporal a tempo completo é a máis común en todos os sectores, subsectores, idades e sexos, igual que acontece na provincia; este tipo de contratación evoluciona positivamente na comarca durante o período 2000-2004, ao igual que sucede coa contratación temporal a tempo parcial.
- As ocupacións máis contratadas son a de albanel e camareiro en xeral, predominando nelas a contratación masculina.
- En 2004 celebráronse once cursos de formación ocupacional sen compromiso de contratación que contaron cun total de douscentos sete alumnos.



Comarca do Deza



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	103	5,81	3.577	29,36	154	5,47
Agricultura e pesca	103	5,81	3.577	29,36	154	5,47
SECTOR SECUNDARIO	269	15,18	2.801	22,99	333	11,84
Industria e electricidade	269	15,18	2.801	22,99	333	11,84
SECTOR CONSTRUCCIÓN	369	20,82	2.054	16,86	610	21,69
Construcción	369	20,82	2.054	16,86	610	21,69
SECTOR SERVIZOS	1.031	58,18	3.751	30,79	1.716	61,00
Comercio e hostalería	562	31,72	1.782	14,63	1.156	41,09
Transporte e comunicacións	115	6,49	408	3,35	230	8,18
Outros servizos	354	19,98	1.561	12,81	330	11,73
TOTAL	1.772	100,00	12.183	100,00	2.813	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

A empresas da comarca de Deza encádranse principalmente no sector dos servizos –58,18%–. En segundo lugar, outra cantidade importante de empresas, o 20,82% do total, reúnen en torno ao sector da construción.

Dentro dos servizos, destaca o elevado peso relativo das empresas dedicadas a actividades relacionadas co comercio e a hostalería, que representan o 31,72% do total da comarca. Trátase con diferenza do ramo de actividade máis importante en canto a cantidade de empresas.

O maior número de traballadores por conta allea, o 30,79%, sitúanse no sector servizos e repártense en proporcións similares entre o comercio e hostalería e os outros servizos. Así e todo, é destacable a alta concentración de asalariados no sector primario, na que se reúnen o 29,36% do total de traballadores por conta allea. Este resultado significa ademais que no sector primario danse as taxas máis elevadas de traballador por empresa. Por último, en canto aos asalariados, cabe citar que o terceiro colectivo máis importante en termos cuantitativos é o do sector secundario (22,82%).

A presenza de autónomos é moi maioritaria nos servizos, sector no que se concentran o 61% dos traballadores deste tipo. Principalmente os autónomos

desenvolven a súa actividade no comercio e na hostalería. O segundo grupo máis numeroso de autónomos, a gran distancia do anterior, é o da construción, co 21,69%.

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas.
Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	169	192	162	56	103
Agricultura e pesca	169	192	162	56	103
SECTOR SECUNDARIO	260	257	256	262	269
Industria e electricidade	260	257	256	262	269
SECTOR CONSTRUCCIÓN	290	309	329	346	369
Construción	290	309	329	346	369
SECTOR SERVICIOS	857	903	948	992	1.031
Comercio e hostalería	490	507	526	522	562
Transporte e comunicacións	87	86	97	112	115
Outros servizos	280	310	325	358	354
TOTAL	1.576	1.661	1.695	1.656	1.772

A evolución da cantidade de empresas entre 2000 e 2004 tivo un balance positivo, variación media do 2,97%. Esta expansión non foi continua e coñeceu diferentes fases. No 2004 foi cando máis aumentou, e fíxoo nun 7% respecto ao ano anterior.

Os datos por sectores mostran diferentes tendencias evolutivas. Podemos distinguir tres grupos. En primeiro lugar, o sector da construción e o dos servizos medraron a un ritmo acumulativo anual do 6,21% e 4,73% respectivamente. Estas variacións medias son ademais representativas de como foi a evolución de cada un destes sectores ano tras ano. En ambos os casos, as variacións interanuais reflicten un ritmo de crecemento moi similar á media. Por outra banda, o sector secundario mostra como saldo final un crecemento moderado ao longo do período, cunha variación media do 0,85%. E, por último, cabe citar a evolución negativa do sector primario, que se caracteriza ademais, a diferenza dos casos anteriores, por grandes oscilacións, sobre todo nos anos finais.

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores.
Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	3.539	3.692	3.671	3.682	3.577
Agricultura e pesca	3.539	3.692	3.671	3.682	3.577
SECTOR SECUNDARIO	2.482	2.595	2.692	2.822	2.801
Industria e electricidade	2.482	2.595	2.692	2.822	2.801
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.575	2.027	2.155	1.951	2.054
Construción	1.575	2.027	2.155	1.951	2.054
SECTOR SERVICIOS	2.680	2.988	3.214	3.544	3.751
Comercio e hostalería	1.264	1.451	1.594	1.728	1.782
Transporte e comunicacións	289	308	321	347	408
Outros servizos	1.127	1.229	1.299	1.469	1.561
TOTAL	10.276	11.302	11.732	11.999	12.183

O número de traballadores por conta allea entre 2000 e 2004 pasou de 10.276 no ano inicial a 12.183 no ano final. En termos relativos, isto supón un crecemento medio acumulativo anual do 4,35%. Esta expansión foi moito máis intensa entre 2000 e 2001 que nos anos posteriores, no que o ritmo foi diminuindo ano tras ano.

Este aumento dos traballadores por conta allea reflectido polos datos globais debeuse principalmente ao comportamento moi positivo do sector servizos e do da construción, que medraron a unha taxa acumulativa anual do 8,97% e do 6,86% respectivamente. Dentro dos servizos, tanto o comercio e a hostalería como os outros servizos tiveron un crecemento sostido e continuo de intensidade similar, cunha variación media de 8,97% e 8,49%, respectivamente.

O sector secundario aumentou tamén o seu número de asalariados ao longo do período. En termos relativos, a expansión foi máis moderada que nos casos anteriores; en concreto, a taxa de crecemento acumulativa anual situouse no 3,07%. Atendendo ás variacións interanuais producidas neste sector, obsérvase que entre 2000 e 2003 o crecemento no número de traballadores por conta allea foi superior ao sinalado pola variación media, mentres que no último ano produciuse un certo estancamento.

Pola súa parte, o trazo característico da evolución dos asalariados no sector primario ao longo destes anos foi o dun leve crecemento, tendencia que se aprecia máis claramente nos anos centrais. A variación media anual rexistrada no número de traballadores por conta allea neste sector foi do 0,27%.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	82	92	119	141	154
Agricultura e pesca	82	92	119	141	154
SECTOR SECUNDARIO	267	310	308	328	333
Industria e electricidade	267	310	308	328	333
SECTOR CONSTRUCCIÓN	388	436	483	543	610
Construción	388	436	483	543	610
SECTOR SERVIZOS	1.265	1.390	1.508	1.561	1.716
Comercio e hostalería	864	953	1.029	1.058	1.156
Transporte e comunicacións	172	190	211	211	230
Outros servizos	229	247	268	292	330
TOTAL	2.002	2.228	2.418	2.573	2.813

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

O número de autónomos entre 2000 e 2004 tamén medrou considerablemente, pasando dos 2.002 que había ao comezo do período aos 2.813 contabilizados no último ano de referencia. En termos relativos, este aumento supuxo unha variación media do 8,87% anual. Cómpre sinalar ademais que a expansión dos traballadores por conta propia produciuse en todos os anos considerados e non houbo grandes oscilacións.

Se desagregamos os datos xerais por sectores económicos, obsérvase que o crecemento no número de autónomos foi común a todos eles. A maior expansión relativa tivo lugar nas actividades primarias, se ben en termos absolutos estamos a falar de cifras moi reducidas.

Descontado o sector primario, a construción foi onde tivo lugar o aumento máis importante do número de autónomos en termos relativos. O crecemen-

to medio acumulativo anual foi do 11,98% e as variacións interanuais situáronse arredor deste valor medio.

Despois do da construción, o sector dos servizos foi o que experimentou unha maior expansión media anual do seu número de autónomos; en concreto esta foi do 7,92%. Respecto ás variacións interanuais, o crecemento neste sector foi en todos os anos lixeiramente superior ao sinalado polo indicador medio, excepto en 2003, no que o ritmo diminuíu ata o 3,51%. En canto a evolución dos subsectores, destaca o incremento producido nos outros servizos, variación media do 9,56%.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes galegos por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Agolada	66	39	105
Dozón	29	19	48
Lalín	617	376	993
Rodeiro	69	36	105
Silleda	240	145	385
Vila de Cruces	191	79	270
TOTAL	1.212	694	1.906

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia – PARADOS	2,16
% comarca/provincia - NON PARADOS	2,52

Na distribución de 2004 dos demandantes parados da comarca de Deza segundo os concellos destaca notablemente Lalín sobre o resto. Neste municipio concéntranse o 52,10% do total de demandantes. A unha distancia considerable están os concellos de Silleda e Vila de Cruces, co 20,20% e o 14,17% respectivamente, mentres que o resto do total de demandantes –13,54%– repártese entre os municipios de Rodeiro, Agolada e Dozón.

Comparando as cifras de parados coas de non parados, obsérvase que no conxunto da comarca os primeiros predominan claramente sobre os segundos. Así, o 63,58% do total de demandantes son parados, en tanto que o 36,42% son demandantes non parados. Cómpre engadir, ademais, que en todos os concellos os demandantes parados son netamente superiores aos non parados.

Por último, en relación coa provincia, a comarca de Deza representa en 2004 o 2,16% dos demandantes parados e o 2,52% dos non parados de Pontevedra.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	1.341	1.081	1.222	1.205	1.212
Variación interanual %	-	-19,39	13,04	-1,39	0,58
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	2,69	2,20	2,30	2,14	2,16

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

A evolución dos demandantes parados entre 2000 e 2004 mostra un decrecemento importante ao inicio do período, entre 2000 e 2001, e unha posterior recuperación e estabilización nos anos seguintes, descontando un leve decrecemento en 2003.

En relación coa provincia, o número de demandantes parados na comarca perdeu bastante peso relativo. En 2004, tal e como indicabamos anteriormente, os demandantes parados de Deza supoñían o 2,16% da provincia; en tanto que en 2000 esta porcentaxe elevábase ata o 2,69%.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	226	11,86	10,83
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	986	51,73	56,25
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	108	5,67	3,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	265	13,90	12,61
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	110	5,77	5,95
	En expediente de regulación de emprego	X	0,10	1,07
	Demandantes de mellora de emprego	168	8,81	6,47
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	32	1,68	2,70
	Resto de demandantes	9	0,47	0,55
TOTAL		X	100,00	100,00

Atendendo á situación laboral dos demandantes, o primeiro dato salientable é que máis da metade –51,73%– son parados con emprego anterior. O segundo grupo en orde de importancia sitúase a unha distancia considerable e é o de non parados tamén con emprego anterior. Estes últimos representan o 13,90% do total. Pola súa parte, o conxunto de demandantes de primeiro emprego, parados ou non, supoñen o 17,61%.

No ámbito da provincia de Pontevedra, a distribución dos demandantes pola súa situación laboral é idéntica á da comarca de Deza en canto á orde de importancia dos diferentes grupos, pero presenta diferenzas en canto ao peso relativo concreto de cada un deles. A variación máis notable entre a provincia e a comarca ten que ver co colectivo máis numeroso: o de demandantes parados con emprego anterior. Este grupo representa o 56,25% da provincia fronte ao xa citado 51,73% da comarca.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	93	126	18,07	17,63
26 a 35 anos	132	222	29,21	30,34
36 a 45 anos	108	142	20,63	21,96
46 a 55 anos	106	98	16,83	18,05
56 e máis anos	116	69	15,26	12,02
TOTAL COMARCA	555	657	100,00	2,16
TOTAL PROVINCIA	21.868	34.246	2,16	100,00

Os demandantes parados da comarca pertencen maioritariamente ao colectivo feminino. En particular, as mulleres supoñen o 54,21% e os homes o 45,79%

restante. Atendendo ás idades, a maior parte deste tipo de demandantes, independentemente do sexo, teñen entre 26 e 35 anos, en concreto o 29,21%.

O cruzamento das variables sexo e idade confirma o predominio das mulleres entre 26 e 35 anos e, ademais, dinos que aproximadamente un de cada cinco demandantes parados da comarca pertence a este grupo; en concreto o 18,32%. O segundo colectivo por sexo e idades máis importante en termos cuantitativos é o de mulleres de entre 36 e 45 anos –11,72%–. E a continuación vén o de homes de 26 a 35 anos, que representan o 10,89% do total de demandantes parados.

As distribucións de parados por idades na comarca e na provincia presentan valores relativos moi semellantes. A orde de importancia dos diferentes grupos é a mesma en ambas as series. E a diferenza porcentual máis ampla dáse no grupo de maior idade, de maiores de 55 anos, que no caso da comarca representa o 15,26% e no da provincia o 12,02%.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	31	70	14,55	16,70
26 a 35 anos	79	131	30,26	28,41
36 a 45 anos	41	97	19,88	21,54
46 a 55 anos	47	70	16,86	18,39
56 e máis anos	90	38	18,44	14,95
TOTAL COMARCA	288	406	100,00	2,52
TOTAL PROVINCIA	10.384	17.165	2,52	100,00


TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

Os demandantes non parados da comarca tamén pertencen maioritariamente ao colectivo feminino, igual que acontecía cos parados. Entre os non parados, as mulleres representan o 58,50% e os homes o 41,50% restante. En relación coas idades, e independentemente do sexo, predominan entre este tipo de demandantes os que teñen entre 26 e 35 anos, grupo que supón o 28,41% do total.

Case un de cada cinco demandantes non parados son, como no caso dos desempregados, mulleres de entre 26 e 35 anos, concretamente o 18,88%. O segundo colectivo por sexo e idades de maior peso relativo é o de mulleres que teñen entre 36 e 45 anos, que representan o 13,98% do total. E despois o de homes de maior idade, isto é, os maiores de 55 anos, que supoñen o 12,97% do total de demandantes non parados.

As distribucións de non parados por idades na comarca e na provincia presentan valores relativos semellantes, pero non tanto coma no caso das series de parados. A orde de importancia dos diferentes grupos coincide no caso dos de maior peso relativo. Tanto na serie comarcal como na provincial, os tramos de idade de maior peso relativo son, por esta orde, os de 26 a 35 anos e os de 26 a 45 anos. No resto prodúcense variacións. En canto á maior diferenza porcentual entre unha e outra serie, esta é de 3,5 puntos porcentuais e dáse no intervalo de maior idade.

GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.



A representación gráfica da distribución porcentual do total de demandantes por sexo e idades permítenos realizar o seguinte resumo dos trazos máis destacables. Respecto aos sexos, apréciase con claridade o grande peso relativo do colectivo feminino sobre o total. No tocante ás idades, pódese observar que a barra dos demandantes comprendidos entre 26 e 35 anos é de moito maior tamaño que as demais; isto é indicativo, por suposto, dun predominio claro deste grupo de idades no total. Por último, en relación coa información cruzada, vese que ata os 55 anos o colectivo feminino ten máis peso que o masculino, mentres que no último tramo de idade ocorre o contrario.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	455	256	711
Titulación de ensinanza obrigatoria	433	234	667
Formación profesional	89	48	137
BUP/Bacharelato superior/COU	111	77	188
Titulados universitarios	99	73	172
Outras titulacións	25	6	31
TOTAL	1.212	694	1.906

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Se temos en conta a variable nivel académico, o resultado que primeiro destaca na repartición de demandantes parados e non parados é que a gran maioría, case as tres cuartas partes do total –72,30%–, só teñen estudos obrigatorios ou nin sequera chegaron a acadar este nivel. Esta porcentaxe é superior no caso dos demandantes desempregados –73,27%– e inferior no dos non parados, que é do 70,61%.

Os demandantes totais que teñen estudos superiores ao ensino obrigatorio, o 30,70% restante, distribúense en proporcións parecidas entre as diversas categorías (excluída a de outras titulacións, que é case marxinal). Deste xeito, os que teñen o bacharelato, titulación universitaria, ou formación profesional, supoñen respectivamente o 9,86%, 7,19% e 7,02%.

Acabamos de ver que a proporción de demandantes parados que teñen como máximo estudos obrigatorios é maior que no caso dos non parados. Respecto á porcentaxe de parados restante –26,73%–, a orde de importancia relativa dos diferentes grupos é a seguinte: o 9,16% teñen o bacharelato, o 8,17% son titulados universitarios e o 7,34% teñen a FP.

Pola súa parte, en relación coa porcentaxe de non parados restante –29,39%–, a orde de importancia relativa dos diferentes grupos é a mesma que no caso dos desempregados, e as porcentaxes concretas son as que seguen: o 11,10% teñen o bacharelato, o 10,52% son titulados universitarios e o 6,92% teñen a FP.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	78	11	X	93
	Mulleres	90	23	13	126
26 a 35 anos	Homes	101	17	14	132
	Mulleres	120	42	60	222
36 a 45 anos	Homes	61	24	23	108
	Mulleres	49	25	68	142
46 a 55 anos	Homes	53	18	35	106
	Mulleres	32	15	51	98
56 e máis anos	Homes	24	15	77	116
	Mulleres	11	X	54	69
TOTAL COMARCA		619	X	X	1.212
TOTAL PROVINCIA		29.022	8.000	19.092	56.114

TÁBOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Na clasificación dos demandantes parados da comarca por tempo de busca de emprego, temos que máis da metade, o 51,07%, leva menos de seis meses nesta situación. Case un terzo, o 32,92%, son parados de longa duración, isto é, levan máis dun ano á procura dun traballo. O resto –16,01%– levan entre seis meses e un ano.

No ámbito provincial, a distribución relativa dos demandantes parados por tempo de busca de emprego é semellante á comarcal. Á vista dos datos, a maior diferenza entre ambas as series está na proporción de parados de longa duración, proporción que na comarca é algo inferior á da provincia, en concreto, dous puntos porcentuais.

O grupo de demandantes parados máis numeroso da comarca, tendo en conta as variables sexo, idade e tempo de busca de emprego, é o de mulleres de entre 26 e 35 anos que levan menos de 6 meses na procura dun traballo. Este segmento do colectivo feminino representa o 9,90% do total de demandantes parados.

Por último, en canto ao paro de longa duración, compre subliñar que as persoas que están nesta situación son principalmente mulleres –20,30% do total de demandantes parados–. Este tipo de paro, ademais, adquire especial relevancia a partir dos 36 anos no caso das mulleres e dos 56 anos no dos homes.

5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia


TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	38	20	58
Sector secundario	205	90	295
Construción	209	82	291
Sector servizos	536	382	918
Sen actividade previa	224	120	344
TOTAL	1.212	694	1.906

A distribución comarcal de demandantes por actividade económica amosa que estes se reúnen principalmente ao redor dos servizos –48,16%–. Outra proporción importante dos demandantes, o 30,75%, concéntrase en torno os sectores secundario e da construción.

Os datos anteriores, relativos ao total de demandantes, presentan algunhas variacións se os desagregamos por parados e non parados. A orde de importancia dos diferentes grupos segue sendo a mesma, pero o peso relativo de cada un deles é diferente. Así, na serie de parados os demandantes relacionados cos servizos supoñen o 44,22% do total de parados e os vinculados aos sectores secundario e construción o 34,15%. Mentres que, pola súa parte, na serie de non parados, os demandantes na categoría servizos representan o 55,04% e nos sectores secundario e construción o 24,79%.

GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.



Dentro da industria, podemos diferenciar entre tres grupos de demanda. O máis importante en termos cuantitativos correspóndese coas actividades do téxtil e da alimentación e representa o 45% das demandas industriais. O segundo representa o 39% e está constituído por tres tipos de actividades: alimentación, madeira e outras industrias. E, por último, o terceiro grupo de demanda industrial –16%– está formado polas actividades da metalurxia e fabricación de produtos metálicos e a de fabricación de produtos minerais non metálicos.




GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.

Dentro dos servizos destacan as actividades de comercio e a das administracións públicas, que supoñen en conxunto o 42% do total. En segundo lugar, co 27%, as de hostalería e actividades inmobiliarias e servizos ás empresas.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empleado administrativo, en xeral	162	8,50	8,62
Dependente de comercio, en xeral	152	7,97	9,44
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	115	6,03	7,18
Albanel	81	4,25	2,09
Camareiro, en xeral	67	3,52	3,06
Peón da construción de edificios	49	2,57	1,84
Modista/o	49	2,57	1,07
Cociñeiro, en xeral	48	2,52	1,76
Peón da ind. manufactureira, en xeral	45	2,36	7,23
Conductor de camión, en xeral	42	2,20	0,69

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Empleado administrativo, en xeral	Dependente de comercio, en xeral

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
Agolada	37
Dozón	12
Lalín	845
Rodeiro	10
Silleda	107
Vila de Cruces	27
TOTAL COMARCA	1.038

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	31.132
COMARCA/PROVINCIA:	1,96

No ano 2004 na comarca de Deza contabilizáronse 1.038 ofertas de traballo, que representan o 1,96% da provincia de Pontevedra. Os traballos ofertados na comarca concentráronse principalmente no concello de Lalín –81,41% do total–. Do 19,59% restante, máis da metade son ofertas procedentes do municipio de Silleda.

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Agolada	10	11	37	14	37
Dozón	2	7	8	25	12
Lalín	1.270	1.566	1.071	1.006	845
Rodeiro	1	2	17	15	10
Silleda	55	110	97	87	107
Vila de Cruces	25	35	20	23	27
TOTAL COMARCA	1.363	1.731	1.250	1.170	1.038
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132

A evolución das ofertas na comarca no período 2000-2004 mostra unha tendencia regresiva. O saldo final reflicte un descenso notable como resultado dun retroceso medio acumulativo anual de -6,58%. Pola súa banda, as variacións interanuais indicannos que durante estes anos se produciron importantes oscilacións no número de traballos ofertados.

En todos os anos, agás en 2002, a comarca e a provincia evolucionaron no mesmo sentido, aínda que en distintas magnitudes. A diferenza máis destacable está en 2002, ano en que a comarca de Deza experimentou un descenso notable do número de ofertas laborais, en tanto que na provincia ocorreu o contrario. Como consecuencia desta situación, a variación media da provincia é de 1,67%, o que denota un pequeno crecemento ao longo do quinquenio.

A pauta evolutiva da comarca está fortemente condicionada polo comportamento das ofertas en Lalín. Neste concello, houbo ao comezo do período unha expansión significativa do número de ofertas, seguida nos anos posteriores dunha diminución de maior intensidade. Así, no 2001 as ofertas medraron nun 23,31% respecto ao ano anterior, en tanto que no 2002 descendieron nun 31,61%. A tendencia regresiva continuou, a menor ritmo, en 2003 e 2004. Desta maneira, a variación media acumulativa anual en Lalín acadou no período un valor do -9,68%.

En contraste co acontecido en Lalín, nos demais concellos da comarca a evolución do número de ofertas laborais tivo un saldo final positivo. Dadas as cifras absolutas, unicamente cómpre subliñar que no municipio de Silleda estas ofertas case se duplicaron ao longo do período.




GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

O gráfico anterior mostra a evolución das ofertas en Lalín fronte ao resto de concellos da comarca. Este gráfico permite apreciar instantaneamente que o concello principal trazou unha liña evolutiva moi diferente á do resto de concellos como conxunto. Ademais, vense con claridade os outros aspectos comentados liñas arriba, como o grande peso relativo de Lalín no conxunto da comarca ou o descenso de alta intensidade experimentado en 2002.

5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
Agolada	0	8	1	28
Dozón	0	11	0	1
Lalín	12	174	200	459
Rodeiro	0	0	1	9
Silleda	6	11	49	41
Vila de Cruces	5	5	8	9
TOTAL COMARCA	23	209	259	547
TOTAL PROVINCIA	363	3.256	5.601	21.900

TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

Dado o importante peso do concello de Lalín en volume de ofertas, este destaca claramente nos diversos sectores económicos. A unha notable distancia sitúase o concello de Silleda, se ben comparte a segunda posición con Dozón no sector secundario.





GRÁFICO 5: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.


No gráfico anterior sobre a distribución das ofertas por sectores económicos en 2004 pódese observar o predominio do sector terciario, cun 53% das ofertas totais da comarca, a importancia dos sectores construción e secundario, co 25% e 20% respectivamente e, por último, o carácter marxinal do primario.

GRÁFICO 6: Distribución porcentual das ofertas na industria.



Na distribución porcentual das ofertas na industria en 2004, destacan dous tipos de actividades: a alimentación e a metalurxia e fabricación de produtos metálicos, que representan en conxunto o 62% do total, porcentaxe que se reparte de forma equitativa entre ambas. A continuación están as actividades relacionadas coa madeira e as vinculadas á categoría de outras industrias, que supoñen cada unha delas o 13% do total de ofertas industriais.

GRÁFICO 7: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



En canto á repartición porcentual das ofertas nos servizos, é claramente visible a forte presenza das ofertas procedentes das administracións públicas –52%–, en tanto que o resto de actividades sitúanse a unha distancia notable, sendo a máis próxima a hostalería, co 11% do total de ofertas nos servizos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	12	24	32	19	23
Secundario	350	406	265	259	209
Construción	364	372	321	376	259
Servizos	637	929	631	516	547
Sen actividade	0	0	1	0	0
TOTAL COMARCA	1.363	1.731	1.250	1.170	1.038
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

En perspectiva dinámica, a evolución das ofertas na comarca entre 2000 e 2004 por sectores económicos (descontando o primario) amósanos que o descenso foi xeneralizado. Todos os sectores, aínda que en diferente medida, observaron unha diminución do seu número de ofertas ou, dito doutro modo, o saldo no período é negativo en todos os casos. A regresión máis acusada tivo lugar no secundario, cunha variación media acumulativa anual do -12,09%, e a diminución máis moderada ocorreu nos servizos, sector en que taxa media acumulativa anual acadou un valor do -3,74%.

A evolución nos diferentes sectores pasou por diferentes fases e a grandes trazos podemos dicir que o 2001 foi positivo para todos, houbo unha expansión moderada na construción, de moita máis intensidade no sector secundario e dunha maneira extraordinaria nos servizos. A partir deste ano, cada sector segue sendeiros evolutivos particulares en signo e intensidade. O máis destacable son os fortes decrecementos producidos nos sectores secundario e servizos en 2002, e na construción en 2004.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

O 24,37% das ofertas da comarca de Deza establecen como criterio o sexo para poder ocupar un posto de traballo. Dentro deste subconxunto de ofertas, o 74,31% solicitan un home e só o 25,69% unha muller. Estas ofertas nas que se especificou o sexo como criterio para acceder a un traballo proceden principalmente da construción e dos servizos. Na construción pedíronse case sempre homes, mentres que nos servizos o número de ofertas destinadas ás mulleres superaron a aquelas nas que se solicitaban especificamente homes.

Dentro dos servizos, as actividades de servizos de automoción e actividades inmobiliarias solicitan maioritariamente homes, e a de comercio e sanidade e servizos sociais piden mulleres.

Por outro lado, o 42,58% do total de ofertas da comarca exixiron ter un determinado nivel de estudos para poder acceder a un traballo. Maioritariamente, no 68,55% destes casos, o único que se solicitou foi ter o certificado de escolaridade, en tanto que un 8,82% solicitaban titulados universitarios e un 7,47% que tivesen formación profesional. Independentemente do nivel académico, a procedencia maioritaria deste tipo de ofertas é os servizos, nomeadamente dentro da actividade de administracións públicas.

5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 18.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	2000	2001	2002	2003	2004
Albanel	50	60	70	62	72
Axente comercial / Vendedor	39	46	80	30	28
Camareiro - Barman	29	33	24	24	26
Peón de albanel/Peón de obras públicas	15	25	24	35	21
Conductor de mercadorías/Conductor de camión en xeral.	25	29	31	13	15
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	8	3	3	7	15
Administrativo	17	38	14	20	14
Dependente en xeral	17	44	19	18	14
Encofrador	27	30	7	25	12
Carpinteiro de aluminio	18	8	14	38	12
Soldador	11	20	27	12	12

As ocupacións máis ofertadas en 2004 a través dos centros colaboradores foron, por esta orde, as de albanel, axente comercial/vendedor e camareiro-barman. As ofertas de albanel medraron ao longo do período 2000-2004, presentando unha variación media do 9,54%. Pola súa parte, as outras dúas presentan un saldo final negativo, cunha variación media de -7,95% e -2,69%, respectivamente. No caso das ofertas de axente comercial/vendedor, obsérvase unha flutuación considerable duns anos a outros, coñecendo un máximo en 2002 moi por riba dos valores nos outros anos.

TÁBOA 18.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	2000	2001	2002	2003	2004
Xardineiro, en xeral	2	1	3	2	63
Matachín de aves e coellos	0	0	55	51	45
Albanel	78	53	58	103	38
Carpinteiro de aluminio	16	3	7	24	34
Técnico de protección civil	32	39	41	29	28
Peón da construción de edificios	46	41	41	44	24
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	8	5	6	13	13
Peón de obras públicas, en xeral	26	25	11	21	13
Empregado administrativo, en xeral	14	13	14	17	12
Dependente de comercio, en xeral	9	9	9	7	12

As ocupacións máis ofertadas en 2004 nas oficinas de emprego foron, por esta orde, as de xardineiro, matachín de aves e coellos e a de albanel. As dúas primeiras experimentaron un crecemento extraordinario ao longo do período 2000-2004. A de xardineiro era unha oferta practicamente anecdótica antes de 2004, e a de matachín de aves e coellos era inexistente con anterioridade a 2002.

Pola súa parte, a de albanel, que fora durante todos os anos a ocupación máis ofertada nas oficinas de emprego, sufriu unha forte caída durante 2004, obtendo un saldo negativo no conxunto do período, cunha variación media de -16,45%.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal

	Nº
Agolada	235
Dozón	118
Lalín	5.235
Rodeiro	231
Silleda	1.413
Vila de Cruces	572
TOTAL COMARCA	7.804
TOTAL PROVINCIA	285.090

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

En 2004 o número de contratos na comarca de Deza ascendía a 7.804, o 2,74% do total da provincia de Pontevedra. A maior parte destes contratos asináronse no concello de Lalín, concretamente o 67,08%. O segundo municipio en canto ao volume de contratación foi o de Silleda, co 18,11%, e despois o de vila de Cruces, co 7,33%. No resto de concellos os contratos asinados supuxeron unha porcentaxe moi baixa respecto ao total.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Agolada	175	188	216	214	235
Dozón	86	108	124	111	118
Lalín	3.889	4.219	4.289	4.772	5.235
Rodeiro	173	221	246	227	231
Silleda	1.107	1.333	1.288	1.231	1.413
Vila de Cruces	484	547	516	602	572
TOTAL COMARCA*	5.914	6.616	6.679	7.157	7.804
TOTAL PROVINCIA	280.669	280.543	275.659	281.952	285.090

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

A evolución do número de contratos na comarca entre 2000 e 2004 mostra un incremento continuo ao longo do período, no que se acadou un crecemento medio acumulativo anual do 7,18%. Este comportamento evolutivo positivo difire do acontecido na provincia, onde o volume de contratación nestes anos medrou moi levemente, presentando unha variación media do 0,39%.

No concello de Lalín os contratos medraron a un ritmo medio anual do 7,71%. En todos os anos, a evolución mostra incrementos notables, próximos ao 10%, agás no ano 2002, en que o crecemento respecto ao ano anterior foi moito máis moderado -1,66%- . No resto de municipios rexístranse variacións interanuais de diferente signo e moi diversa magnitude, co denominador común de que os saldos ao final do período foron positivos en todos os casos.

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

	Nº CONTRATOS		Total
	Homes	Mulleres	
Menos de 26 anos	1.743	767	2.510
De 26 a 35 anos	1.783	936	2.719
De 36 a 45 anos	1.081	491	1.572
De 46 a 55 anos	615	139	754
De 56 e máis anos	208	41	249
TOTAL COMARCA	5.430	2.374	7.804
TOTAL PROVINCIAL	159.361	125.729	285.090

A distribución na comarca da contratación segundo o sexo e a idade no ano 2004 amósanos, en primeiro lugar, un claro predominio do colectivo masculino sobre o feminino. Así, o 69,58% dos contratos foron asinados por homes, fronte ao 32,42% restante correspondente ás mulleres. Estes valores relativos mostran un desequilibrio por sexos moito máis acusado que os reflectidos polo total da provincia, na que colectivo masculino representa o 55,9% e o feminino o 44,1%.

A contratación analizada por idades mostra que esta se concentra na xente máis nova; concretamente, os contratos realizados aos menores de 36 anos supoñen o 67% do total. A partir dos 36 anos o volume de contratación vai diminuindo progresivamente en cada tramo de idade.

En canto á información cruzada por sexos e idades, cabe subliñar, primeiro, que o predominio da contratación masculina sobre a feminina se produce en todos os segmentos de idade. E, en segundo lugar, que a concentración dos contratos na xente máis nova (menores de 36 anos) é unha característica común aos homes e ás mulleres.

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	4.294	4.950	4.934	5.135	5.430
Mulleres	1.620	1.666	1.745	2.022	2.374
TOTAL CONTRATOS	5.914	6.616	6.679	7.157	7.804

A evolución do número de contratos segundo o sexo no período 2000-2004 móstranos que o xa comentado forte desequilibrio entre homes e mulleres no volume de contratación en 2004 era aínda maior en anos anteriores. Atendendo aos saldos finais do período, o crecemento medio anual da contratación masculina foi do 6,04%, en tanto que no caso da feminina foi de maior intensidade, do 10,03%.

A contratación feminina foi claramente de menos a máis, medrando ano tras ano a un ritmo cada vez maior e producíndose un salto cuantitativo nos anos 2003 e 2004, en que as variacións interanuais chegaron a valores próximos ao 16%.

Pola súa parte, a contratación masculina tivo unha evolución discontinua. En 2001 experimentou unha forte expansión –variación interanual de 15,28%–, que non volveu coñecer en todo o resto do período.




GRÁFICO 8: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.

O gráfico anterior plasma a evolución da contratación comarcal entre 2000 e 2004 por sexos. En todos os anos, destaca o forte desequilibrio entre homes e mulleres no volume de contratación. En perspectiva dinámica, pódese observar facilmente que este desequilibrio se acentúa ao comezo do período e se reduce ao final. Así, se a distancia en 2000 era de 45,22 puntos, en 2004 redúcese a 39,16 puntos.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	2.130	2.221	2.204	2.271	2.510
De 26 a 35 anos	1.872	2.056	2.212	2.402	2.719
De 36 a 45 anos	1.138	1.362	1.284	1.417	1.572
De 46 a 55 anos	576	734	748	834	754
De 56 e máis anos	198	243	231	233	249
TOTAL CONTRATOS	5.914	6.616	6.679	7.157	7.804

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

Atendendo soamente ás idades, a evolución dos contratos entre 2000 e 2004 amosa un comportamento positivo para todos os grupos, con incrementos medios acumulativos anuais comprendidos na franxa do 4% ao 10%.

O intervalo que máis aumenta en termos relativos é o de 26 a 35 anos, cunha variación media anual do 9,78%. O crecemento do volume de contratación neste grupo foi, ademais, sostido e sen grandes oscilacións; en cambio, no de menores de 26 anos hai un aumento notable en 2004, chegando a descender en 2002, para finalmente obter unha variación media de 4,19%.


5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

	N.º
SECTOR PRIMARIO	245
Agricultura e pesca	245
SECTOR SECUNDARIO	1.437
Industria e electricidade	1.437
SECTOR CONSTRUCCIÓN	2.901
Construción	2.901
SECTOR SERVIZOS	3.221
Comercio e hostalería	1.076
Transporte e comunicacións	362
Outros servizos	1.783
TOTAL CONTRATOS	7.804

TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.


En 2004 na comarca de Deza a maior parte da contratación estivo relacionada co sector servizos –41,27%– e estivo principalmente dirixida cara ás actividades encadradas na categoría de outros servizos e as de comercio e hostalería. Moi preto da porcentaxe mencionada situouse o volume relativo de contratos na construción –37,17%–. A contratación no secundario aparece a unha distancia notable, representando o 18,41% do total.

GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación na industria.



Na distribución porcentual da contratación na industria en 2004 destacan as actividades da metalurxia e fabricación de produtos metálicos, as da madeira e as do téxtil e confección, que representan respectivamente o 23%, 21% e 20%. Unha segunda agrupación relevante de actividades son as de alimentación e as clasificadas baixo o rótulo de outras industrias, actividades que supoñen no seu conxunto o 28% do total de contratacións na industria.

GRÁFICO 10: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



En canto á distribución porcentual da contratación nos servizos en 2004, destacan, por esta orde, as actividades de comercio, as inmobiliarias e de servizos empresariais e, tamén, as de servizos á comunidade, categorías nas que se reúne máis da metade da contratación neste sector e que supoñen o 20%, 18% e 16% respectivamente.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	187	58	64	87	58	25	11
Agricultura e pesca	187	58	64	87	58	25	11
SECTOR SECUNDARIO	912	525	565	548	225	72	27
Industria e electricidade	912	525	565	548	225	72	27
SECTOR CONSTRUCCIÓN	2.797	104	912	881	645	357	106
Construción	2.797	104	912	881	645	357	106
SECTOR SERVIZOS	1.534	1.687	969	1.203	644	300	105
Comercio e hostalería	362	714	410	411	182	59	14
Transporte e comunicacións	282	80	61	156	83	49	13
Outros servizos	890	893	498	636	379	192	78
TOTAL CONTRATOS	5.430	2.374	2.510	2.719	1.572	754	249

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

Na distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo obsérvase un comportamento diferencial. No colectivo masculino a maior parte dos contratos están situados no sector da construción e representan o 35,84% do total da contratación. Pola súa parte, no colectivo feminino os contratos sitúanse principalmente no sector dos servizos e supoñen o 21,62% do total da contratación, tendo unha certa maior presenza no subsector de outros servizos, e sobre todo en comercio e hostalería.

O terceiro grupo de maior peso relativo está formado polos contratos realizados a homes dentro do sector servizos, cuxa representatividade é do 19,66%. E a continuación, en cuarto lugar, están os contratos, asinados tamén por homes, na industria –11,62%–. O resto da contratación repártese en porcentaxes pequenas ou moi pequenas polos outros grupos.

A análise da distribución segundo os sectores/subsectores económicos por idades amósanos que ata os 45 anos predomina a contratación no sector servizos, en tanto que a partir desta idade prevalece lixeiramente a realizada no sector da construción. Por outra parte, nos sectores secundario e da construción tende a descender a contratación segundo se incrementa a idade, mentres que no primario e servizos tende a diminuír a partir dos 35 anos.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	200	257	242	174	245
Agricultura e pesca	200	257	242	174	245
SECTOR SECUNDARIO	1.418	1.420	1.401	1.513	1.437
Industria e electricidade	1.418	1.420	1.401	1.513	1.437
S. CONSTRUCCIÓN	1.943	2.457	2.613	2.774	2.901
Construción	1.943	2.457	2.613	2.774	2.901
SECTOR SERVIZOS	2.353	2.482	2.423	2.696	3.221
Comercio e hostalería	898	945	936	933	1.076
Transporte e comunicacións	327	324	332	374	362
Outros servizos	1.128	1.213	1.155	1.389	1.783
TOTAL CONTRATOS	5.914	6.616	6.679	7.157	7.804

TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

No período 2000-2004 o volume de contratación comarcal aumentou notablemente a un ritmo medio anual do 7,18%. En termos absolutos, isto supuxo un incremento de 1.890 contratos. Ao longo do período o volume de contratación experimentou unha expansión importante en todos os anos agás en 2002, onde se ralentiza o seu crecemento.


Desagregando os datos totais por sectores e subsectores, obsérvase que esta evolución tan positiva, en canto ao número de contratos, debeuse princi-

palmente ao comportamento da construción e dos servizos. Os contratos no sector da construción medraron no período a un ritmo medio anual do 10,54% e nos servizos fixérono ao 8,17%.

O resto de actividades sectoriais incrementaron o seu volume de contratación a un ritmo moi inferior. Así, no sector primario a variación media foi de 5,20%, en tanto que no secundario foi do 0,33%.

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 11: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.



Fixándonos no tipo de contratos, a distribución porcentual da contratación en 2004 móstranos que o 69% do volume total se corresponde con contratos temporais a tempo completo. Se a estes lles engadimos os temporais realizados a tempo parcial, isto é, o segundo grupo de maior peso relativo, temos que o 83% da contratación realizada na comarca foi de carácter temporal, ben a tempo completo ou ben a tempo parcial.

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	248	140	89	140	71	64	24
Indefinido tempo parcial	22	31	10	19	17	X	X
Temporal	4.240	1.210	1.639	2.023	1.130	509	149
Temporal tempo parcial	313	757	343	376	239	75	37
Prácticas/Formación	324	204	402	75	30	14	7
Outros	283	32	27	86	85	88	29
TOTAL CONTRATOS	5.430	2.374	2.510	2.719	1.572	X	X

A distribución por tipos de contrato, sexo e idade permítenos observar que a temporalidade, aspecto característico da tipoloxía da contratación laboral na comarca de Deza, destaca tanto na contratación masculina como na feminina, e tamén en todos os grupos de idades.

En relación co total de contratos, os temporais a tempo completo realizados a homes supoñen o 54,33% e os feitos a mulleres o 15,50%. A prevalencia dos contratos masculinos en todas as tipoloxías é manifesta, salvo nos contratos temporais a tempo parcial e nos indefinidos a tempo parcial, 9,70% e 0,40% de contratación feminina fronte ao 4,01% e 0,28% da masculina.

No tocante á distribución por idades, cómpre subliñar que o 46,92% do volume de contratación total se corresponde con contratos temporais a tempo completo realizados aos menores de 36 anos. Ademais, o maior volume de contratación indefinida, o 2,03%, correspóndelle ao intervalo de 26 a 35 anos.

	PRIMARIO Agr. Gand.	SECUNDARIO Industr. e Electric.	CONSTRUCCIÓN Construc.	Comerc.	Transp.	SERVIZOS Outros	Total
Indefinido	5	91	160	84	18	30	132
Indefinido tempo parcial	X	8	X	21	13	9	43
Temporal	225	1.130	2.536	568	292	699	1.559
Temporal tempo parcial	7	85	36	301	37	604	942
Prácticas/Formación	7	120	167	101	X	132	234
Outros	0	X	X	X	X	309	311
TOTAL CONTRATOS	X	X	X	X	X	1.783	3.221

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

O sector económico no que se reúnen a maior parte dos contratos temporais é o da construción, seguido dos sectores terciario e secundario. Respecto ao total de contratos realizados na comarca, o volume de contratación temporal a tempo completo na construción representa o 32,50% , nos servizos o 19,98% e no secundario o 14,44%.

Máis alá dos contratos de carácter temporal a tempo completo, o único tipo que ten un peso relativo importante no conxunto é o temporal a tempo parcial nos servizos, que supón o 12,07% do total da contratación na comarca no ano 2004, destacando máis nididamente que na contratación temporal o sub-sector de outros servizos, co 7,74%.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	406	391	345	506	388
Indefinido tempo parcial	36	61	53	49	53
Temporal	4.081	4.755	4.840	5.048	5.450
Temporal tempo parcial	741	707	730	783	1.070
Prácticas/Formación	345	359	377	486	528
Outros	305	343	334	285	315
TOTAL CONTRATOS	5.914	6.616	6.679	7.157	7.804

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

Tanto a contratación temporal a tempo completo como a tempo parcial ven incrementado o seu volume de contratos durante o período 2000-2004 –variación media de 7,50% e 9,62%, respectivamente–. A primeira destas modalidades aumenta en todos os anos do período, mentres que a segunda só descende en 2001, para aumentar nos seguintes.

En canto aos outros tipos de contratos, o máis destacable é que os indefinidos a tempo completo aumentaron significativamente en 2003 para volver aos niveis propios de anos anteriores en 2004; finalmente obtén unha variación media de -1,13%. Pola súa parte, tamén compre subliñar que os contratos en prácticas/formación medraron ao longo de todo o período, ano tras ano, e con especial intensidade en 2003, ano en que o incremento relativo do volume deste tipo de contratación foi do 28,91%; como saldo do período, obtén unha variación media do 11,23%.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	31	21,99
HOMES	26	30,37
MULLERES	5	0,00
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	603	8,01
HOMES	406	4,84
MULLERES	197	16,49
3. Técnicos e profesionais de apoio	282	13,99
HOMES	181	8,21
MULLERES	101	30,34
4. Empregados de tipo administrativo	610	7,90
HOMES	158	5,41
MULLERES	452	8,85
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	1.057	9,70
HOMES	262	-2,92
MULLERES	795	16,27
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	54	10,67
HOMES	42	7,89
MULLERES	12	24,47
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	2.945	13,57
HOMES	2.706	12,26
MULLERES	239	37,95
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	893	-3,48
HOMES	705	2,25
MULLERES	188	-16,35
9. Traballadores non cualificados	1.329	1,04
HOMES	944	-1,77
MULLERES	385	10,21
TOTAL CONTRATOS	7.804	7,18
TOTAL HOMES	5.430	6,04
TOTAL MULLERES	2.374	10,03

A distribución dos contratos por grandes grupos de ocupación en 2004 amósanos unha alta concentración do volume contractual –79,75%– nos seguintes catro grupos:

- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 37,74%.
- Traballadores non cualificados: 17,03%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 13,54%.
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores: 11,44%.

As principais ocupacións por sexo en 2004 son as que se expoñen no seguinte cadro:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 34,67%. • Traballadores non cualificados: 12,10%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores: 9,03%. • Técnicos profesionais, científicos e intelectuais: 5,20%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 10,19%. • Empregadas de tipo administrativo: 5,79%. • Traballadoras non cualificadas: 4,93%. • Artesáns/traballadoras cualificadas da industria manufactureira, construción e minería: 3,06%.

Por último, o número de contratos realizados aos homes é maior que o realizado ás mulleres en todas as ocupacións agás nas dúas seguintes:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 10,19% fronte ao 3,36%.
- Empregados de tipo administrativo: 5,79% fronte ao 2,02%.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
71100016	Albanel	1.195	1.182	13	98,91
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	463	383	80	82,72
71200017	Encofrador	441	439	X	99,55
42100010	Empregado administrativo, en xeral	361	84	277	23,27
25130104	Músico instrumentista, en xeral	320	283	37	88,44
71300018	Carpinteiro, en xeral	317	231	86	72,87
86300016	Conductor de camión, en xeral	298	295	X	98,99
53300010	Dependente de comercio, en xeral	282	26	256	9,22
96020014	Peón da construción de edificios	268	265	X	98,88
50200018	Camareiro, en xeral	232	72	160	31,03
	TOTAL	4.177	3.260	917	78,05

TÁBOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

(1) *Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100*

O 53,52% da contratación da comarca concéntrase en dez ocupacións. Esta concentración é máis alta no caso da contratación masculina (60,04%) que no caso da feminina (38,63%).

Atendendo ás dez ocupacións máis contratadas da comarca en 2004, o 26,90% do volume total de contratación concéntrase nas tres primeiras categorías: albanel, peón da industria manufactureira e encofrador. Dentro das ocupacións máis contratadas entre os homes destacan albanel e encofrador, en tanto que para as mulleres é empregado administrativo e dependente de comercio.

É destacable que a ocupación de albanel por si soa represente o 28,61%. Trátase, ademais, dunha ocupación practicamente copada polos homes, igual que a de encofrador, a de conductor de camión e a de peón da construción de edificios, todas elas cun ratio de masculinidade moi próximo ao 99%.

O resto de ocupacións están tamén, aínda que en medidas menos extremas, fortemente masculinizadas, agás no caso de camareira, empregada administrativa e dependente de comercio, nas que o colectivo feminino ten unha forte presenza, cun ratio por baixo do 10%.

TÁBOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
71100016	Albanel	864	870	946	1.067	1.195
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	604	818	682	554	463
71200017	Encofrador	203	472	371	374	441
42100010	Empregado administrativo, en xeral	340	380	318	332	361
25130104	Músico instrumentista, en xeral	247	291	289	286	320
71300018	Carpinteiro, en xeral	62	60	81	144	317
86300016	Condutor de camión, en xeral	305	339	327	375	298
53300010	Dependente de comercio, en xeral	240	204	239	294	282
96020014	Peón da construción de edificios	233	269	410	292	268
50200018	Camareiro, en xeral	210	171	171	180	232
83630013	Operador de máquina ind. de coser e bordar, en xeral	370	322	293	285	184

A ocupación principal en 2004, a de albanel, tivo unha evolución positiva ao longo do período, medrando a un ritmo de expansión media anual do 8,45%. Por riba desta taxa de crecemento situáronse tan só as ocupacións de carpinteiro e encofrador, que experimentaron un aumento máis que notable ao longo do período, sobre todo no caso dos carpinteiros –variación media de 50,37%–, debido sobre todo ao forte crecemento dos dous últimos anos.

Na banda contraria temos o caso dos operadores de máquina de coser e bordar, unha ocupación que cada vez foi a menos, especialmente no último ano de referencia. A variación media acumulativa anual nesta ocupación foi do -16,03%, o que provoca que en 2004 non figure na lista das dez ocupacións máis contratadas. Hai que sinalar que a pesar da súa importancia cuantitativa, na ocupación de peón da industria manufactureira iníciase un descenso a partir do ano 2001, que presenta unha variación media de -6,43%.

5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº% comarca/provincia		Nº% comarca/provincia	
Agraria	31	14,76	2	16,67
Administración e oficinas	66	7,04	4	7,27
Artesanía	18	20,45	1	20,00
Comercio	20	7,41	1	6,67
Servizos ás empresas	158	3,43	9	3,28
Edificación e obras públicas	30	6,09	2	6,90
Formación complementaria	15	31,25	1	33,33
Montaxe e instalación	15	7,32	1	12,50
Sanidade	35	7,10	2	6,90
Seguros e finanzas	17	5,23	1	5,56
Servizos á comunidade e persoais	47	12,98	3	14,29
Transportes e comunicacións	131	28,98	8	28,57
Turismo e hostalería	16	6,35	1	7,14
TOTAL	599	4,90	36	5,07

TÁBOA 33: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

A comarca de Deza concentra o 4,90% dos alumnos e o 5,07% dos cursos de formación ocupacional sen compromiso de contratación realizados na provincia de Pontevedra.

A maior parte desta formación profesional ocupacional ten que ver coa familia de servizos ás empresas, co 26,38% dos alumnos e 25% dos cursos da comarca. A continuación, con cifras próximas, sitúase a familia de transportes e comunicacións, co 21,87% dos alumnos e 22,22% de cursos.

Así e todo, en relación coa provincia, a familia que conta cun maior peso relativo é a de formación complementaria, debido a que en todo o ámbito provincial só se celebraron tres cursos deste tipo e un deles tivo lugar na comarca de Deza, en tanto que a formación encadrada na familia de transporte e comunicacións representou o 28,98% dos alumnos da provincia e o 28,57% dos cursos.

5.6.- CONCLUSIONES

- A metade das empresas da comarca de Deza desenvolven a súa actividade nos servizos, principalmente no comercio e hostalería, e unha de cada cinco na construción. O sector servizos é tamén onde traballa a proporción máis importante dos asalariados –tres de cada dez– e a ampla maioría dos autónomos –seis de cada dez–. Nesta comarca, a diferenza doutras, destaca ademais a elevada porcentaxe de traballadores por conta allea no sector primario.
- A evolución entre 2000 e 2004 do número de empresas, traballadores por conta allea e autónomos tivo un balance moi positivo. Esta expansión empresarial e laboral produciuse en todos os sectores menos no primario, no que diminuíu o número de empresas.
- As demandas de emprego proceden principalmente de Lalín. Do mesmo modo que na provincia, dous terzos dos demandantes son parados e entre estes destacan os que tiñan un emprego anterior. Ademais, tanto na provincia como na comarca –sexan parados ou non parados–, trátase principalmente de mulleres e de xente entre 26 e 35 anos. As persoas que reúnen ambas as características de sexo e idade constitúen o colectivo máis numeroso e representan un de cada cinco demandantes.
- O nivel académico dos demandantes é baixo; cerca das tres cuartas partes teñen como máximo estudos obrigatorios. O tempo de busca de emprego dos parados é inferior a seis meses na metade dos casos, mentres que o paro de longa duración afecta a un de cada tres. Estas proporcións son similares ás da provincia. Por último, a procedencia sectorial dos demandantes recae principalmente nos servizos.
- As ofertas de traballo situáronse arredor do millar e tiveron lugar na súa maioría en Lalín. A tendencia no período 2000-2004 foi regresiva, descendendo a un ritmo elevado; esta diminución, ademais, ocorreu en todos os sectores económicos. A evolución da provincia foi positiva; a diferenza vén marcada polo acontecido en 2002. Neste ano as ofertas comarcais experimentaron un descenso notable, en tanto que na provincia ocorría o contrario.
- Atendendo ao sector de orixe, destacaron os traballos ofertados nos servizos –a metade do total–. Esta proporción, pese a súa magnitude, é moi inferior ao peso relativo deste sector no conxunto da provincia, cobrando maior presenza o sector da construción e o secundario.
- O sexo constituíu un criterio para poder ocupar un posto de traballo no 24,37% das ofertas. O nivel de estudos tamén foi unha esixencia en catro de cada dez ofertas, aínda que maioritariamente só se pediu o certificado de escolaridade.
- Nos centros colaboradores as ocupacións máis ofertadas foron as de albanel e axente comercial/vendedor, e nas oficinas de emprego as de xardineiro e matachín de aves e coellos.
- Asináronse 7.804 contratos, a maioría deles en Lalín. O volume de contratación comarcal incrementouse continuamente ao longo do período 2000-2004, mentres que na provincia medrou máis levemente.
- A contratación dirixiuse principalmente ao colectivo masculino, amosando un desequilibrio por sexos moito máis acusado que na provincia. Así e todo, a tendencia comarcal no período 2000-2004 foi cara o incremento da contratación feminina en maior medida que a masculina. Respecto ás idades, os contratos concentráronse entre os menores de 36 anos. Por outra banda, o sector económico de máis peso foi o dos servizos, seguido do da construción.
- O tipo de contrato máis común é o temporal, e dentro destes o realizado a tempo completo. Este tipo de contrato predomina tanto nos homes como nas mulleres e

tamén en todos os grupos de idade. En perspectiva dinámica, houbo unha mudanza importante no período 2000-2004 como consecuencia dun aumento dos contratos temporais a tempo completo e a tempo parcial.

- A distribución por grandes grupos de ocupación amósanos unha alta concentración do volume contractual no grupo de artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería e no de traballadores non cualificados. En particular, a ocupación máis contratada en 2004 foi a de albanel, seguida da de peón da industria manufactureira. A primeira ocupación, ademais, tivo unha evolución moi positiva ao longo do período 2000-2004, medrando a gran ritmo, ao contrario do que sucede coa segunda.
- Por último, a comarca de Deza concentrou ao redor do 5% dos alumnos e cursos de formación ocupacional realizados na provincia. A maior parte desta formación tivo que ver coa familia de servizos ás empresas e a de transportes e comunicacións.



Comarca do Morrazo



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	554	19,88	3.313	25,72	67	1,65
Agricultura e pesca	554	19,88	3.313	25,72	67	1,65
SECTOR SECUNDARIO	273	9,80	2.349	18,24	335	8,25
Industria e electricidade	273	9,80	2.349	18,24	335	8,25
SECTOR CONSTRUCCIÓN	478	17,15	1.928	14,97	678	16,69
Construcción	478	17,15	1.928	14,97	678	16,69
SECTOR SERVIZOS	1.482	53,18	5.289	41,07	2.983	73,42
Comercio e hostalería	854	30,64	2.164	16,80	2.091	51,46
Transporte e comunicacións	71	2,55	431	3,35	168	4,13
Outros servizos	557	19,99	2.694	20,92	724	17,82
TOTAL	2.787	100,00	12.879	100,00	4.063	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

No tecido empresarial da comarca do Morrazo predomina o sector servizos, tanto no referido ás empresas, como aos traballadores e aos autónomos. Deste xeito, no ano 2004 concéntranse nos servizos algo máis da metade das empresas, en concreto o 53,18%, seguíndolle a unha distancia considerable o sector primario –19,88%– e o da construción –17,15%–.

Facendo referencia aos subsectores, obsérvase que a maior parte das empresas están situadas no comercio e hostalería –30,64%– e na categoría de outros servizos –19,99%–.

No que respecta aos traballadores por conta allea, hai unha perda de peso relativo dos servizos –41,07%– a favor do sector primario e secundario –25,72% e 18,24%–, respectivamente. No ámbito subsectorial, o maior número de traballadores englobábase no subsector outros servizos –20,92%–.

Por último, os traballadores autónomos concéntranse novamente nos servizos, supoñendo nesta ocasión case as tres cuartas partes do total –73,42%–. A considerable distancia atópase o sector da construción –16,69%– e o secundario –8,25%–. Cómpre subliñar a forte presenza de autónomos no subsector do comercio e hostalería, onde se agrupan algo máis da metade –51,46%–, seguido polo de outros servizos, co 17,82%.

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas.
Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	602	557	582	555	554
Agricultura e pesca	602	557	582	555	554
SECTOR SECUNDARIO	265	266	262	275	273
Industria e electricidade	265	266	262	275	273
SECTOR CONSTRUCCIÓN	404	419	429	469	478
Construción	404	419	429	469	478
SECTOR SERVICIOS	1.225	1.279	1.381	1.443	1.482
Comercio e hostalería	740	768	817	846	854
Transporte e comunicacións	48	53	53	60	71
Outros servizos	437	458	511	537	557
TOTAL	2.496	2.521	2.654	2.742	2.787

As empresas da comarca do Morrazo amosan unha tendencia ao crecemento no período comprendido entre os anos 2000 e 2004. Tomando como referencia o conxunto de sectores, ao longo destes cinco anos as empresas increméntanse de forma paulatina, acadando finalmente unha variación media do 2,8%.

Atendendo aos sectores de forma individual, pódese observar que no único onde as empresas decrecen é no primario, que obtén unha variación media negativa do -2,06%. No sector secundario a pauta vén marcada por un leve crecemento, podéndose observar que o número de empresas non variou significativamente neste quinquenio, presentando unha variación media final do 0,75%.

No sector da construción prodúcese un incremento, cunha variación media do 4,29%, acadada tras unha evolución positiva ao longo do período, aínda que sen flutuacións significativas. Por último, os servizos experimentan o maior incremento do conxunto, cunha variación media do 4,88%, e un crecemento estable entre os anos 2000 e 2004, sendo máis intenso no tramo 2001-2002 –variación interanual de 7,97%–.

Tendo en conta os subsectores dos servizos, cabe salientar que o de outros servizos é no que as empresas obtiveron un maior crecemento en números absolutos, cunha variación media do 6,25%, seguido polo de comercio e hostalería –variación media de 3,65%–.

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores.
Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	3.791	3.570	3.514	3.477	3.313
Agricultura e pesca	3.791	3.570	3.514	3.477	3.313
SECTOR SECUNDARIO	2.269	2.221	2.279	2.345	2.349
Industria e electricidade	2.269	2.221	2.279	2.345	2.349
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.612	1.750	1.808	1.902	1.928
Construción	1.612	1.750	1.808	1.902	1.928
SECTOR SERVICIOS	4.576	4.989	5.264	5.330	5.289
Comercio e hostalería	2.192	2.355	2.416	2.318	2.164
Transporte e comunicacións	286	375	339	327	431
Outros servizos	2.098	2.259	2.509	2.685	2.694
TOTAL	12.248	12.530	12.865	13.054	12.879

A evolución dos traballadores por conta allea no período 2000-2004 foi positiva, manifestando un crecemento ano tras ano, a excepción do último intervalo, onde se reducen levemente, cunha variación interanual negativa do -1,34%. A variación media final para o conxunto dos sectores económicos é do 1,26%.

Esta tendencia expansiva é común a todos os sectores, agás o primario, onde os traballadores reducen os seus efectivos, obtendo un saldo final negativo do -3,31%, acadado tras unha diminución continua nestes cinco anos.

O sector secundario obtén un leve crecemento do seu número de traballadores, que vén sinalada pola variación media do 0,87%. Neste caso, o número de traballadores redúcese levemente entre os anos 2000 e 2001, aumentando nos seguintes, e estancándose practicamente entre o 2003 e o 2004.

O sector da construción é o que, en termos relativos, experimenta un incremento maior, cunha variación media do 4,58%. O crecemento é constante neste sector, sendo destacable a variación interanual obtida entre os anos 2000 e 2001, do 8,56%.

En servizos concéntrase a maior subida en termos absolutos, cunha variación media do 3,69%. Neste caso, o aumento máis salientable é o dos anos 2000 e 2001, onde a variación interanual é do 9,03%; nos intervalos restantes tamén se incrementan os traballadores deste sector, a excepción do último, onde hai unha leve redución.

O subsector de outros servizos é o que rexistra un maior crecemento en números absolutos, cunha variación media do 6,45%, destacando así mesmo a variación interanual do intervalo 2001-2002, 11,07%. Pola contra, diminúe o número de traballadores do subsector de comercio e hostalería tras o descenso dos dous últimos anos.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	55	60	59	66	67
Agricultura e pesca	55	60	59	66	67
SECTOR SECUNDARIO	282	301	305	335	335
Industria e electricidade	282	301	305	335	335
SECTOR CONSTRUCCIÓN	506	558	595	636	678
Construción	506	558	595	636	678
SECTOR SERVIZOS	2.198	2.424	2.606	2.819	2.983
Comercio e hostalería	1.574	1.743	1.873	2.007	2.091
Transporte e comunicacións	145	154	163	153	168
Outros servizos	479	527	570	659	724
TOTAL	3.041	3.343	3.565	3.856	4.063

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

Os traballadores autónomos do Morrazo presentan unha evolución caracterizada polo crecemento no conxunto dos sectores produtivos, obtendo unha variación media final do 7,51%, sendo salientables os incrementos en 2001 e 2003, con variacións interanuais de 9,93% e 8,16%.

Todos os sectores da actividade económica ven incrementado o seu número de autónomos no transcurso destes cinco anos. No sector primario a variación media é do 5,06%, e manifesta unha subida constante no período, tan só rota polo descenso producido entre os anos 2001 e 2002.

Nos sectores restantes, o aumento é constante neste quinquenio, rexistrándose variacións medias de 7,93% no dos servizos, que é o que medra en maior medida en números absolutos –7,59% no da construción e 4,4% no sector secundario–. Con respecto ao sector secundario, hai que sinalar o estancamento producido no último ano.

No referente aos subsectores, o que experimenta un maior crecemento en termos absolutos é o de comercio e hostalería, cunha variación media do 7,36%. A continuación sitúase outros servizos, cunha variación media final do 10,88%.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes galegos por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Bueu	662	408	1.070
Cangas	1.842	1.055	2.897
Marín	1.309	680	1.989
Moaña	1.434	724	2.158
TOTAL	5.247	2.867	8.114

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia – PARADOS	9,35
% comarca/provincia - NON PARADOS	10,41

Na comarca do Morrazo recibíronse no ano 2004 un total de 8.114 demandas de emprego, repartidas na súa maioría entre os parados, que superan aos non parados en todos os concellos, e representan o 64,67% dos demandantes comarcais.

O concello de Cangas agrupa a maior parte dos demandantes, en concreto ao 35,7%, seguido a curta distancia polo de Moaña –26,6%– e polo de Marín –24,51%–. O de Bueu sitúase en último lugar en orde de importancia, concentrando o 13,19%.

En relación coa provincia de Pontevedra, o peso dos demandantes non parados é lixeiramente superior ao dos parados, que supoñen o 10,41% e o 9,35% respectivamente sobre o total de demandantes provinciais.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	3.881	3.890	4.473	4.982	5.247
Variación interanual %	-	0,23	14,99	11,38	5,32
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	7,78	7,93	8,41	8,84	9,35

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

Observando a evolución dos demandantes parados da comarca, maniféstase un crecemento constante no transcurso destes cinco anos, sobre todo nos anos 2002 e 2003, nos que se rexistran variacións interanuais do 14,99% e do 11,38% respectivamente.

En canto ao peso relativo dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia, é importante sinalar que se incrementa paulatinamente neste período, aumentando en 1,57 puntos porcentuais ao longo do quinquenio.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	738	9,10	10,83
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	4.509	55,57	56,25
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	190	2,34	3,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	802	9,88	12,61
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	375	4,62	5,95
	En expediente de regulación de emprego	115	1,42	1,07
	Demandantes de mellora de emprego	617	7,60	6,47
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	686	8,45	2,70
	Resto de demandantes	82	1,01	0,55
TOTAL		8.114	100,00	100,00

A maior parte dos demandantes de emprego do Morrazo son parados que tiveron emprego anteriormente, en concreto o 55,57%. A continuación, a considerable distancia, sitúanse os non parados con emprego anterior –9,88%– e os parados sen emprego anterior –9,1%–.

En relación coa provincia de Pontevedra, o máis salientable é a similitude dos datos, sendo os colectivos máis representativos os comentados no parágrafo anterior para a comarca. As diferenzas máis significativas son o incremento en 2,73 puntos porcentuais do peso dos non parados con emprego anterior no ámbito provincial, así como o descenso en 5,75 puntos dos demandantes de emprego non parados de menos de 20 horas tamén a nivel provincial.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	509	545	20,09	17,63
26 a 35 anos	679	1.065	33,24	30,34
36 a 45 anos	460	724	22,57	21,96
46 a 55 anos	328	539	16,52	18,05
56 e máis anos	168	230	7,59	12,02
TOTAL COMARCA	2.144	3.103	100,00	9,35
TOTAL PROVINCIA	21.868	34.246	9,35	100,00

A maioría dos demandantes parados da comarca son mulleres, que representan o 54,21% do total, fronte ao 45,79% dos homes. No conxunto da provincia dáse unha situación semellante, aínda que tendente a unha maior feminización da demanda, cun peso do colectivo feminino do 61,03%.

Tendo en conta o cruzamento do sexo e a idade, a maior parte dos demandantes son mulleres de 26 a 35 anos, que representan o 20,30% do total da

mostra, seguidas tamén polas mulleres de 36 a 45 anos –13,8%– e polos homes de 26 a 35 anos –12,94%–.

No referido á idade, sen distinción de xénero, algo máis da metade dos demandantes, o 53,33%, están por debaixo dos 36 anos. Analizando os grupos de idade de forma individual, o máis numeroso é o de 26 a 35 anos –33,24%–, seguido do de 36 a 45 anos –22,57%–.

Esta distribución dos demandantes é moi semellante á que presenta o total da provincia de Pontevedra, se ben é algo menor a porcentaxe dos que teñen menos de 36 anos –47,97%–.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	172	265	15,24	16,70
26 a 35 anos	262	499	26,54	28,41
36 a 45 anos	227	452	23,68	21,54
46 a 55 anos	210	395	21,10	18,39
56 e máis anos	127	258	13,43	14,95
TOTAL COMARCA	998	1.869	100,00	10,41
TOTAL PROVINCIA	10.384	17.165	10,41	100,00

TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

O colectivo de mulleres segue sendo predominante entre os demandantes non parados, neste caso en maior medida, dado que representan o 65,19% dos non parados. Esta situación preséntase moi próxima á da provincia, onde o colectivo feminino supón tan só 2,88 puntos porcentuais menos que na comarca.

En relación cos grupos de idade e o xénero, a maior parte dos demandantes non parados correspóndense con mulleres de 26 a 35 anos –17,4%–, situándose a continuación as mulleres de 36 a 45 anos –15,77%– e as de 46 a 55 anos –13,78%–.

En contraste cos demandantes parados, entre os non parados redúcese o número de menores de 36 anos –41,78%–, dando como resultado un perfil máis envellecido. Esta proporción é levemente inferior ao valor provincial, 45,11%.




GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

No gráfico anterior represéntase a distribución porcentual segundo o sexo e a idade, agrupando os demandantes parados e non parados. Cabe sinalar, en primeiro lugar, que o grupo de idade con maior peso porcentual é o de 26 a 35 anos, que supón o 30,87% do total das demandas comarcais. A continua-

ción sitúase o de 36 a 45 anos, que engloba o 22,96% dos demandantes. Por outra parte, en todos os segmentos de idade predominan as demandantes mulleres sobre os homes.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	1.633	1.168	2.801
Titulación de ensinanza obrigatoria	2.018	926	2.944
Formación profesional	397	196	593
BUP/Bacharelato superior/COU	471	278	749
Titulados universitarios	465	233	698
Outras titulacións	263	66	329
TOTAL	5.247	2.867	8.114

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Segundo a distribución do total de demandantes por nivel académico, pódese observar que a maioría deles tan só teñen a ensinanza obrigatoria ou non chegaron a acadar ese nivel. Os primeiros supoñen o 36,28% do total, e o segundo colectivo representa ao 34,52% da mostra. A continuación sitúanse os que teñen estudos de bacharelato, cun peso porcentual do 9,23%, seguidos dos universitarios, -8,6%-.

Analizando de forma separada os parados e os non parados, obsérvase o predominio dos que teñen ata certificado de escolaridade entre os segundos, en tanto que nos primeiros destaca en maior medida os que teñen ensinanza obrigatoria. Con todo, os demandantes parados con certificado de escolaridade e ensinanza obrigatoria suman o 69,58% do total, mentres que os non parados con estes mesmos niveis de estudos representan o 72,77%.

O peso porcentual das titulacións restantes é practicamente idéntico entre os dous grupos de demandantes, situándose a continuación das anteriores en nivel de importancia os que acadaron o bacharelato e os que estudaron estudos universitarios.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	402	68	39	509
	Mulleres	381	84	80	545
26 a 35 anos	Homes	483	110	86	679
	Mulleres	560	172	333	1.065
36 a 45 anos	Homes	320	75	65	460
	Mulleres	335	92	297	724
46 a 55 anos	Homes	197	66	65	328
	Mulleres	201	56	282	539
56 e máis anos	Homes	64	23	81	168
	Mulleres	44	23	163	230
TOTAL COMARCA		2.987	769	1.491	5.247
TOTAL PROVINCIA		29.022	8.000	19.092	56.114

Na comarca do Morrazo, algo máis da metade dos demandantes parados levan menos de seis meses á procura dun emprego, en concreto o 56,93%. A continuación en nivel de importancia sitúanse os que levan buscando máis dun ano, que supoñen o 28,42% do total.

Facendo unha análise máis pormenorizada segundo o sexo e a idade, denótase que as mulleres menores de 46 anos tenden ao paro de menos de seis meses, circunstancia que se troca cara ao paro de longa duración a partir dos 45 anos. No caso dos homes, o grupo predominante en todas as idades, agás no de maiores de 55 anos, é o daqueles que levan buscando traballo menos de seis meses.

Entre os demandantes parados de menos de seis meses, a presenza porcentual feminina e masculina está case igualada, observándose unha diferenza case inapreciable de 1,04 puntos porcentuais a prol das mulleres. En cambio, no paro de longa duración, o peso relativo das mulleres supera en 15,61 puntos ao dos homes, o que reforza a tendencia xa comentada anteriormente da feminización dos demandantes parados de longa duración.

Comparando estes datos cos da provincia, atópase unha situación semellante na distribución dos demandantes parados segundo o tempo de busca de emprego, dado que na provincia o colectivo predominante segue sendo o dos que levan buscando menos de seis meses, que se sitúan con 5,21 puntos por debaixo da comarca, en tanto que superan a comarca en 5,6 puntos no grupo dos demandantes que levan buscando máis dun ano.

5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia


	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	459	342	801
Sector secundario	799	520	1.319
Construción	468	138	606
Sector servizos	2.802	1.431	4.233
Sen actividade previa	719	436	1.155
TOTAL	5.247	2.867	8.114

TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

Atendendo á actividade económica de procedencia, a maioría dos demandantes, sexan ou non parados, proceden dos servizos. Tendo en conta os dous ámbitos de forma individual, a porcentaxe de parados derivados do sector servizos é do 53,4%, e a dos non parados redúcese ata o 49,91%.


A continuación sitúanse no colectivo dos parados aqueles que se rexistran dentro do sector secundario –15,23%–; no caso dos non parados, os procedentes do sector secundario supoñen o 18,14% do total.

GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.



Dentro da industria, a maior parte dos demandantes parados derívanse da alimentación e da fabricación de materiais de transporte, que representan conxuntamente ao 67% do total. A unha distancia considerable sitúase a metalurxia e fabricación de produtos metálicos, e outras industrias, co 21% das demandas.

GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.



A actividade que, no marco dos servizos, agrupa a meirande parte dos demandantes parados é a de actividades inmobiliarias e servizos a empresas, na que se inclúen case a cuarta parte destes –24%. En segundo lugar en orde de importancia atópase a de comercio –18%–, seguida das de administracións públicas e hostalería.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Dependente de comercio, en xeral	762	9,39	9,44
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	704	8,68	7,18
Empregado administrativo, en xeral	624	7,69	8,62
Peón da ind. manufactureira, en xeral	498	6,14	7,23
Cocedor de peixes e mariscos	321	3,96	2,41
Limpador-preparador de peixe para conserva	302	3,72	0,60
Camareiro, en xeral	174	2,14	3,06
Mariñeiro de pesca	170	2,10	0,51
Mariñeiro de cuberta, excepto pesca	150	1,85	0,33
Auxiliar de clínica	139	1,71	1,46

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ensinanza obrigatoria	Ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Dependente de comercio, en xeral	Dependente de comercio, en xeral

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
Bueu	103
Cangas	561
Marín	324
Moaña	217
TOTAL COMARCA	1.205

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	31.132
COMARCA/PROVINCIA:	3,87

Na comarca do Morrazo recibíronse no ano 2004 un total de 1.205 ofertas de emprego, que representan o 3,87% das realizadas na provincia de Pontevedra.

Estas ofertas agrúpanse maiormente no concello de Cangas, onde se efectuaron o 46,56% do total, seguido polo de Marín, co 26,89%. Nun segundo plano sitúanse Moaña e Bueu, que rexistraron o 18,01% e o 8,55% respectivamente.

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

	Nº DE OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Bueu	102	142	124	103	103
Cangas	880	785	786	871	561
Marín	323	274	603	207	324
Moaña	663	181	218	233	217
TOTAL COMARCA	1.968	1.382	1.731	1.414	1.205
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132

No conxunto do período 2000-2004, a comarca do Morrazo ten unha evolución negativa en canto ao número de ofertas, tendencia inversa á que se produce no conxunto da provincia. Así, as variacións medias de ambos os territorios son de -11,54% e 1,67% respectivamente. A única variación interanual da comarca que presenta un saldo positivo é a do intervalo 2001-2002 -25,25%-; nos anos restantes os descenso son significativos, sobre todo o producido entre o 2000 e o 2001, do -29,78%. Porén, na provincia incrementáanse as ofertas nos dous primeiros intervalos do quinquenio, ao tempo que se reducen nos dous últimos.

Analizando os diferentes concellos de forma individual, obsérvase que o maior descenso en termos absolutos dáse no de Moaña, cunha variación media final de -24,36%. As ofertas realizadas neste concello redúcense nos intervalos inicial e final do período, sendo salientable a variación interanual do primeiro deles, -72,70%. Unha evolución semellante encóntrase en Cangas, onde as fluctuacións positivas e negativas se dan nos mesmos intervalos anuais, obtendo finalmente unha variación media de -10,64%.

Nos dous concellos restantes prodúcese un estancamento do número de ofertas entre 2000 e 2004. Hai que destacar en Marín as variacións interanuais dos intervalos 2001-2002 e 2002-2003, que acadan cifras de 120,07% e de -65,67% respectivamente.




GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

A diversidade evolutiva comentada anteriormente dos concellos da comarca do Morrazo vese reflectida no gráfico anterior, onde se pode observar que no de Bueu é onde se rexistran oscilacións máis leves, quedando os demais caracterizados pola forte variación nestes cinco anos.

5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
Bueu	2	16	37	48
Cangas	3	19	96	443
Marín	26	16	61	221
Moaña	3	37	58	119
TOTAL COMARCA	34	88	252	831
TOTAL PROVINCIA	363	3.256	5.601	21.900

TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

O concello de Cangas, o que presenta un maior volume de ofertas, concentra algo máis da metade das procedentes dos servizos, en concreto o 53,31%, e o 38,1% das do sector da construción. En cambio, no sector secundario cobra maior importancia o concello de Moaña –42,05%–, e no primario o de Marín –76,47%–.





GRÁFICO 5: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.


A maioría das ofertas de emprego da comarca do Morrazo concéntranse en servizos –69%–. A considerable distancia sitúanse as procedentes do sector da construción, co 21%, e do secundario, co 7%.

GRÁFICO 6: Distribución porcentual das ofertas na industria.



Dentro da industria, o 57% das ofertas recibidas encádranse dentro da actividade de fabricación de material de transporte. En segundo lugar en nivel de importancia atópase a actividade de metalurxia e fabricación de produtos metálicos, co 13%, e a de téxtil e confección, co 12%.

GRÁFICO 7: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



O 32% das ofertas dos servizos derivan da actividade de hostalería. Unha cuarta parte delas derivan de administracións públicas e un 17% da de comercio.

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	63	19	47	27	34
Secundario	270	101	88	83	88
Construción	338	356	276	328	252
Servizos	1.297	906	1.320	976	831
TOTAL COMARCA	1.968	1.382	1.731	1.414	1.205
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132

O sector máis importante en canto ao número de ofertas, o de servizos, ve reducido o seu número ao longo do quinquenio, presentando unha variación media de -10,53%. O decrecemento prodúcese en todos os intervalos do quin-

quenio, agás no 2001-2002, no que presenta unha brusca subida, cunha variación interanual do 45,7%.

Os sectores restantes seguen a mesma dinámica negativa que o anterior, sendo salientable entre eles o secundario, cun saldo final negativo de -24,44%, acadado tras unha diminución paulatina ao longo destes cinco anos, excepto entre os anos 2003 e 2004.

Os sectores primario e da construción rexistran variacións medias negativas de -14,29% e de -7,08%. Os descensos máis salientables son, no sector primario, no intervalo inicial do período, cunha variación media negativa do -69,84%, e no da construción nos anos 2001-2002 e 2003-2004, con variacións medias negativas do -22,47% e -23,17%.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Do total das ofertas xestionadas no Morrazo polo Servizo Público de Emprego só o 21,66% especifican o sexo como requisito para ocupar un posto de traballo. Dentro destas ofertas, o 69,73% pide un home, e tan só o 30,23% restante solicita unha muller. Ademais, o 41% solicita homes no sector servizos e o 27,59% mulleres. Tamén se pode destacar que o 24,14% necesitan homes para o sector da construción.

Dentro dos servizos, tanto os homes como as mulleres demándanse preferentemente na hostalería. A moita distancia, os homes son demandados en segundo lugar no transporte e comunicacións, e as mulleres nos servizos á comunidade.

Tendo en conta a distribución das ofertas segundo o nivel de estudos, tan só o 27,47% recollen como esixencia a posesión dunha determinada titulación para poder acceder a un posto de traballo, se ben o 59,21% delas só esixen a posesión do certificado de escolaridade e só un 19,33% formación profesional.

As actividades que en maior medida solicitan un baixo nivel de cualificación son as de hostalería e administracións públicas. Esta última é tamén a máis importante na demanda de traballadores con formación profesional, titulados universitarios e con estudos secundarios.

5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

	2000	2001	2002	2003	2004
Camareiro - Barman	98	82	99	79	91
Albanel	147	180	102	99	68
Axente comercial / Vendedor	35	17	25	18	41
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	16	23	23	20	36
Axudante de cociña	17	26	20	24	35
Perruqueiro/a	12	7	14	18	24
Dependente en xeral	31	30	27	26	19
Administrativo	27	8	19	18	17
Encofrador	47	35	20	53	16
Peón de albanel/Peón de obras públicas	99	34	38	26	16
Soldador	119	21	13	6	16
Carpinteiro	41	16	16	21	16

TÁBOA 18.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

No ano 2004, nos centros colaboradores do Morrazo, as ocupacións máis ofertadas son as de camareiro-barman, albanel e axente comercial/vendedor.

No que respecta á evolución na oferta destas ocupacións, destacan polo incremento no número de ofertas as de cociñeiro/grelleiro/pizzeiro/pranchista, axudante de cociña e perruqueiro/, que obteñen variacións medias do 22,47%, 19,79% e 18,92% respectivamente.

Na banda contraria, as ocupacións en que máis se reducen as ofertas son as de soldador, que obtén unha variación media negativa do -39,45%, peón de albanel/peón de obras públicas, -36,6%, e albanel, -17,53%.

TÁBOA 18.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	2000	2001	2002	2003	2004
Peón da ind. manufactureira, en xeral	27	17	15	146	40
Técnico de protección civil	15	7	26	15	31
Albanel	83	31	76	53	24
Mozo carga/descarga, almacén	2	9	12	18	22
Mariñeiro de pesca	3	7	7	13	20
Camareiro, en xeral	19	14	8	8	16
Peón da construción de edificios	14	12	13	68	14
Xardineiro, en xeral	9	5	5	14	12
Vixiante instalacións deportivas e semellantes	0	9	11	17	11
Monitor sociocultural	0	0	3	5	9

Nas oficinas de emprego, a ocupación máis ofertada é a de peón da industria manufactureira, seguida polas de técnico de protección civil e albanel.

É moi destacable o forte aumento do número de ofertas da ocupación de peón da industria manufactureira en 2003, ano en que case multiplica por dez o seu número, para reducir de novo bruscamente o seu volume no último ano. Porén, a súa evolución durante o quinquenio é positiva –variación media de 10,33%.

Destas dez ocupacións, en tan só dúas delas se reducen as ofertas, que son as de albanel, cunha variación media negativa do -26,67%, e camareiro, que experimenta unha redución máis leve, cunha variación media negativa do -4,21%.

Do mesmo xeito, as ocupacións nas que se rexistra un maior crecemento das ofertas son as de mozo carga/descarga almacén e mariñeiro de pesca, que presentan variacións medias do 82,12% e do 60,69% respectivamente, sendo destacable os aumentos producidos nos dous últimos anos.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal

	Nº
Bueu	2.173
Cangas	3.933
Marín	12.134
Moaña	7.020
TOTAL COMARCA	25.260
TOTAL PROVINCIA	285.090

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

Na comarca do Morrazo realizáronse no ano 2004 un total de 25.260 contratos, que representan o 8,86% dos asinados na provincia de Pontevedra. A maior parte destes contratos, o 48,04%, producíronse no concello de Marín. A continuación sitúase o concello de Moaña, co 27,79%, o de Cangas, co 15,57%, e finalmente o de Bueu, co 8,6%.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Bueu	1.366	1.330	1.109	1.220	2.173
Cangas	3.119	3.019	3.307	3.560	3.933
Marín	16.548	17.955	17.281	16.315	12.134
Moaña	5.089	5.617	5.220	5.801	7.020
TOTAL COMARCA*	26.122	27.921	26.917	26.896	25.260
TOTAL PROVINCIA	280.669	280.543	275.659	281.952	285.090

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

A nivel comarcal e provincial, a contratación presenta unha tendencia inversa no transcurso destes cinco anos, presentando a provincia de Pontevedra unha variación media do 0,39%, e a comarca do Morrazo do -0,84%. Os dous territorios tamén se diferencian na súa evolución, posto que na comarca os contratos descenden a partir do ano 2001, mentres que na provincia redúcense entre o 2000 e o 2002.

No concello de Marín, o que presenta un maior volume de contratos, é no único onde as contratacións se reducen ao longo deste quinquenio, acadando unha variación media negativa do -7,46%. Neste caso, os contratos tan só aumentan entre os anos 2000 e 2001, cunha variación interanual do 8,5%. Nos anos restantes, o que se observa é unha diminución continua, sobre todo no intervalo 2003-2004, onde se rexistra unha variación interanual negativa do -25,63%.

O maior aumento das contratacións en termos absolutos dáse no concello de Moaña, cunha variación media do 8,37%. Neste concello os contratos tan só se reducen entre os anos 2001 e 2002, medrando nos restantes, onde é destacable o forte incremento do período 2003-2004, no que presenta unha variación interanual do 21,01%.

Nos outros dous concellos, Bueu e Cangas, as variacións medias son do 12,31% e do 5,97% respectivamente. Cabe sinalar que ambos presentan un saldo negativo entre os anos 2000 e 2001, engadindo o período 2001-2002 para o concello de Bueu, cunha variación interanual negativa do -16,62%. Neste último concello é tamén destacable o forte ascenso que se dá entre os anos 2003 e 2004, cunha variación interanual do 78,11%.

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

	Nº CONTRATOS		Total
	Homes	Mulleres	
Menos de 26 anos	5.989	2.131	8.120
De 26 a 35 anos	5.308	2.625	7.933
De 36 a 45 anos	3.420	1.879	5.299
De 46 a 55 anos	2.071	1.145	3.216
De 56 e máis anos	467	225	692
TOTAL COMARCA	17.255	8.005	25.260
TOTAL PROVINCIAL	159.361	125.729	285.090

A distribución do número de contratos segundo o sexo amosa un reparto desigual entre homes e mulleres, agrupándose entre os primeiros o 68,31% das contratacións. A nivel provincial esta desigualdade entre os xéneros segue presente, aínda que en menor medida, dado que neste caso os homes presentan porcentualmente 11,8 puntos máis que as mulleres, fronte aos 36,62 puntos nos que as mulleres os superan a nivel comarcal.

Tanto a contratación masculina como a feminina agrúpase nos intervalos de idade máis novos, nos menores de 36 anos, onde se concentra o 63,56% dos contratos, repartidos o 44,72% entre os homes e o 18,83% entre as mulleres. Entre os contratados maiores de 35 anos, obsérvase de novo unha maior presenza masculina que feminina, do 23,59% fronte ao 12,86%.


TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	16.721	20.366	18.530	18.558	17.255
Mulleres	9.401	7.555	8.387	8.338	8.005
TOTAL CONTRATOS	26.122	27.921	26.917	26.896	25.260

A evolución da contratación segundo o sexo reflicte unha tendencia negativa no caso das mulleres, colectivo no que os contratos se reducen en todos os intervalos, excepto no 2001-2002, en que experimentan unha recuperación, acadando unha variación media final negativa do -3,94%.

Esta pauta contrasta coa presentada polo colectivo masculino, que tende a un leve crecemento, cunha variación media de 0,79%. Neste grupo, os contratos diminúen entre os anos 2001-2002 e 2003-2004, e hai que destacar o forte incremento que se observa no intervalo 2000-2001, cunha variación interanual do 21,8%.

GRÁFICO 8: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.



As diferenzas na evolución da contratación masculina e feminina reflíctense na distribución dos contratos nos diferentes anos do período. Deste xeito, obsérvase que a distancia porcentual que había entre as contratacións masculinas e femininas no ano 2000 era de 28,02 puntos, que se incrementa ata os 36,62 puntos no ano 2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	9.238	10.287	9.339	9.414	8.120
De 26 a 35 anos	8.378	8.645	8.323	7.725	7.933
De 36 a 45 anos	5.477	5.807	5.658	5.672	5.299
De 46 a 55 anos	2.489	2.380	2.905	3.415	3.216
De 56 e máis anos	540	802	692	670	692
TOTAL CONTRATOS	26.122	27.921	26.917	26.896	25.260

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

Tendo en conta a idade, a evolución dos contratos entre os anos comprendidos entre o 2000 e o 2004 amosa un comportamento negativo para o grupo dos menores de 26 anos e os que teñen entre 26 e 35 anos, que presentan unha variación media negativa do -3,17% e do -1,36% respectivamente. Nos menores de 26 anos os contratos redúcense entre os anos 2001-2002, e 2003-2004, con variacións interanuais negativas do -9,22% e do -13,75% respectivamente. No grupo de 26 a 35 anos, os decrecementos danse nos anos intermedios do quinquenio, dun xeito menos brusco que no caso anterior.

O intervalo de 36 a 45 anos amosa unha redución da contratación, cunha variación media negativa do -0,82%. Pola contra, nos intervalos maiores de 45 anos, as contratacións experimentan un crecemento nestes anos, con variacións medias do 6,62% e do 6,4% respectivamente. O colectivo de 46 a 55 anos sofre un retroceso nos intervalos inicial e final do período, recuperándose notablemente nos intermedios, con variacións interanuais do 22,06% e do 17,56%. Nos maiores de 55 anos, dáse o caso contrario, posto que as reducións das contratacións rexístranse nos anos intermedios e incrementanse nos restantes.

5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos


	N.º
SECTOR PRIMARIO	2.201
Agricultura e pesca	2.201
SECTOR SECUNDARIO	3.257
Industria e electricidade	3.257
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.955
Construción	1.955
SECTOR SERVICIOS	17.847
Comercio e hostalería	3.236
Transporte e comunicacións	11.081
Outros servizos	3.530
TOTAL CONTRATOS	25.260

TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

O sector servizos engloba no ano 2004 a maioría dos contratos realizados na comarca do Morrazo, posto que no seu marco rexístranse o 70,65% do total. Dentro deste, o subsector cun maior volume contractual é o de transporte e comunicacións, co 43,87%.


O segundo sector en orde de importancia é o secundario, co 12,89% da contratación, agrupada case na súa totalidade na industria. Os sectores primario e da construción engloban o 8,71% e o 7,74% da contratación, respectivamente.

GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación na industria.



Algo máis da metade da contratación da industria sitúase na actividade de alimentación. A considerable distancia sitúanse a fabricación de material de transporte, que agrupa a cuarta parte dos contratos, e a metalurxia e fabricación de produtos metálicos, co 10% do total.

GRÁFICO 10: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



Os contratos rexistrados dentro dos servizos concéntranse na súa maioría no transporte e comunicacións, no que se inclúen o 62%. Nun segundo plano sitúanse as actividades de hostalería, actividades inmobiliarias e servizos a empresas e comercio, que reúnen de forma conxunta o 26% do total.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	2.082	119	206	587	793	548	67
Agricultura e pesca	2.082	119	206	587	793	548	67
SECTOR SECUNDARIO	1.477	1.780	870	930	801	544	112
Industria e electricidade	1.477	1.780	870	930	801	544	112
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.876	79	767	611	307	197	73
Construción	1.876	79	767	611	307	197	73
SECTOR SERVIZOS	11.820	6.027	6.277	5.805	3.398	1.927	440
Comercio e hostalería	1.263	1.973	1.366	969	511	237	153
Transporte e comunicacións	9.307	1.774	4.010	3.511	2.049	1.286	225
Outros servizos	1.250	2.280	901	1.325	838	404	62
TOTAL CONTRATOS	17.255	8.005	8.120	7.933	5.299	3.216	692

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

Tanto no colectivo masculino como no feminino, a maior parte dos contratos están situados dentro do sector servizos. Deste xeito, o 23,86% dos contratos realízanse entre mulleres no sector servizos, destacando neste caso pola súa maior presenza o subsector de outros servizos, 9,03%. O segundo sector en orde de importancia na contratación feminina é o secundario, co 7,05% dos contratos.

No relativo aos homes, a maior parte dos contratos tamén se concentran nos servizos, en concreto o 46,79%. Neste caso é salientable a actividade de transporte e comunicacións, que engloba o 36,84% dos contratos. O sector primario é o que segue a continuación, co 8,24% das contratacións, seguido polo da construción –7,43%–.

Analizando máis polo miúdo a distribución por idade, obsérvase que o sector servizos é predominante en todos os grupos, seguido tamén en todos os casos polo secundario, agás no intervalo de 46 a 55 anos, onde é superado polo primario. No que atinxe aos subsectores, o de transporte e comunicacións é o máis representativo en todas as idades.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	2.241	2.218	2.307	2.122	2.201
Agricultura e pesca	2.241	2.218	2.307	2.122	2.201
SECTOR SECUNDARIO	6.606	3.763	4.312	4.416	3.257
Industria e electricidade	6.606	3.763	4.312	4.416	3.257
S. CONSTRUCCIÓN	1.586	1.668	1.691	1.860	1.955
Construción	1.586	1.668	1.691	1.860	1.955
SECTOR SERVIZOS	15.689	20.272	18.607	18.498	17.847
Comercio e hostalería	2.255	2.385	2.548	2.767	3.236
Transporte e comunicacións	10.943	14.972	12.841	12.870	11.081
Outros servizos	2.491	2.915	3.218	2.861	3.530
TOTAL CONTRATOS	26.122	27.921	26.917	26.896	25.260

TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.


No conxunto do período, maniféstase unha evolución dispar para os diferentes sectores produtivos. Deste xeito, o sector primario amosa un leve retraemento, cunha variación media do -0,45%. No sector secundario, as contratacións redúcense de forma considerable, obtendo unha variación media negativa do -16,2%. Neste caso, as contratacións diminúen de forma significativa nos intervalos inicial e final do quinquenio, nos que presentan variacións interanuais negativas do -43,04% e do -26,35% respectivamente.

Pola contra, no sector da construción, a tendencia da contratación comarcal é positiva, cunha variación media final do 5,37%, acadada tras un crecemento continuo ao longo destes cinco anos. Finalmente, nos servizos prodúcese o maior incremento en termos absolutos, cunha variación media de 3,27%. Neste sector, os contratos decrecen nos tres últimos intervalos anuais, pero experimentan unha forte subida entre os anos 2000 e 2001, acadando unha variación interanual do 29,21%.

Tendo en conta os subsectores, o de transporte e comunicacións mantén unha tendencia cara á estabilidade, cunha variación media do 0,31%. Os dous restantes, comercio e hostalería e outros servizos, presentan unha tendencia evolutiva crecente, con variacións medias finais do 9,45% e do 9,11% respectivamente.

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 11: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.



Segundo a tipoloxía de contratación, a comarca do Morrazo caracterízase por un forte predominio dos contratos temporais, que supoñen máis de nove de cada dez do total. Deste xeito, o 83% das contratacións realizadas son temporais a tempo completo, ao mesmo tempo que o 10% son temporais a tempo parcial.

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	601	138	105	215	215	173	31
Indefinido tempo parcial	43	101	32	66	29	13	4
Temporal	15.354	5.809	6.525	6.664	4.566	2.812	596
Temporal tempo parcial	810	1.790	1.044	923	423	161	49
Prácticas/Formación	270	159	406	23	0	0	0
Outros	177	8	8	42	66	57	12
TOTAL CONTRATOS	17.255	8.005	8.120	7.933	5.299	3.216	692

Tanto nos homes como nas mulleres, a tipoloxía de contratación predominante é a temporal a tempo completo, así como tamén o é en todos os grupos de idade. Do mesmo xeito, todas as fórmulas de contratación son maioritarias entre os homes, excepto a indefinida e a temporal a tempo parcial.

No referente á distribución por idade, a contratación temporal a tempo completo é a que conta cun maior peso relativo en todos os tramos, acadando o volume máis elevado nos de menos de 36 anos, onde se sitúan o 52,21% do conxunto da contratación. O mesmo sucede cos contratos temporais a tempo parcial, posto que o 7,78% colócanse nestes dous tramos de idade.

	PRIMARIO Agr., Gand.	SECUNDARIO Industr. e Electric.	CONSTRUCCIÓN Construc.	Comerc.	Transp.	SERVIZOS Outros	Total
Indefinido	438	46	78	111	25	41	177
Indefinido tempo parcial	X	16	8	62	5	50	117
Temporal	1.724	2.968	1.593	1.655	10.951	2.272	14.878
Temporal tempo parcial	26	174	148	1.270	97	885	2.252
Prácticas/Formación	4	53	128	138	X	103	244
Outros	6	0	0	0	0	179	179
TOTAL CONTRATOS	X	3.257	1.955	3.236	X	3.530	17.847

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

Todas as fórmulas de contratación se agrupan na súa maior parte no sector servizos. No referente aos subsectores, o de transporte e comunicacións aglutina a maior parte dos contratos temporais a tempo completo, en concreto o 43,35%, seguido a considerable distancia polo da industria, co 11,75%. En canto aos contratos temporais a tempo parcial, sitúanse maiormente en dous subsectores, que son os de comercio e hostalería e outros servizos.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	1.194	1.071	890	788	739
Indefinido tempo parcial	236	218	207	176	144
Temporal	21.596	20.972	20.441	23.106	21.163
Temporal tempo parcial	1.597	1.857	2.019	2.185	2.600
Prácticas/Formación	474	423	553	510	429
Outros	1.025	3.380	2.807	131	185
TOTAL CONTRATOS	26.122	27.921	26.917	26.896	25.260

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

En todas as modalidades de contratación prodúcese un descenso no seu volume de contratos, coa excepción da temporal a tempo parcial. Así, a contratación temporal a tempo completo só aumenta o seu número en 2003, para descender nos restantes anos do quinquenio, obtendo finalmente unha variación media de -0,51%.

Os contratos indefinidos, independentemente de se son a tempo completo ou parcial, descenden en todos os anos do período 2000-2004, obtendo variacións medias semellantes, -11,30% e -11,62%, respectivamente.

Porén, os contratos temporais a tempo parcial incrementáanse en todos os anos do período, destacando o incremento do último ano, no que obteñen unha variación interanual de 18,99%. Finalmente a variación media anual é de 12,96%.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	X	2,99
HOMES	X	17,02
MULLERES	X	-21,75
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	638	5,40
HOMES	393	6,63
MULLERES	245	3,56
3. Técnicos e profesionais de apoio	849	3,32
HOMES	660	2,93
MULLERES	189	4,75
4. Empregados de tipo administrativo	671	5,05
HOMES	160	-1,50
MULLERES	511	7,62
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	2.604	10,72
HOMES	755	9,10
MULLERES	1.849	11,41
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	1.447	0,03
HOMES	1.339	-0,39
MULLERES	108	6,17
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	4.154	4,65
HOMES	2.786	3,68
MULLERES	1.368	6,76
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	3.741	-3,38
HOMES	3.396	-4,70
MULLERES	345	18,33
9. Traballadores non cualificados	11.138	-4,44
HOMES	7.751	1,75
MULLERES	3.387	-13,78
TOTAL CONTRATOS	25.260	-0,84
TOTAL HOMES	17.255	0,79
TOTAL MULLERES	8.005	-3,94

Os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación na comarca do Morrazo son os seguintes:

- Traballadores non cualificados (44,09%).
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería (16,44%).
- Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores (14,81%).
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio (10,31%).

Atendendo á distribución segundo o sexo, aprécianse diferenzas significativas nos contratos en función do tipo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados -30,68%-. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores -13,44%-. • Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería -11,03%-.	• Traballadoras non cualificadas -13,41%-. • Traballadoras de servizos de restauración, persoais e vendedoras de comercio -7,32%-. • Artesáns/traballadoras cualificadas da industria manufactureira, construción e minería -5,42%-.

Só en dous grandes grupos de ocupación predomina a contratación feminina sobre a masculina, que son os seguintes:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. A contratación feminina supón un 7,32%, fronte ao 2,99% da masculina.
- Empregadas de tipo administrativo. Os contratos femininos representan un 2,02% do total de contratos, fronte ao 0,63% dos masculinos.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	7.136	5.605	1.531	78,55
85420223	Estibador	2.973	2.759	214	92,80
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	2.146	1.511	635	70,41
63230055	Mariñeiro de pesca	1.175	1.132	43	96,34
50200018	Camareiro, en xeral	1.049	364	685	34,70
71100016	Albanel	900	893	7	99,22
78010185	Traballador na preparación de peixe para conserva	760	6	754	0,79
53300010	Dependente de comercio, en xeral	521	73	448	14,01
97000020	Peón da ind. aliment., bebidas e tabaco	499	5	494	1,00
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	460	62	398	13,48
TOTAL		17.619	12.410	5.209	70,44

(1) *Ratio de Masculinidade* = (N.º de contratos realizados a homes / N.º total de contratos) x 100

TÁBOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

Do total dos contratos realizados no Morrazo no ano 2004, o 69,75% foron asinados dentro das dez ocupacións máis contratadas que se enumeran na táboa anterior, o que indica unha alta concentración dos contratos nestas ocupacións. O grao de concentración nas dez ocupacións máis contratadas é máis alto entre os contratos realizados a homes, o 71,92%, ca entre os efectuados a mulleres, o 65,07%.

A ocupación máis contratada foi a de peón da industria manufactureira, seguida da de estibador e mozo carga/descarga almacén. Neste sentido, xorden diferenzas entre homes e mulleres, posto que nos primeiros a ocupación cun maior volume de contratación é a de peón da industria manufactureira, seguida pola de estibador. En cambio, as mulleres asinan máis contratos como peón da industria manufactureira e traballadora na preparación de peixe para conserva.

A presenza da contratación masculina é superior á feminina no conxunto das dez ocupacións, tal e como indica o ratio de masculinidade, do 70,44%. Por alto nivel de contratación masculina, destacan as de albanel, mariñeiro de pesca e estibador. Pola contra, teñen un perfil marcadamente feminino as de traballadora na preparación de peixe para conserva e peón da industria alimentaria, bebidas e tabaco.

TÁBOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	11.029	6.322	7.155	7.551	7.136
85420223	Estibador	3.701	8.585	6.341	6.079	2.973
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	824	1.655	1.338	2.018	2.146
63230055	Mariñeiro de pesca	1.237	1.248	1.271	1.144	1.175
50200018	Camareiro, en xeral	620	682	768	903	1.049
71100016	Albanel	773	853	915	879	900
78010185	Traballador na preparación de peixe para conserva	53	13	0	22	760
53300010	Dependente de comercio, en xeral	575	616	616	537	521
97000020	Peón da ind. aliment., bebidas e tabaco	X	X	10	70	499
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	295	349	346	411	460
42100010	Empregado administrativo, en xeral	377	447	440	387	404
78010233	Cocedor de peixes e mariscos	716	564	1.573	579	332
78010194	Limpador-preparador de peixe para conserva	185	543	355	242	104
97000141	Embalador, empaquetador, etiquetador á man	614	332	224	8	9
98000041	Mozo carga/descarga, transp. marítimo	X	459	0	0	8

Observando a lista das dez ocupacións máis contratadas entre os anos 2000 e 2004, conséntase que cinco delas non figuran na lista no ano 2004, que son as de embalador/ empaquetador/etiquetador á man, mozo carga/descarga de transporte marítimo, empregado administrativo, cocedor de peixes e mariscos e limpador-preparador de peixe para conserva. En todas estas ocupacións redúcense porcentualmente os contratos, agás nas de mozo carga/descarga e empregado administrativo, que a pesar de incrementarse con respecto ao ano 2000, son superadas por outras ocupacións nos últimos anos, sendo destacable o alto volume de contratación da primeira no ano 2001.

Dentro xa das dez ocupacións máis contratadas no ano 2004, a subida máis pronunciada dáse na de peón da industria alimentaria, bebidas e tabaco, que acada unha variación media do 259,12%, tras o forte incremento do último ano, como sucede con traballador na preparación de peixe para conserva, que presenta unha variación media de 94,6%.

Pola contra, a ocupación que rexistra un maior decrecemento no volume de contratación é a de peón da industria manufactureira, cunha variación media negativa de -10,31%.

5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Agraria	15	7,14	1	8,33
Administración e oficinas	52	5,54	3	5,45
Comercio	43	15,93	2	13,33
Servizos ás empresas	198	4,30	12	4,38
Edificación e obras públicas	39	7,91	2	6,90
Industrias alimentarias	19	15,08	1	14,29
Montaxe e instalación	32	15,61	2	25,00
Pesca e acuicultura	18	100,00	1	100,00
Seguros e finanzas	16	4,92	1	5,56
TOTAL	432	3,54	25	3,52

TÁBOA 33: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

A comarca do Morrazo concentra o 3,54% dos alumnos de formación profesional ocupacional da provincia, así como o 3,52% dos cursos impartidos.


A maior parte desta formación agrúpase na familia de servizos ás empresas, co 45,83% dos alumnos e o 48% dos cursos. Nun segundo lugar sitúase a familia de administración e oficinas, na que se rexistran o 12,04% dos alumnos e o 12% dos cursos.

Na comarca do Morrazo sitúase o único curso da provincia de Pontevedra da familia de pesca e acuicultura. En canto ao peso relativo dos alumnos comarcais con respecto á provincia, cabe salientar, a continuación, os das familias de comercio, montaxe e instalacións e industrias alimentarias, que superan o 15%. No relativo aos cursos, os da familia de montaxe e instalacións supoñen a cuarta parte en relación cos organizados na provincia.

5.6.- CONCLUSIONES

- No sector servizos agrúpanse a maioría das empresas e traballadores autónomos, así como a maior parte dos traballadores por conta allea. Porén, a súa importancia relativa redúcese no número de traballadores en favor do sector primario e secundario.
- No período comprendido entre os anos 2000 e 2004 experimentouse un incremento de empresas, de traballadores e de autónomos. O maior aumento en termos relativos deuse entre os traballadores autónomos.
- Os sectores dos servizos, construción e secundario, este último en menor medida, rexistran un crecemento tanto en número de empresas como de traballadores e autónomos. En cambio, o sector primario descende en número de empresas e de traballadores por conta allea, unha perda que non é compensada polo aumento do número de autónomos.
- A comarca do Morrazo agrupa o 9,35% das demandas provinciais dos traballadores parados, e o 10,41% dos non parados. Dentro da comarca o concello con maior número de demandantes é Cangas.
- Tanto entre os demandantes parados como entre os non parados, predominan as mulleres. En canto ao perfil de idade, o grupo de demandantes máis significativo é o de 26 a 35 anos, seguido polo de 36 a 45 anos.
- Os demandantes parados con emprego anterior son os máis significativos. No que respecta ao nivel académico, o conxunto máis importante é o dos demandantes con ensinanza obrigatoria e os que teñen ata certificado de escolaridade, supoñendo o 70,8% do total de demandantes.
- Os demandantes parados da comarca levan buscando emprego dun xeito maioritario menos de seis meses. Segundo aumenta a idade dos demandantes, tenden a ter maior presenza os parados de longa duración, tendencia máis perceptible no colectivo feminino.
- A maioría dos demandantes comarcais proceden do sector servizos, onde destacan as actividades inmobiliarias e servizos a empresas e comercio. No tocante á industria, as actividades con maior presenza de demandantes son as de alimentación e fabricación de materiais de transporte.
- Do mesmo xeito que sucede na provincia, a ocupación máis demandada na comarca do Morrazo é a de dependente de comercio. Por outra banda, é destacable que o perfil de demandante da comarca sexa idéntico ao que se presenta a nivel provincial.
- O Morrazo rexistra no ano 2004 o 3,87% das ofertas da provincia de Pontevedra. Entre os concellos da comarca, destaca notablemente o de Cangas, seguido do de Marín. No período 2000-2004 na comarca prodúcese un descenso das ofertas, que contrasta coa evolución crecente producida na provincia, motivado sobre todo pola diminución rexistrada en Cangas.
- Case sete de cada dez ofertas de emprego derívanse do sector servizos. O concello de Cangas concentra un maior número de ofertas no sector servizos e da construción. En cambio, no secundario cobra unha maior importancia o de Moaña, e no primario o de Marín. No período 2000-2004 dáse un decrecemento das ofertas en todos os sectores produtivos, rexistrando o maior descenso en termos absolutos o dos servizos.
- Dentro da industria, destacan as ofertas procedentes da actividade de fabricación de material de transporte. Nos servizos, sobresaen as derivadas de hostalería e administracións públicas.

- Tan só o 21,66% das ofertas rexistradas no ano 2004 solicitaban traballadores segundo o seu sexo, requirindo na súa maioría un home. No tocante ao nivel de estudos, case tres de cada dez demandan a posesión dunha determinada titulación, unha proporción moi baixa comparada coa producida noutras comarcas, que na maioría dos casos é o certificado de escolaridade.
- As ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores do servizo público de emprego galego son as de camareiro-barman e albanel. Cun volume menos importante, nas oficinas de emprego destacan as ofertas vinculadas ás ocupacións de peón da industria manufactureira e técnico de protección civil.
- Na comarca do Morrazo asináronse no ano 2004 o 8,86% dos contratos da provincia de Pontevedra. En relación cos concellos, a diferenza do que sucedía coas demandas e as ofertas, que se situaban maioritariamente en Cangas, neste caso, case a metade dos contratos producíronse en Marín, seguido polo de Moaña. A tendencia da contratación comarcal no transcurso destes cinco anos é levemente descendente, marcada pola diminución producida no concello de Marín.
- Do mesmo xeito que na provincia, na comarca a contratación masculina predomina sobre a feminina. A evolución da contratación segundo o sexo reflicte unha evolución negativa para as mulleres nestes cinco anos, mentres que nos homes se rexistra un leve crecemento.
- Os contratos concéntranse entre os traballadores menores de 26 anos, seguidos dos de 26 a 35 anos, tendendo a descender conforme aumenta a idade. Observando a evolución dos contratos entre os anos 2000 e 2004, denótase un descenso entre os menores de 46 anos, mentres que entre os maiores de 45 incrementáanse as contratacións.
- No sector servizos rexístranse algo máis de sete de cada dez contratos do Morrazo, destacando os procedentes da actividade de transporte e comunicacións. O segundo sector en orde de importancia é o secundario, sendo a actividade máis significativa dentro da industria a de alimentación.
- Tanto nos homes coma nas mulleres, o maior volume de contratación prodúcese no sector servizos. En todos os intervalos de idade, a tónica xeral é tamén a forte concentración dos contratos neste sector. No período analizado, nos sectores dos servizos e da construción incrementábase o volume de contratación, ao mesmo tempo que se reduce no primario e no secundario.
- Algo máis de oito de cada dez contratos da comarca son temporais a tempo completo, e un de cada dez son temporais a tempo parcial. O primeiro tipo de contratación predomina claramente en todos os sectores produtivos, así como en todas as idades e en ambos os sexos. A contratación temporal a tempo parcial tende a ser máis frecuente entre as mulleres. Durante o período 2000-2004, a contratación temporal a tempo parcial é a única que rexistra un incremento.
- Tanto no colectivo masculino como no feminino, o grande grupo de ocupación predominante é o de traballadores non cualificados. Nun segundo lugar en termos xerais sitúase o de artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería.
- As ocupacións con máis contratos na comarca son as de peón da industria manufactureira e estibador, tanto en termos xerais como no colectivo masculino. Entre as mulleres predomina tamén a primeira destas ocupacións, seguida da de traballadora na preparación de peixe para conserva.
- Dentro do conxunto da comarca predominan os alumnos e cursos de formación ocupacional procedentes da familia de servizos ás empresas.



Comarca do Salnés



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	613	12,64	5.887	21,76	70	1,03
Agricultura e pesca	613	12,64	5.887	21,76	70	1,03
SECTOR SECUNDARIO	504	10,39	4.721	17,45	580	8,56
Industria e electricidade	504	10,39	4.721	17,45	580	8,56
SECTOR CONSTRUCCIÓN	919	18,94	4.563	16,87	1.306	19,27
Construcción	919	18,94	4.563	16,87	1.306	19,27
SECTOR SERVIZOS	2.815	58,03	11.884	43,93	4.822	71,14
Comercio e hostalería	1.642	33,85	6.306	23,31	3.334	49,19
Transporte e comunicacións	202	4,16	915	3,38	418	6,17
Outros servizos	971	20,02	4.663	17,24	1.070	15,79
TOTAL	4.851	100,00	27.055	100,00	6.778	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

No tecido empresarial da comarca do Salnés hai un predominio do sector servizos, tanto no número de empresas como no de traballadores por conta allea e autónomos. En 2004 este sector concentrou o 58,03% das empresas, seguíndolle a unha distancia importante o sector da construción, co 18,94%; o sector primario, co 12,64%; e o sector secundario, co 10,39%.

En canto aos subsectores dos servizos, a maior parte das empresas concéntranse en comercio e hostalería, co 33,85%; seguíndolle outros servizos, co 20,02%.

Os traballadores por conta allea, como dixemos, desenvolven maioritariamente a súa actividade laboral no sector servizos, o 43,93%. O resto atópanse, por esta orde, no sector primario, o 21,76%; no sector secundario, o 17,45%; e na construción, o 16,87%. Por subsectores dos servizos, a distribución é a seguinte: comercio e hostalería, o 23,31%; outros servizos, o 17,24%; e transporte e comunicacións, o 3,38%.

Os traballadores autónomos concéntranse tamén no sector servizos, o 71,14%, agrupando o subsector de comercio e hostalería o 49,19% do total. O sector da construción, co 19,27%, sitúase a continuación. Tanto o sector secun-

dario como o primario teñen un volume máis baixo de autónomos, o 8,56% e o 1,03% respectivamente.

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	551	556	594	551	613
Agricultura e pesca	551	556	594	551	613
SECTOR SECUNDARIO	477	473	477	493	504
Industria e electricidade	477	473	477	493	504
SECTOR CONSTRUCCIÓN	796	808	838	873	919
Construción	796	808	838	873	919
SECTOR SERVICIOS	2.278	2.407	2.561	2.673	2.815
Comercio e hostalería	1.361	1.416	1.502	1.590	1.642
Transporte e comunicacións	174	190	195	191	202
Outros servizos	743	801	864	892	971
TOTAL	4.102	4.244	4.470	4.590	4.851

A comarca do Salnés rexistrou un crecemento continuo no quinquenio 2000-2004. Neste último ano había 749 empresas máis que en 2000, o que supón unha variación media do 4,28%.

Analizando por sectores, todos medran aínda que con distinta intensidade. O sector servizos e a construción fixérono cunhas variacións medias do 5,43% e do 3,66% respectivamente. Ademais, en ambos os sectores o número de empresas aumentou durante todos os anos, producíndose a maior variación interanual nos servizos entre 2001 e 2002, o 6,40%, e na construción entre 2003 e 2004, o 5,27%.

Os demais sectores crecen de xeito máis moderado: cun 2,70% de variación media para o sector primario e cun 1,39% para o sector secundario. O sector primario ten variacións interanuais importantes das que se pode sinalar o decrecemento entre 2002 e 2003, de -7,24%, e o crecemento entre 2003 e 2004, do 11,25%. O sector secundario presenta uns valores máis moderados en canto ás súas variacións interanuais, definidas polo máximo crecemento entre 2002 e 2003, do 3,35%, e polo decrecemento entre 2000 e 2001, de -0,84%.

No tocante aos subsectores, os outros servizos e o comercio e a hostalería, cun crecemento continuo ao longo do quinquenio, son os que mostran as variacións medias máis altas, do 6,92% e do 4,80% respectivamente.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	5.531	5.740	5.659	5.582	5.887
Agricultura e pesca	5.531	5.740	5.659	5.582	5.887
SECTOR SECUNDARIO	4.655	4.381	4.678	4.538	4.721
Industria e Electricidade	4.655	4.381	4.678	4.538	4.721
SECTOR CONSTRUCCIÓN	3.807	4.192	4.077	4.105	4.563
Construcción	3.807	4.192	4.077	4.105	4.563
SECTOR SERVICIOS	8.502	9.629	10.429	10.905	11.884
Comercio e hostalería	4.803	5.257	5.566	5.960	6.306
Transporte e comunicacións	698	774	831	869	915
Outros servizos	3.001	3.598	4.032	4.076	4.663
TOTAL	22.495	23.942	24.843	25.130	27.055

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

A evolución do número de traballadores por conta allea no período 2000-2004 foi positiva, medrando sucesivamente ano tras ano. En 2004 había na comarca 4.560 traballadores máis que en 2000, incremento que se corresponde cunha variación media do 4,72%. Realizando unha análise por anos, obsérvase que o maior nivel de crecemento prodúcese no intervalo 2003-2004, cunha variación interanual de 7,66%.

Esta tendencia positiva é común a todos os sectores, aínda que nalgúns dáse de xeito máis moderado que noutros. O sector secundario é o que ten un menor crecemento relativo do volume de traballadores, cunha variación media do 0,35%: rexistra descensos entre 2000 e 2001, cunha variación interanual de -5,89%, e entre 2002 e 2003, de -2,99%. O maior aumento prodúcese entre 2001 e 2002, cunha variación interanual do 6,78%. O sector primario crece cunha variación media do 1,57%. En canto ás variacións interanuais, decrece levemente entre 2001 e 2002, de -1,41%, e entre 2002-2003, de -1,35%, e aumenta en 2001 e 2004 o 3,78% e o 5,46% respectivamente.

Os maiores aumentos producíronse nos servizos e na construción, con variacións medias respectivas do 8,73% e do 4,63%. O sector servizos experimenta un crecemento continuo e acada a máxima variación interanual entre 2000 e 2001, o 13,26%. Pola súa parte, a construción presenta unha evolución discontinua con intervalos de notable crecemento en 2000-2001 e en 2003-2004, cunha variación interanual do 10,11% e do 11,16% respectivamente, crecemento moi moderado en 2002-2003 e decrecemento en 2001-2002, cunha variación interanual de -2,74%.

Polo que respecta aos subsectores de servizos, cómpre sinalar o aumento de outros servizos, cunha variación media do 11,65%, con aumento constante durante o período. Comercio e hostalería e transporte e comunicacións obtíñen variacións medias moi aproximadas do 7,04% e do 7% respectivamente.

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	37	39	48	57	70
Agricultura e pesca	37	39	48	57	70
SECTOR SECUNDARIO	490	551	555	536	580
Industria e Electricidade	490	551	555	536	580
SECTOR CONSTRUCCIÓN	925	1.053	1.118	1.175	1.306
Construción	925	1.053	1.118	1.175	1.306
SECTOR SERVICIOS	3.555	3.907	4.177	4.426	4.822
Comercio e hostalería	2.458	2.714	2.907	3.090	3.334
Transporte e comunicacións	358	378	385	397	418
Outros servizos	739	815	885	939	1.070
TOTAL	5.007	5.550	5.898	6.194	6.778

A evolución do número de autónomos no período 2000-2004 caracterízase polo aumento con carácter continuado do seu número. En 2004 había 1.771 autónomos máis que en 2000. Como resultado desta evolución a variación media é do 7,87%.

O maior incremento en termos absolutos prodúcese nos servizos, sector que medrou cunha variación media do 7,92%. O sector primario experimenta unha variación media do 17,28% e a construción do 9,01%. Estes tres sectores evolucionan cun crecemento constante no número de traballadores autónomos. Pola contra, o sector secundario amosa unha evolución desigual e acada a variación media máis baixa, do 4,31%, retrocedendo entre 2002 e 2003, cunha variación interanual do -3,42%.

En canto á evolución dos subsectores de servizos, o maior crecemento do número de autónomos dáse noutros servizos, cunha variación media do 9,69%. No referente ao subsector máis importante en termos cuantitativos, comercio e hostalería, prodúcese unha evolución positiva no conxunto do período, cunha variación media do 7,92%.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Illa de Arousa	221	89	310
Cambados	922	472	1.394
Meaño	324	158	482
Meis	262	87	349
O Grove	1.079	290	1.369
Ribadumia	295	123	418
Sanxenxo	938	421	1.359
Vilagarcía de Arousa	2.390	1.200	3.590
Vilanova de Arousa	716	284	1.000
TOTAL COMARCA	7.147	3.124	10.271

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia – PARADOS	12,74
% comarca/provincia - NON PARADOS	11,34

O número de demandantes de emprego na comarca do Salnés en 2004 ascende a 10.271 persoas. Deste total o 69,58% son demandantes parados e 30,42% non parados. En todos os concellos os demandantes parados aparecen en maior cantidade que os non parados.

Na análise por concellos, destaca que a maior porcentaxe de demandantes atópase en Vilagarcía de Arousa, o 34,95% do total comarcal. Lonxe aparecen Cambados, co 13,57%; O Grove, co 13,33%, e Sanxenxo, co 13,23%. E, con menos do 10%, están o resto de concellos.

Os demandantes parados da comarca supoñen, con respecto á provincia de Pontevedra, o 12,74%, e os non parados o 11,34%.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	7.114	6.588	6.639	7.609	7.147
Variación interanual %	-	-7,39	0,77	14,61	-6,07
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	14,27	13,43	12,48	13,50	12,74

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

A tendencia na comarca durante o período 2000-2004 no referido á evolución do número de parados é o crecemento moderado. No cadro anterior pódese ver como as variacións interanuais evolucionan de xeito descontínuo, con períodos de estabilidade en 2002 e crecemento en 2003, que obteñen porcentaxes de variación interanual do 0,77% e do 14,61% respectivamente, así como regresión en 2001 e 2004, cunha variación interanual de -7,39% e -6,07%.

A importancia relativa dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia é lixeiramente máis baixa en 2004 que en 2000.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	930	9,05	10,83
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	6.217	60,53	56,25
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	286	2,78	3,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.179	11,48	12,61
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	506	4,93	5,95
	En expediente de regulación de emprego	132	1,29	1,07
	Demandantes de mellora de emprego	710	6,91	6,47
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	166	1,62	2,70
	Resto de demandantes	145	1,41	0,55
TOTAL		10.271	100,00	100,00

A situación laboral dos demandantes de emprego na comarca caracterízase polo feito de que o 60,53% do total son parados con emprego anterior, quedando as demais categorías en porcentaxes menores. O 11,48% son demandantes non parados con emprego anterior e o 9,05% son demandantes parados sen emprego anterior. Esta distribución non difire da amosada polo ámbito provincial.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	477	813	18,05	17,63
26 a 35 anos	719	1.531	31,48	30,34
36 a 45 anos	529	1.167	23,73	21,96
46 a 55 anos	440	699	15,94	18,05
56 e máis anos	366	406	10,80	12,02
TOTAL COMARCA	2.531	4.616	100,00	12,74
TOTAL PROVINCIA	21.868	34.246	12,74	100,00

A maioría dos demandantes de emprego parados da comarca do Salnés son mulleres, representando o 64,59% do total e, polo tanto, o colectivo masculino configura o 35,41% restante. As diferenzas entre os demandantes parados segundo o sexo son menores no conxunto da provincia de Pontevedra: o 61,03% mulleres e o 38,97% homes.

Ao analizar o número de demandantes parados segundo a idade, practicamente a metade, o 49,53%, son menores de 36 anos; a outra metade, o 50,47%, sitúase por riba desa idade. O intervalo de idade no que se dan máis casos de demandantes de emprego é o de entre 26 e 35 anos, o 31,48% do total.

No cruzamento de grupos de idade segundo o xénero vese que a maior porcentaxe de demandantes parados, o 21,42%, correspóndese con mulleres de entre 26 e 35 anos, seguidas de mulleres de entre 36 e 45 anos, que representan o 16,33% do total.

Os demandantes parados da comarca supoñen o 12,74% do total da provincia de Pontevedra e vese que a distribución porcentual por idades non difire moito entre o ámbito comarcal e o provincial.

	HOMES	MULLERES	COMARCAL	PROVINCIAL
	N.º	N.º	%	%
Menos de 26 anos	218	323	17,32	16,70
26 a 35 anos	315	576	28,52	28,41
36 a 45 anos	248	512	24,33	21,54
46 a 55 anos	183	360	17,38	18,39
56 e máis anos	201	188	12,45	14,95
TOTAL COMARCA	1.165	1.959	100,00	11,34
TOTAL PROVINCIA	10.384	17.165	11,34	100,00

TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

Entre os demandantes non parados da comarca tamén predomina o colectivo feminino nunha porcentaxe do 62,71%, algo máis baixa do que acontecía cos parados. O colectivo masculino supón o 37,29% restante. En canto á idade, prodúcese unha alta concentración de demandantes entre os menores de 36 anos, o 45,84%.

En relación coa idade e o xénero, a maior porcentaxe de demandantes non parados correspóndese coas mulleres de entre 26 e 35 anos, o 18,44%; séguenlles as de entre 36 e 45 anos, as de entre 46 e 55 anos, 11,52% e 10,34%, respectivamente.




GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

No gráfico anterior represéntase a distribución do total de demandantes por xénero e grupos de idades. Pódese advertir que o grupo de idade que xunta un maior número de demandantes é o de 26 a 35 anos, o 30,58% do todas as demandas; está seguido do grupo de 36 a 45 anos, que representa o 23,91%. En todos os segmentos de idade destaca o grande peso do colectivo feminino, agás no de maiores de 55 anos, no que homes e mulleres representan porcentaxes similares.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	2.104	958	3.062
Titulación de ensinanza obrigatoria	3.315	1.323	4.638
Formación profesional	394	136	530
BUP/Bacharelato superior/COU	705	362	1.067
Titulados universitarios	459	285	744
Outras titulacións	170	60	230
TOTAL	7.147	3.124	10.271

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

A distribución do total de demandantes por nivel académico amosa que o 29,81% ten ata certificado de escolaridade e o 45,16% titulación de ensinanza obrigatoria. A bastante distancia sitúanse os de BUP/Bacharelato superior/COU, un 10,39%; ségúenlle os titulados universitarios, o 7,24%; e os de formación profesional, o 5,16%.

As distribucións relativas dos demandantes parados e non parados son moi semellantes entre si. O grupo de parados con certificado de escolaridade ou titulación de ensino obrigatorio suma o 75,82% do total, e no caso dos non parados, o 73,02%. Predominan, para ambos os grupos, os que teñen titulación de ensinanza obrigatoria. Os demandantes parados con formación profesional ou bacharelato superior supoñen o 15,37% e os non parados con estes niveis de estudos o 15,94%. Os titulados universitarios representan o 6,42% para os parados e o 9,12% para os non parados.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TÁBOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	389	61	27	477
	Mulleres	628	92	93	813
26 a 35 anos	Homes	545	88	86	719
	Mulleres	1.016	180	335	1.531
36 a 45 anos	Homes	377	55	97	529
	Mulleres	769	101	297	1.167
46 a 55 anos	Homes	269	49	122	440
	Mulleres	397	54	248	699
56 e máis anos	Homes	121	59	186	366
	Mulleres	138	39	229	406
TOTAL COMARCA		4.649	778	1.720	7.147
TOTAL PROVINCIA		29.022	8.000	19.092	56.114

En canto á distribución dos demandantes parados segundo sexo e idade por tempo de busca de emprego, a maioría levan menos de 6 meses no proceso de busca, o 65,05%. Os que levan máis dun ano supoñen o 24,07%. O 10,89% levan de 6 meses a un ano.

Tendo en conta o cruzamento por sexo e idade, tanto para o colectivo masculino como para o feminino, ata os 55 anos o máis frecuente é que leven menos de seis meses buscando emprego, a partir desa idade predominan os parados de longa duración.

Respecto aos totais provinciais, prodúcese desviacións importantes nos datos relativos ao tempo de busca: deste xeito os que levan menos de 6 meses supoñen o 65,05% comarcal e o 51,72% provincial; os que levan de 6 meses a 1 ano supoñen o 10,89% comarcal e o 14,26% provincial; os que levan máis de 1 ano son o 24,07% comarcal e o 34,02% provincial.

5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	212	78	290
Sector secundario	1.394	601	1.995
Construción	739	254	993
Sector servizos	3.884	1.816	5.700
Sen actividade previa	918	375	1.293
TOTAL	7.147	3.124	10.271

TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

Os demandantes de emprego proceden, maioritariamente, do sector servizos, 55,50%. Esta porcentaxe é inferior no caso dos parados, o 54,34%, e superior no dos non parados, o 58,13%.

O seguinte sector con maior número de demandantes é o secundario, co 19,42%. Descontando os demandantes que non tiñan unha actividade previa, o seguinte sector é a construción, que representa o 9,67% do total comarcal, o 10,34% son parados e o 8,13% non parados. E, por último, o sector primario suma o 2,82% das demandas, o 2,97% son parados e o 2,50% non parados.





GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.

Na industria, o grupo máis numeroso de demandantes parados encádrase na alimentación, o 75%. O 25% restante distribúese nas demais actividades.

GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.



O 32% dos demandantes parados nos servizos proceden da hostalería. As actividades inmobiliarias e de servizos ás empresas constitúen o 21%. O 19% proceden do comercio e o 11% das administracións públicas. O 17% restante distribúese nas outras actividades sinaladas no gráfico.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Cocedor de peixes e mariscos	1.142	11,12	2,41
Dependente de comercio, en xeral	949	9,24	9,44
Empregado administrativo, en xeral	783	7,62	8,62
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	656	6,39	7,18
Camareiro, en xeral	508	4,95	3,06
Peón da ind. manufacturera, en xeral	392	3,82	7,23
Albanel	312	3,04	2,09
Cociñeiro, en xeral	258	2,51	1,76
Peón da construción de edificios	200	1,95	1,84
Camareira/o de pisos (hostalería)	170	1,66	0,98
TOTAL	10.271	100,00	

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ensinanza obrigatoria	Ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Cocedor de peixes e mariscos	Dependente de comercio, en xeral

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

	TOTAL OFERTAS
A Illa de Arousa	9
Cambados	1.198
Meaño	123
Meis	84
O Grove	199
Ribadumia	76
Sanxenxo	378
Vilagarcía de Arousa	841
Vilanova de Arousa	117
TOTAL COMARCAL	3.025

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	31.132
COMARCA/PROVINCIA:	9,72

A comarca do Salnés reúne o 9,72% das ofertas da provincia de Pontevedra. Nos concellos de Cambados e Vilagarcía de Arousa concéntranse o 67,40% das ofertas comarcais. O 32,60% restante ofértano os outros sete concellos.


	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Illa de Arousa	3	6	14	17	9
Cambados	1.379	1.262	1.202	1.626	1.198
Meaño	57	93	85	104	123
Meis	51	59	85	82	84
O Grove	400	301	231	215	199
Ribadumia	40	88	63	143	76
Sanxenxo	518	483	316	323	378
Vilagarcía de Arousa	1.324	1.018	1.310	1.079	841
Vilanova de Arousa	82	81	134	99	117
TOTAL COMARCA	3.854	3.391	3.440	3.688	3.025
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

No período 2000-2004 a comarca do Salnés experimenta un decaemento notable no número de ofertas, cunha variación media de -5,88%, situándose moi por baixo do crecemento relativo da provincia, cunha variación media do 1,67%. Nos anos 2001 e 2004 as ofertas diminuíron nun 12,01% e un 17,98% respectivamente. Pola contra, en 2002 e 2003 producíronse incrementos, pero foron de baixa magnitude e non chegaron a compensar a perda de ofertas acontecida nos anos regresivos.

A evolución das ofertas por concellos é desigual. Con todo, obsérvase que nos concellos máis importantes decrecen e nos máis pequenos aumentan. Así temos que no Grove, Vilagarcía de Arousa, Sanxenxo e Cambados as variacións medias foron de -16,02%, -10,73%, -7,57% e -3,46% respectivamente. No Grove o decrecemento das ofertas produciuse durante todos os anos, en tanto que nos outros concellos a evolución foi máis irregular, combinando fases expansivas e regresivas. Por outra parte, como dixemos, os concellos co menor número de ofertas son os únicos que experimentan crecemento no período, tal é o caso da Illa de Arousa, Meaño, Meis, Ribadumia e Vilanova de Arousa.

GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



A evolución no número de ofertas do concello de Cambados é similar á do resto dos concellos como conxunto (excluído o de Vilagarcía). Así e todo, no ano 2004 en Cambados prodúcese un descenso no número de ofertas mentres que no resto de concellos se mantén.

A evolución de Vilagarcía é oposta á do resto da comarca, salvo en 2001, ano no que en todos os casos diminúen o número de ofertas, e en 2004, debido a que descende ao igual que sucede en Cambados.

5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
A Illa de Arousa	0	0	0	9
Cambados	8	347	137	706
Meaño	2	15	48	58
Meis	1	10	48	25
O Grove	0	5	32	162
Ribadumia	1	17	32	26
Sanxenxo	0	8	59	311
Vilagarcía de Arousa	0	98	76	666
Vilanova de Arousa	0	7	20	90
TOTAL COMARCA	12	507	452	2.053
TOTAL PROVINCIA	363	3.256	5.601	21.900

O concello de Cambados concentra o maior número de ofertas da comarca, tanto no total como en cada un dos sectores. En concreto, o 66,67% das ofertas do sector primario, o 68,44% do secundario, o 30,31% da construción e o 34,39% dos servizos. O seguinte concello en número de ofertas é Vilagarcía de Arousa, que agrupa o 19,33% das relativas ao sector secundario, o 16,81% das da construción e o 32,44% dos servizos. Os demais concellos obteñen porcentaxes moito menores.




GRÁFICO 5: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.

O 68% das ofertas da comarca do Salnés concéntranse no sector servizos, en tanto que un 17% procede do sector secundario e un 15% da construción.




GRÁFICO 6: Distribución porcentual das ofertas na industria.

As actividades de alimentación concentran o 72% das ofertas da industria. As demais ofertas distribúense como se especifica no gráfico.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.

O 43% das ofertas procedentes dos servizos na comarca derivan das actividades vinculadas ás administracións públicas. A seguinte actividade en orde de importancia, pero a moita distancia da primeira é a hostalería, cun 25%, e logo comercio, cun 13%.

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	26	46	57	30	12
Secundario	616	499	378	452	507
Construción	717	634	511	468	452
Servizos	2.495	2.212	2.494	2.738	2.053
Sen actividade	0	0	0	0	1
TOTAL COMARCA	3.854	3.391	3.440	3.688	3.025
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132

As ofertas nos servizos no período 2000-2004 son decrecentes, cunha variación media negativa de -4,76%. No transcurso destes anos este sector experimentou diferentes fases expansivas e regresivas. A variación interanual de maior intensidade expansiva é a de 2001-2002, do 12,75%, e a de maior intensidade regresiva é a de 2003-2004, de -25,02%.

O sector da construción amosa unha perda continua de ofertas de emprego ao longo do período, que se traduce nunha variación media negativa de -10,89%. O secundario experimenta unha variación media de -4,75%, producíndose as perdas nos anos iniciais.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Un 16,83% das ofertas xestionadas polo servizo público de emprego tiñan como requirimento o sexo á hora de acceder a un posto de traballo. Destas ofertas o 59,72% demandaban homes e o 40,28% mulleres. No caso dos homes, estes son máis demandados para construción mentres que as mulleres para os servizos.

Dentro do sector servizos, os homes son máis demandados en hostalería, seguidos de comercio e servizos de automoción. As mulleres requírense especialmente para hostalería, seguido, de lonxe, por outros servizos e comercio.

O 50,05% das ofertas demanda un determinado nivel académico. Dentro destas ofertas, o 62,42% requiren ter certificado de escolaridade, un 16,51% ensino obrigatorio, un 10,24% formación profesional e un 5,55% titulación universitaria.

En relación cos servizos, as ofertas dirixidas a traballadores que teñen ata certificado de escolaridade concéntranse nas administracións públicas e, a bastante distancia, en hostalería. Para os que teñen ensino obrigatorio as demandas concéntranse tamén nas administracións públicas e, tras delas, comercio e hostalería. Os demais grupos, é dicir, estudos secundarios, formación profesional e titulacións universitarias, derivaban fundamentalmente da administración pública.

5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

	2000	2001	2002	2003	2004
Camareiro - Barman	223	283	232	204	176
Peón de albanel/Peón de obras públicas	109	77	57	58	109
Albanel	295	246	120	109	103
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	70	75	67	73	62
Operario conserveiro	114	23	30	37	48
Axudante de cociña	108	88	74	67	46
Axente comercial / Vendedor	84	66	29	43	39
Caixeiro	4	1	23	3	35
Dependente en xeral	38	68	38	31	31
Auxiliar administrativo	62	44	19	26	29
Canteiro de cachotería	8	47	35	18	29

TÁBOA 18.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

A ocupación máis ofertada polos centros colaboradores na comarca do Salnés en 2004 é a de camareiro-barman, seguida da de peón de albanel/peón de obras públicas e albanel. No tocante á súa evolución, destaca o retroceso no número de ofertas da ocupación de camareiro-barman, cunha variación media de -5,75%, o mantemento da ocupación peón de albanel/peón de obras públicas e o acusado descenso de albanel, cunha variación media de -23,13%.

	2000	2001	2002	2003	2004
Cocedor de peixes e mariscos	328	314	191	223	292
Albanel	276	242	223	222	261
Peón da ind. manufactureira, en xeral	115	174	135	164	126
Camareiro, en xeral	50	109	81	125	111
Peón da construción de edificios	126	104	178	174	99
Empregado administrativo, en xeral	53	41	63	64	50
Técnico de protección civil	27	42	60	55	32
Bañista-socorrista	8	17	18	23	25
Peón de obras públicas, en xeral	2	13	9	20	19
Condutor de camión, en xeral	22	25	25	23	18

TÁBOA 18.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

Nas oficinas de emprego as ocupacións máis ofertadas durante 2004 son a de cocedor de peixes e mariscos, albanel e peón da industria manufactureira, en xeral. Na súa evolución hai que destacar a baixada no número de ofertas de cocedor de peixes e mariscos, cunha variación media de -2,86%; a ocupación de albanel descende, cunha variación media de -1,39%; e peón da industria manufactureira, en xeral, evoluciona positivamente, cunha variación media de 2,31%.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

	Nº
A Illa de Arousa	451
Cambados	4.269
Meaño	1.218
Meis	974
O Grove	6.675
Ribadumia	1.670
Sanxenxo	5.974
Vilagarcía de Arousa	15.636
Vilanova de Arousa	2.326
TOTAL COMARCA	39.193
TOTAL PROVINCIA	285.090

A comarca do Salnés representa o 13,75% do total da contratación da provincia de Pontevedra. En relación cos concellos que compoñen a comarca, hai que sinalar a forte presenza de Vilagarcía de Arousa, que concentra a porcentaxe máis alta de contratación, o 39,89%. Despois están O Grove, co 17,03%; Sanxenxo, co 15,24%; e Cambados, co 10,89%.

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Illa de Arousa	335	280	432	395	451
Cambados	2.748	2.672	2.673	3.041	4.269
Meaño	1.143	1.291	1.335	1.224	1.218
Meis	739	966	954	964	974
O Grove	5.660	5.336	5.169	5.739	6.675
Ribadumia	825	1.045	1.205	1.489	1.670
Sanxenxo	4.599	4.845	4.939	5.379	5.974
Vilagarcía de Arousa	15.262	15.845	17.014	17.604	15.636
Vilanova de Arousa	3.355	2.494	2.157	1.994	2.326
TOTAL COMARCA*	34.666	34.774	35.878	37.829	39.193
TOTAL PROVINCIA	280.669	280.543	275.659	281.952	285.090

A contratación na comarca do Salnés aumenta de xeito continuo no período 2000-2004, cunha variación media do 3,12%. Mentres tanto a contratación na provincia aumentou máis levemente, cunha variación media do 0,39%.

A contratación medrou en todos os concellos agás no de Vilanova de Arousa, onde decreceu fortemente, cunha variación media de -8,75%. A maior expansión contractual en termos relativos tivo lugar en Ribadumia, cunha variación media do 19,28%, e, en segundo lugar, moito máis relevante en termos absolutos, en Cambados, cunha variación media do 11,64%.

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	6.335	5.883	12.218
De 26 a 35 anos	5.460	6.625	12.085
De 36 a 45 anos	4.472	4.402	8.874
De 46 a 55 anos	2.745	1.802	4.547
De 56 e máis anos	1.030	439	1.469
TOTAL COMARCA	20.042	19.151	39.193
TOTAL PROVINCIAL	159.361	125.729	285.090

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

O volume de contratación comarcal desvíase lixeiramente cara ao colectivo masculino. Os homes asinaron o 51,14% dos contratos e as mulleres o 48,86%.

A maioría dos contratos realizáronse a menores de 36 anos, o 62% do total. Neste tramo de idade a contratación por xénero está próxima ao equilibrio (30,09% homes e 31,91% mulleres). Entre os contratos asinados polos maiores de 35 anos, o 38% restante, a presenza masculina é claramente superior a feminina, o 21,04% fronte ao 16,95%.

O grupo de idade no que se producen máis contratos para os homes é o de menos de 26 anos, o 16,16% do volume de contratación total, e para as mulleres entre 26 e 35 anos, o 16,90%.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	20.653	20.815	20.642	20.914	20.042
Mulleres	14.013	13.959	15.236	16.915	19.151
TOTAL CONTRATOS	34.666	34.774	35.878	37.829	39.193

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

Os contratos realizados a mulleres durante o período 2000-2004 aumentan notablemente, cunha variación media do 8,12%, en tanto que a contratación masculina diminuíu moderadamente, cunha variación media de -0,75%. O maior decrecemento dos contratos realizados aos homes prodúcese en 2004, ano no que diminuíron nun 4,17%. Nas mulleres destaca o elevado crecemento da contratación dende 2002 ata o final do período.




GRÁFICO 8: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.

No gráfico apréciase claramente a redución do desequilibrio entre a contratación masculina e a feminina, sobre todo a partir de 2002. Como resultado deste proceso a diferenza entre homes e mulleres pasou de 19,16 puntos ao inicio do período a tan só 2,28 puntos no último ano de referencia.

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	12.014	11.802	12.291	12.485	12.218
De 26 a 35 anos	10.036	10.035	10.795	11.596	12.085
De 36 a 45 anos	7.571	7.475	7.467	8.231	8.874
De 46 a 55 anos	4.238	4.327	4.126	4.180	4.547
De 56 e máis anos	807	1.135	1.199	1.337	1.469
TOTAL CONTRATOS	34.666	34.774	35.878	37.829	39.193

Entre 2000 e 2004 os contratos medraron, ademais, en todos os tramos de idade. Os realizados aos menores de 26 anos, o grupo máis importante, foron os que menos creceron, cunha variación media do 0,42%. A maior taxa de crecemento rexistrouse nos de 56 e máis anos, cunha variación media do 16,15%. En termos absolutos, o maior incremento do número de contratos correspondeu co grupo de entre 26 e 35 anos, cunha variación media do 4,75%.

Atendendo ao comportamento da contratación nos diferentes anos, destaca 2003 por ser o único no que os contratos medraron con carácter xeral, isto é, en todas as idades. Os máximos de crecemento nos grupos de idades máis relevantes, menores de 26 anos e persoas de 26 a 35 anos, acadáronse en 2002, ano no que aumentaron respectivamente o 4,14% e o 7,57%.

5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

	N.º
SECTOR PRIMARIO	796
Agricultura e pesca	796
SECTOR SECUNDARIO	6.283
Industria e electricidade	6.283
SECTOR CONSTRUCCIÓN	4.383
Construción	4.383
SECTOR SERVIZOS	27.731
Comercio e hostalería	10.529
Transporte e comunicacións	5.988
Outros servizos	11.214
TOTAL CONTRATOS	39.193

Un 70,75% da contratación comarcal realízase no sector servizos, destacando o subsector outros servizos, co 28,61%; comercio e hostalería, co 26,86%; e transporte e comunicacións, co 15,28%.

O segundo sector en importancia é o secundario, co 16,03% da contratación, onde predomina claramente o subsector da industria. A continuación está a construción, co 11,18%, tendo un papel marxinal o sector primario, co 2,03%.




GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación na industria.

O 75% da contratación da industria concéntrase na alimentación. As demais actividades, con porcentaxes marxinais, distribúense tal como se reflicte no gráfico.




GRÁFICO 10: Distribución porcentual da contratación nos servizos.

O 25% dos contratos nos servizos realizáronse nas actividades de hostalería, seguidos dos das de transporte e comunicacións, co 22%, e das actividades inmobiliarias e de servizos ás empresas, co 20%.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	611	185	213	243	177	114	49
Agricultura e pesca	611	185	213	243	177	114	49
SECTOR SECUNDARIO	1.675	4.608	1.805	2.021	1.589	709	159
Industria e Electricidade	1.675	4.608	1.805	2.021	1.589	709	159
SECTOR CONSTRUCCIÓN	4.194	189	1.493	1.331	901	507	151
Construción	4.194	189	1.493	1.331	901	507	151
SECTOR SERVIZOS	13.562	14.169	8.707	8.490	6.207	3.217	1.110
Comercio e hostalería	3.719	6.810	4.554	3.109	1.705	792	369
Transporte e comunicacións	5.698	290	923	1.219	1.946	1.405	495
Outros servizos	4.145	7.069	3.230	4.162	2.556	1.020	246
TOTAL CONTRATOS	20.042	19.151	12.218	12.085	8.874	4.547	1.469

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

Atendendo ao xénero e sector económico á vez, o colectivo de maior peso relativo é o de mulleres no sector servizos, o 36,15% da contratación comarcal total. Destaca a presenza feminina no subsector de outros servizos, o 18,04%, e comercio e hostalería, o 17,38%. O segundo sector máis importante para a contratación feminina é o secundario, o 11,76%.

Os contratos realizados aos homes nos servizos supoñen o 34,60% do total da contratación, estando moi representados en transportes e comunicacións, co 14,54%; outros servizos, co 10,58%; e en comercio e hostalería, co 9,49%. Na construción, sector no que á penas hai mulleres, a presenza masculina supón o 10,70% da contratación total.

A distribución por idades indica que a maioría da contratación comarcal, o 43,88%, realízase a menores de 36 anos no sector servizos. O segundo sector máis destacado polo número de contratación, situado a moita distancia, é o secundario, no que destacan os menores de 36 anos, o 7,21% do total dos contratos.

TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	643	585	643	608	796
Agricultura e pesca	643	585	643	608	796
SECTOR SECUNDARIO	6.433	5.209	5.301	4.893	6.283
Industria e Electricidade	6.433	5.209	5.301	4.893	6.283
S. CONSTRUCCIÓN	4.261	4.558	4.352	4.315	4.383
Construción	4.261	4.558	4.352	4.315	4.383
SECTOR SERVICIOS	23.329	24.422	25.582	28.013	27.731
Comercio e hostalería	7.402	7.943	8.120	9.115	10.529
Transporte e comunicacións	7.699	7.834	7.748	7.862	5.988
Outros servizos	8.228	8.645	9.714	11.036	11.214
TOTAL CONTRATOS	34.666	34.774	35.878	37.829	39.193

A contratación no sector servizos aumenta durante o período 2000-2004, cunha variación media do 4,42%. Este aumento faise de xeito máis pronunciado no intervalo 2002-2003, no que obtén unha variación interanual do 9,50%. Estes datos baséanse nos importantes incrementos dos subsectores comercio e hostalería e outros servizos, con variacións medias respectivas de 9,21% e 8,05%. Pola contra, no subsector de transporte e comunicacións descende a contratación, cunha variación media de -6,09% debido aos retrocesos producidos, especialmente en 2004.

A contratación na construción segue unha tendencia de lixeiro ascenso, variación media de 0,71%, con reducións en 2002 e 2003. O sector secundario experimenta un retroceso na contratación, cunha variación media de -0,59%, descendendo significativamente en 2001 e 2003. O sector primario segue unha tendencia positiva, cunha variación media de 5,48%, aumentado, en maior medida, o número de contratos en 2004.

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral




GRÁFICO 11: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contrato. Ano 2004.

O 80% da contratación realizada na comarca é temporal a tempo completo. O 13% é contratación temporal a tempo parcial, un 3% en prácticas/formación e un 3% indefinido a tempo completo.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	520	500	206	388	224	137	65
Indefinido tempo parcial	46	118	61	54	26	18	5
Temporal	16.839	14.662	8.925	9.790	7.636	3.925	1.225
Temporal tempo parcial	1.783	3.436	2.138	1.671	906	371	133
Prácticas/Formación	607	400	865	102	23	11	6
Outros	247	35	23	80	59	85	35
TOTAL CONTRATOS	20.042	19.151	12.218	12.085	8.874	4.547	1.469

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

A modalidade de contratación temporal a tempo completo é a máis destacada tanto para o colectivo feminino como para o masculino, o 37,41% e o 42,96% respectivamente, así como en todos os segmentos de idade. A contratación masculina é a predominante para todas as modalidades excepto as que implican tempo parcial; deste xeito, as mulleres alcanzan unha porcentaxe do 8,77% do total da contratación na modalidade temporal a tempo parcial, fronte ao 4,55% dos homes. Na contratación indefinida a tempo parcial as mulleres obteñen un 0,30% e os homes un 0,12%.

A contratación temporal a tempo completo para os menores de 36 anos supón o 47,75% dos contratos na comarca. A contratación temporal a tempo parcial é máis frecuente nos menores de 26 anos, 5,46%, e o mesmo acontece para a contratación en prácticas, 2,21%.

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

	PRIMARIO Agr. Gand.	SECUNDARIO Industr. e Electric.	CONSTRUCCIÓN Construc.	Comerc.	SERVIZOS Transp. Outros		Total
Indefinido	78	163	136	380	59	204	643
Indefinido tempo parcial	10	10	7	91	9	37	137
Temporal	662	5.699	3.806	7.214	5.830	8.290	21.334
Temporal tempo parcial	35	274	174	2.512	83	2.141	4.736
Prácticas/Formación	11	137	260	329	7	263	599
Outros	0	0	0	X	0	279	282
TOTAL CONTRATOS	796	6.283	4.383	X	5.988	11.214	27.731

En todos os sectores e subsectores predomina a contratación temporal a tempo completo. O sector servizos concentra a maior porcentaxe deste tipo de contratos, o 54,43%, sobresaíndo a porcentaxe acadada en outros servizos, o 21,15%. No sector servizos tamén se realizan case todos os contratos temporais a tempo parcial. Esta modalidade de contratación neste sector representa o 12,08% do total de contratos realizados na comarca.

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	989	1.257	722	811	1.020
Indefinido tempo parcial	155	187	138	139	164
Temporal	28.502	28.324	29.610	31.213	31.501
Temporal tempo parcial	3.605	3.792	4.115	4.419	5.219
Prácticas/Formación	1.002	745	897	947	1.007
Outros	413	469	396	300	282
TOTAL CONTRATOS	34.666	34.774	35.878	37.829	39.193

A contratación temporal a tempo completo evoluciona positivamente na comarca do Salnés durante o período 2000-2004, cunha variación media do 2,53%. Neste sentido destaca o crecemento experimentado en 2003, onde a súa variación interanual é de 5,41%, ralentizando o seu crecemento no último ano.

Pola súa parte, a contratación temporal a tempo parcial, cunha variación media de 9,69%, experimenta o crecemento relativo máis importante de todas as modalidades. O seu crecemento é continuo, destacando o producido no último ano, cunha variación interanual de 18,10%.

A contratación indefinida a tempo completo medra no quinquenio, cunha variación media de 0,77%; prodúcese un descenso pronunciado entre 2001 e 2002, cunha variación interanual de -42,56%. Os contratos en prácticas/formación permaneceron practicamente estables.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	80	24,78
HOMES	51	23,39
MULLERES	29	27,42
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	1.764	17,58
HOMES	929	12,64
MULLERES	835	24,64
3. Técnicos e profesionais de apoio	2.229	33,97
HOMES	855	17,28
MULLERES	1.374	54,68
4. Empregados de tipo administrativo	1.907	3,97
HOMES	539	0,52
MULLERES	1.368	5,51
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	8.231	12,10
HOMES	2.731	10,03
MULLERES	5.500	13,20
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	576	7,96
HOMES	423	7,39
MULLERES	153	9,61
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufacturera, construción e minería	7.940	-4,38
HOMES	3.746	-0,49
MULLERES	4.194	-7,29
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	6.385	-5,73
HOMES	6.235	-5,56
MULLERES	150	-11,81
9. Traballadores non cualificados	10.081	5,41
HOMES	4.533	-3,53
MULLERES	5.548	17,30
TOTAL CONTRATOS	39.193	3,12
TOTAL HOMES	20.042	-0,75
TOTAL MULLERES	19.151	8,12

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

Os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación son:

- Traballadores non cualificados: representan o 25,72% do total comarcal.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 21%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufacturera, construción e minería: 20,26%.
- Operadores de instalación de maquinaria e montadores: 16,29%.

Segundo o xénero, os grupos mais significativos son os seguintes:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores: 15,91%. • Traballadores non cualificados. 11,57%. • Artesáns/traballadores cualificados da industria manufacturera, construción e minería: 9,56%.	• Traballadoras non cualificadas: 14,16%. • Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 14,03%. • Artesáns/traballadoras cualificadas da industria manufacturera, construción e minería: 10,70%.

En cinco grandes grupos de ocupación predomina a contratación feminina:

- Traballadores non cualificados: o 14,16% para as mulleres e o 11,57% para os homes.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: o 14,03% do colectivo feminino fronte ao 6,97% do colectivo masculino.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: o 10,70% de mulleres fronte ao 9,56% de homes.
- Técnicos e profesionais de apoio: o 3,51% para o colectivo feminino e o 2,18% para o colectivo masculino.
- Empregadas de tipo administrativo: o 3,49% para as mulleres fronte ao 1,38% para os homes.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

TÁBOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca.
Ano 2004.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	5.279	2.317	2.962	43,89
85420223	Estibador	5.135	5.133	X	99,96
50200018	Camareiro, en xeral	3.590	1.757	1.833	48,94
78010233	Cocedor de peixes e mariscos	2.388	128	2.260	5,36
71100016	Albanel	1.885	1.849	36	98,09
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	1.620	122	1.498	7,53
53300010	Dependente de comercio, en xeral	1.419	230	1.189	16,21
78010185	Traballador na preparación de peixe para conserva	1.370	28	1.342	2,04
42100010	Empregado administrativo, en xeral	960	237	723	24,69
50100017	Cociñeiro, en xeral	947	235	712	24,82
TOTAL		24.593	12.036	X	48,94

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

O 62,75% do total dos contratos da comarca realízanse entre as dez ocupacións máis contratadas. Dentro destas destacan a de peón da industria manufactureira, co 13,47%; estibador, co 13,10%; e camareiro, co 9,16%.

Para o colectivo masculino, as ocupacións máis contratadas son as de estibador, peón da industria manufactureira, en xeral, e albanel. Para o colectivo feminino son as de peón da industria manufactureira, en xeral, e cocedor de peixes e mariscos.

A contratación feminina é lixeiramente superior á masculina no conxunto das dez ocupacións, tal como establece a ratio de masculinidade do 48,94%. Destacan polo alto nivel de contratación masculina as ocupacións de estibador, cunha ratio de masculinidade do 99,96%, e albanel, cunha ratio do 98,09%. Pola contra, predominan as mulleres nas ocupacións de traballadora na preparación de peixe para conserva, cunha ratio do 2,04%; cocedora de peixes e mariscos, cunha ratio do 5,36%; e muller/mozo limpeza, limpadora, en xeral, do 7,53%.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	4.647	4.575	3.775	3.647	5.279
85420223	Estibador	7.038	7.215	7.008	7.077	5.135
50200018	Camareiro, en xeral	2.593	2.669	2.772	3.056	3.590
78010233	Cocedor de peixes e mariscos	2.609	2.415	2.316	2.178	2.388
71100016	Albanel	1.746	1.702	1.632	1.688	1.885
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	791	815	1.128	1.374	1.620
53300010	Dependente de comercio, en xeral	1.291	1.413	1.332	1.337	1.419
78010185	Traballador na preparación de peixe para conserva	3.228	2.412	3.113	2.256	1.370
42100010	Empregado administrativo, en xeral	931	887	951	1.079	960
50100017	Cociñeiro, en xeral	711	732	638	834	947
96020014	Peón da construción de edificios	925	1.232	1.085	969	679

TÁBOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

As subidas máis importantes no período 2000-2004 prodúcense na ocupación de muller/mozo limpeza, limpador en xeral, que medra continuamente ao longo do período, cunha variación media do 19,63%; e despois nas ocupacións de camareiro, en xeral, e cociñeiro, en xeral, con variacións medias do 8,47% e do 7,43% respectivamente.

Os descenso máis importantes prodúcense nas ocupacións de traballador na preparación de peixe para conserva, cunha variación media de -19,29%, e estibador, cunha variación media de -7,58.

Por outra parte, hai que sinalar o aumento da contratación na ocupación de peón da industria manufactureira, sendo destacable o aumento producido no último ano.

5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

TÁBOA 33: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Agraria	54	25,71	3	25,00
Administración e oficinas	66	7,04	4	7,27
Comercio	33	12,22	2	13,33
Servizos ás empresas	408	8,87	24	8,76
Edificación e obras públicas	14	2,84	1	3,45
Sanidade	31	6,29	2	6,90
Seguros e finanzas	32	9,85	2	11,11
Servizos á comunidade e persoais	12	3,31	1	4,76
Transportes e comunicacións	94	20,80	6	21,43
TOTAL	744	6,09	45	6,34


No que atinxe á formación profesional ocupacional na comarca do Salnés, en 2004 foron formadas 744 persoas, cifra que supón o 6,09% dos participantes provinciais. A familia profesional da que máis alumnos participaron e servizos ás empresas, o que representa un 54,84% do total comarcal e, a moita distancia, transportes e comunicacións, co 12,63%. Máis da metade dos cursos impartidos, o 53,33%, correspóndense coa familia de servizos ás empresas, representando un 8,76% provincial. O 25% dos cursos da familia agraria da provincia de Pontevedra foron impartidos na comarca do Salnés.

5.6.- CONCLUSIONES

- Na comarca do Salnés durante o quinquenio 2000-2004 aumenta o número de empresas, o de traballadores por conta allea, e o número de traballadores autónomos. O sector servizos ten un predominio claro no que atinxe ao número de empresas e traballadores; esta relevancia está determinada polo continuo crecemento, acadando os aumentos relativos máis altos en comparación cos outros sectores, que tamén experimentan crecemento pero de xeito máis moderado.
- A maior porcentaxe de demandantes de emprego, tanto parados como non parados, atópase no concello de Vilagarcía de Arousa. O número de demandantes parados experimenta un crecemento moi moderado durante o período 2000-2004.
- Na comarca predominan os demandantes parados con emprego anterior, producíndose este feito tamén no ámbito provincial. En canto ao xénero, a maioría dos demandantes son mulleres, ao igual que sucede no conxunto da provincia. Analizándoos por idades, o intervalo de idade no que se dan mais casos de demandantes é o de entre 26 e 35 anos. Por outra parte, entre os demandantes predominan aqueles que contan con titulación de ensinanza obrigatoria.
- En canto ao tempo de busca de emprego, a maioría dos demandantes parados comarcais levan menos de 6 meses neste proceso. Ata os 55 anos, tanto para homes como para mulleres, o máis frecuente é que leven menos de 6 meses e, a partir desa idade, predominan os parados de longa duración.
- O sector servizos é a orixe da maioría dos demandantes de emprego, tal como acontece coa provincia. A maioría dos demandantes parados dos servizos proceden da hostalería e os da industria, da alimentación. A ocupación máis demandada é a de cocedor de peixes e mariscos.
- A pesar do aumento de empresas e traballadores durante o período 2000-2004, o número de ofertas descende neste mesmo período, situándose a comarca por baixo do crecemento relativo da provincia. A comarca representa o 9,72% das ofertas provinciais, que se concentran de xeito maioritario no concello de Cambados.
- A maioría das ofertas comarcais proceden do sector servizos, tendo menor presenza o sector secundario e o primario. Un parte importante das ofertas procedentes dos servizos vincúlase ás administracións públicas e a maioría das derivadas das actividades industriais veñen da alimentación. Todos os sectores económicos reducen o seu número de ofertas no período.
- O 16,83% das ofertas xestionadas polo servizo público de emprego tiveron como requirimento o xénero. O 50,05% das ofertas require un nivel académico, maioritariamente certificado de escolaridade.
- En contraste co descenso nas ofertas durante o período 2000-2004, a comarca experimenta un aumento na contratación, tendo un ritmo de crecemento superior ao acontecido na provincia de Pontevedra. Cómpre destacar que o concello con maior volume de contratación é Vilagarcía de Arousa, seguido do Grove e Sanxenxo.
- Predomina a contratación masculina sobre a feminina, configurándose un perfil menos masculinizado que no caso provincial. A contratación feminina aumentou durante o período, mentres que a masculina sofre un lixeiro descenso. Deste xeito a distancia entre ambos os tipos de contratación acúrtase co transcorrer do quinquenio.
- A maioría dos contratos son asinados por menores de 36 anos e dentro do sector servizos, seguíndolle a notable distancia o sector secundario e o da construción.

Unha cuarta parte dos contratos realizados nos servizos derivan das actividades de hostalería, obtendo unha proporción similar en transporte e comunicacións. No que atinxe á industria, a gran maioría dos contratos concéntrase na alimentación. Como elemento diferenciador desta comarca respecto ao ámbito provincial, destaca a maior presenza das mulleres no sector secundario. Nos demais sectores o predominio masculino é máis importante.

- A contratación temporal a tempo completo é a máis común en todos os grupos de idade, sexos, sectores e subsectores, tal como acontece noutras comarcas e no ámbito provincial. A evolución desta modalidade contractual é de crecemento no quinquenio 2000-2004, así mesmo, a modalidade temporal a tempo parcial é a que máis aumenta en termos relativos neste período. A contratación masculina é a predominante para todas as modalidades, excepto as que implican tempo parcial.
- As ocupacións máis contratadas son as de peón da industria manufactureira, estibador e camareiro. Nas dúas últimas predomina a contratación masculina.
- As actividades de formación profesional ocupacional na comarca do Salnés déron-lles formación a 744 persoas en 2004, o que supón o 6,09% dos participantes provinciais. Neste sentido destaca a formación impartida dentro da familia de servizos ás empresas.



Comarca de Pontevedra



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	204	3,79	2.379	5,80	72	1,03
Agricultura e pesca	204	3,79	2.379	5,80	72	1,03
SECTOR SECUNDARIO	431	8,00	4.039	9,84	546	7,79
Industria e electricidade	431	8,00	4.039	9,84	546	7,79
SECTOR CONSTRUCCIÓN	785	14,58	5.721	13,94	1.113	15,88
Construcción	785	14,58	5.721	13,94	1.113	15,88
SECTOR SERVICIOS	3.965	73,63	28.907	70,43	5.277	75,30
Comercio e hostalería	1.873	34,78	9.117	22,21	3.339	47,65
Transporte e comunicacións	200	3,71	1.668	4,06	471	6,72
Outros servizos	1.892	35,13	18.122	44,15	1.467	20,93
TOTAL	5.385	100,00	41.046	100,00	7.008	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

En 2004 contabilízanse na comarca de Pontevedra 5.385 empresas, dedicadas, na súa maioría, á prestación de servizos. En particular, nas actividades terciarias concéntranse case as tres cuartas partes do total de empresas (73,63%). Entre estas destacan polo seu elevado peso relativo as encadradas na denominación de outros servizos (35,13%) e tamén as que desenvolven a súa actividade no comercio e hostalería (34,78%). O seguinte sector máis importante de empresas é o da construción, co 14,58%, e despois o secundario, co 8%.

Os traballadores por conta allea tamén se agrupan fundamentalmente nos servizos (70,43%), e dentro destes na categoría representada polos outros servizos (44,15%), e a continuación na de comercio e hostalería 22,21%. Cada unha destas actividades teñen máis peso que calquera dos outros sectores enteiros; sirva como exemplo que o segundo sector máis importante en canto ao número de traballadores por conta allea é o da construción e supón soamente o 13,94% do total de traballadores deste tipo.

Por último, a maioría dos autónomos en 2004 tamén desenvolven a súa actividade no sector terciario, en particular o 75,30%. Así e todo, na análise por actividades do sector servizos obsérvase un cambio de pesos relativos en relación cos traballadores por conta allea. No caso dos autónomos, a actividade máis impor-

tante é a de comercio e hostalería, cun 47,65%, e a continuación a de outros servizos, co 20,93%. O seguinte sector que representa unha maior proporción sobre o total é o da construción, co 15,88%, e despois o secundario, co 7,79%.

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	234	245	238	175	204
Agricultura e pesca	234	245	238	175	204
SECTOR SECUNDARIO	462	465	442	443	431
Industria e electricidade	462	465	442	443	431
SECTOR CONSTRUCCIÓN	706	706	741	757	785
Construción	706	706	741	757	785
SECTOR SERVICIOS	3.457	3.561	3.706	3.814	3.965
Comercio e hostalería	1.713	1.728	1.790	1.824	1.873
Transporte e comunicacións	169	178	187	201	200
Outros servizos	1.575	1.655	1.729	1.789	1.892
TOTAL	4.859	4.977	5.127	5.189	5.385

Entre 2000 e 2004 o número de empresas da comarca de Pontevedra medrou a un ritmo medio anual do 2,60%. Este crecemento, con pequenas variacións de intensidade, produciuse ao longo de todos os anos do período de referencia.

O crecemento global desagregado por sectores económicos mostra tendencias evolutivas diferentes. O comportamento máis positivo deuse nos servizos, o máis importante en termos absolutos, que aumentou o seu número de empresas a unha taxa de variación media anual do 3,49%. Neste sector, ademais, o crecemento foi continuo e sostido, isto é, sen experimentar grandes oscilacións interanuais. Atendendo aos subsectores, destaca o ritmo medio anual ao que medraron as empresas dedicadas a outros servizos, o 4,69%, grupo que pasou a ser en 2004 o máis importante da provincia, ao mesmo nivel que o comercio e a hostalería.

Pola súa parte, a industria foi a menos, diminuíndo lixeiramente o seu volume de empresas no ano 2002 e, en menor medida, no 2004, cunha variación media de -1,72%; unha tendencia descendente que tamén se observa no sector primario. As empresas da construción, aumentaron o seu número en pequenas proporcións nos últimos anos, marcando unha tendencia positiva de intensidade moderada, cunha variación media do 2,69%.

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	2.531	2.508	2.402	2.378	2.379
Agricultura e pesca	2.531	2.508	2.402	2.378	2.379
SECTOR SECUNDARIO	3.813	4.181	3.997	4.035	4.039
Industria e Electricidade	3.813	4.181	3.997	4.035	4.039
SECTOR CONSTRUCCIÓN	4.391	4.766	5.214	5.572	5.721
Construción	4.391	4.766	5.214	5.572	5.721
SECTOR SERVICIOS	25.035	27.344	27.215	27.835	28.907
Comercio e hostalería	7.841	8.316	8.568	8.737	9.117
Transporte e comunicacións	1.567	1.614	1.582	1.703	1.668
Outros servizos	15.627	17.414	17.065	17.395	18.122
TOTAL	35.770	38.799	38.828	39.820	41.046

Entre 2000 e 2004, os traballadores por conta allea aumentaron en número a un ritmo medio anual do 3,50%. Este crecemento, continuo ao longo do período, foi de especial intensidade en 2001, ano no que foi do 8,47%.

Por sectores económicos, o máis destacable é a expansión dos traballadores por conta allea na construción e nos servizos, nos que creceron a unha taxa acumulativa media anual do 6,84% e 3,66% respectivamente. Na construción o aumento foi continuo, acadando o máximo en 2002, no que a variación interanual foi do 9,40%. En tanto que nos servizos, a evolución foi máis variable en signo e intensidade, experimentando un gran crecemento ao comezo do período, seguido dun leve decrecemento en 2002 e dunha fase de expansión moderada nos últimos anos.

Dentro dos servizos medran por riba do seu sector comercio e hostalería e outros servizos, co 3,84% e 3,77% de variación media, e por baixo transporte e comunicacións, co 1,57%.

Pola súa banda, o número de traballadores do sector primario diminuíu ao longo do período a un ritmo medio acumulativo anual do -1,54%, mentres que no secundario houbo un pequeno aumento, co 1,46% de variación media. Neste último caso o saldo final positivo débese ao ano 2001, ano no que aumentaron notablemente os traballadores relacionados con este tipo de actividades, concretamente nun 9,84%.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	43	46	46	59	72
Agricultura e pesca	43	46	46	59	72
SECTOR SECUNDARIO	505	518	517	542	546
Industria e electricidade	505	518	517	542	546
SECTOR CONSTRUCCIÓN	762	856	949	1.030	1.113
Construción	762	856	949	1.030	1.113
SECTOR SERVIZOS	4.043	4.459	4.639	4.966	5.277
Comercio e hostalería	2.621	2.932	3.001	3.190	3.339
Transporte e comunicacións	415	439	449	459	471
Outros servizos	1.007	1.088	1.189	1.317	1.467
TOTAL	5.353	5.879	6.151	6.597	7.008

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

A evolución do número de autónomos entre 2000 e 2004 foi positiva en todos os sectores. No total da comarca de Pontevedra pasaron de ser un grupo formado ao comezo do período por 5.353 traballadores a ser 7.008 no último ano considerado, o que representa un aumento medio acumulativo anual do 6,97%.

Os autónomos medraron notablemente na construción e nos servizos, no que o aumento foi respectivamente do 9,93% e do 6,89% acumulativo anual. Dentro dos servizos, destaca o crecemento de outros servizos e comercio e hostalería, subsectores na que a variación media anual no período se situou no 9,86% e no 6,24%. As variacións interanuais no caso da construción e os outros servizos amosan unha liña evolutiva caracterizada por un aumento continuo e de intensidade similar ano tras ano, en tanto que no caso do comercio e hostalería a evolución foi máis irregular cun crecemento do número de autónomos concentrado principalmente en 2001.

Por último, o número de traballadores por conta propia do sector secundario caracterízase por un aumento moi moderado ao longo do período, a un ritmo medio acumulativo anual do 1,83%.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes por concellos

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Lama	111	50	161
Barro	146	71	217
Campo Lameiro	114	53	167
Cotobade	212	110	322
Poio	731	344	1.075
Ponte-Caldelas	354	159	513
Pontevedra	4.455	2.367	6.822
Vilaboa	345	200	545
TOTAL	6.468	3.354	9.822

% comarca/provincia – PARADOS	11,53
--------------------------------------	--------------

% comarca/provincia - NON PARADOS	12,17
--	--------------

As demandas de emprego da comarca en 2004 concéntranse maioritariamente no concello de Pontevedra, concretamente o 69,46% do total; a continuación, o segundo grupo de demandantes máis numeroso aparece en Poio, co 10,94%. Unha porcentaxe próxima a esta última, o 10,77%, reúnese en torno aos concellos de Vilaboa e Ponte-Caldelas.

Os demandantes parados da comarca case duplican aos ocupados. Así, os primeiros representan o 65,85% fronte ao 34,15% que supoñen os segundos. Ademais, desagregando por concellos, obsérvase que en todos eles os demandantes parados son netamente superiores aos non parados. Por último, en relación coa provincia, cómpre subliñar que a comarca de Pontevedra concentra en 2004 o 11,53% dos demandantes parados e o 12,17% dos non parados.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	5.262	5.018	5.698	6.379	6.468
Variación interanual %	-	-4,64	13,55	11,95	1,40
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	10,55	10,23	10,71	11,32	11,53

A evolución dos demandantes parados da comarca no período 2000-2004 manifesta unha tendencia ao crecemento. En 2001 houbo un descenso do 4,64% do número de demandantes, pero nos anos seguintes, en 2002 e 2003, o número de demandantes aumentou notablemente, en porcentaxes superiores ao 10%. Finalmente, en 2004, o crecemento moderouse ata o 1,40%.

O peso relativo dos demandantes parados na comarca respecto ao total provincial ao longo destes anos aumentou case nun punto porcentual, pasando de representar o 10,55% en 2000 ao 11,53% en 2004.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.243	12,66	10,83
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	5.225	53,20	56,25
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	499	5,08	3,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.316	13,40	12,61
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	585	5,96	5,95
	En expediente de regulación de emprego	125	1,27	1,07
	Demandantes de mellora de emprego	569	5,79	6,47
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	217	2,21	2,70
	Resto de demandantes	43	0,44	0,55
	TOTAL	9.822	100,00	100,00

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

A situación laboral dos demandantes de emprego caracterízase pola forte presenza de parados, un 65,86%. Máis en particular, destaca o elevado peso relativo dos que tiñan emprego anterior, que representan por si sos algo máis da metade do total de demandantes, o 53,20%.

Respecto aos non parados, destaca tamén o grupo dos que tiñan emprego anterior, o 13,40%, en tanto que as outras categorías deste tipo de demandantes non superan o 6% do total.

As distribucións comarcal e provincial dos demandantes de emprego segundo a súa situación laboral son moi semellantes entre si; a diferenza porcentual máis elevada dáse entre os parados con emprego anterior, que no caso da provincia está tres puntos por riba da comarca.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	513	678	18,41	17,63
26 a 35 anos	778	1.311	32,30	30,34
36 a 45 anos	515	880	21,57	21,96
46 a 55 anos	441	637	16,67	18,05
56 e máis anos	396	319	11,05	12,02
TOTAL COMARCA	2.643	3.825	100,00	11,53
TOTAL PROVINCIA	21.868	34.246	11,53	100,00

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

Os demandantes parados da comarca de Pontevedra en 2004 son principalmente mulleres. En particular, o colectivo feminino representa o 59,14% e o masculino o 40,86%. En relación coas idades, obsérvase que a maioría deste tipo de demandantes, en concreto o 32,30%, teñen entre 26 e 35 anos.

A información conxunta por sexo e idades confírmanos que o grupo máis numeroso é o de mulleres de entre 26 e 35 anos: un de cada cinco demandantes parados da comarca pertence a este colectivo. O segundo grupo por sexo e idades máis importante en termos cuantitativos é o de mulleres de entre 36 e 45 anos, o 13,61%, e despois, en terceiro lugar, o de homes de entre 26 e 35 anos, que supoñen o 12,03% do total de demandantes parados da comarca.

As distribucións de parados por idades na comarca e na provincia presentan valores relativos próximos. A orde de importancia dos diferentes grupos de idades non é idéntica en ambas as series, pois no caso da provincia o terceiro grupo de maior peso relativo é o de 46 a 55 anos, mentres que na comarca é o de menores de 26 anos. Así e todo, a diferenza porcentual máis ampla entre as dúas series non chega aos dous puntos.

TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	253	365	18,43	16,70
26 a 35 anos	330	725	31,45	28,41
36 a 45 anos	218	498	21,35	21,54
46 a 55 anos	183	345	15,74	18,39
56 e máis anos	242	195	13,03	14,95
TOTAL COMARCA	1.226	2.128	100,00	12,17
TOTAL PROVINCIA	10.384	17.165	12,17	100,00

Os demandantes non parados da comarca tamén pertencen maioritariamente ao colectivo feminino, igual que acontecía cos parados. Dentro deste tipo de demandantes, as mulleres representan o 63,45% e os homes o 36,55% restante. Atendendo agora soamente ás idades, advírtese que entre os demandantes non parados predominan os que teñen entre 26 e 35 anos, tramo de idade que supón o 31,45% do total.

As mulleres de entre 26 e 35 anos representan a proporción máis elevada de demandantes non parados. Así, dous de cada dez, igual que no caso dos parados, pertencen a este colectivo. O segundo grupo por sexo e idades de maior peso relativo tamén está formado por mulleres, pero neste caso de idades comprendidas entre os 36 e os 45 anos, que representan o 14,85%. Como terceiro colectivo máis numeroso, a diferenza do que ocorría cos parados, seguen a estar as mulleres, nesta ocasión menores de 26 anos, que supoñen o 10,88% do total de demandantes non parados.

Na comparación dos non parados por idades na comarca e na provincia destaca a semellanza nos valores relativos. Así e todo, a orde de importancia dos diferentes grupos de idades difire dunha serie a outra, e faino do mesmo xeito que nas series de parados que vimos anteriormente.




GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.

No gráfico anterior, pódense apreciar a simple vista os trazos comentados. Destaca o grande peso relativo do tramo de idade comprendido entre os 26 e os 35 anos e, tamén, o predominio claro do colectivo feminino en todos os grupos agás entre os maiores de 55 anos.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	1.787	920	2.707
Titulación de ensinanza obrigatoria	2.275	1.063	3.338
Formación profesional	420	227	647
BUP/Bacharelato superior/COU	767	479	1.246
Titulados universitarios	928	566	1.494
Outras titulacións	291	99	390
TOTAL	6.468	3.354	9.822

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Na distribución de demandantes por nivel académico en 2004, sobresaee, en primeiro lugar, que a gran maioría, o 61,54%, non teñen máis que estudos obrigatorios. Esta proporción é lixeiramente superior no caso dos parados, o 62,80%, e inferior no dos non parados, o 59,12%.

Entre o total de demandantes da comarca de Pontevedra cun nivel académico superior ao ensino obrigatorio, o 38,45% restante, predominan aqueles que posúen unha titulación universitaria, o 15,21%, ou o bacharelato, 12,69%. Porcentaxes algo inferiores no caso dos parados e superiores no dos non parados.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

TABOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	431	49	33	513
	Mulleres	482	93	103	678
26 a 35 anos	Homes	544	112	122	778
	Mulleres	683	200	428	1.311
36 a 45 anos	Homes	318	73	124	515
	Mulleres	360	125	395	880
46 a 55 anos	Homes	239	53	149	441
	Mulleres	223	81	333	637
56 e máis anos	Homes	139	68	189	396
	Mulleres	53	35	231	319
TOTAL COMARCA		3.472	889	2.107	6.468
TOTAL PROVINCIA		29.022	8.000	19.092	56.114

O tempo de busca de emprego máis común entre os demandantes parados da comarca de Pontevedra é de menos de 6 meses; aproximadamente a metade, o 53,68%, están nesta situación. Na posición oposta, temos que un terzo, o 32,58%, son parados de longa duración. O 13,74% de demandantes parados restante levan entre seis meses e un ano.

A distribución relativa dos demandantes parados por tempo de busca de emprego na provincia é semellante á da comarca. O 51,72% leva menos de seis meses, o 34,02% máis dun ano, e o 14,26% entre seis meses e un ano.

O grupo de demandantes parados máis numeroso da comarca é o de mulleres entre 26 e 35 anos, que levan menos de 6 meses buscando emprego. Esta parte do colectivo feminino representa o 10,56% do total de demandantes parados. O segundo grupo de maior peso relativo é o de homes da mesma idade e co mesmo tempo de busca de emprego, que supoñen o 8,41%.

No tocante ao paro de longa duración, debemos destacar que esta situación tan desfavorable afecta principalmente ao colectivo feminino. Así, do sinalado 32,58% de demandantes parados de longa duración rexistrado na comarca, o 23,04% débese ás mulleres e tan só o 9,54% aos homes.

5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia

TABOA 11: Demandantes por actividade económica.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	207	109	316
Sector secundario	806	384	1.190
Construción	751	310	1.061
Sector servizos	3.468	1.933	5.401
Sen actividade previa	1.236	618	1.854
TOTAL	6.468	3.354	9.822

A distribución comarcal de demandantes por actividade económica dinos que estes concéntranse ao redor do sector servizos, o 54,99%, tanto no caso dos parados, co 53,62%, como no dos non parados, co 57,63%. Mentres que o sector secundario e o da construción, en conxunto, non representan máis que o 22,92% do total de demandantes, non habendo substanciais diferenzas na distribución relativa para demandantes parados e non parados.




GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.

Os demandantes parados na industria proceden fundamentalmente da alimentación -31%- e das outras industrias -26%-. A certa distancia están os do textil e confección -15%- e despois, cunha porcentaxe igual ou inferior ao 10%, os das outras actividades industriais.




GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.

No sector servizos, destacan os demandantes parados procedentes das actividades inmobiliarias e de servizos a empresas, o 22%; comercio, o 20%; hostalería, o 18%; e administracións públicas, o 14%. No resto de actividades a representatividade é igual ou inferior ao 8%.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Dependente de comercio, en xeral	1.024	10,43	9,44
Empregado administrativo, en xeral	899	9,15	8,62
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	607	6,18	7,18
Peón da ind. manufactureira, en xeral	557	5,67	7,23
Camareiro, en xeral	228	2,32	3,06
Auxiliar de clínica	207	2,11	1,46
Albanel	201	2,05	2,09
Peón da construción de edificios	169	1,72	1,84
Cocedor de peixes e mariscos	142	1,45	2,41
Mestre de educación primaria, en xeral	128	1,30	0,85

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ensinanza obrigatoria	Ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Dependente de comercio, en xeral	Dependente de comercio, en xeral

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

	TOTAL OFERTAS
A Lama	13
Barro	46
Campo Lameiro	8
Cotobade	9
Poio	102
Ponte-Caldelas	33
Pontevedra	11.358
Vilaboa	57
TOTAL COMARCA	11.626

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	31.132
COMARCA/PROVINCIA:	37,34

En 2004 recolléronse na comarca de Pontevedra 11.626 ofertas de emprego, cifra que en termos relativos representa o 37,34% do total provincial. O concello de Pontevedra agrupa case todas as ofertas realizadas na comarca, en concreto, o 97,69%. O restante 2,31% repártese polos outros sete municipios.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Lama	18	6	9	17	13
Barro	17	53	52	34	46
Campo Lameiro	2	1	3	6	8
Cotobade	6	55	5	25	9
Poio	78	257	103	107	102
Ponte-Caldelas	17	14	15	27	33
Pontevedra	5.990	10.068	11.309	11.415	11.358
Vilaboa	39	85	30	53	57
TOTAL COMARCA	6.167	10.539	11.526	11.684	11.626
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132


TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

A evolución das ofertas comarcais no período 2000-2004 está condicionada, tal e como cabería esperar, polo elevadísimo peso relativo do concello de Pontevedra. Así as cousas, pódese afirmar que a evolución da comarca e a do concello principal é a mesma.

Dadas as cifras de ofertas de emprego tan baixas nos outros municipios, pequenas variacións absolutas, como no caso de Campo Lameiro ou A Lama, tradúcense en grandes oscilacións relativas, motivo polo que unicamente imos subliñar que en todos os concellos, descontado o da Lama, o saldo final do período foi positivo.

Dito o anterior, as ofertas de emprego na comarca medraron ao longo destes anos a un ritmo medio acumulativo anual do 17,18% (o 17,35% no concello de Pontevedra). A evolución no período caracterízase por un incremento de moi alta magnitude en 2001, no que a variación interanual chegou ao 70,89%, e polo crecemento moderado nos anos posteriores, tendo un certo descenso no último ano.

GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.



O gráfico anterior mostra a evolución das ofertas no municipio de Pontevedra fronte ao resto de concellos da comarca. Este gráfico permite apreciar con nitidez as diferentes liñas evolutivas trazadas polo concello principal e o resto de concellos como conxunto. Entre outros aspectos xa comentados, obsérvase a simple vista o gran peso relativo do municipio de Pontevedra no conxunto da comarca, ou o incremento de alta intensidade experimentado en 2001 e a posterior tendencia cara á estabilización no número de ofertas de emprego. No resto de concellos tamén hai un leve repunte en 2001, tendendo a descender en 2002, para, a continuación, manterse case estable.

5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
A Lama	0	1	4	8
Barro	3	3	5	35
Campo Lameiro	0	0	0	8
Cotobade	0	1	2	6
Poio	0	6	27	69
Ponte-Caldelas	0	0	14	19
Pontevedra	194	918	1.774	8.463
Vilaboa	1	10	26	20
TOTAL COMARCA	198	939	1.852	8.628
TOTAL PROVINCIA	363	3.256	5.601	21.900

A distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos mostra unha vez máis a concentración de case todas elas no municipio de Pontevedra. No caso dos sectores primario, secundario e servizos este nivel de concentración acada valores próximos ao 98%; na construción chega ao 95,79%.

O sector servizos é o que agrupa o maior número de ofertas da comarca, case as tres cuartas partes do total, co 74,21%, seguido moi de lonxe polo da construción, co 15,93%. Pola súa parte, os sectores secundario e primario representan respectivamente o 8,08% e o 1,70%.

O sector servizos tamén é a orixe principal das ofertas na provincia, aínda que nunha porcentaxe algo menor, en concreto o 70,35% do total de ofertas, isto é, catro puntos por debaixo da comarca. A construción e os sectores secundario e primario na provincia supoñen respectivamente o 17,99%, o 10,46% e o 1,17%.




GRÁFICO 5: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.

No gráfico anterior pódese apreciar claramente o gran peso relativo das ofertas procedentes dos servizos fronte aos demais sectores.




GRÁFICO 6: Distribución porcentual das ofertas na industria.

Dentro da industria, a xeración de ofertas procede principalmente de tres tipos de actividades: as relacionadas coa alimentación (30%), coas outras industrias (26%) e coa metalurxia e fabricación de produtos metálicos (21%). A porcentaxe restante de ofertas (23%) distribúese entre os outros catro tipos de actividades industriais.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	31	45	303	199	198
Secundario	571	764	1.077	1.076	939
Construción	1.256	1.827	1.953	1.901	1.852
Servizos	4.309	7.903	8.192	8.507	8.628
Sen actividade	0	0	1	1	9
TOTAL COMARCA	6.167	10.539	11.526	11.684	11.626
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132

A evolución das ofertas na comarca por sectores económicos no período 2000-2004 presenta unha tendencia positiva. Descontado o primario, a variación media nos outros sectores moveuse en valores comprendidos entre o 10% e o 20%. En particular, nos servizos foi do 18,96%, no secundario do 13,24% e na construción do 10,20%.

Atendendo ás variacións interanuais, os servizos e a construción experimentaron en 2001 un aumento moi forte no número de ofertas, ano no que estas variacións chegaron ao 83,41% no primeiro caso e ao 45,46% no segundo. Dende 2002 e ata o final do período as variacións nos servizos e na construción foron de moita menor intensidade.

No sector secundario, a fase expansiva de 2001 prolongouse en 2002, anos nos que se acadaron variacións interanuais do 33,80% e do 40,97% respectivamente; máis tarde houbo un estancamento das ofertas e no último ano estas diminuíron apreciablemente, co 12,73%.

Por último, o sector primario incrementa notablemente o seu volume de ofertas; porén, ao final do período, non acada os valores de 2002.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

O 3,29% das ofertas da comarca especifican o sexo como requisito para poder ocupar un posto de traballo: un 62,56% solicitan un home e un 37,44% unha muller. Estas ofertas proceden principalmente da construción e dos servizos.

Na construción pídense practicamente sempre homes, en tanto que nos servizos solicítanse dúas mulleres por cada home. Dentro dos servizos, a metade das ofertas dirixidas a un sexo concreto, o 52,40%, correspóndense coas actividades de hostalería e o comercio; nas primeiras solicitan preferentemente mulleres e na segunda homes.

Por outro lado, o 86,09% do total de ofertas comarcais exixisen certo nivel de estudos para ter acceso a un traballo. En nove de cada dez casos, o único que se solicitou foi ter o certificado de escolaridade. As actividades que requiriron máis traballadores con este nivel de cualificación foron as relacionadas co transporte e comunicacións.

5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

	2000	2001	2002	2003	2004
Axente comercial / Vendedor	480	400	403	422	124
Albanel	248	497	111	107	101
Camareiro - Barman	67	150	99	93	88
Perruqueiro/a	9	28	27	31	63
Monitor de tempo libre	0	0	0	0	53
Peón de albanel/Peón de obras públicas	100	102	95	62	48
Dependente, en xeral	50	51	26	37	35
Encofrador	85	98	52	33	35
Condutor de mercadorías/Condutor de camión en xeral.	31	52	24	40	32
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	20	42	33	22	30

TÁBOA 18.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

En 2004 a ocupación máis demandada nos centros colaboradores foi a de axente comercial / vendedor, seguida das de albanel e camareiro-barman.

As dúas ocupacións máis importantes experimentaron un forte retroceso ao longo do período. A de axente comercial/vendedor mantívose en números absolutos elevados ata que descendeu en 2004 a niveis que supoñen menos da terceira parte dos acadados en anos anteriores. A de albanel tivo unha evolución máis irregular: duplicou a súa oferta en 2001 e logo sufriu un retroceso máis que notable, acadando en 2002 un valor moi baixo en relación cos anteriores e estabilizándose neste último nivel ata o final do período, para, finalmente, obter unha variación media de -20,11%.

Nestes anos destaca, ademais, o aumento da ocupación de perruqueiro ou a forte irrupción en 2004 da de monitor de tempo libre.

	2000	2001	2002	2003	2004
Peón da ind. manufactureira, en xeral	204	2.093	2.161	2.367	2.332
Clasificador-repartidor correspondencia	758	898	341	394	1.200
Albanel	487	750	784	859	875
Camareiro, en xeral	331	285	537	626	775
Muller/mozo limpeza, limpador, en xeral	338	360	462	445	599
Estibador	0	1	1.267	1.073	580
Cociñeiro, en xeral	66	85	128	196	267
Peón da construción de edificios	147	184	140	333	199
Soldador por arco eléctrico, en xeral	47	106	84	85	187
Dependente de comercio, en xeral	77	117	169	203	168

TÁBOA 18.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

Nas oficinas de emprego da comarca de Pontevedra as ofertas acadan valores absolutos moito máis altos que no caso dos centros colaboradores. En 2004 a ocupación máis demandada, moi por riba das outras, é a de peón da industria manufactureira. En segundo lugar, sitúase a oferta de clasificador-repartidor de correspondencia e, despois, a de albanel e a de camareiro.

Todas as ocupacións incrementaron entre 2000 e 2004 o seu volume de ofertas. Así e todo, pódense distinguir diferentes cursos de evolución. A oferta de peón da industria manufactureira multiplicou por dez a súa oferta en 2001 e mantívose neste último nivel ata o final do período. A de clasificador-repartidor de correspondencia sufriu un forte retroceso en 2002 e 2003, seguido dunha extraordinaria recuperación no último ano de referencia, no que se chegou a un volume de oferta notablemente superior ao do inicio do período, cunha variación media do 12,17%.

En canto á evolución das outras ocupacións, destaca a aparición en 2002, cun volume elevado de oferta, da ocupación de estibador. Tamén é subliñable a tendencia ao aumento e consolidación das ofertas de albanel, camareiro e muller/mozo de limpeza, limpador, todas elas situadas na zona media da táboa.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal

	Nº
A Lama	224
Barro	612
Campo Lameiro	187
Cotobade	304
Poio	2.087
Ponte-Caldelas	676
Pontevedra	22.935
Vilaboa	1.210
TOTAL COMARCA	28.235
TOTAL PROVINCIA	285.090

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

O volume de contratación da comarca concéntrase no concello de Pontevedra. En concreto, catro de cada cinco contratos, o 81,23%, realizáronse neste municipio. No resto da comarca o maior número de contratos tiveron lugar en Poio, o 7,39%, e Vilaboa, o 4,29%. En comparación co volume de contratación provincial, os 28.235 contratos realizados na comarca en 2004 representan o 9,90%.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Lama	145	168	163	176	224
Barro	716	794	766	655	612
Campo Lameiro	155	238	233	213	187
Cotobade	282	313	262	326	304
Poio	1.847	2.270	2.174	2.272	2.087
Ponte-Caldelas	364	477	478	590	676
Pontevedra	21.577	24.493	22.064	21.049	22.935
Vilaboa	1.109	1.116	1.093	1.103	1.210
TOTAL COMARCA*	26.195	29.869	27.233	26.384	28.235
TOTAL PROVINCIA	280.669	280.543	275.659	281.952	285.090

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

O número de contratos na comarca medrou lixeiramente no período 2000-2004, cunha variación media anual do 1,89%. A evolución ao longo destes anos foi irregular. Entre todos os anos destaca o 2001 por ser cando se rexistrou a variación interanual de maior intensidade, un 14,03%; no resto do período déronse fases expansivas e regresivas de menor magnitude. O crecemento relativo no conxunto da provincia foi aínda menor, cunha variación media do 0,39%, debido á baixa de contratos de 2001 e 2002 e ao escaso crecemento dos anos posteriores.

En todos os concellos, agás no de Barro, o volume de contratación incrementouse ao longo do período. No caso do de Pontevedra os trazos evolutivos son os mesmos que acabamos de comentar para a comarca. En canto á evolución nos outros municipios, sobresaen as variacións medias anuais acadadas por Ponte-Caldelas (16,74%) e A Lama (11,49%).

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	5.316	4.156	9.472
De 26 a 35 anos	5.314	5.098	10.412
De 36 a 45 anos	2.678	2.354	5.032
De 46 a 55 anos	1.526	1.041	2.567
De 56 e máis anos	589	163	752
TOTAL COMARCA	15.423	12.812	28.235
TOTAL PROVINCIAL	159.361	125.729	285.090

A contratación na comarca de Pontevedra en 2004 mostra un desequilibrio entre sexos. O 54,62% dos contratos foron asinados por homes e o 45,38%, por mulleres. Estas proporcións están próximas ás rexistradas no total da provincia, na que o colectivo masculino representa o 55,90% e o feminino o 44,10%.

Por idades destaca o tramo de entre 26 e 35 anos por ser onde se reúne a maior parte dos contratos, o 36,85%. Se a esta porcentaxe lle engadimos o volume de contratación correspondente aos menores de 26 anos, temos que nos dous segmentos de xente máis nova é nos que se concentra o 70,42% do total.

Atendendo ao cruzamento de información por sexo e idades, observamos que a concentración dos contratos na xente de menor idade ocorre tanto no caso dos homes como no das mulleres. En ambos os sexos existe, ademais, unha tendencia ao retroceso do volume de contratación conforme avanza a idade. Esta tendencia é máis acusada no colectivo feminino que no masculino.

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	15.815	18.362	16.649	15.575	15.423
Mulleres	10.380	11.507	10.584	10.809	12.812
TOTAL CONTRATOS	26.195	29.869	27.233	26.384	28.235

A evolución do número de contratos da comarca entre 2000 e 2004 segundo o sexo mostra que houbo unha redución notable do desequilibrio na contratación entre homes e mulleres. En función dos saldos do período, os contratos no colectivo feminino aumentaron de xeito significativo mentres que no masculino diminuíron lixeiramente. As variacións medias anuais foron respectivamente do 5,40% e do -0,63%.

Os resultados descritos, favorables ao colectivo de mulleres, foron propiciados principalmente polo comportamento da contratación no último ano, cunha variación interanual do 18,43%.




GRÁFICO 8: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.

No gráfico pódese apreciar claramente que nos primeiros anos do período o volume de contratos tende a masculinizarse. Despois, a partir de 2003 tende a descender o peso relativo dos contratos masculinos en favor dos femininos.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	10.252	11.858	10.511	9.508	9.472
De 26 a 35 anos	8.770	9.923	9.003	9.073	10.412
De 36 a 45 anos	4.539	5.022	4.765	4.642	5.032
De 46 a 55 anos	2.024	2.431	2.302	2.427	2.567
De 56 e máis anos	610	635	652	734	752
TOTAL CONTRATOS	26.195	29.869	27.233	26.384	28.235

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

A evolución entre 2000 e 2004 do número de contratos da comarca segundo a idade caracterízase polo crecemento en todos os grupos agás no de menores de 26 anos, no que diminuíu a contratación. O crecemento relativo máis elevado deuse nos grupos de maior idade. No tramo de 46 a 55 anos a variación media anual foi 6,12%, e no grupo de máis de 55 anos foi do 5,37%.

Na análise das variacións interanuais destacan os anos 2001 e 2002. En 2001 foi cando máis medrou a contratación e fíxoo en todos os grupos de idades nunhas porcentaxes comprendidas entre o 10% e o 20%, coa excepción do tramo de máis de 55 anos, no que o incremento foi moito menor. En 2002, pola contra, o elemento característico é a diminución xeneralizada do número de contratos, agás, unha vez máis, no grupo de máis de 55 anos, que continuou coa súa tendencia cara ao crecemento moderado.


5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

	N.º
SECTOR PRIMARIO	942
Agricultura e pesca	942
SECTOR SECUNDARIO	2.792
Industria e electricidade	2.792
SECTOR CONSTRUCCIÓN	5.767
Construción	5.767
SECTOR SERVIZOS	18.734
Comercio e hostalería	7.160
Transporte e comunicacións	2.318
Outros servizos	9.256
TOTAL CONTRATOS	28.235


En 2004 o sector servizos rexistrou o maior número de contratos da comarca, cun 66,35% do total. Moi por debaixo situáronse o sector da construción (20,43%), as actividades industriais (9,82%) e o sector primario (3,34%).

GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación na industria.



Dentro das actividades industriais destacan as de alimentación, metalurxia e fabricación de produtos metálicos e outras industrias co 28%, 23% e 22% respectivamente. Os outros cinco tipos de actividades industriais móvense nun nivel de representatividade moi inferior que oscila entre o 6% e o 8%.

GRÁFICO 10: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



No sector servizos, as actividades máis representativas en 2004 son as inmobiliarias e servizos a empresas, e as relacionadas co comercio e coa hostalería, que supoñen conxuntamente máis da metade das contratacións, o 61%.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	620	322	276	309	215	101	41
Agricultura e pesca	620	322	276	309	215	101	41
SECTOR SECUNDARIO	1.738	1.054	908	952	532	331	69
Industria e electricidade	1.738	1.054	908	952	532	331	69
SECTOR CONSTRUCCIÓN	5.495	272	1.727	1.849	1.171	764	256
Construción	5.495	272	1.727	1.849	1.171	764	256
SECTOR SERVIZOS	7.570	11.164	6.561	7.302	3.114	1.371	386
Comercio e hostalería	2.608	4.552	3.038	2.588	1.023	422	89
Transporte e comunicacións	1.097	1.221	463	873	612	296	74
Outros servizos	3.865	5.391	3.060	3.841	1.479	653	223
TOTAL CONTRATOS	15.423	12.812	9.472	10.412	5.032	2.567	752

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

Na distribución da contratación na comarca de Pontevedra segundo os sectores/subsectores económicos detéctanse diferentes pautas en función do sexo. No colectivo masculino a maior parte dos contratos sitúanse nos servizos, co 26,81% do total da contratación, e, en segundo lugar, na construción, co 19,46% do total da contratación. Os contratos ao colectivo feminino realízanse case en exclusiva nos servizos, co 39,54% do total da contratación.

En canto ás idades, o maior número de contratos realizáronse no sector servizos a persoas de entre 26 e 35 anos, o 25,86%. O segundo grupo máis numeroso está formado polos contratos asinados polos menores de 26 anos, tamén no sector servizos, co 23,24% do total da contratación. En suma, case a metade da contratación comarcal ten que ver cos menores de 36 anos que traballan nos servizos.

A este respecto hai que sinalar que o intervalo máis novo ten unha presenza case idéntica en comercio e hostalería e outros servizos, en tanto que o posterior intervalo ten maior presenza en outros servizos.

A partir dos 36 anos tende a descender a contratación en todos os sectores segundo aumenta a idade dos contratados.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	1.117	1.112	1.070	1.100	942
Agricultura e pesca	1.117	1.112	1.070	1.100	942
SECTOR SECUNDARIO	2.924	3.015	2.854	2.816	2.792
Industria electricidade	2.924	3.015	2.854	2.816	2.792
SECTOR CONSTRUCCIÓN	4.673	5.071	5.344	6.259	5.767
Construción	4.673	5.071	5.344	6.259	5.767
SECTOR SERVIZOS	17.481	20.671	17.965	16.209	18.734
Comercio e hostalería	5.704	6.282	6.451	6.594	7.160
Transporte e comunicacións	3.429	4.806	4.130	1.961	2.318
Outros servizos	8.348	9.583	7.384	7.654	9.256
TOTAL CONTRATOS	26.195	29.869	27.233	26.384	28.235

TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.


No período 2000-2004 a contratación comarcal medrou na construción e nos servizos, sectores que rexistraron unha variación media anual do 5,40% e do 1,75% respectivamente. Pola súa parte, no secundario e no primario dimi-

nuíron os contratos ao longo do período; no primeiro sector a variación media anual foi do -1,10% e no segundo acadou un valor negativo de -4,17%.

As variacións interanuais nos sectores máis relevantes, isto é, os servizos e a construción, poñen de manifesto a súa irregularidade evolutiva. Ambos os sectores caracterízanse pola presenza ao longo do período de fases expansivas e regresivas, de alta intensidade no caso dos servizos, e con oscilacións importantes pero de menor magnitude no caso da construción. O maior incremento da contratación nos servizos ocorreu en 2001, cunha variación interanual do 18,25%, e na construción en 2003, cunha variación interanual do 17,12%. Por outra banda, a maior diminución do número de contratos nos servizos foi en 2002, cunha variación interanual de -13,09%, en tanto que na construción tivo lugar en 2004, cunha variación interanual de -7,86%.

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 11: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.



En función dos tipos de contratos, a comarca de Pontevedra caracterízase pola temporalidade. O 90% dos contratos de traballo realizados en 2004 foron temporais a tempo completo ou parcial.

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	482	378	170	335	153	148	54
Indefinido tempo parcial	105	218	125	117	48	25	8
Temporal	11.618	7.587	5.781	7.363	3.650	1.887	524
Temporal tempo parcial	1.994	4.076	2.348	2.245	1.012	377	88
Prácticas/Formación	670	489	957	134	45	19	4
Outros	554	64	91	218	124	111	74
TOTAL CONTRATOS	15.423	12.812	9.472	10.412	5.032	2.567	752

A distribución por sexo segundo o tipo de contrato en 2004 móstranos que a temporalidade é un trazo definitorio da contratación tanto no colectivo masculino como no feminino. Con todo, existe unha diferenza significativa entre os contratos asinados polos homes e os realizados ás mulleres. Tal e como se desprende dos datos, a maior proporción de contratos temporais a tempo completo correspóndese co colectivo masculino, o 41,15%; porén, a

proporción máis elevada dos temporais a tempo parcial correspóndese co colectivo feminino, o 14,44%.

Na distribución por idade, a contratación temporal a tempo completo é a que ten un maior peso relativo en todos os tramos, acadando o seu valor máximo no grupo de entre 26 e 35 anos, co 26,08% do volume total de contratación, e, en segundo lugar, no intervalo de menores de 26 anos, co 20,47%. En canto ao outro tipo de contratación temporal, a realizada a tempo parcial, cómpre subliñar que a maior parte aparece tamén na xente máis nova: os menores de 36 anos.

	PRIMARIO Agr. Gand.	SECUNDARIO Industr. e Electric.	CONSTRUCCIÓN Construc.	Comerc.	Transp.	SERVIZOS Outros	Total
Indefinido	12	104	149	325	88	182	595
Indefinido tempo parcial	4	12	9	199	20	79	298
Temporal	887	2.232	5.107	3.654	2.024	5.301	10.979
Temporal tempo parcial	33	306	184	2.587	171	2.789	5.547
Prácticas/Formación	6	135	316	384	13	305	702
Outros	0	X	X	11	X	600	613
TOTAL CONTRATOS	942	X	X	7.160	X	9.256	18.734

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

A contratación temporal tamén predomina en todos os sectores económicos. Nos servizos realizáronse a maior parte dos temporais a tempo completo e case todos os contratos temporais a tempo parcial. En suma, o volume de contratación temporal, a tempo completo ou parcial, nos servizos representa o 58,53% do total de contratos asinados na comarca de Pontevedra. O segundo maior nivel de temporalidade sitúase na construción, sector no que este tipo de contratos supoñen o 18,74% do total comarcal.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	1.330	1.122	839	911	860
Indefinido tempo parcial	350	355	334	321	323
Temporal	17.399	18.993	17.143	18.244	19.205
Temporal tempo parcial	4.829	5.412	4.960	5.192	6.070
Prácticas/Formación	1.063	1.053	1.292	1.237	1.159
Outros	1.224	2.934	2.665	479	618
TOTAL CONTRATOS	26.195	29.869	27.233	26.384	28.235

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

A evolución segundo a tipoloxía da contratación no período 2000-2004 amósanos tendencias dispares. Nos casos extremos están, por unha parte, os contratos temporais a tempo completo e a tempo parcial, que experimentan unha subida no conxunto do período, variacións medias de 2,50% e 5,88%, respectivamente. Por contra, a contratación indefinida, ben sexa a tempo completo ou parcial, ve reducida o seu volume de contratación na comarca, con variacións medias de -10,33% e -1,99%, respectivamente.

Nas dúas modalidades de contrato temporal prodúcese un único descenso en 2002, para aumentar nos restantes. En cambio, na contratación indefinida a tempo completo só se produce un aumento en 2003, descendendo nos restantes anos, en tanto que a modalidade a tempo parcial descende en 2002 e 2003.

Os contratos en prácticas/formación tiveron unha leve subida, acadando unha variación media de 2,19%, a pesar de aumentaren nada máis no ano 2002.

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	42	4,66
HOMES	31	7,75
MULLERES	11	-2,15
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	1.987	0,00
HOMES	1.036	1,12
MULLERES	951	-1,15
3. Técnicos e profesionais de apoio	1.426	5,37
HOMES	696	-1,55
MULLERES	730	15,10
4. Empregados de tipo administrativo	3.634	8,22
HOMES	950	5,32
MULLERES	2.684	9,35
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	5.740	5,06
HOMES	1.432	-1,96
MULLERES	4.308	8,05
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	277	6,29
HOMES	155	2,58
MULLERES	122	12,19
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	5.940	5,64
HOMES	5.274	6,34
MULLERES	666	0,84
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	1.615	6,13
HOMES	1.425	7,53
MULLERES	190	-2,12
9. Traballadores non cualificados	7.574	-5,25
HOMES	4.424	-8,84
MULLERES	3.150	1,31
TOTAL CONTRATOS	28.235	1,89
TOTAL HOMES	15.423	-0,63
TOTAL MULLERES	12.812	5,40

A distribución dos contratos por grandes grupos de ocupación en 2004 móstranos unha elevada concentración do volume contractual (81,06%) nos seguintes catro grupos:

- Traballadores non cualificados: 26,82%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: -21,04%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 20,33%.
- Empregados de tipo administrativo: 12,87%.

As principais ocupacións por sexo en 2004 son as que se expoñen no seguinte cadro:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 18,68%. • Traballadores non cualificados: 15,67%. • Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 5,07%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores: 5,05%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 15,26%. • Traballadoras non cualificadas: 11,16%. • Empregadas de tipo administrativo: 9,51%. • Técnicas profesionais, científicas e intelectuais: 3,37%.

En todas as ocupacións, o volume de contratación masculina é maior que a feminina agás nas tres seguintes:

- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 15,26% fronte ao 5,07%.
- Empregados de tipo administrativo: 9,51% fronte ao 3,36%.
- Técnicos e profesionais de apoio: 2,59% fronte ao 2,47%.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	2.922	2.006	916	68,65
71100016	Albanel	2.121	2.083	38	98,21
53300010	Dependente de comercio, en xeral	1.922	453	1.469	23,57
50200018	Camareiro, en xeral	1.671	576	1.095	34,47
42100010	Empregado administrativo, en xeral	1.567	451	1.116	28,78
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	1.180	100	1.080	8,47
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	1.150	286	864	24,87
96020014	Peón da construción de edificios	993	978	15	98,49
25130104	Músico instrumentista, en xeral	586	528	58	90,10
97000084	Peón da ind. metál. e fab. prod. metál.	567	238	329	41,98
TOTAL		14.679	7.699	6.980	52,45

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Atendendo á lista das dez ocupacións máis contratadas da comarca en 2004, o primeiro dato destacable é que a metade do volume total de contratación, 51,98%, aparece recollido entre dez ocupacións. As de peón da industria manufactureira, albanel e dependente de comercio son as máis contratadas.

As mulleres tenden a ser contratadas en gran medida como muller/mozo de limpeza, limpadora, dependentas de comercio, clasificadoras-repartidoras de correspondencia e empregadas administrativas. Neste sentido, estas ocupacións contan cun maior peso relativo de contratos femininos sobre o total, xa que acadan un ratio de masculinidade por baixo do 30%.

Pola contra, existe outra serie de ocupacións fortemente masculinizadas como a de albanel, peón da construción de edificios e músico instrumentista nas que a presenza feminina é anecdótica ou moi reducida. O ratio de masculinidade nos albaneis e peóns da construción é elevadísimo, superior ao 98%. No caso dos músicos instrumentistas o ratio é do 90,10%.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	4.763	6.445	5.774	3.793	2.922
71100016	Albanel	1.777	1.861	1.831	2.285	2.121
53300010	Dependente de comercio, en xeral	2.162	2.473	2.280	2.330	1.922
50200018	Camareiro, en xeral	1.231	1.357	1.465	1.527	1.671
42100010	Empregado administrativo, en xeral	1.820	1.775	1.569	1.573	1.567
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	1.189	948	1.009	1.073	1.180
41020023	Clasificador-repartidor correspondencia	227	241	425	508	1.150
96020014	Peón da construción de edificios	991	1.209	1.244	1.598	993
25130104	Músico instrumentista, en xeral	512	545	534	485	586
97000084	Peón da ind. metál. e fab. prod. metál.	6	4	7	56	567
86300016	Conductor de camión, en xeral	379	695	600	690	553
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	895	626	335	279	525
94400012	Peón forestal	439	151	133	104	116
41030017	Entrevistador, Axente enquisas, censos	37	1.006	47	10	32

TÁBOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

TÁBOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

A evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004 mostra tendencias variadas. Os peóns da industria manufactureira, ocupación principal en todos os anos, están en fase regresiva desde 2002. A diminución dos contratos neste tipo de ocupación foi notable, cunha variación media anual de -11,50%.

Neste período emerxeron con forza dúas ocupacións: peón da industria metálica e clasificador-repartidor de correspondencia. A primeira tivo unha variación media anual do 211,79%, se ben cómpre precisar que esta elevada porcentaxe se debe fundamentalmente ao comportamento da contratación en 2004. Pola súa parte, os contratos de clasificadores-repartidores de correspondencia, aínda que tamén experimentaron un forte pulo en 2004, tiveron un crecemento máis gradual ao longo do período. A variación media anual nesta última ocupación foi do 50,03%.

En 2004 non figuraron na lista das dez máis contratadas as ocupacións de entrevistador/axente de enquisas, peón forestal, mozo carga/descarga de almacén, e condutor de camiión, que ven reducido o seu número de contratos.

5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Agraria	40	19,05	2	16,67
Administración e oficinas	111	11,83	6	10,91
Comercio	88	32,59	5	33,33
Servizos ás empresas	453	9,85	28	10,22
Edificación e obras públicas	30	6,09	2	6,90
Industrias gráficas	13	100,00	1	100,00
Industria pesada e construcións metálicas	15	9,09	1	10,00
Montaxe e instalación	16	7,80	1	12,50
Sanidade	86	17,44	5	17,24
Seguros e finanzas	71	21,85	4	22,22
Servizos á comunidade e persoais	132	36,46	7	33,33
Transportes e comunicacións	46	10,18	3	10,71
Turismo e hostalería	51	20,24	3	21,43
TOTAL	1152	9,43	68	9,58

TÁBOA 33: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

A comarca de Pontevedra reuniu o 9,43% dos alumnos e o 9,58% dos cursos de formación ocupacional sen compromiso de contratación da provincia.


A maioría desta formación relaciónase coa familia de servizos ás empresas, o 39,32% dos alumnos e o 41,18% dos cursos da comarca. En segundo lugar, a gran distancia, sitúase a familia de servizos á comunidade e persoais, co 11,46% dos alumnos e o 10,29% de cursos.

En relación coa provincia, a comarca de Pontevedra é a única onde tivo lugar un curso da familia profesional das industrias gráficas. Destaca, ademais, o feito de que un de cada tres cursos vinculados ás familias profesionais do comercio e servizos á comunidade e persoais da provincia foron realizados tamén nesta comarca.

5.6.- CONCLUSIONES

- As empresas da comarca de Pontevedra dedícanse maioritariamente á prestación de servizos. Entre estas destacan as encadradas en outros servizos, o comercio e hostalería. Os traballadores por conta allea tamén se agrupan fundamentalmente nos servizos, e do mesmo xeito os autónomos, en relación a estes últimos destaca o grao de concentración en comercio e hostalería.
- No período 2000-2004 o número de empresas, traballadores e autónomos medrou notablemente. Esta expansión debeuse principalmente ao comportamento do sector servizos e da construción.
- As demandas de emprego concéntranse no concello de Pontevedra. Igual que na provincia, os demandantes parados da comarca duplican aos non parados. Entre os parados destacan os que tiñan un emprego anterior, grupo que por si só supón algo máis da metade do total de demandantes.
- Da mesma maneira que na provincia, a distribución de demandantes parados por sexo establece que se trata principalmente de mulleres e por idades de persoas de entre 26 e 35 anos. Os parados que reúnen simultaneamente estes dous atributos de sexo e idade forman o grupo máis numeroso e representan a un de cada cinco demandantes. Os trazos característicos dos non parados coinciden cos enunciados para os parados.
- A maioría dos demandantes teñen un nivel académico baixo, concretamente non teñen máis que estudos obrigatorios. Entre os que teñen un nivel académico superior ao ensino obrigatorio, predominan os que posúen un título universitario ou bacharelato. Por outra banda, aproximadamente a metade dos parados levan menos de seis meses buscando emprego, en tanto que na posición oposta, parados de longa duración, está un de cada tres. Estes valores relativos son semellantes aos da provincia. Por último, engadir que os demandantes en xeral proceden fundamentalmente dos servizos, e que a ocupación máis demandada na comarca, o mesmo que na provincia, é a de dependente de comercio.
- As ofertas de emprego acadaron a cifra de 11.626, e agrupáronse case todas no concello de Pontevedra. A evolución da comarca e a do municipio principal no período 2000-2004 é a mesma, dándose un crecemento ao longo destes anos. Esta tendencia, se ben dun xeito menos marcado, é a que se dá no conxunto da provincia.
- Por sectores económicos, os traballos ofertados que máis destacaron foron os dos servizos, case as tres cuartas partes do total, levemente superior á proporción que se establece no conxunto da provincia.
- Tan só o 3,29% das ofertas especificaron o sexo como requisito para ocupar un traballo. Ademais, para poder traballar exixiuse, nun número moi elevado de casos, o 86,09%, ter un determinado nivel de estudos, aínda que case sempre o único que se pediu foi o certificado de escolaridade.
- A ocupación de axente comercial/vendedor e a de albanel foron as máis ofertadas nos centros colaboradores, mentres que nas oficinas de emprego foron as de peón da industria manufactureira e a de clasificador-repartidor de correspondencia.
- En 2004 fixéronse 28.235 contratos, dos cales catro de cada cinco foron asinados no municipio de Pontevedra. O volume de contratación da comarca medrou lixeiramente, dun xeito irregular, no período 2000-2004. No conxunto da provincia o incremento da contratación situouse aínda por baixo do nivel da comarca.
- A contratación en 2004 amosa un desequilibrio por sexos, o 54,62% dos contratos asináronos homes e o 45,38% mulleres, proporcións próximas ás rexistradas no total da provincia. A evolución comarcal entre 2000 e 2004 mostra que houbo unha redución notable do citado desequilibrio entre sexos.

- Por idades, destacan os menores de 36 anos, grupo no que se reúne a gran maioría dos contratos. Por sectores económicos, a contratación concentrouse nos servizos, e despois a certa distancia na construción. Por sectores e sexos obsérvase que a maior parte dos contratos realizados a homes sitúanse nos servizos e despois na construción, en tanto que os realizados a mulleres teñen lugar case exclusivamente nos servizos.
- En función do tipo de contrato, o característico da comarca de Pontevedra é a temporalidade, nove de cada dez contratos. Dentro destes a gran maioría son a tempo completo. Este trazo é ademais definitorio tanto da contratación masculina como da feminina e tamén predomina en todos os grupos de idade.
- A evolución segundo a tipoloxía da contratación no período 2000-2004 amósanos que os temporais a tempo completo experimentaron unha expansión nestes anos, ao igual que sucede cos temporais realizados a tempo parcial.
- A distribución por grandes grupos de ocupación sinálanos unha alta concentración do volume contractual no grupo de traballadores non cualificados, artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, e construción e minería. Atendendo máis no detalle ás dez ocupacións máis contratadas, destaca que case un de catro contratos sitúase nas ocupacións de peón da industria manufactureira, albanel e dependente de comercio.
- Por último, en canto á formación ocupacional a comarca de Pontevedra, hai que destacar a maior presenza dos alumnos e cursos vinculados á familia de servizos ás empresas.



Comarca de Tabeirós-Terra de Montes



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	32	3,06	1.291	23,82	51	2,77
Agricultura e pesca	32	3,06	1.291	23,82	51	2,77
SECTOR SECUNDARIO	192	18,36	1.172	21,62	272	14,78
Industria e electricidade	192	18,36	1.172	21,62	272	14,78
SECTOR CONSTRUCCIÓN	193	18,45	831	15,33	368	20,00
Construción	193	18,45	831	15,33	368	20,00
SECTOR SERVIZOS	629	60,13	2.126	39,23	1.149	62,45
Comercio e hostalería	347	33,17	1.013	18,69	801	43,53
Transporte e comunicacións	44	4,21	178	3,28	121	6,58
Outros servizos	238	22,75	935	17,25	227	12,34
TOTAL	1.046	100,00	5.420	100,00	1.840	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

No ano 2004, o tecido empresarial da comarca de Tabeirós-Terra de Montes vén caracterizado polo forte predominio do sector servizos, tanto no referido ao número de empresas, como aos traballadores e aos autónomos.

Algo máis de seis de cada dez empresas –60,13%– sitúanse no sector terciario, seguido a considerable distancia pola construción e o secundario, que engloban respectivamente o 18,45% e o 18,36% do total. No referente aos subsectores, cómpre sinalar que o 33,17% das empresas da comarca se encadran no de comercio e hostalería, quedando o 22,75% integradas dentro da categoría de outros servizos.

Do mesmo xeito que no caso das empresas, os traballadores por conta allea agrúpanse de forma maioritaria no sector servizos, que representa o 39,23% do total. A continuación sitúanse o sector primario –23,82%– e o secundario –21,62%–. Dentro do servizos, os subsectores que reúnen máis traballadores son os de comercio e hostalería –18,69%– e outros servizos, co 17,25%.

Os traballadores autónomos distribúense de novo na súa maioría nos servizos, onde se atopan rexistrados o 62,45% do total. No sector da construción sitúanse dous de cada dez, e no secundario o 14,78%. Cómpre sinalar, no refe-

rido aos subsectores, que o 43,53% dos autónomos pertencen ao de comercio e hostalería, e o 12,34% ao de outros servizos.

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	58	57	39	12	32
Agricultura e pesca	58	57	39	12	32
SECTOR SECUNDARIO	178	181	185	185	192
Industria e electricidade	178	181	185	185	192
SECTOR CONSTRUCCIÓN	158	166	171	180	193
Construción	158	166	171	180	193
SECTOR SERVICIOS	565	586	597	615	629
Comercio e hostalería	324	334	335	343	347
Transporte e comunicacións	43	48	46	40	44
Outros servizos	198	204	216	232	238
TOTAL	959	990	992	992	1.046

Na evolución do número de empresas da comarca de Tabeirós-Terra de Montes no período comprendido entre os anos 2000 e 2004 obsérvase unha tendencia ao crecemento, que se concreta nunha variación media do 2,19%. Analizando máis polo miúdo a evolución ano a ano, denótase unha tendencia positiva en todos os intervalos anuais, excepto entre os anos 2002 e 2003, en que o número de empresas rexistradas no territorio non varía.

Segundo os diferentes sectores, a traxectoria das empresas da comarca presenta unha dinámica negativa tan só para o sector primario, que obtén no conxunto destes cinco anos unha variación media negativa do -13,82%.

Nos sectores restantes, a pauta vén marcada polo crecemento, sen presentar ningún deles oscilacións salientables. Deste xeito, a variación media do sector secundario é do 1,91%, e a do da construción do 5,13%. O dos servizos é o que máis se incrementa en números absolutos, presentando unha variación media do 2,72%. Dentro deste último, o subsector de outros servizos acada unha variación media do 4,71%, e o de comercio e hostalería do 1,73%.

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	1.326	1.367	1.331	1.337	1.291
Agricultura e pesca	1.326	1.367	1.331	1.337	1.291
SECTOR SECUNDARIO	968	1.112	1.142	1.086	1.172
Industria e electricidade	968	1.112	1.142	1.086	1.172
SECTOR CONSTRUCCIÓN	667	788	788	773	831
Construción	667	788	788	773	831
SECTOR SERVICIOS	1.715	1.913	2.012	2.048	2.126
Comercio e hostalería	918	1.016	1.023	1.006	1.013
Transporte e comunicacións	151	180	182	174	178
Outros servizos	646	717	807	868	935
TOTAL	4.676	5.180	5.273	5.244	5.420

En Tabeirós-Terra de Montes, entre os anos 2000 e 2004, a evolución dos traballadores por conta allea presenta unha tendencia positiva, confirmada por unha variación media do 3,76%. Ao longo destes cinco anos, a pauta é positiva en todos os intervalos anuais, agás no 2002-2003, onde os traballadores se reducen levemente en números absolutos, cunha variación media negativa do -0,55%. Nos anos restantes, o crecemento é continuo, sendo destacable a variación media do período 2000-2001, que é do 10,78%.

O sector primario é no único onde non se respecta esta tendencia á alza, posto que tras unha evolución descontinua ao longo destes cinco anos, caracterízase polo estancamento do número de traballadores, cunha variación media do -0,67%.

No sector secundario, os traballadores por conta allea incrementan os seus efectivos, acadando unha variación media do 4,9%. Neste caso, os traballadores rexistrados descenden tan só entre os anos 2002 e 2003, aumentando nos restantes, sobre todo no intervalo 2000-2001, cunha variación interanual do 14,88%. No sector da construción dáse unha evolución semellante; sofre unha redución no intervalo 2002-2003 e presenta a maior subida no primeiro intervalo do período, cunha variación interanual do 18,14%. A variación media final para este sector é do 5,65%.

Por último, o sector servizos presenta un ritmo de crecemento continuo no transcurso deste quinquenio, obtendo unha variación media final do 5,52%. Do mesmo xeito que nos sectores anteriores, o aumento máis importante dáse entre os anos 2000-2001, rexistrando nesta ocasión unha variación media do 11,55%. Atendendo aos subsectores, é significativa a expansión do de outros servizos, que medra a un forte ritmo durante todo o período, obtendo a variación media máis alta do conxunto, do 9,68%.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	25	28	35	43	51
Agricultura e pesca	25	28	35	43	51
SECTOR SECUNDARIO	229	244	250	265	272
Industria e electricidade	229	244	250	265	272
SECTOR CONSTRUCCIÓN	247	280	304	327	368
Construción	247	280	304	327	368
SECTOR SERVICIOS	891	1.023	1.069	1.098	1.149
Comercio e hostalería	607	707	744	765	801
Transporte e comunicacións	120	137	120	121	121
Outros servizos	164	179	205	212	227
TOTAL	1.392	1.575	1.658	1.733	1.840

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

No que atinxe ao número de autónomos da comarca, obsérvase unha clara tendencia ao crecemento no período analizado. Deste xeito, de forma global, a variación media obtida é do 7,22%, acadada despois dun incremento constante ao longo dos cinco anos.

Esta mesma pauta expansiva é seguida por todos os sectores da actividade económica, sendo destacable que en ningún deles se manifesta ningunha redución ao longo do período. Así, o sector primario presenta unha variación media do 19,51%, o secundario do 4,40% e o da construción do 10,48%. Nos servizos é onde se aprecia un maior incremento en números absolutos, cunha variación media final do 6,56%.

Tendo en conta a evolución dos subsectores, destaca o crecemento en termos absolutos do de comercio e hostalería, cunha variación media do 7,18%. Neste caso é preciso subliñar que entre os anos 2000 e 2001 acadou unha variación media do 16,47%, o que implica un crecemento absoluto en 100 autónomos.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes galegos por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
A Estrada	1.147	629	1.776
Cerdedo	53	14	67
Forcarei	143	57	200
TOTAL	1.343	700	2.043

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia – PARADOS	2,39
% comarca/provincia - NON PARADOS	2,54

Na comarca de Tabeirós-Terra de Montes recibíronse no ano 2004 un total de 2.043 demandas de emprego, procedentes na súa maioría dos demandantes parados, que superan aos non parados en todos os concellos, e representan o 65,74% das demandas comarcais.

A maior parte dos demandantes agrúpanse no concello da Estrada, que engloba o 86,93% destes. A continuación sitúase Forcarei, onde se concentran o 9,79%, seguido de Cerdedo, que engloba tan só o 3,28% do total.

En relación coa provincia de Pontevedra, o peso dos non parados da comarca é lixeiramente superior ao dos parados, que supoñen respectivamente o 2,54% e o 2,39% das demandas provinciais.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	1.143	1.083	1.283	1.334	1.343
Variación interanual %	-	-5,25	18,47	3,98	0,67
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	2,29	2,21	2,41	2,37	2,39

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

Observando a evolución dos demandantes parados da comarca, denótase unha tendencia ao crecemento no transcurso destes cinco anos. Tal e como se pode observar na táboa anterior, as demandas de emprego incrementáanse en todos os anos excepto entre o 2000 e o 2001, sendo destacable a subida producida no intervalo 2001-2002, cunha variación interanual do 18,47%.

O peso relativo dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia ao final do período é moi próximo ao do inicio.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	329	16,10	10,83
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.014	49,63	56,25
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	114	5,58	3,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	283	13,85	12,61
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	81	3,96	5,95
	En expediente de regulación de emprego	4	0,20	1,07
	Demandantes de mellora de emprego	177	8,66	6,47
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	32	1,57	2,70
	Resto de demandantes	9	0,44	0,55
TOTAL		2.043	100,00	100,00

No referido á situación laboral dos demandantes de emprego, o primeiro dato destacable é que case a metade, o 49,63%, son parados que tiveron emprego anteriormente. Dada a grande importancia deste colectivo, os restantes sitúanse a considerable distancia, estando encabezados polos parados sen emprego anterior, que supoñen o 16,1% do total, seguidos dos parados con emprego anterior, que representan o 13,85%.

En relación coa provincia de Pontevedra, o máis salientable é a similitude coa comarca, sendo novamente a dos parados con emprego anterior a categoría máis significativa, aínda que neste caso cun peso porcentual 6,62 puntos superior á comarca. Outro dato destacable é a redución de 5,27 puntos a nivel provincial dos parados sen emprego anterior.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	101	179	20,85	17,63
26 a 35 anos	124	238	26,95	30,34
36 a 45 anos	106	208	23,38	21,96
46 a 55 anos	105	105	15,64	18,05
56 e máis anos	114	63	13,18	12,02
TOTAL COMARCA	550	793	100,00	2,39
TOTAL PROVINCIA	21.868	34.246	2,39	100,00

A maioría dos demandantes parados de Tabeirós-Terra de Montes son mulleres, que representan o 59,05% do total. No conxunto da provincia dáse unha situación moi semellante, con porcentaxes case idénticas ás da comarca.

No referido á idade, sen distinción de xénero, algo máis da metade dos demandantes, en concreto o 52,2%, están por encima dos 36 anos. Analizando

os grupos de idade de forma individual, os máis numerosos, tanto nos homes como nas mulleres, son os comprendidos entre os 26 e os 45 anos.

Tendo en conta os grupos de idade segundo o xénero, obsérvase que a maior porcentaxe de parados –17,72%– se corresponde con mulleres de 26 a 35 anos, seguidas das de 36 a 45 anos, que representan o 15,49% do total. A continuación atópanse novamente as mulleres menores de 26 anos –13,33%–, e os homes de 26 a 35 anos, que representan o 9,23%.

A grandes trazos, o aspecto máis salientable dos valores segundo a idade dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia é a súa semellanza. Deste xeito, tanto na comarca como na provincia, o grupo de idade máis significativo é o de 26 a 35 anos, que presenta un peso relativo do 26,95% a nivel comarcal e do 30,34% a nivel provincial.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	47	79	18,00	16,70
26 a 35 anos	63	152	30,71	28,41
36 a 45 anos	53	86	19,86	21,54
46 a 55 anos	42	53	13,57	18,39
56 e máis anos	79	46	17,86	14,95
TOTAL COMARCA	284	416	100,00	2,54
TOTAL PROVINCIA	10.384	17.165	2,54	100,00

TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.


A distribución por sexo e grupos de idade para os demandantes non parados é moi semellante á comentada anteriormente dos parados. Neste caso tamén predomina o colectivo feminino, dado que o 59,43% dos demandantes non parados son mulleres.

O mesmo sucede no referido á idade, posto que o 51,29% dos demandantes non parados concéntranse nos intervalos de 36 e máis anos. Tendo en conta a totalidade de demandantes, o grupo cun maior peso relativo é o de 26 a 35 anos, 30,71% do total.

No cruce de grupos de idade segundo o xénero, a maior porcentaxe de demandantes non parados correspóndese coas mulleres de 26 a 35 anos, co 21,71% do total. A continuación sitúanse as mulleres de 36 a 45 anos –12,29%– e despois as de menos de 26 anos –11,29%– e os homes de 56 e máis anos, tamén co 11,29%. É importante sinalar que as mulleres superan porcentualmente aos homes en todos os grupos de idade, agás no dos maiores de 55 anos, onde a situación se inverte, e son superadas polos homes en 4,72 puntos.

En relación coa provincia de Pontevedra, denótase novamente unha forte semellanza nos datos obtidos, tanto no referido ao sexo, onde predominan as mulleres demandantes sobre os homes, como no relativo á idade, onde o grupo con maior peso a nivel provincial é o de 26 a 35 anos, que representa neste caso o 28,41% do total. Do mesmo xeito, igual que na comarca, máis da metade dos demandantes son maiores de 35 anos, o 54,88%.

GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.



Despois de analizar por separado os colectivos de demandantes parados e non parados, represéntase no gráfico anterior a distribución porcentual do total dos demandantes comarcais segundo o sexo e grupos de idade. Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que o grupo de idade que achega un maior peso ao conxunto é o de 26 a 35 anos, que supón o 28,24% do total das demandas. A continuación en nivel de importancia sitúase o de 36 a 45 anos, que representa o 22,17%.

Destaca o feito de que en todos os grupos de idade a porcentaxe de demandas femininas supera ás masculinas, excepto no grupo máis avanzado, o de 56 e máis anos.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	461	238	699
Titulación de ensinanza obrigatoria	467	214	681
Formación profesional	100	42	142
BUP/Bacharelato superior/COU	137	90	227
Titulados universitarios	139	99	238
Outras titulacións	39	17	56
TOTAL	1.343	700	2.043

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Segundo a distribución total de demandantes por nivel académico, pódese observar que a maior parte deles só teñen a ensinanza obrigatoria –33,33%– ou non chegaron a acadar este nivel –34,21%–. A continuación sitúanse os que posúen estudos universitarios –11,65%– e os titulados en formación profesional, que representan o 11,11%.

A distribución relativa dos demandantes parados e non parados é moi semellante entre si, e tamén parecida á descrita no parágrafo anterior. Neste sentido, o colectivo de parados con certificado de escolaridade e ensinanza obrigatoria suma o 69,1% do total, mentres que os non parados con estes mesmos niveis de estudos representan o 64,57%. Nas titulacións restantes, séguese atopando a mesma similitude, podendo tan só destacar a diferenza de 3,79 puntos a prol dos demandantes non parados na categoría de titulados universitarios.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	90	5	6	101
	Mulleres	110	37	32	179
26 a 35 anos	Homes	91	18	15	124
	Mulleres	133	35	70	238
36 a 45 anos	Homes	81	9	16	106
	Mulleres	101	28	79	208
46 a 55 anos	Homes	65	8	32	105
	Mulleres	23	15	67	105
56 e máis anos	Homes	42	21	51	114
	Mulleres	9	10	44	63
TOTAL COMARCA		745	186	412	1.343
TOTAL PROVINCIA		29.022	8.000	19.092	56.114

TÁBOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Na comarca de Tabeirós-Terra de Montes, algo máis da metade dos demandantes parados levan menos de seis meses á procura dun emprego, en concreto o 55,47%. A continuación sitúanse os que levan buscando máis dun ano, que supoñen o 30,68% do total.

Facendo unha análise máis pormenorizada segundo o sexo, denótase que as mulleres menores de 46 anos tenden ao paro de curta duración, circunstancia que se troca cara ao paro de longa duración a partir desa idade. No caso dos homes, o grupo predominante ata os 56 anos é o daqueles que levan buscando traballo menos de seis meses.

No paro de curta duración, a presenza porcentual masculina e feminina está case igualada, o que non sucede no paro de longa duración, no que o peso relativo das mulleres supera en 12,8 puntos ao dos homes.

5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia


	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	25	14	39
Sector secundario	155	83	238
Construción	221	82	303
Sector servizos	613	385	998
Sen actividade previa	329	136	465
TOTAL	1.343	700	2.043

TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

Atendendo á actividade económica de procedencia, a maior parte dos demandantes, sexan ou non parados, proceden dos servizos –48,85%–, situándose a continuación aqueles sen actividade previa –22,76%– e os da construción, que representan o 14,83%.


Tendo en conta os dous ámbitos de forma separada, a porcentaxe de parados derivados dos servizos é do 45,64%, fronte ao 55% que representan os non parados. De seguido sitúanse tamén en ambos os colectivos os que non tiveron actividade previa, e posteriormente os derivados do sector da construción no caso dos parados –16,46%– e do secundario nos non parados, co 11,86%.

GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.



Algo máis de tres de cada dez demandantes parados na industria proceden da actividade de têxtil e confección. Nun segundo plano sitúanse as actividades de outras industrias –22%–, alimentación –19%– e madeira, co 14%.

GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.



A actividade que, no marco dos servizos, agrupa a meirande parte dos demandantes parados é a de comercio excepto automoción, na que se inclúen case a cuarta parte destes –23%–. En segundo lugar en orde de importancia atópanse as de hostalería, actividades inmobiliarias e servizos a empresas e administracións públicas, que representan de forma conxunta a metade das demandas comarcais do sector dos servizos.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Empregado administrativo, en xeral	228	11,16	8,62
Dependente de comercio, en xeral	227	11,11	9,44
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	130	6,36	7,18
Peón da ind. manufacturera, en xeral	116	5,68	7,23
Albanel	112	5,48	2,09
Modista/o	61	2,99	1,07
Camareiro, en xeral	56	2,74	3,06
Cociñeiro, en xeral	50	2,45	1,76
Peón da construción de edificios	47	2,30	1,84
Carpinteiro, en xeral	37	1,81	0,97

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade	Ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Empregado administrativo, en xeral	Dependente de comercio, en xeral

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
A Estrada	690
Cerdedo	7
Forcarei	14
TOTAL COMARCA	711

TOTAL OFERTAS PROVINCIA:	31.132
COMARCA/PROVINCIA:	2,28

Na comarca de Tabeirós-Terra de Montes xestionáronse no ano 2004 un total de 711 ofertas de emprego, que representan o 2,28% das realizadas na provincia de Pontevedra.

Estas ofertas agrúpanse case na súa totalidade no concello da Estrada, que engloba o 97,05% do total. O concello de Forcarei recibe o 1,97%, e o de Cerdedo tan só o 0,98%.

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Estrada	751	788	834	739	690
Cerdedo	0	9	5	9	7
Forcarei	3	12	7	30	14
TOTAL COMARCA	754	809	846	778	711
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132

No conxunto do período 2000-2004, a comarca de Tabeirós-Terra de Montes ten unha evolución negativa en canto ao número de ofertas de emprego, tendencia inversa á que se produce no conxunto da provincia. Así, as variacións medias de ambos os territorios son do -1,46% e do 1,67% respectivamente. Tanto na provincia como na comarca, as ofertas incrementáanse nos dous primeiros intervalos do período, aínda que dunha forma máis aguda a nivel provincial. Nos dous últimos intervalos, as ofertas descenden tamén en ambos os territorios.

Debido á concentración de case a totalidade das ofertas no concello da Estrada, a evolución deste municipio determina a pauta que segue o conxunto da comarca. Deste xeito, este acada unha variación media negativa do -2,1%, obtida tras un aumento entre os anos 2000 e 2002 e un decrecemento nos dous anos restantes, nos que acada variacións interanuais negativas do -11,39% e do -6,63%.




GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

Dado que o concello da Estrada engloba a maioría das ofertas, agrúpanse aos restantes para comparar a súa evolución coa deste. Pódese observar como na Estrada se incrementan as ofertas de forma constante ata o ano 2002, onde acadan o pico máis alto. A partir deste ano, a pauta é cara o decrecemento.

Nos outros dous concellos obsérvase unha evolución máis lineal, con leves incrementos e diminucións ao longo destes cinco anos, onde a oscilación máis importante é a subida rexistrada no ano 2003.

5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
A Estrada	0	93	196	401
Cerdedo	0	0	0	7
Forcarei	0	0	4	10
TOTAL COMARCA	0	93	200	418
TOTAL PROVINCIA	363	3.256	5.601	21.900

TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.

No referido á distribución das ofertas por concellos segundo os sectores produtivos, o primeiro elemento salientable é, na liña do xa comentado anteriormente, a concentración de case todas as ofertas no concello da Estrada. Neste sentido, en Cerdedo tan só se reciben ofertas no sector servizos, e no de Forcarei neste último e no da construción.

Na Estrada rexístranse a maioría das ofertas nos servizos, seguido en orde de importancia polo da construción e polo secundario, mentres que non existe ningunha procedente do primario.





GRÁFICO 5: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.


Case seis de cada dez ofertas da comarca de Tabeirós-Terra de Montes concéntranse dentro do sector servizos –59%–. As ofertas de emprego restantes proceden do sector da construción, co 28%, e do secundario, co 13%.

GRÁFICO 6: Distribución porcentual das ofertas na industria.



Dentro da industria, o 64% das ofertas recibidas encádranse dentro das actividades de outras industrias –36%– e de alimentación –28%–. Nun segundo plano sitúanse as de téxtil e confección –16%– e madeira, que representa o 12%.

GRÁFICO 7: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.



Case a metade das ofertas rexistradas dentro dos servizos pertencen ás administracións públicas, en concreto o 44%. A considerable distancia atópase as actividades inmobiliarias e servizos a empresas, co 21%.

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	4	0	11	4	0
Secundario	119	102	89	66	93
Construción	208	285	171	176	200
Servizos	423	422	575	532	418
Sen actividade	0	0	0	0	0
TOTAL COMARCA	754	809	846	778	711
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132

O sector máis importante en relación co volume de ofertas, o dos servizos, presenta unha tendencia caracterizada pola estabilidade no transcurso destes cinco anos, tal e como indica a súa variación media negativa do -0,30%. Neste sector rexístranse fortes oscilacións, dado que entre os anos 2001 e 2002 a variación interanual é do 36,26%, pasando nos dous intervalos posteriores a amosar unha pauta negativa, con cifras do -7,48% e do -21,43%.

A mesma tendencia á estabilidade é mantida polo sector da construción, que rexistra unha variación media do -0,98%. Neste caso as flutuacións salientables ao longo do período danse sobre todo nos dous intervalos iniciais do quinquenio, con variacións interanuais do 37,02% no primeiro deles, e do -40% no segundo.

Por último, o sector secundario ve reducidas as ofertas que nel se producen, cunha variación media negativa do -5,98%. Tal e como se referiu nos dous anteriores, as oscilacións neste sector tamén son importantes, destacando as variacións interanuais dos intervalos 2002-2003 e 2003-2004, que acadan valores do -25,84% e do 40,91% respectivamente.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Do total das ofertas xestionadas en Tabeirós-Terra de Montes polo Servizo Público de Emprego, tan só o 4,92% especifican o sexo como requisito para ocupar un posto de traballo –12,27% solicitan un home e o 3,64% restante unha muller–. Por outra parte, no 60% das ofertas específicas por sexo solicítanse homes para a construción e no 22,86% demándanse mulleres para os servizos. Cabe subliñar que as mulleres tan só se requiren neste último sector.

O 67,09% das ofertas esixen a posesión dunha determinada titulación para poder acceder a un posto de traballo. Maioritariamente, no 62,47% deste tipo de ofertas, só se esixe o certificado de escolaridade. En canto ao resto, no 20,54% dos casos demándanse traballadores coa ensinanza obrigatoria, no 8,18% con estudos universitarios, e no 7,96% con formación profesional.

A maior parte das ofertas que esixen unha titulación proceden do sector servizos, en concreto o 64,15%. Dentro deste sector, a actividade das administracións públicas é a que con maior frecuencia exige un determinado nivel académico. Esta actividade, ademais, é a que en maior medida demanda traballadores con baixa cualificación. Os titulados en formación profesional son requiridos sobre todo nas actividades inmobiliarias e servizos a empresas, e os universitarios na educación.

5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 18.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	2000	2001	2002	2003	2004
Azafata de información, feiras, congresos e outros eventos	15	16	28	24	21
Peón de albanel/Peón de obras públicas	2	21	2	11	17
Condutor de mercadorías/Condutor de camión en xeral	9	7	4	4	10
Albanel	5	32	13	4	9
Aprendiz	0	0	0	0	9
Lcdo. en administración e dirección de empresas	0	0	0	0	7
Camareiro - Barman	9	16	5	7	7
Auxiliar administrativo	1	1	3	3	6
Axente comercial / Vendedor	13	6	37	9	6
Administrativo	0	0	1	5	5
Carpinteiro	3	2	1	6	5
Mozo-Muller de limpeza	3	8	3	4	5

No ano 2004, a ocupación máis ofertada nos centros colaboradores da comarca de Tabeirós-Terra de Montes é a de azafata de información, feiras, congresos e outros eventos. Esta é seguida en orde de importancia polas de peón de albanel/peón de obras públicas e condutor de mercadorías/condutor de camión en xeral.

Do conxunto destas dez ocupacións, a que experimenta un maior aumento nas ofertas nela rexistradas no transcurso destes cinco anos é a de peón de albanel/peón de obras públicas. Pola contra, a que rexistra un maior descenso é a de axente comercial/vendedor.

TÁBOA 18.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

	2000	2001	2002	2003	2004
Albanel	99	204	104	89	83
Técnico de protección civil	14	15	29	37	60
Peón da construción de edificios	78	71	39	45	40
Mozo carga/descarga, almacén	15	15	14	28	37
Carpinteiro, en xeral	77	37	28	106	31
Formador de formación ocupac. non regrada	7	3	1	3	20
Panadeiro	9	13	13	7	20
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	0	4	4	5	17
Cociñeiro, en xeral	12	11	15	14	13
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	31	37	22	25	12

Nas oficinas de emprego, a ocupación máis ofertada no ano 2004 na comarca foi a de albanel. A continuación sitúanse as de técnico de protección civil e peón da construción de edificios.

Destas dez ocupacións, na de carpinteiro é na que máis se reducen as ofertas ao longo do quinquenio, acadando unha variación media negativa do -20,34%. Na banda oposta, na de técnico de protección civil rexístrase o maior incremento, cunha variación media do 43,88%.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal

	Nº
A Estrada	2.606
Cerdedo	138
Forcarei	301
TOTAL COMARCA	3.045
TOTAL PROVINCIA	285.090

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

Na comarca de Tabeirós-Terra de Montes realizáronse no ano 2004 un total de 3.045 contratos, que representan o 1,07% dos asinados na provincia de Pontevedra. Algo máis de oito de cada dez contratos producíronse no concello da Estrada, en concreto o 85,58%. A considerable distancia porcentual sitúanse as outras dúas localidades, Forcarei e Cerdedo, que supoñen o 9,89% e o 4,53% respectivamente dos contratos comarcais.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
A Estrada	2.291	2.318	2.170	2.229	2.606
Cerdedo	110	120	96	117	138
Forcarei	232	202	330	310	301
TOTAL COMARCA *	2.633	2.640	2.596	2.656	3.045
TOTAL PROVINCIA	280.669	280.543	275.659	281.952	285.090

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

A nivel comarcal, a contratación presenta unha tendencia positiva no transcurso destes cinco anos, rexistrando unha variación media do 3,7%. Nesta evolución destaca a variación interanual 2003-2004, que ascende ao 14,65%. En cambio, na provincia, a tendencia é cara ao estancamento –variación media do 0,39%–.

No concello da Estrada, os contratos medraron ao longo do período 2000-2004, cunha variación media do 3,27%. Tan só diminuíron en 2002 e incrementáronse en todos os demais, sobre todo no ano 2004, no que aumentaron un 16,91% respecto ao ano anterior.

Nos outros dous concellos, os contratos tamén aumentan, presentando ambos variacións medias semellantes, que son do 5,83% para o de Cerdedo e do 6,73% para o de Forcarei.

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	Nº CONTRATOS		
	Homes	Mulleres	Total
Menos de 26 anos	655	400	1.055
De 26 a 35 anos	632	391	1.023
De 36 a 45 anos	321	196	517
De 46 a 55 anos	234	93	327
De 56 e máis anos	108	15	123
TOTAL COMARCA	1.950	1.095	3.045
TOTAL PROVINCIAL	159.361	125.729	285.090

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

A distribución do número de contratos segundo o sexo amosa un reparto desigual entre homes e mulleres, agrupándose entre os primeiros o 64,04% das contratacións. A nivel provincial esta desigualdade entre os sexos segue presente, aínda que en menor medida, dado que neste caso os homes presentan porcentualmente 11,8 puntos máis que as mulleres, fronte aos 28,08 puntos nos que as superan a nivel comarcal.


Tanto a contratación masculina como a feminina concéntrase nos grupos de idade máis novos, nos menores de 36 anos, onde se reúnen o 68,25% dos contratos, repartidos o 42,27% entre os homes e o 25,98% entre as mulleres. Entre os contratados maiores de 35 anos, obsérvase de novo unha maior tendencia masculina que feminina, do 21,77% fronte ao 9,98%.

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	1.618	1.621	1.554	1.628	1.950
Mulleres	1.015	1.019	1.042	1.028	1.095
TOTAL CONTRATOS	2.633	2.640	2.596	2.656	3.045

A evolución da contratación segundo o sexo reflicte unha tendencia positiva tanto no caso das mulleres como no dos homes. A diferenza xorde na intensidade do crecemento, superior nos homes, que presentan unha variación media do 4,78%, fronte ao 1,91% das mulleres. En ambos os colectivos obsérvase unha redución dos contratos; no caso dos homes foi en 2001 e no das mulleres en 2002. No colectivo masculino destaca, ademais, o forte incremento acontecido en 2004, no que os contratos aumentaron un 19,78% respecto ao ano anterior.

GRÁFICO 8: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.



As diferenzas na evolución da contratación masculina e feminina na comarca de Tabeirós-Terra de Montes reflíctense na distribución dos contratos nos diferentes anos do período. Deste xeito, obsérvase que a distancia que había entre as contratacións masculinas e femininas no ano 2000 era de 22,9 puntos, que se incrementa ata os 28,08 puntos no ano 2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	1.065	1.070	964	932	1.055
De 26 a 35 anos	803	778	826	824	1.023
De 36 a 45 anos	465	404	440	512	517
De 46 a 55 anos	200	263	272	278	327
De 56 e máis anos	100	125	94	110	123
TOTAL CONTRATOS	2.633	2.640	2.596	2.656	3.045

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

Tendo en conta a idade, a evolución dos contratos entre os anos 2000-2004 amosa un comportamento positivo para todos os grupos, agás para o dos menores de 26 anos, que presenta unha tendencia ao estancamento, cunha variación media negativa do -0,24%. Neste colectivo, os contratos decrecen nos intervalos intermedios do período, incrementándose a continuación no último, cunha variación interanual do 13,2%.

Nos grupos de idade restantes, as contratacións incrementanse no transcurso do quinquenio, presentando o maior crecemento en termos absolutos o de 26 a 35 anos, cunha variación media do 6,24%. Neste grupo, cabe resaltar a brusca subida rexistrada entre os anos 2003 e 2004, cunha variación interanual do 24,15%.

O intervalo de idade que máis se incrementa a continuación é o de 46 a 55 anos, cunha variación media do 13,08%. As variacións interanuais máis salientables neste caso son a de 2000-2001, que é do 31,5%, e a de 2003-2004, do 17,63%.

5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos


	N.º
SECTOR PRIMARIO	61
Agricultura e pesca	61
SECTOR SECUNDARIO	523
Industria e electricidade	523
SECTOR CONSTRUCCIÓN	877
Construcción	877
SECTOR SERVIZOS	1.584
Comercio e hostalería	531
Transporte e comunicacións	128
Outros servizos	925
TOTAL CONTRATOS	3.045

TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

O sector servizos engloba no ano 2004 a maioría dos contratos realizados na comarca, o 52,02% do total. Dentro deste, o subsector de outros servizos obtén o maior volume contractual, co 30,38% das contratacións totais.


O segundo sector en orde de importancia é o da construción, co 28,8% da contratación, agrupada na súa totalidade na industria. Os sectores secundario e primario representan o 17,18% e o 2% respectivamente.

GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación na industria.



O 68% dos contratos realizados en Tabeirós-Terra de Montes no marco da industria foron asinados nas actividades de outras industrias –28%–, têxtil e confección –20%– e alimentación –20%–.

GRÁFICO 10: Distribución porcentual da contratación nos servizos.



Dentro dos servizos, o 67% dos contratos concéntranse en catro actividades: comercio excepto automoción –18%–, inmobiliarias e servizos a empresas –17%–, administracións públicas –16%– e servizos á comunidade, co 16%.

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	45	16	15	14	19	8	5
Agricultura e pesca	45	16	15	14	19	8	5
SECTOR SECUNDARIO	284	239	217	155	88	49	14
Industria e electricidade	284	239	217	155	88	49	14
SECTOR CONSTRUCCIÓN	831	46	276	268	149	134	50
Construción	831	46	276	268	149	134	50
SECTOR SERVIZOS	790	794	547	586	261	136	54
Comercio e hostalería	185	346	245	181	71	26	8
Transporte e comunicacións	99	29	34	49	22	18	5
Outros servizos	506	419	268	356	168	92	41
TOTAL CONTRATOS	1.950	1.095	1.055	1.023	517	327	123

No colectivo masculino, a maior parte dos contratos están situados dentro do sector da construción, no que se agrupan o 27,29%. A curta distancia está seguido polo dos servizos, co 25,94% das contratacións, destacando neste caso pola súa importancia o subsector de outros servizos, co 16,62%.

Entre as mulleres, en cambio, o sector cun maior volume de contratación é o dos servizos, co 26,08% dos contratos, repartidos case na súa totalidade entre os subsectores de outros servizos –13,76%– e comercio e hostalería –11,36%–. O segundo sector en orde de importancia no grupo de mulleres é o secundario, no que se asinan o 7,85% dos contratos.

Analizando a distribución segundo os grupos de idade, obsérvase que o sector servizos é o predominante en todos os intervalos, acadando a porcentaxe máis alta no de 26 a 35 anos –19,24%–. En todas as idades, o sector servizos é seguido en orde de importancia polo da construción. No referente aos subsectores, o de outros servizos é o máis representativo en todas as idades, situándose en segundo lugar o de comercio e hostalería.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	56	36	34	31	61
Agricultura e pesca	56	36	34	31	61
SECTOR SECUNDARIO	619	627	529	512	523
Industria e electricidade	619	627	529	512	523
S. CONSTRUCCIÓN	434	555	484	621	877
Construción	434	555	484	621	877
SECTOR SERVIZOS	1.524	1.422	1.549	1.492	1.584
Comercio e hostalería	590	564	574	463	531
Transporte e comunicacións	159	165	140	120	128
Outros servizos	775	693	835	909	925
TOTAL CONTRATOS	2.633	2.640	2.596	2.656	3.045

TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.


No conxunto do período, maniféstase unha evolución dispar para os diferentes sectores produtivos da comarca. Deste xeito, o sector secundario é o único no que as contratacións se reducen nestes cinco anos, presentando unha variación media negativa do -4,13%. En 2002 rexistrouse o maior descenso neste sector, diminuíndo a contratación nun 15,63% respecto ao ano anterior.

O sector da construción é o que experimenta un maior incremento do conxunto, acadando unha variación media do 19,23%. Neste sector, prodúcense fortes fluctuacións ao longo do período, caracterizadas por un decrecemento entre os anos 2001 e 2002, cunha variación interanual negativa do -12,79%, acompañadas por fortes subidas nos anos restantes, con variacións interanuais próximas ao 28% nos intervalos 2000-2001 e 2002-2003 e do 41,22% no 2003-2004.

O sector servizos presenta unha tendencia cara á estabilidade, cunha variación media do 0,97%. Neste caso, aprécianse reducións nas contratacións entre os anos 2000-2001 e 2002-2003, con variacións interanuais negativas do -6,69% e do -3,68% respectivamente. Nos outros dous intervalos, os contratos asinados aumentan, resultando variacións interanuais do 8,93% para o intervalo 2001-2002 e do 6,17% para o 2003-2004. Dentro deste sector, os subsectores de comercio e hostalería e transporte e comunicacións ven reducidos os contratos que se realizan no seu seo, con variacións medias negativas do -2,6% e do -5,28% respectivamente. Pola contra, o de outros servizos rexistra máis contratos no ano 2004 dos que rexistraba ao inicio do período, no ano 2000; a súa variación media é do 4,52%.

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral

GRÁFICO 11: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.



Segundo a tipoloxía de contratación, a comarca de Tabeirós-Terra de Montes caracterízase polo forte predominio dos contratos temporais, que supoñen algo máis de oito de cada dez do total. Deste xeito, o 67% das contratacións realizadas son temporais a tempo completo, e o 15% son temporais a tempo parcial.

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	95	56	31	47	29	32	12
Indefinido tempo parcial	4	13	8	X	X	X	X
Temporal	1.452	612	664	728	370	223	79
Temporal tempo parcial	131	321	163	167	75	37	10
Prácticas/Formación	147	82	187	24	11	5	X
Outros	121	11	X	54	31	27	18
TOTAL CONTRATOS	1.950	1.095	X	X	X	X	123

Tanto nos homes como nas mulleres, o tipo de contrato predominante é o temporal a tempo completo, así como tamén en todos os grupos de idade. Por outra parte, todas as fórmulas de contratación son maioritarias entre os homes, excepto a indefinida a tempo parcial.

No referente á distribución por idade, a contratación temporal a tempo completo é a que conta cun maior peso relativo en todos os tramos, acadando o volume máis elevado nos menores de 36 anos, o 45,72% da contratación total.

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

	PRIMARIO Agr. Gand.	SECUNDARIO Industr. e Electric.	CONSTRUCCIÓN Construc.	Comerc.	SERVIZOS		Total
					Transp.	Outros	
Indefinido	X	28	24	39	14	43	96
Indefinido tempo parcial	0	4	X	X	0	9	12
Temporal	56	385	766	260	106	491	857
Temporal tempo parcial	X	53	24	173	7	193	373
Prácticas/Formación	0	53	62	56	X	57	114
Outros	0	0	0	0	0	132	132
TOTAL CONTRATOS	61	523	X	X	X	925	1.584

Todas as fórmulas de contratación agrúpanse na súa maior parte nos servizos. Neste sector os contratos temporais a tempo completo representan o 28,14% da contratación total e os temporais a tempo parcial o 12,25%.

No referente aos subsectores, a categoría de outros servizos aglutina a máis da metade dos contratos temporais a tempo completo e a tempo parcial realizados nos servizos.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	177	168	149	148	151
Indefinido tempo parcial	47	47	26	25	17
Temporal	1.595	1.710	1.628	1.605	2.064
Temporal tempo parcial	386	338	418	401	452
Prácticas/Formación	203	179	184	302	229
Outros	225	198	191	175	132
TOTAL CONTRATOS	2.633	2.640	2.596	2.656	3.045

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

No período 2000-2004, o tipo de contrato en que se produce un maior incremento é o dos temporais a tempo completo, acadando unha variación media final do 6,66%. Neste caso, as contratacións descenden en 2002 e 2003 e increméntanse considerablemente nos outros anos, sobre todo en 2004; presentan unha variación interanual do 28,60%.

A contratación temporal a tempo parcial tamén aumenta nestes anos –variación media de 4,03%–, se ben descende en 2001 e 2003 e aumenta de xeito máis notorio en 2002 e 2004. Os contratos de prácticas/formación tamén aumentan, cunha variación media do 3,06%.

Pola contra, na contratación indefinida, ben sexa a tempo parcial ou completo, descende o volume de contratos –variación media de -22,45% e -3,89%–. A primeira delas só se mantén estable en 2001 para descender nos seguintes anos, en tanto que a segunda só aumenta no último ano do quinquenio.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	13	26,98
HOMES	8	27,79
MULLERES	5	25,74
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	250	-1,81
HOMES	168	-3,28
MULLERES	82	1,59
3. Técnicos e profesionais de apoio	154	14,37
HOMES	94	12,83
MULLERES	60	17,02
4. Empregados de tipo administrativo	234	4,80
HOMES	60	-3,43
MULLERES	174	8,62
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	481	1,12
HOMES	127	-4,86
MULLERES	354	3,79
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	57	12,17
HOMES	37	12,62
MULLERES	20	11,37
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufactureira, construción e minería	991	2,15
HOMES	827	5,92
MULLERES	164	-10,27
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	255	-0,39
HOMES	205	0,25
MULLERES	50	-2,79
9. Traballadores non cualificados	610	10,44
HOMES	424	13,22
MULLERES	186	5,18
TOTAL CONTRATOS	3.045	3,70
TOTAL HOMES	1.950	4,78
TOTAL MULLERES	1.095	1,91

Os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación na comarca de Tabeirós-Terra de Montes son os seguintes:

- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 32,55%.
- Traballadores non cualificados: 20,03%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 15,8%.

Atendendo á distribución segundo o sexo, aprécianse diferenzas significativas nos contratos en función do tipo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería: 27,16%. • Traballadores non cualificados: 13,92%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores: 6,73%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 11,63%. • Traballadoras non cualificadas: 6,11%. • Empregadas de tipo administrativo: 5,71%.

Debido ao predominio da contratación masculina na comarca, tan só en dous grandes grupos de ocupación a contratación feminina é superior á masculina:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. A contratación feminina supera á masculina en 7,46 puntos porcentuais.
- Empregadas de tipo administrativo. Os contratos femininos sitúanse 3,74 puntos por encima dos masculinos.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
71100016	Albanel	414	403	11	97,34
42100010	Empregado administrativo, en xeral	163	46	117	28,22
96020014	Peón da construción de edificios	158	156	X	98,73
25130104	Músico instrumentista, en xeral	144	131	13	90,97
53300010	Dependente de comercio, en xeral	141	29	112	20,57
71300018	Carpinteiro, en xeral	126	107	19	84,92
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	122	16	106	13,11
50200018	Camareiro, en xeral	108	21	87	19,44
86300016	Conductor de camión, en xeral	104	103	X	99,04
79330033	Modista/o	92	X	89	3,26
	TOTAL	1.572	X	557	64,57

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Do total dos contratos realizados en Tabeirós-Terra de Montes no ano 2004, o 51,63% foron asinados dentro das dez ocupacións máis contratadas que se enumeran na táboa anterior, o que indica unha alta concentración dos contratos nestas ocupacións.

A ocupación máis contratada foi a de albanel, seguida da de empregado administrativo e peón da construción de edificios. Neste sentido, xorden diferenzas entre homes e mulleres, posto que nos primeiros a ocupación cun maior volume de contratación é a de albanel, situándose a continuación a de peón da construción de edificios. En cambio, as mulleres asinan máis contratos como empregadas administrativas e dependentas de comercio.

Polo alto nivel de contratación masculina destacan as de conductor de camión, peón da construción de edificios e albanel. Pola contra, teñen un perfil marcadamente feminino as de modista, muller limpeza, limpadora e camareira.

TÁBOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
71100016	Albanel	236	285	277	292	414
42100010	Empregado administrativo, en xeral	137	139	132	145	163
96020014	Peón da construción de edificios	98	100	100	118	158
25130104	Músico instrumentista, en xeral	175	163	177	178	144
53300010	Dependente de comercio, en xeral	130	138	126	119	141
71300018	Carpinteiro, en xeral	172	145	144	138	126
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	95	94	76	81	122
50200018	Camareiro, en xeral	138	150	121	109	108
86300016	Conductor de camión, en xeral	106	113	105	113	104
79330033	Modista/o	219	207	127	110	92
97000011	Peón da ind. manufacturera, en xeral	68	76	102	71	90

TÁBOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

Observando a lista das dez ocupacións máis contratadas entre os anos 2000 e 2004, maniféstase unha tendencia á estabilidade, posto que tan só unha delas desapareceu da lista no transcurso destes cinco anos, en concreto a de peón da industria manufacturera, que só se coloca entre estas dez no ano 2002.

Dentro das dez máis contratadas, a evolución máis salientable é a de modista, que se reduciu fortemente neste quinquenio, obtendo unha variación media negativa do -19,49%. A que máis se reduce a continuación é a de carpinteiro, seguida da de músico instrumentista, con variacións medias negativas do -7,49% e do -4,76% respectivamente.

Pola outra banda, as ocupacións que máis se incrementan neste período son as de albanel, cunha variación media do 15,09%, e muller/mozo limpeza, limpador en xeral, cun saldo final positivo do 6,45%.

5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Administración e oficinas	48	5,12	3	5,45
Artesanía	33	37,50	2	40,00
Comercio	16	5,93	1	6,67
Servizos ás empresas	113	2,46	7	2,55
Información e manifestacións artísticas	29	16,57	2	20,00
Industrias téxtiles	14	6,54	1	8,33
Industrias da madeira e a cortiza	36	42,35	2	40,00
Seguros e finanzas	16	4,92	1	5,56
Servizos á comunidade e persoais	16	4,42	1	4,76
Turismo e hostalería	18	7,14	1	7,14
TOTAL	339	2,77	21	2,96

TÁBOA 33: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

Na comarca de Tabeirós-Terra de Montes concéntranse o 2,77% do total de alumnos de formación profesional ocupacional da provincia de Pontevedra. Do mesmo xeito, o 2,96% dos cursos da provincia impártense nesta comarca.

A maior parte desta formación agrúpase na familia de servizos ás empresas, co 33,33% dos alumnos e dos cursos da comarca. A continuación sitúase a familia de administración e oficinas, na que se rexistran o 14,16% dos alumnos e o 14,29% dos cursos impartidos a nivel comarcal.


En relación co conxunto da provincia, a comarca de Tabeirós-Terra de Montes engloba gran parte dos alumnos e cursos da familia de industrias da madeira e a cortiza, co 42,35% dos alumnos e o 40% do total de cursos. Con cifras moi próximas atópase familia de artesanía, onde se sitúan o 37,5% dos alumnos e o 40% dos cursos.

Hai que sinalar que o único curso con compromiso de contratación da comarca englobase dentro da familia de información e manifestacións artísticas.

5.6.- CONCLUSIONES

- O sector servizos, do mesmo xeito que sucede na provincia, ten a maioría das empresas e autónomos, así como a maior parte de traballadores. Hai que sinalar que este sector perde peso relativo en relación co sector primario e secundario no referente ao número de traballadores.
- No período comprendido entre os anos 2000 e 2004 rexistrouse un aumento do número de empresas, traballadores e autónomos. En termos relativos, o maior incremento produciuse entre os autónomos, seguidos polos traballadores por conta allea.
- Os sectores dos servizos, da construción e o secundario experimentaron un crecemento tanto no número de empresas como no de traballadores e autónomos, mentres que no primario reducíronse as empresas e os traballadores por conta allea.
- Na comarca de Tabeirós-Terra de Montes producíronse o 2,39% das demandas de emprego entre os parados na provincia de Pontevedra, así como o 2,54% das dos non parados. No referido aos concellos, o da Estrada agrupa algo menos de nove de cada dez, seguido polo de Forcarei.
- As demandantes do colectivo feminino predominan sobre o masculino, tanto entre os demandantes parados como non parados. En canto ao perfil de idade, o grupo máis representativo é o de 26 a 35 anos.
- Os demandantes parados con emprego anterior son os máis numerosos, situándose a continuación os parados sen emprego anterior. No que respecta ao nivel académico, o colectivo máis significativo é o daqueles que teñen ata certificado de escolaridade, seguidos de cerca polos titulados en ensinanza obrigatoria.
- Os demandantes parados da comarca levan buscando emprego menos de seis meses de forma maioritaria. Conforme a idade se vai incrementando, os parados de longa duración teñen maior presenza, tendencia máis perceptible no caso das mulleres.
- Case a metade dos demandantes proceden do sector servizos. No tocante á industria, as actividades con maior presenza son as de téxtil e confección e outras industrias. Nos servizos destacan en maior medida as de comercio.
- A ocupación máis demandada é a de empregado administrativo, seguida da de dependente de comercio. A nivel provincial esta última é na que máis demandas se rexistran.
- Na comarca rexistráronse o 2,28% do total das ofertas de emprego da provincia. O concello da Estrada recibe case a totalidade das ofertas de Tabeirós-Terra de Montes. Entre os anos 2000 e 2004 prodúcese un leve descenso nas ofertas, tendencia marcada polo concello da Estrada.
- Case seis de cada dez ofertas proceden do sector servizos. O concello da Estrada concentra a maioría das ofertas deste sector, case a totalidade das da construción e a totalidade das do secundario. Durante o período 2000-2004, todos os sectores produtivos sofren unha diminución no número de ofertas, sendo a máis forte en termos absolutos a do secundario.
- Dentro da industria destacan as ofertas das actividades de outras industrias e alimentación. Pola súa banda, nos servizos sobresaen as das administracións públicas e actividades inmobiliarias e servizos a empresas.
- Tan só o 4,92% das ofertas solicitan traballadores segundo o seu xénero. Dentro destas, case a totalidade requiren un home. En canto ao nivel de estudos, o 67,09% recollen esta exigencia, se ben a grande maioría tan só demandan a posesión do certificado de escolaridade.

- As ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego do servizo público de emprego galego son as de albanel e técnico de protección civil. A primeira delas ten unha evolución negativa nestes cinco anos, situación contraria á que se dá na segunda, na que se incrementan as ofertas. Cun volume menos importante, nos centros colaboradores destacan as ofertas de azafata de información, feiras congresos e outros eventos e peón de albanel/peón de obras públicas, nas que se produce un lixeiro crecemento neste quinquenio.
- Os contratos de Tabeirós-Terra de Montes representan o 1,07% dos asinados na provincia de Pontevedra no ano 2004. Algo máis de oito de cada dez producíronse no concello da Estrada, situándose a continuación o de Forcarei. Entre os anos 2000 e 2004 os contratos comarcais incrementáronse, seguindo a pauta evolutiva do concello da Estrada.
- A contratación masculina predomina sobre a feminina no conxunto da provincia, situación similar á que se dá a nivel provincial. A evolución de ambos os sexos é positiva nestes anos, aínda que entre os homes as contratacións medran en maior medida.
- Entre os menores de 26 anos agrúpanse a maior parte dos contratos, seguidos de cerca polos de 26 a 35 anos, tendendo a descender conforme aumenta a idade. Entre os maiores de 25 anos aumenta o volume de contratación entre o 2000 e o 2004, mentres que se reduce levemente entre os menores de 26 anos.
- Algo máis da metade dos contratos rexistráronse no sector servizos, no que destacan as actividades inmobiliarias e servizos a empresas e comercio. O segundo sector en orde de importancia é o da construción, seguido do secundario. Neste último, dentro da industria, as actividades máis importantes son as de outras industrias e téxtil e confección.
- A contratación do colectivo feminino tende a concentrarse en maior medida no sector servizos, mentres que no masculino se agrupa en maior medida na construción. En todos os grupos de idade, o sector predominante é o dos servizos. No período analizado, o volume de contratación diminúe tan só no sector secundario, aumentando sobre todo no da construción.
- Case sete de cada dez contratos de Tabeirós-Terra de Montes son temporais a tempo completo, sendo algo máis de un de cada dez temporais a tempo parcial. O primeiro tipo de contratación predomina en ambos os sexos, así como en todos os tramos de idade e sectores produtivos. As contratacións a tempo parcial son máis frecuentes no colectivo feminino que no masculino. Entre os anos 2000 e 2004 a contratación temporal a tempo completo e a tempo parcial aumentan o volume de contratos.
- Os grandes grupos de contratación máis frecuentes na comarca son os de artesáns/traballadores cualificados da industria manufactureira, construción e minería e traballadores non cualificados. Mentres entre o colectivo masculino predomina o primeiro grupo, na contratación feminina faíno o de traballadoras de servizos de restauración, persoais e vendedoras de comercio.
- As ocupacións máis contratadas son as de albanel e empregado administrativo. A primeira delas é a máis contratada entre os homes, mentres que a segunda ocupa esta posición entre as mulleres. As dúas ocupacións experimentan un incremento no transcurso destes cinco anos.
- Na comarca de Tabeirós-Terra de Montes concéntranse 42,35% dos alumnos e o 40% dos cursos de formación ocupacional impartidos a nivel provincial na familia de industrias da madeira e a cortiza. Dentro da comarca ten unha maior presenza a formación impartida dentro da familia de servizos ás empresas.



Comarca de Vigo



5.1.- TECIDO EMPRESARIAL

5.1.1.- Tecido empresarial comarcal. Situación actual

SECTORES	EMPRESAS		TRABALLADORES		AUTÓNOMOS	
	N.º	%	N.º	%	N.º	%
SECTOR PRIMARIO	534	2,79	5.498	3,61	115	0,47
Agricultura e pesca	534	2,79	5.498	3,61	115	0,47
SECTOR SECUNDARIO	1.972	10,30	39.640	26,01	1.971	8,01
Industria e electricidade	1.972	10,30	39.640	26,01	1.971	8,01
SECTOR CONSTRUCCIÓN	2.095	10,94	11.838	7,77	3.119	12,67
Construcción	2.095	10,94	11.838	7,77	3.119	12,67
SECTOR SERVICIOS	14.541	75,96	95.425	62,61	19.405	78,85
Comercio e hostalería	6.761	35,32	33.327	21,87	11.807	47,98
Transporte e comunicacións	1.132	5,91	9.091	5,97	1.917	7,79
Outros servizos	6.648	34,73	53.007	34,78	5.681	23,08
TOTAL	19.142	100,00	152.401	100,00	24.610	100,00

TÁBOA 1: Número de empresas, traballadores e autónomos.

No ano 2004, o tecido empresarial da comarca de Vigo caracterízase pola predominancia do sector servizos, tanto no referido ao número de empresas como ao de traballadores por conta allea e autónomos.

Algo máis da cuarta parte das empresas, o 75,96%, sitúanse no sector terciario, seguido a considerable distancia polo secundario e o da construción, que agrupan cada un deles algo máis dunha de cada dez empresas da comarca, o 10,3% e o 10,94% respectivamente. No referente aos subsectores, cómpre sinalar que o 70,05% das empresas da comarca encádranse nos de comercio e hostalería e outros servizos.

Do mesmo xeito que no caso das empresas, os traballadores por conta allea agrúpanse novamente de forma maioritaria no sector servizos, que representa o 62,61% do total. A continuación en nivel de importancia sitúase o sector secundario, o 26,01%, e o da construción, o 7,77%. O subsector de outros servizos é o que reúne unha maior cantidade de traballadores, aproximadamente un terzo, o 34,78%. En segundo lugar sitúase o de outros servizos, co 21,87%.

Os traballadores autónomos distribúense de novo de forma maioritaria dentro dos servizos, onde se atopan rexistrados o 78,85% do total. No sector da construción sitúanse o 12,67%, e no secundario o 8,01%. No ámbito subsectorial, cómpre sinalar que o 47,98% dos autónomos desenvolven a súa actividade no de comercio e hostalería, e o 23,08% no de outros servizos.

5.1.2.- Evolución anual

TÁBOA 2: Evolución do número de empresas. Período 2000-2004.

	EMPRESAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	724	676	622	500	534
Agricultura e pesca	724	676	622	500	534
SECTOR SECUNDARIO	2.030	2.029	2.011	1.975	1.972
Industria e electricidade	2.030	2.029	2.011	1.975	1.972
SECTOR CONSTRUCCIÓN	1.839	1.935	1.906	2.009	2.095
Construción	1.839	1.935	1.906	2.009	2.095
SECTOR SERVICIOS	12.798	13.243	13.647	14.184	14.541
Comercio e hostalería	6.161	6.360	6.467	6.695	6.761
Transporte e comunicacións	1.017	1.051	1.090	1.095	1.132
Outros servizos	5.620	5.832	6.090	6.394	6.648
TOTAL	17.391	17.883	18.186	18.668	19.142

Na evolución do número de empresas na comarca de Vigo no período comprendido entre os anos 2000 e 2004 obsérvase unha tendencia ao crecemento, que se concreta nunha variación media do 2,43%. Analizando máis polo miúdo a evolución ano a ano, rexístrase un crecemento constante e sostido do número de empresas ao longo destes cinco anos.

Segundo os diferentes sectores, apréciase que as empresas do sector primario diminúen, presentando unha variación media negativa de -7,33%. Neste sector tan só se incrementan levemente as empresas en 2004, reducíndose nos restantes, onde é destacable a variación interanual negativa do intervalo 2002-2003, de -19,61%.

O sector secundario manifesta unha tendencia descendente, se ben cunha moi leve redución en números absolutos, obtendo unha variación media negativa de -0,72%. Neste caso non se observan oscilacións importantes ao longo destes cinco anos, existindo unha dinámica constante, que é o leve descenso de empresas que se produce ano a ano.

Nos sectores da construción e os servizos, os máis significativos da comarca en números absolutos, as empresas experimentan un incremento, rexistrando variacións medias do 3,31% e do 3,24% respectivamente. Dentro destes dous sectores, o da construción é o único que acada unha variación interanual negativa, entre os anos 2001 e 2002, onde as empresas diminúen lixeiramente. Nos intervalos restantes, polo tanto, o ritmo de crecemento é continuo, sen existir flutuacións importantes no transcurso do quinquenio. A dinámica dos subsectores máis representativos, o de comercio de hostalería e outros servizos, é case idéntica á do sector servizos, presentando estes variacións medias do 2,35% e do 4,29% respectivamente.

	TRABALLADORES				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	6.246	6.142	5.846	5.643	5.498
Agricultura e pesca	6.246	6.142	5.846	5.643	5.498
SECTOR SECUNDARIO	36.511	37.255	39.924	39.538	39.640
Industria e electricidade	36.511	37.255	39.924	39.538	39.640
SECTOR CONSTRUCCIÓN	10.957	11.351	11.553	11.662	11.838
Construcción	10.957	11.351	11.553	11.662	11.838
SECTOR SERVICIOS	82.497	85.512	88.805	92.266	95.425
Comercio e hostalería	28.061	29.207	30.623	32.354	33.327
Transporte e comunicacións	8.050	8.318	8.759	8.824	9.091
Outros servizos	46.386	47.987	49.423	51.088	53.007
TOTAL	136.211	140.260	146.128	149.109	152.401

TÁBOA 3: Evolución do número de traballadores. Período 2000-2004.

Na comarca de Vigo, entre os anos 2000 e 2004, a evolución dos traballadores por conta allea presenta unha tendencia positiva, confirmada por unha variación media do 2,85%. O crecemento é continuo ao longo destes cinco anos, dándose a variación interanual máis alta no intervalo 2001-2002, que é do 4,18%.

O sector primario é o único que non respecta esta tendencia á alza, posto que se reduce de forma continua, en todos os intervalos anuais, acadando finalmente unha variación media negativa de -3,14%.

Nos sectores restantes, os traballadores por conta allea increméntanse de maneira constante, rexistrándose a única excepción no sector secundario entre os anos 2002 e 2003, cando se reducen levemente en números absolutos, obtendo unha variación interanual negativa de -0,97%. Deste xeito, a variación media acadada polo sector secundario é do 2,08%, a do sector da construción do 1,95% e, finalmente, a do dos servizos é do 3,71%, que se converte así no que máis medra tanto en termos absolutos como relativos. Os subsectores encadrados dentro dos servizos seguen unha pauta moi próxima á deste, tanto na evolución interanual como nas variacións medias finais, que son do 4,39% para o comercio e hostalería e do 3,39% para o de outros servizos.

	AUTÓNOMOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	61	67	93	101	115
Agricultura e pesca	61	67	93	101	115
SECTOR SECUNDARIO	1.835	1.903	1.896	1.954	1.971
Industria e electricidade	1.835	1.903	1.896	1.954	1.971
SECTOR CONSTRUCCIÓN	2.235	2.435	2.624	2.880	3.119
Construcción	2.235	2.435	2.624	2.880	3.119
SECTOR SERVICIOS	15.729	16.790	17.355	18.401	19.405
Comercio e hostalería	9.836	10.532	10.788	11.380	11.807
Transporte e comunicacións	1.726	1.792	1.834	1.858	1.917
Outros servizos	4.167	4.466	4.733	5.163	5.681
TOTAL	19.860	21.195	21.968	23.336	24.610

TÁBOA 4: Evolución do número de autónomos. Período 2000-2004.

No que atinxe ao número de traballadores autónomos da comarca, obsérvase unha clara tendencia ao crecemento no período analizado. Deste xeito, de forma global, a variación media obtida é do 5,51%, rexistrada tras unha subida constante no transcurso destes cinco anos.

Esta mesma pauta expansiva é seguida por todos os sectores da actividade económica, sendo destacable que en ningún deles se manifesta ningunha redución ao longo do período, agas no sector secundario en 2002. Así, o sector primario presenta unha variación media do 17,18%, o secundario do 1,8% e o da construción do 8,69%. Nos servizos é onde se aprecia un maior incremento en números absolutos, cunha variación media final do 5,39%.

Tal e como sucedía nos casos anteriores das empresas e dos traballadores por conta allea, na evolución dos autónomos no ámbito subsectorial é destacable que os dous subsectores máis representativos, o de comercio e hostalería e outros servizos, manifestan unha evolución parella á do sector ao que pertencen, os servizos. Nesta ocasión poderíase subliñar o levemente maior ritmo de crecemento do de outros servizos, que presenta unha variación media do 8,06%, fronte ao 4,67% do de comercio e hostalería.

5.2.- DEMANDAS

5.2.1.- Demandantes galegos por concello

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Baiona	549	205	754
Fornelos de Montes	151	79	230
Gondomar	697	243	940
Mos	896	494	1.390
Nigrán	789	343	1.132
O Porriño	1.196	563	1.759
Pazos de Borbén	266	141	407
Redondela	1.636	970	2.606
Salceda de Caselas	431	238	669
Soutomaior	408	236	644
Vigo	19.060	9.796	28.856
TOTAL	26.079	13.308	39.387

TÁBOA 5: Distribución dos demandantes segundo os concellos da comarca.

% comarca/provincia – PARADOS	46,48
% comarca/provincia - NON PARADOS	48,31

Na comarca de Vigo recibíronse no ano 2004 un total de 39.387 demandas de emprego, procedentes na súa maioría dos demandantes parados, que superan aos non parados en todos os concellos e representan o 66,21% dos demandantes comarcais.

A maior parte dos demandantes agrúpanse no concello de Vigo, que engloba case a cuarta parte, en concreto o 73,26%. A considerable distancia sitúase Redondela, onde se concentra o 6,62%, seguida do Porriño, co 4,47% do total.

Os demandantes da comarca de Vigo supoñen case a metade de toda a provincia de Pontevedra. Neste caso, o peso dos demandantes non parados é lixeiramente superior ao do parados en relación coa provincia, e representan respectivamente o 48,31% e o 46,48% das demandas provinciais.

5.2.2.- Demandantes parados. Evolución

	2000	2001	2002	2003	2004
Parados comarca	23.920	24.353	25.982	26.611	26.079
Variación interanual %	-	1,81	6,69	2,42	-2,00
COMARCA/TOTAL PROVINCIA	47,98	49,64	48,83	47,21	46,48

TÁBOA 6: Evolución dos demandantes parados.

Observando a evolución dos demandantes parados da comarca, denótase unha tendencia ao crecemento no transcurso destes cinco anos. Tal e como se pode observar na táboa anterior, as demandas de emprego increméntanse de forma continua ano a ano, ata chegar ao 2004, cando se produce unha diminución, cunha variación interanual negativa do -2%.

En canto ao peso relativo dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia, é importante sinalar que ao remate do período apréciase unha leve redución, de 1,5 puntos, con respecto ao ano 2000.

5.2.3.- Caracterización da situación sociolaboral dos demandantes de emprego

TÁBOA 7: Situación laboral dos demandantes.

		VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	4.012	10,19	10,83
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	22.067	56,03	56,25
NON PARADOS	Sen emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	1.394	3,54	3,59
	Con emprego anterior, dispoñibilidade inmediata	5.386	13,67	12,61
	Con traballo a tempo parcial e prestación compatible	2.625	6,66	5,95
	En expediente de regulación de emprego	422	1,07	1,07
	Demandantes de mellora de emprego	2.428	6,16	6,47
	Demandantes de emprego de menos de 20 h	949	2,41	2,70
	Resto de demandantes	104	0,26	0,55
TOTAL		39.387	100,00	100,00

No referido á situación laboral dos demandantes de emprego, o primeiro dato destacable é que algo máis da metade, o 56,03%, son parados que tiveron emprego anteriormente. Dada a grande importancia deste colectivo, os restantes sitúanse a unha considerable distancia: están encabezados polos non parados con emprego anterior, que supoñen o 13,67% do total, seguidos dos parados sen emprego anterior, o 10,19%.

En relación coa provincia de Pontevedra, e debido ao peso que a comarca de Vigo ten a escala provincial, o máis salientable é a similitude dos datos, que son practicamente idénticos en todos os casos.

5.2.4.- Demandantes de emprego por sexo e idade

TÁBOA 8.1: Demandantes parados por sexo e grupos de idade.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	1.943	2.210	15,92	17,63
26 a 35 anos	3.046	4.677	29,61	30,34
36 a 45 anos	1.898	3.668	21,34	21,96
46 a 55 anos	1.675	3.482	19,77	18,05
56 e máis anos	1.506	1.974	13,34	12,02
TOTAL COMARCA	10.068	16.011	100,00	46,48
TOTAL PROVINCIA	21.868	34.246	46,48	100,00

A maioría dos demandantes parados da comarca de Vigo son mulleres, que representan o 61,39% do total. No conxunto da provincia dáse unha situación case idéntica, posto que as mulleres supoñen o 61,03% das demandas.

No referido á idade, sen distinción de xénero, algo máis da metade dos demandantes, en concreto o 54,45%, están por riba dos 35 anos. Analizando os grupos de idade de forma individual, o mais numeroso é o de entre 26 e 35 anos, co 29,61%, seguido polo de entre 36 e 45 anos, co 21,34%.

Tendo en conta os intervalos de idade segundo o xénero, obsérvase que a maior porcentaxe de parados, o 17,93%, correspóndese con mulleres de entre 26 e 35 anos, seguidas polas de entre 36 e 45 anos, o 14,06%. No caso dos homes, o grupo máis significativo é tamén o de entre 26 e 35 anos, o 11,68%, seguido neste caso polos menores de 26 anos, o 7,45%.

Debido á importancia relativa que supón a comarca de Vigo con respecto á provincia de Pontevedra, o aspecto máis salientable dos valores segundo a idade dos demandantes parados da comarca con respecto á provincia é a súa semellanza.

	HOMES N.º	MULLERES N.º	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Menos de 26 anos	968	1.214	16,40	16,70
26 a 35 anos	1.268	2.418	27,70	28,41
36 a 45 anos	900	1.789	20,21	21,54
46 a 55 anos	827	1.755	19,40	18,39
56 e máis anos	1.113	1.056	16,30	14,95
TOTAL COMARCA	5.076	8.232	100,00	48,31
TOTAL PROVINCIA	10.384	17.165	48,31	100,00

TÁBOA 8.2: Demandantes non parados por sexo e grupos de idade.


No caso dos demandantes non parados, tamén predomina o colectivo feminino, que representa o 61,86% dos demandantes comarcais, situación case idéntica á do conxunto provincial, onde a presenza das mulleres se eleva lixeiramente, ata o 62,31%.

No referido á idade, obsérvase que o 55,91% dos demandantes non parados concéntranse nos intervalos de 36 e máis anos. Tendo en conta a totalidade de demandantes, o grupo cun maior peso relativo é o de entre 26 e 35 anos, que achega á mostra o 27,7% do total. A continuación sitúanse os demandantes parados de entre 36 e 45 anos, o 20,21%.

No cruzamento de grupos de idade segundo o xénero, a maior porcentaxe correspóndese coas mulleres de entre 26 e 35 anos, co 18,17% do total, seguidas das de 36 a 45 anos, o 13,44%. En canto aos homes, o grupo de entre 26 e 35 anos é tamén o máis importante, o 9,53%, seguido neste caso polos maiores de 55 anos, 8,36%. É importante sinalar que as mulleres superan porcentualmente aos homes en todos os intervalos de idade, agás no de dos maiores de 56 anos, no que a situación se inverte e son superadas levemente polos homes.

En relación coa provincia de Pontevedra, denótase de novo unha forte semellanza nos datos obtidos.

GRÁFICO 1: Distribución porcentual do total de demandantes por sexo e grupos de idade.



Despois de analizar por separado os colectivos de demandantes parados e non parados, represéntase no gráfico anterior a distribución porcentual do total de demandantes comarcais segundo o sexo e grupos de idade. Cómpresinalar, en primeiro lugar, que o grupo de idade que lle achega un maior peso ao conxunto é o de entre 26 e 35 anos, que supón o 28,96% do total das demandas. A continuación en nivel de importancia sitúase o de entre 36 e 45 anos, que representa o 20,96%.

Destaca que en todos os grupos de idade, a porcentaxe de demandas femininas supera á das masculinas, excepto no grupo máis avanzado, de máis de 55 anos, onde a diferenza a prol dos homes é de 1,04 puntos.

5.2.5.- Demandantes por nivel académico

TÁBOA 9: Distribución dos demandantes parados e non parados por nivel académico.

	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Ata certificado de escolaridade*	7.509	4.087	11.596
Titulación de ensinanza obrigatoria	10.502	4.734	15.236
Formación profesional	1.353	648	2.001
BUP/Bacharelato superior/COU	3.606	2.089	5.695
Titulados universitarios	2.433	1.496	3.929
Outras titulacións	676	254	930
TOTAL	26.079	13.308	39.387

* Inclúe: sen estudos, estudos primarios e certificado de escolaridade

Segundo a distribución total de demandantes por nivel académico, pódese observar que a maior parte deles só teñen a ensinanza obrigatoria ou non chegaron a acadar este nivel. Os primeiros supoñen o 38,68% dos demandantes totais e o segundo colectivo representa o 29,44% da mostra. A continuación sitúanse os que posúen o bacharelato, o 14,46%, e os titulados universitarios, 9,98%.

A distribución relativa dos demandantes parados e non parados é moi semellante entre si, e tamén parecida á descrita no parágrafo anterior. Neste senso, o colectivo de parados con certificado de escolaridade e ensinanza obrigatoria suma o 69,06% do total, mentres que os non parados con estes mesmos niveis de estudos representan o 66,28%.

5.2.6.- Demandantes parados por tempo de busca de emprego

		Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	Máis de 1 ano	TOTAL
Menor de 26 anos	Homes	1.506	283	154	1.943
	Mulleres	1.466	403	341	2.210
26 a 35 anos	Homes	2.048	503	495	3.046
	Mulleres	2.521	753	1.403	4.677
36 a 45 anos	Homes	1.083	334	481	1.898
	Mulleres	1.388	509	1.771	3.668
46 a 55 anos	Homes	649	246	780	1.675
	Mulleres	804	386	2.292	3.482
56 e máis anos	Homes	352	273	881	1.506
	Mulleres	284	189	1.501	1.974
TOTAL COMARCA		12.101	3.879	10.099	26.079
TOTAL PROVINCIA		29.022	8.000	19.092	56.114

TÁBOA 10: Distribución dos demandantes parados segundo o sexo e a idade por tempo de busca de emprego.

Na comarca de Vigo, case a metade dos demandantes parados levan menos de seis meses na procura dun emprego, en concreto o 46,4%. A continuación en nivel de importancia sitúanse os que levan buscando traballo máis dun ano, que supoñen o 38,72% do total.

Facendo unha análise máis pormenorizada segundo o sexo, denótase que as demandantes mulleres menores de 36 anos tenden ao paro de menos de seis meses, circunstancia que se cambia cara ao paro de longa duración a partir desa idade. No caso dos homes, o grupo predominante ata os 45 anos é o daqueles que levan buscando traballo menos de seis meses.

No paro de curta duración, a presenza porcentual masculina e feminina está case igualada, superando as mulleres aos homes en tan só 3,16 puntos. En cambio, no paro de longa duración, o peso relativo das demandantes femininas supera en 17,32 puntos ao dos masculinos.

Na provincia de Pontevedra, o colectivo máis significativo é, do mesmo xeito que na comarca, o daqueles que levan menos de seis meses buscando emprego, e supoñen o 51,72%, isto é, 5,32 puntos porcentuais máis que no ámbito comarcal. Pola súa parte, os parados de longa duración, segundo grupo máis importante, representan na comarca 4,7 puntos máis que na provincia.

5.2.7.- Demandantes por sectores económicos de procedencia


	PARADOS	NON PARADOS	TOTAL
Sector primario	575	262	837
Sector secundario	5.189	2.577	7.766
Construción	2.187	788	2.975
Sector servizos	14.150	7.844	21.994
Sen actividade previa	3.978	1.837	5.815
TOTAL	26.079	13.308	39.387

TÁBOA 11: Demandantes por actividade económica.

Atendendo ao sector económico de procedencia, máis da metade dos demandantes veñen dos servizos, en concreto o 55,84%. A continuación sitúanse aqueles que chegan do sector secundario, o 19,72%.


No colectivo de parados, os que proceden dos servizos supoñen o 54,26%, e no grupo de non parados o 58,94%. Deseguido sitúanse tamén nos dous colectivos os pertencentes ao sector secundario, con cifras case idénticas para ambos, representando os parados o 19,9% e os non parados o 19,36%.

GRÁFICO 2: Demandantes parados na industria.



Case a metade de demandantes parados na industria proceden das actividades de outras industrias e fabricación de material de transporte, en concreto o 45% do total. Nun segundo plano sitúanse as de téxtil de confección, alimentación e metalurxia e fabricación de produtos metálicos, que representan de forma conxunta o 44% da mostra.

GRÁFICO 3: Demandantes parados nos servizos.



As actividades inmobiliarias e servizos a empresas e comercio son a orixe do 49% dos demandantes parados nos servizos na comarca de Vigo. A continuación en nivel de importancia atópanse as de hostalería, o 16%; servizos á comunidade, o 8%, e administracións públicas, o 7%.

5.2.8.- As dez ocupacións máis solicitadas polos demandantes de emprego

	VALOR ABSOLUTO	COMARCAL %	PROVINCIAL %
Dependente de comercio, en xeral	3.699	9,39	9,44
Empregado administrativo, en xeral	3.603	9,15	8,62
Peón da ind. manufactureira, en xeral	3.374	8,57	7,23
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	2.585	6,56	7,18
Camareiro, en xeral	1.127	2,86	3,06
Peón da ind. metál. e fab. prod. metál.	726	1,84	0,99
Operador de máquina ind. coser á plana, ex. pel: calzado	668	1,70	0,98
Auxiliar de clínica	627	1,59	1,46
Cociñeiro, en xeral	573	1,45	1,76
Peón da construción de edificios	507	1,29	1,84

TÁBOA 12: Ocupacións máis demandadas.

5.2.9.- Perfil tipo dos demandantes de emprego

	PERFIL COMARCAL TIPO	PERFIL PROVINCIAL TIPO
Situación laboral	Parado con emprego anterior	Parado con emprego anterior
Sexo	Muller	Muller
Grupo idade	De 26 a 35 anos	De 26 a 35 anos
Nivel académico	Ensinanza obrigatoria	Ensinanza obrigatoria
Duración demanda	Menos de 6 meses	Menos de 6 meses
Sector	Servizos	Servizos
Ocupación máis demandada	Dependente de comercio, en xeral	Dependente de comercio, en xeral

TÁBOA 13: Perfil máis representativo.

5.3.- OFERTAS

5.3.1.- Ofertas no servizo público de emprego galego 2004. Evolución

TÁBOA 14: Número de ofertas por concellos.

	TOTAL OFERTAS
Baiona	904
Fornelos de Montes	8
Gondomar	151
Mos	357
Nigrán	228
O Porriño	1.343
Pazos de Borbén	9
Redondela	625
Salceda de Caselas	38
Soutomaior	141
Vigo	7.157
TOTAL COMARCA	10.961

TOTAL OFERTAS PROVINCIA: 31.132

COMARCA/PROVINCIA: 35,21

Na comarca de Vigo xestionáronse no ano 2004 un total de 10.961 ofertas de emprego, que representan o 35,21% das realizadas na provincia de Pontevedra.

Estas ofertas agrúpanse na súa maioría no concello de Vigo, que engloba o 65,3% do total. O concello do Porriño recibe o 12,25%, seguido en orde de importancia polos de Baiona, co 8,25%, e o de Redondela, co 5,7%. O 8,50% de ofertas restantes repártense entre os outros sete concellos da comarca.

TÁBOA 15: Evolución das ofertas. Período 2000-2004.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Baiona	649	566	682	729	904
Fornelos de Montes	0	3	6	5	8
Gondomar	193	218	245	207	151
Mos	351	311	337	277	357
Nigrán	346	338	386	339	228
O Porriño	1.536	1.792	2.188	1.859	1.343
Pazos de Borbén	7	6	13	18	9
Redondela	754	646	570	590	625
Salceda de Caselas	101	32	71	25	38
Soutomaior	20	29	60	35	141
Vigo	9.021	8.307	9.691	7.398	7.157
TOTAL COMARCA	12.978	12.248	14.249	11.482	10.961
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132

No conxunto do período 2000-2004, a comarca de Vigo ten unha evolución negativa en canto ao número de ofertas de emprego, tendencia inversa á que se dá no conxunto da provincia. Así, as variacións medias de ambos os territorios son de -4,13% e do 1,67% respectivamente. No ámbito comarcal, as ofertas tan só se incrementan entre os anos 2001 e 2002, cunha variación interanual do 16,34%, reducíndose nos intervalos restantes, sobre todo no 2002-2003, no que a variación interanual é de -19,42%. Na provincia, en cambio, as ofertas aumentan nos dous primeiros intervalos do período, reducíndose nos dous últimos.

Tendo en conta os catro concellos máis representativos a escala comarcal (Vigo, O Porriño, Baiona e Redondela), tan só no de Baiona se observa unha tendencia positiva, cunha variación media do 8,64%, obtida tras un descenso entre os anos 2000 e 2001, e un incremento continuado nos anos restantes, sobre todo nos intervalos 2001-2002 e 2003-2004, con variacións interanuais do 20,49% e do 24,01% respectivamente.

O concello de Vigo é o que experimenta un maior descenso en números absolutos, cunha variación media final negativa de -5,62%. Neste concello, as ofertas redúcense en todos os intervalos, agás no 2001-2002, cunha variación interanual do 16,66%. Pola outra banda, é destacable o descenso que se dá entre os anos 2002 e 2003, cunha variación interanual negativa de -23,66%.

Nos concellos do Porriño e Redondela as variacións medias son de -3,3% e de -4,58% respectivamente. Nestes territorios, a evolución anual é inversa, dado que, mentres que no do Porriño as ofertas se incrementan nos dous intervalos iniciais do período e se reducen nos dous últimos, no de Redondela dáse a situación contraria.




GRÁFICO 4: Evolución do número de ofertas dos concellos da comarca.

Dado que o concello de Vigo engloba a maioría de ofertas de emprego, agrúpanse os restantes para comparar a súa evolución coa deste. Pódese observar así como en Vigo se reducen as ofertas no ano 2001, incrementándose fortemente no ano 2002, para reducirse de forma brusca no 2003, e máis levemente no 2004.

No conxunto dos restantes concellos da comarca, a liña evolutiva é a mesma que a de Vigo, aínda que non se rexistran as fortes oscilacións que aparecen neste territorio.


5.3.2.- Ofertas segundo os sectores de actividade económica

	PRIMARIO	SECUNDARIO	CONSTRUCCIÓN	SERVIZOS
Baiona	0	110	218	575
Fornelos de Montes	0	0	2	6
Gondomar	0	15	38	98
Mos	1	79	72	205
Nigrán	0	17	77	134
O Porriño	8	189	254	892
Pazos de Borbén	0	0	1	8
Redondela	0	155	117	353
Salceda de Caselas	0	4	9	25
Soutomaior	0	12	57	72
Vigo	20	570	1.141	5.426
TOTAL COMARCA	29	1.151	1.986	7.794
TOTAL PROVINCIA	363	3.256	5.601	21.900

TÁBOA 16: Distribución das ofertas por concellos segundo os sectores económicos.


No referido á distribución das ofertas por concellos segundo os sectores produtivos, o primeiro elemento salientable é, na liña do xa comentado anteriormente, a concentración da maioría das ofertas de todos os sectores no concello de Vigo. A continuación en nivel de importancia sitúase, tamén en todos os sectores, o concello do Porriño.

GRÁFICO 5: Distribución porcentual das ofertas por sectores económicos.



Algo máis de sete de cada dez ofertas da comarca de Vigo concéntranse dentro do sector servizos, en concreto o 71%. As ofertas de emprego restantes proceden do sector da construción, o 18%, e do secundario, o 11%.

GRÁFICO 6: Distribución porcentual das ofertas na industria.



Dentro da industria, a maior parte das ofertas proceden da actividade de outras industrias, na que se agrupan o 30% do total. As actividades de fabricación de material de transporte, metalurxia e fabricación de produtos metálicos e textil e confección representan de forma conxunta o 46% do total.




GRÁFICO 7: Distribución porcentual das ofertas nos servizos.

O 41% das ofertas rexistradas no marco dos servizos encádranse nas actividades de administracións públicas e actividades inmobiliarias e servizos a empresas. Nun segundo plano sitúanse as de hostalería, o 15%, e comercio excepto automoción, o 13%.

	Nº OFERTAS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Primario	39	48	77	50	29
Secundario	1.880	1.549	2.012	1.394	1.151
Construción	2.589	2.787	2.443	2.223	1.986
Servizos	8.470	7.863	9.715	7.815	7.794
Sen actividade	0	1	2	0	1
TOTAL COMARCA	12.978	12.248	14.249	11.482	10.961
TOTAL PROVINCIA	29.137	32.188	35.951	32.805	31.132

TÁBOA 17: Evolución das ofertas por sectores económicos.

No transcurso do período que vai dende o ano 2000 ata o 2004, as ofertas laborais sofren unha redución en todos os sectores económicos da comarca de Vigo. O sector que experimenta un maior decrecemento, tanto en números absolutos como relativos, é o secundario, cunha variación media negativa de -11,54%, obtida tras un descenso continuado nestes cinco anos, excepto no intervalo 2001-2002, no que a súa variación interanual é do 29,89%.

O sector que máis se reduce a continuación é o dos servizos, que presenta unha variación media negativa de -2,06%. Neste caso, do mesmo xeito que no anterior, as ofertas tan só aumentan entre os anos 2001 e 2002, cando a variación interanual é do 23,55%.

Finalmente, no sector da construción, a variación media é do -6,41%, acadada tras unha pauta negativa constante ao longo do quinquenio.

5.3.3.- Perfil básico das ofertas

Do total das ofertas xestionadas na comarca de Vigo polo servizo público de emprego, o 20,75% especifican o sexo como requisito para ocupar un posto de traballo. Dentro destas, o 61,61% solicitan un home e o 38,39% restante unha muller. Estas porcentaxes detalladas por sectores económicos amósannos que

no 10,47% do total de ofertas da comarca demándanse mulleres nos servizos, e no 8,82% e no 7,4% homes na construción e nos servizos respectivamente.

Tendo en conta a distribución das ofertas segundo o nivel de estudos, o 29,18% recollen como esixencia a posesión dunha determinada titulación académica para poder acceder a un posto de traballo, se ben o 41,5% delas só exixen a posesión do certificado de escolaridade. O 20,42% demanda estudos de ensinanza obrigatoria, o 20,01% estudos de formación profesional e o 9,13% titulados universitarios.

Do sector servizos xorden o 72,58% das ofertas que esixen certo nivel de estudos. A actividade das administracións públicas é onde máis se recolle esta condición. A maior parte da demanda de traballadores de baixa cualificación (certificado de escolaridade) prodúcese tamén nesta actividade e, despois, na hostalería. Os titulados en formación profesional son requiridos sobre todo nas actividades inmobiliarias e servizos a empresas e na educación, na que se demandan o maior número de titulados universitarios.

5.3.4.- Análise ocupacional das ofertas

TÁBOA 18.1: Ocupacións máis ofertadas nos centros colaboradores.

	2000	2001	2002	2003	2004
Axente comercial / Vendedor	1119	614	580	682	548
Albanel	460	627	599	413	356
Camareiro - Barman	447	411	542	516	355
Empregado/a do fogar	54	62	207	225	209
Perruqueiro/a	126	222	205	183	185
Cociñeiro / Grelleiro / Pizzeiro / Pranchista	171	124	184	203	178
Auxiliar administrativo	86	84	100	91	158
Axudante de cociña	168	95	133	144	154
Encofrador	241	263	227	221	146
Peón de albanel/Peón de obras públicas	222	307	302	233	143

No ano 2004, a ocupación máis ofertada nos centros colaboradores da comarca de Vigo é a de axente comercial/vendedor. Esta é seguida a considerable distancia pola de albanel e a de camareiro-barman.

No referente á evolución destas dez ocupacións ao longo dos anos comprendidos entre o 2000 e o 2004, cabe destacar o crecemento das de empregado/a do fogar e auxiliar administrativo, que presentan variacións medias do 40,26% e do 16,42% respectivamente.

Pola contra, destaca pola súa evolución negativa a de axente comercial/vendedor, que se reduce significativamente, acadando unha variación media negativa de -16,35%. As ocupacións de albanel e camareiro-barman tamén sofren un descenso considerable, rexistrando variacións medias de -6,21% e de -5,6% respectivamente.

	2000	2001	2002	2003	2004
Peón da ind. manufactureira, en xeral	851	1073	1334	881	411
Empregado administrativo, en xeral	184	309	368	264	253
Albanel	402	299	231	193	189
Camareiro, en xeral	94	337	234	115	171
Peón da construción de edificios	176	274	162	141	154
Dependente de comercio, en xeral	249	156	200	139	136
Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	102	143	137	182	129
Mozo carga/descarga, almacén	44	73	127	44	104
Peón de obras públicas, en xeral	1	3	10	87	80
Vendedor técnico, en xeral	51	35	39	38	76

TÁBOA 18.2: Ocupacións máis ofertadas nas oficinas de emprego.

Nas oficinas de emprego, a ocupación máis ofertada é a de peón da industria manufactureira. A continuación sitúanse as de empregado administrativo e albanel.

Destas dez ocupacións máis ofertadas, en catro delas obsérvase unha tendencia ao decrecemento nestes cinco anos, sendo os casos máis destacados os de peón da industria manufactureira, cunha variación media negativa de -16,64%, e o de albanel, que presenta unha variación media de -17,19%.

Na banda oposta, as ocupacións nas que as ofertas se incrementan en maior medida son as de camareiro, cunha variación media do 16,14%, e empregado administrativo, que acadou unha variación media do 8,29%.

5.4.- CONTRATOS

5.4.1.- Número de contratos no ámbito comarcal

TÁBOA 19: Número de contratos na comarca e nos concellos. Ano 2004.

	Nº
Baiona	1.994
Fornelos de Montes	87
Gondomar	1.826
Mos	2.919
Nigrán	1.945
O Porriño	11.486
Pazos de Borbén	204
Redondela	8.474
Salceda de Caselas	623
Soutomaior	557
Vigo	130.003
TOTAL COMARCA	160.118
TOTAL PROVINCIA	285.090

Na comarca de Vigo realizáronse no ano 2004 un total de 160.118 contratos, que representan o 56,16% dos asinados na provincia de Pontevedra. Algo máis de oito de cada dez contratos asínanse no concello de Vigo, en concreto o 81,19%. A considerable distancia porcentual sitúase O Porriño, co 7,17% das contratacións, e Redondela, co 5,29%. O 6,35% dos contratos restantes repártese entre os outros oito concellos da comarca.

TÁBOA 20: Evolución do número de contratos no ámbito comarcal. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Baiona	1.545	1.612	1.927	2.064	1.994
Fornelos de Montes	94	100	109	97	87
Gondomar	1.665	1.746	1.688	1.596	1.826
Mos	3.144	2.821	2.629	2.876	2.919
Nigrán	1.715	1.732	1.835	1.974	1.945
O Porriño	15.858	15.301	12.815	12.083	11.486
Pazos de Borbén	215	137	115	148	204
Redondela	8.148	8.300	8.421	7.824	8.474
Salceda de Caselas	829	601	466	537	623
Soutomaior	652	625	441	504	557
Vigo	133.470	128.108	127.600	131.610	130.003
TOTAL COMARCA*	167.335	161.083	158.046	161.313	160.118
TOTAL PROVINCIA	280.669	280.543	275.659	281.952	285.090

A contratación comarcal presenta unha tendencia negativa no transcurso destes cinco anos, rexistrando unha variación media de -1,1%. En cambio na provincia a pauta é un certo crecemento o que vén demostrado pola variación media do 0,39%. Na comarca os contratos medraron unicamente en 2003, en tanto que na provincia o fixeron ademais en 2004.

Nos concellos de Vigo e Redondela, a tendencia é distinta, presentando variacións medias de -0,66% e de 0,99% respectivamente. No primeiro destes territorios, os contratos redúcense en números absolutos durante todos os anos agás en 2003. En Redondela ocorre o contrario, a única diminución dáse en 2003.

* Por un cambio metodolóxico na extracción da información das bases de datos, existe unha pequena diferenza entre os valores dos anos 2000 ao 2002, apenas un 0,6%, subsanada nos anos posteriores, con respecto aos datos que proporciona o Servizo Público de emprego estatal (INEM) na súa web.

No Porriño, as contratacións sofren un importante decrecemento neste quinquenio, cunha variación media negativa de -7,75%. O descenso é constante en todo o período, sendo destacable a variación interanual 2001-2002, de -16,25%.

5.4.2.- Contratación comarcal segundo o sexo e a idade

	Nº CONTRATOS		Total
	Homes	Mulleres	
Menos de 26 anos	31.903	24.865	56.768
De 26 a 35 anos	30.583	29.188	59.771
De 36 a 45 anos	13.997	13.901	27.898
De 46 a 55 anos	7.040	5.351	12.391
De 56 e máis anos	2.351	939	3.290
TOTAL COMARCA	85.874	74.244	160.118
TOTAL PROVINCIAL	159.361	125.729	285.090

TÁBOA 21: Distribución da contratación comarcal segundo o sexo e a idade. Ano 2004.

A distribución do número de contratos segundo o sexo amosa unha repartición desigual entre homes e mulleres, agrupándose entre os primeiros o 53,63% das contratacións. Esta desigualdade é algo maior na provincia, dado que neste caso os homes presentan porcentualmente o 55,90% dos contratos.

A contratación concéntrase na súa maioría nos grupos de idade máis novos, nos menores de 36 anos, onde se reúnen o 72,78% dos contratos, repartidos o 39,02% entre os homes e o 33,76% entre as mulleres. Esta maior tendencia á contratación masculina está presente tamén nos maiores de 36 anos, onde os contratos dos homes representan o 14,61%, fronte ao 12,61% dos das mulleres.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Homes	99.255	91.435	87.398	86.355	85.874
Mulleres	68.080	69.648	70.648	74.958	74.244
TOTAL CONTRATOS	167.335	161.083	158.046	161.313	160.118

TÁBOA 22: Evolución do número de contratos da comarca segundo o sexo. Período 2000-2004.

A evolución dos contratos segundo o sexo amosa unha tendencia dispar para os dous colectivos. Deste xeito, as contratacións nos homes redúcense de forma continua ao longo do quinquenio, cunha variación media negativa de -3,56%. Pola contra, entre as mulleres obsérvase unha evolución positiva, cunha variación media do 2,19%.




GRÁFICO 8: Evolución da distribución da contratación comarcal segundo o sexo. Período 2000-2004. Valores proporcionais.

As diferenzas na evolución da contratación masculina e feminina na comarca de Vigo reflíctense na distribución dos contratos nos diferentes anos do período. Deste xeito, obsérvase como diminúe a distancia porcentual entre os contratos dos homes e os das mulleres, que no ano 2000 era de 18,64 puntos, pasando a ser de 7,26 no ano 2004.

TÁBOA 23: Evolución do número de contratos da comarca segundo a idade. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Menor de 26 anos	70.137	62.535	58.738	56.300	56.768
De 26 a 35 anos	57.981	57.107	57.818	59.721	59.771
De 36 a 45 anos	26.512	28.134	27.119	29.264	27.898
De 46 a 55 anos	10.625	11.081	11.683	13.066	12.391
De 56 e máis anos	2.080	2.226	2.688	2.962	3.290
TOTAL CONTRATOS	167.335	161.083	158.046	161.313	160.118

Tendo en conta a idade, a evolución dos contratos entre os anos comprendidos entre o 2000 e o 2004 amosa un comportamento positivo para todos os tramos de idade, excepto para os menores de 26 anos, onde a variación media é negativa, de -5,15%. Neste grupo, o maior decrecemento dáse entre os anos 2000 e 2001, cunha variación interanual do -10,84%.

No grupo de idade de entre 26 e 35 anos, hai un leve aumento, cunha variación media do 0,76%. Non se observan oscilacións importantes neste intervalo, dado que se reduce lixeiramente entre os anos 2000 e 2001, incrementándose tamén de forma leve nos restantes.

Os sectores restantes manifestan unha tendencia ao crecemento. Rexistran o de entre 36 a 45 anos unha variación media do 1,28%, o de 46 a 55 anos do 3,92%, e o dos maiores de 55 anos do 12,15%.

5.4.3.- Contratación comarcal segundo os sectores económicos

TÁBOA 24: Distribución da contratación por sectores/subsectores económicos. Ano 2004.

	N.º
SECTOR PRIMARIO	3.537
Agricultura e pesca	3.537
SECTOR SECUNDARIO	19.821
Industria e electricidade	19.821
SECTOR CONSTRUCCIÓN	13.177
Construción	13.177
SECTOR SERVIZOS	123.583
Comercio e hostalería	30.917
Transporte e comunicacións	14.488
Outros servizos	78.178
TOTAL CONTRATOS	160.118

O sector servizos engloba no ano 2004 a maioría dos contratos realizados na comarca, o 77,18% do total. Nos subsectores, o maior volume contractual corresponde á categoría outros servizos, o 48,83% do total de contratacións.

O segundo sector en orde de importancia é o secundario, co 12,38% da contratación, agrupada case toda na industria. Os sectores da construción e primario representan o 8,23% e o 2,21% respectivamente.




GRÁFICO 9: Distribución porcentual da contratación na industria.

Dentro da industria, o 56% dos contratos realizados na comarca de Vigo no ano 2004 producíronse nas actividades de fabricación de material de transporte e outras industrias. Nun segundo plano sitúanse as de metalurxia e fabricación de produtos metálicos e alimentación, que representan de forma conxunta o 22% dos contratos.




GRÁFICO 10: Distribución porcentual da contratación nos servizos.

Nos servizos, o máis salientable é que o 38% dos contratos concéntranse nas actividades inmobiliarias e servizos a empresas. A continuación sitúase o comercio (14%), e o transporte e comunicacións (12%).

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
SECTOR PRIMARIO	3.191	346	477	981	1.153	791	135
Agricultura e pesca	3.191	346	477	981	1.153	791	135
SECTOR SECUNDARIO	13.152	6.669	6.781	8.008	2.907	1.363	762
Industria e electricidade	13.152	6.669	6.781	8.008	2.907	1.363	762
SECTOR CONSTRUCCIÓN	12.429	748	4.003	4.292	2.826	1.596	460
Construción	12.429	748	4.003	4.292	2.826	1.596	460
SECTOR SERVICIOS	57.102	66.481	45.507	46.490	21.012	8.641	1.933
Comercio e hostalería	11.341	19.576	12.748	10.903	4.775	1.936	555
Transporte e comunicacións	11.409	3.079	4.683	4.483	3.401	1.518	403
Outros servizos	34.352	43.826	28.076	31.104	12.836	5.187	975
TOTAL CONTRATOS	85.874	74.244	56.768	59.771	27.898	12.391	3.290

TÁBOA 25: Distribución da contratación comarcal segundo os sectores/subsectores económicos por sexo e idade. Ano 2004.

A maior parte da contratación masculina e feminina tivo lugar nos servizos. Os contratos realizados a homes neste sector representan o 36,66% da contratación comarcal e os realizados a mulleres, o 41,52%. O segundo sector en orde de importancia, tamén para ambos os colectivos, é o secundario; neste caso aos homes correspóndelles o 8,21% da contratación total e ás mulleres o 4,17%.

Na análise segundo os tramos de idade obsérvase que o sector servizos é predominante en todos os intervalos, acadando a porcentaxe máis alta no de entre 26 e 35 anos, o 29,03%, seguido polos menores de 26 anos, o 28,42%. O sector secundario sitúase despois do dos servizos en todos os grupos, agás no de 46 a 55 anos, que é superado polo da construción.

No referente aos subsectores, o de outros servizos é o máis representativo en todas as idades, seguido tamén en todas elas polo de comercio e hostalería, excepto no dos maiores de 55 anos, onde o segundo en orde de importancia é o da industria.

TÁBOA 26: Evolución da contratación comarcal segundo os sectores e subsectores económicos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
SECTOR PRIMARIO	2.986	3.404	3.563	3.226	3.537
Agricultura e pesca	2.986	3.404	3.563	3.226	3.537
SECTOR SECUNDARIO	32.953	26.979	26.213	20.718	19.821
Industria e electricidade	32.953	26.979	26.213	20.718	19.821
S. CONSTRUCCIÓN	12.579	13.151	12.485	12.762	13.177
Construción	12.579	13.151	12.485	12.762	13.177
SECTOR SERVICIOS	118.817	117.549	115.785	124.607	123.583
Comercio e hostalería	25.860	24.995	27.532	28.071	30.917
Transporte e comunicacións	17.827	17.542	13.342	15.767	14.488
Outros servizos	75.130	75.012	74.911	80.769	78.178
TOTAL CONTRATOS	167.335	161.083	158.046	161.313	160.118

No conxunto do período, o único sector que experimenta unha redución nas contratacións é o secundario, que rexistra unha variación media negativa de -11,93%. Neste sector, os contratos redúcense de forma constante ao longo destes cinco anos, producíndose a maior diminución entre os anos 2002 e 2003, nos que a variación interanual é de -20,96%.

O sector servizos aumenta a súa contratación levemente durante o período, cunha variación media do 0,99%. As contratacións realizadas neste sector redúcense lixeiramente todos os anos agás en 2003, cando aumentan un 7,62%. No que respecta aos subsectores, as variacións medias no comercio e hostalería e nos outros servizos foron positivas, o 4,57% e o 1% respectivamente; en tanto que no transporte e comunicacións foi negativa, -5,05%.

Por último, nos sectores primario e da construción maniféstase un incremento da contratación, con variacións medias do 4,32% e do 1,17% respectivamente.

5.4.4.- Tipoloxía da contratación laboral




GRÁFICO 11: Distribución porcentual da contratación segundo o tipo de contratos. Ano 2004.

Segundo a tipoloxía de contratación, a comarca de Vigo caracterízase polo forte predominio dos contratos temporais, que representan algo máis de nove de cada dez. Deste xeito, o 69% das contratacións realizadas son temporais a tempo completo, e o 23% son temporais a tempo parcial.

	SEXO		IDADE				
	Homes	Mulleres	Menos de 26 anos	De 26 a 35	De 36 a 45	De 46 a 55	De 56 e máis anos
Indefinido	4.155	2.015	1.052	2.149	1.497	1.139	333
Indefinido tempo parcial	496	916	396	540	248	161	67
Temporal	63.637	46.255	37.305	42.586	19.857	8.417	1.727
Temporal tempo parcial	13.808	23.349	15.077	13.372	5.587	2.098	1.023
Prácticas/Formación	1.798	1.383	2.602	501	41	33	4
Outros	1.980	326	336	623	668	543	136
TOTAL CONTRATOS	85.874	74.244	56.768	59.771	27.898	12.391	3.290

TÁBOA 27: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sexo e idade. Ano 2004.

Tanto nos homes como nas mulleres, a contratación predominante é a temporal a tempo completo. Os contratos temporais a tempo completo realizados aos homes representan o 39,74% da contratación total e os realizados ás mulleres o 28,69%.

Todas as fórmulas de contratación son maioritarias entre os homes, excepto a indefinida a tempo parcial, onde existe unha leve diferenza porcentual a prol das mulleres, e a temporal a tempo parcial, onde a diferenza é de 5,96 puntos.

No referente á distribución por idade, a contratación temporal a tempo completo é a que conta cun maior peso relativo en todos os tramos, acadando o volume máis elevado nos menores de 36 anos, o 49,9% da contratación total. Algo semellante sucede cos contratos temporais a tempo parcial, posto que o 17,77% se colocan nestes dous tramos de idade.

TÁBOA 28: Distribución da contratación segundo o tipo de contrato por sectores económicos. Ano 2004.

	PRIMARIO Agr. Gand.	SECUNDARIO Industr. e Electric.	CONSTRUCCIÓN Construc.	Comerc.	SERVIZOS Transp. Outros		Total
Indefinido	1.561	714	451	1.441	873	1.130	3.444
Indefinido tempo parcial	10	243	41	590	65	463	1.118
Temporal	1.787	15.599	11.492	16.904	12.375	51.735	81.014
Temporal tempo parcial	101	2.598	644	10.919	1.110	21.785	33.814
Prácticas/Formación	24	629	521	984	63	960	2.007
Outros	54	38	28	79	X	2.105	2.186
TOTAL CONTRATOS	3.537	19.821	13.177	30.917	14.488	78.178	123.583

Todas as categorías de contratación agrúpanse na súa maior parte nos servizos. Os contratos temporais a tempo completo asinados neste sector representan o 50,6% do total da contratación e os temporais a tempo parcial o 21,12%.

No referente aos subsectores, o de outros servizos aglutina a maior parte dos contratos temporais a tempo completo, o 32,31% do volume de contratación comarcal, e tamén dos temporais a tempo parcial, o 13,61%.

TÁBOA 29: Evolución da contratación comarcal segundo a tipoloxía de contratos. Período 2000-2004.

	Nº CONTRATOS				
	2000	2001	2002	2003	2004
Indefinido	7.616	6.921	6.257	5.908	6.170
Indefinido tempo parcial	1.277	1.167	1.219	1.391	1.412
Temporal	126.331	119.794	113.629	115.447	109.892
Temporal tempo parcial	25.893	27.312	31.076	32.770	37.157
Prácticas/Formación	3.330	3.064	3.452	3.269	3.181
Outros	2.888	2.825	2.413	2.528	2.306
TOTAL CONTRATOS	167.335	161.083	158.046	161.313	160.118

Dentro dos contratos temporais obsérvase unha tendencia inversa segundo sexan a tempo completo ou parcial. Así, entre os primeiros prodúcese un descenso neste quinquenio –variación media de -3,43%–, en tanto que para os segundo constátase un notable incremento –variación media de 9,45%–. A excepción de 2003, onde hai un leve crecemento na contratación temporal a tempo completo, no resto de anos hai un constante decrecemento. A realizada a tempo parcial medra dunha forma sostible e continua ao longo do período.

Por outra parte, a contratación indefinida a tempo completo só ascende no último ano, descendo no resto para acadar unha variación media de -5,13%. Tamén nos contratos en prácticas só hai un ascenso no ano 2002, para descender nos restantes, presentando unha variación media de -1,14%.

5.4.5.- Grandes grupos de ocupación na contratación laboral

	CONTRATOS Nº	V. MEDIA 00-04
1. Dirección de empresas e administracións públicas	303	2,92
HOMES	214	2,22
MULLERES	89	4,72
2. Técnicos profesionais, científicos e intelectuais	15.546	1,02
HOMES	6.533	2,02
MULLERES	9.013	0,33
3. Técnicos e profesionais de apoio	10.502	7,41
HOMES	5.725	2,14
MULLERES	4.777	16,09
4. Empregados de tipo administrativo	15.454	3,19
HOMES	4.310	0,36
MULLERES	11.144	4,40
5. Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio	29.178	2,87
HOMES	7.105	1,44
MULLERES	22.073	3,35
6. Traballadores cualificados na agricultura e pesca	2.174	4,02
HOMES	2.084	4,36
MULLERES	90	-2,60
7. Artesáns/traballadores cualificados industria manufacturera, construción e minería	19.767	-0,34
HOMES	14.703	-0,14
MULLERES	5.064	-0,92
8. Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores	11.238	-14,75
HOMES	8.811	-16,45
MULLERES	2.427	-6,64
9. Traballadores non cualificados	55.956	-2,29
HOMES	36.389	-3,62
MULLERES	19.567	0,46
TOTAL CONTRATOS	160.118	-1,10
TOTAL HOMES	85.874	-3,56
TOTAL MULLERES	74.244	2,19

TÁBOA 30: Distribución da contratación por grandes grupos de ocupación segundo o sexo. Ano 2004.

Os grandes grupos de ocupación cun maior volume de contratación no ano 2004 na comarca de Vigo son os seguintes:

- Traballadores non cualificados: 34,95%.
- Traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio: 18,22%.
- Artesáns/traballadores cualificados da industria manufacturera, construción e minería: 12,35%.

Atendendo á distribución segundo o sexo, aprécianse diferenzas significativas nos contratos en función do tipo de ocupación:

Grupos de ocupación cunha maior contratación masculina	Grupos de ocupación cunha maior contratación feminina
• Traballadores non cualificados: 22,73%. • Artesáns/traballadores cualificados na industria manufacturera, construción e minería: 9,18%. • Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores: 5,5%.	• Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio: 13,79%. • Traballadoras non cualificadas: 12,22%. • Empregadas de tipo administrativo: 6,96%.

Dado o predominio da contratación masculina na comarca, tan só en tres grandes grupos de ocupación a contratación feminina é superior á masculina:

- Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras de comercio. A contratación feminina supera á masculina en 9,35 puntos.
- Empregadas de tipo administrativo. Os contratos femininos sitúanse 4,27 puntos por riba dos masculinos.
- Técnicos profesionais, científicos e intelectuais. Os contratos femininos representan o 5,63% do total fronte ao 4,08% dos masculinos.

5.4.6.- Ocupacións máis contratadas

TÁBOA 31: As dez ocupacións máis contratadas na comarca. Ano 2004.

CNO	OCUPACIÓNS	TOTAL	HOMES	MULLERES	RATIO MASCUL. ¹
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	19.643	15.375	4.268	78,27
42100010	Empregado administrativo, en xeral	8.702	2.394	6.308	27,51
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	8.067	7.026	1.041	87,10
50200018	Camareiro, en xeral	7.430	2.706	4.724	36,42
97000084	Peón da ind. metál. e fab. prod. metál.	7.242	5.714	1.528	78,90
53300010	Dependente de comercio, en xeral	6.978	1.265	5.713	18,13
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	6.257	1.026	5.231	16,40
71100016	Albanel	4.442	4.356	86	98,06
78010233	Cocedor de peixes e mariscos	3.691	437	3.254	11,84
86300016	Condutor de camiión, en xeral	2.390	2.293	97	95,94
	TOTAL	74.842	42.592	32.250	56,91

(1) Ratio de Masculinidade = (N.º de contratos realizados a homes/ N.º total de contratos) x 100

Do total dos contratos realizados na comarca de Vigo no ano 2004, o 46,74% foron asinados dentro das dez ocupacións máis contratadas que se enumeran na táboa anterior.

A ocupación máis contratada foi a de peón da industria manufactureira, seguida da de empregado administrativo e mozo carga/descarga almacén. Neste sentido, xorden diferenzas entre homes e mulleres, posto que nos primeiros a ocupación cun maior volume de contratación é a de peón da industria manufactureira, situándose a continuación a de mozo de carga/descarga almacén. En cambio, as mulleres asinan máis contratos como empregadas administrativas e dependentas de comercio.

A presenza da contratación masculina é superior á feminina no conxunto das dez ocupacións, tal e como indica o ratio de masculinidade do 56,91%. Por alto nivel de contratación masculina destacan as de albanel e condutor de camiión. Pola contra, teñen un perfil marcadamente feminino as contratacións de cocedora de peixes e mariscos e muller/mozo limpeza, limpadora.

CNO	OCUPACIÓNS MÁIS CONTRATADAS	Nº CONTRATOS				
		2000	2001	2002	2003	2004
97000011	Peón da ind. manufactureira, en xeral	21.597	21.632	23.520	21.408	19.643
42100010	Empregado administrativo, en xeral	9.326	10.001	10.506	9.404	8.702
98000050	Mozo carga/descarga, almacén	11.465	11.131	6.899	7.247	8.067
50200018	Camareiro, en xeral	7.199	6.335	6.391	6.336	7.430
97000084	Peón da ind. metál. e fáb. prod. metál.	7.813	6.530	6.891	3.750	7.242
53300010	Dependente de comercio, en xeral	7.035	6.823	7.093	7.510	6.978
91210016	Muller/mozo limpeza, limpador en xeral	6.214	6.063	6.319	6.422	6.257
71100016	Albanel	4.080	4.456	4.417	4.480	4.442
78010233	Cocedor de peixes e mariscos	1.255	1.270	1.293	1.332	3.691
86300016	Conductor de camión, en xeral	2.504	2.673	2.921	2.428	2.390
81700024	Operador de cadea automatizada montaxe, en xeral	11.281	7.064	5.892	4.458	2.043
27200025	Enfermeiro de atención primaria	2.196	3.546	3.245	3.788	1.606
21210020	Médico especialista	1.751	2.994	3.165	3.902	1.431
21210011	Médico, medicina xeral	1.671	3.943	2.495	3.188	1.176
78010194	Limpador-preparador de peixe para conserva	2.762	681	460	1.049	474

TÁBOA 32: Evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004.

Polo que respecta á evolución das dez ocupacións máis contratadas entre 2000 e 2004, prodúcese lixeiras oscilacións en canto á súa composición, en tanto que cinco delas desaparecen da lista das máis contratadas en 2004, que son as de limpador-preparador de peixe para conserva, operador de cadea automatizada montaxe, enfermeiro de atención primaria, médico especialista e médico, medicina xeral.

É salientable, como evolución positiva, a de cocedor de peixes e mariscos, que case se triplica neste período, obtendo unha variación media do 30,96%. Por outra banda, as ocupacións que máis se reducen neste quinquenio son as de limpador-preparador de peixe para conserva e operador de cadea automatizada montaxe, que presentan variacións medias negativas de -35,64% e de -34,77% respectivamente.

Por outra parte, as contratacións redúcense nas tres ocupacións máis contratadas da comarca. Así, tanto peón da industria manufactureira, como empregado administrativo e mozo de carga/descarga obteñen variacións medias de -2,34%, -1,72% e -8,41%, respectivamente.

5.5.- FORMACIÓN PROFESIONAL OCUPACIONAL

TÁBOA 33: Número de alumnos e cursos de formación profesional ocupacional por familia profesional. Ano 2004.

FAMILIA PROFESIONAL	ALUMNOS		CURSOS	
	Nº	% comarca/provincia	Nº	% comarca/provincia
Agraria	16	7,62	1	8,33
Administración e oficinas	578	61,62	34	61,82
Automoción	1680	100,00	113	100,00
Comercio	54	20,00	3	20,00
Docencia e investigación	618	100,00	17	100,00
Servizos ás empresas	3133	68,11	186	67,88
Edificación e obras públicas	301	61,05	18	62,07
Formación complementaria	33	68,75	2	66,67
Fabricación de equipos electromecánicos	147	100,00	9	100,00
Industrias alimentarias	107	84,92	6	85,71
Información e manifestacións artísticas	146	83,43	8	80,00
Industria pesada e construcións metálicas	150	90,91	9	90,00
Industrias químicas	48	100,00	3	100,00
Industrias téxtiles	169	78,97	9	75,00
Industrias da madeira e a cortiza	33	38,82	2	40,00
Montaxe e instalación	142	69,27	4	50,00
Mantemento e reparación	120	86,33	7	87,50
Produc., transf. e distribuc. de enerxía e auga	34	64,15	2	66,67
Sanidade	323	65,52	19	65,52
Seguros e finanzas	153	47,08	8	44,44
Servizos á comunidade e persoais	123	33,98	7	33,33
Transportes e comunicacións	149	32,96	9	32,14
Turismo e hostalería	148	58,73	8	57,14
TOTAL	8.405	68,80	484	68,17

A comarca de Vigo concentra o 68,8% dos alumnos de formación profesional ocupacional da provincia de Pontevedra, así como o 68,17% dos cursos impartidos.

A maior parte desta formación agrúpase na familia de servizos ás empresas, co 37,28% dos alumnos e o 38,43% dos cursos realizados na comarca. Nun segundo lugar sitúase a familia de automoción, co 19,99% dos alumnos e o 23,35% dos cursos.

Na comarca de Vigo rexístranse todos os cursos e alumnos da provincia das familias de automoción, docencia e investigación, fabricación de equipos electromecánicos e industrias químicas. Tamén destacan sobre as demais, en termos relativos, as familias de industria pesada e construcións metálicas, co 90,91% dos alumnos e o 90% dos cursos; mantemento e reparación, o 86,33% dos alumnos e o 87,5% dos cursos; industrias alimentarias, o 84,92% dos alumnos e o 85,71% dos cursos; e información e manifestacións artísticas, o 83,43% dos alumnos e 80% dos cursos.

Hai que sinalar que na comarca de Vigo impartíronse a totalidade dos cursos con compromiso de contratación das familias de automoción e servizos ás empresas realizados no conxunto da provincia.

5.6.- CONCLUSIONES

- O sector servizos, do mesmo xeito que no conxunto da provincia, agrupa o maior número de empresas, traballadores por conta allea e autónomos, reducíndose o seu peso relativo nos traballadores en favor do sector secundario.
- No período comprendido entre 2000 e 2004 houbo un aumento do número de empresas, traballadores e autónomos do sector servizos. Na construción tamén houbo unha expansión empresarial e laboral, en tanto que no secundario se reduciron as empresas e no primario as empresas e os traballadores por conta allea.
- Na comarca de Vigo sitúanse o 46,48% dos demandantes parados da provincia, así como o 48,31% dos non parados. O concello de Vigo agrupa algo máis de sete de cada dez demandas de emprego.
- Tanto entre os demandantes parados como entre os non parados, o colectivo feminino predomina sobre o masculino nunha proporción próxima a seis mulleres por cada catro homes. En canto ao perfil de idade, o grupo máis importante é o de entre 26 e 35 anos e representa aproximadamente un de cada tres demandantes, tanto parados como non parados.
- O grupo de demandantes máis significativo é o dos parados con emprego anterior, seguido de lonxe polo dos non parados con emprego anterior. No que respecta ao nivel académico, o colectivo máis importante é o dos que teñen a ensinanza obrigatoria.
- Os demandantes comarcais levan buscando emprego menos de seis meses na súa maior parte, do mesmo xeito que na provincia de Pontevedra. Segundo aumenta a idade, teñen maior presenza os demandantes parados de longa duración, situación máis perceptible no caso das mulleres.
- Máis da metade dos demandantes proceden do sector servizos, onde destacan as actividades inmobiliarias e servizos a empresas e comercio. No tocante á industria, as demandas derivan de outras industrias e fabricación de materiais de transporte. Igual que na provincia, as ocupacións máis demandadas son as de dependente de comercio e empregado administrativo.
- Na comarca de Vigo rexístranse o 35,21% das ofertas de emprego recibidas en toda a provincia de Pontevedra. O concello de Vigo engloba case sete de cada dez, seguido polo do Porriño. Entre os anos 2000 e 2004 obsérvase unha redución das ofertas no conxunto da comarca. Tendo en conta os catro concellos máis representativos no referido á contratación (Vigo, O Porriño, Baiona e Redondela), tan só no de Baiona se observa unha tendencia positiva.
- Algo máis de sete de cada dez ofertas da comarca proceden do sector servizos. O concello de Vigo concentra a maior parte das ofertas de todos os sectores, seguido en nivel de importancia tamén en todos eles polo do Porriño. Durante o período 2000-2004 dáse unha redución do número de ofertas en todos os sectores económicos, sendo o secundario o que experimenta un maior descenso en números absolutos.
- Dentro da industria, destacan as ofertas procedentes da actividade de outras industrias e fabricación de material de transporte. Nos servizos as actividades máis representativas son as das administracións públicas e actividades inmobiliarias e servizos a empresas.
- O 20,75% das ofertas solicitan traballadores segundo o seu xénero: das que a maioría requiren un home. En canto ao nivel de estudos, o 29,18% recollen a existencia dunha determinada titulación, se ben case a metade só piden o certificado de escolaridade.
- As ocupacións mais ofertadas nos centros colaboradores da comarca son as de axente comercial/vendedor e albanel. Cabe destacar que en ambas as ocupacións

se reducen as ofertas ao longo destes cinco anos. Nas oficinas de emprego destacan as ofertas vinculadas ás ocupacións de peón da industria manufacturera e empregado administrativo. Na primeira delas, as ofertas decrecen entre os anos 2000 e 2004, ao mesmo tempo que se incrementan na segunda.

- O 56,16% dos contratos realizados na provincia de Pontevedra no ano 2004 asináronse na comarca de Vigo. Algo máis de oito de cada dez destas contratacións foron rexistradas no concello de Vigo, seguido a considerable distancia polo do Porriño. No período 2000-2004 obsérvase unha leve redución das contratacións, dándose o maior descenso no Porriño.
- A contratación masculina predomina sobre a feminina no conxunto da comarca. A evolución da contratación segundo o xénero amosa unha tendencia negativa para os homes, e positiva para as mulleres, o que se traduce nun achegamento porcentual ao longo deste quinquenio.
- Os contratos agrúpanse maioritariamente entre os traballadores de entre 26 e 35 anos, seguidos polos menores de 26 anos, tendendo a descender segundo a idade aumenta. Para os menores de 26 anos, o volume de contratación redúcese neste período, incrementándose nos tramos de idade restantes.
- O sector servizos engloba a case oito de cada dez contratos da comarca de Vigo, destacando os realizados nas actividades inmobiliarias e servizos a empresas e comercio. O segundo sector en orde de importancia é o secundario, onde na industria as actividades que rexistran un maior volume contractual son as de fabricación de material de transporte e outras industrias.
- Tanto a contratación masculina como feminina aparece concentrada maiormente no sector servizos. Ao mesmo tempo, este sector mantén unha clara predominancia en todos os grupos de idade. Entre os anos 2000 e 2004, o volume de contratación aumenta sobre todo no sector servizos e, en menor medida, no da construción e o primario, reducíndose notablemente no secundario.
- Case sete de cada dez contratos da comarca son temporais a tempo completo, supoñendo os temporais a tempo parcial algo máis de dous de cada tres. O primeiro tipo de contratación predomina tanto entre os homes como entre as mulleres, así como en todos os intervalos de idade e sectores produtivos. Os contratos temporais a tempo completo decrecen entre os anos 2000 e 2004, ao revés do que sucede cos contratos temporais a tempo parcial.
- Os grandes grupos de contratación que predominan na comarca de Vigo son os de traballadores non cualificados e traballadores de servizos de restauración, persoais, protección e vendedores de comercio. Mentres que entre o colectivo masculino o máis significativo é o primeiro deles, entre as mulleres este posto ocúpao o segundo.
- As ocupacións máis contratadas na comarca son as de peón da industria manufacturera e empregado administrativo. Os homes son máis contratados na primeira delas; en cambio, as mulleres asinan máis contratos na segunda. Estas dúas ocupacións sofren un leve descenso no que a número de contratos se refire no transcurso deste quinquenio.
- Dentro da formación ocupacional destacan notablemente os cursos impartidos dentro das familias de automoción e servizos ás empresas. Con respecto á formación asociada á primeira familia hai que sinalar que nesta comarca concéntrase a totalidade da ofertada para o conxunto da provincia.